Asinado dixitalmente por:
REXISTRO ELECTRÓNICO
Data: 05/10/2022 06:20:45
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 84

Sesión plenaria
25 de maio de 2022

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ORDE DO DÍA (Continuación)

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 28900 (11/PNP-002515)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e sete deputados/as máis
Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España para que restableza o réxime de excepcións vixente desde o ano 2015, que excluía da obriga de cotizar como autónomo aquelas persoas que teñan ingresos como titulares de explotacións agrarias cando non superen determinados limiares de renda e rendemento económico
Publicación da iniciativa, BOPG nº 270, do 03.02.2022

4.2 30930 (11/PNP-002680)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e dezaoito deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da necesidade de atender a saúde mental no ámbito educativo
Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 281, do 23.02.2022

4.3 32218 (11/PNP-002780)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e dous deputados/as máis
Sobre as demandas que debe formular a Xunta de Galicia ao Goberno do Estado en relación cos prexuízos que suporía para o sector pesqueiro a implantación de instalacións eólicas mariñas
Publicación da iniciativa, BOPG nº 296, do 23.03.2022

4.4 33466 (11/PNP-002930)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e tres deputados/as máis
Sobre o apoio ás medidas do Goberno de España respecto do endurecemento das sancións contra o réxime de Putin e a realización dun chamamento ao presidente ruso para que poña fin á guerra
Publicación da iniciativa, BOPG nº 306, do 12.04.2022

4.5 34052 (11/PNP-002991)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do cumprimento da Lei 17/2006, do libro e da lectura de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 315, do 04.05.2022

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

4.6 34085 (11/PNP-002996)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Díaz Mouteira, María Sol e seis deputados/as máis
Sobre a asunción polo Parlamento de Galicia do Manifesto pola seguridade xurídica do planeamento territorial e urbanístico asinado por trece gobernos autonómicos no marco do Encontro Xacobeo 21-22 por un urbanismo responsable
Publicación da iniciativa, BOPG nº 315, do 04.05.2022

Punto 5. Interpelacións

5.1 30337 (11/INT-001500)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Albert, María e dous deputados/as máis
Sobre a propiedade veciñal dos montes en man común
Publicación da iniciativa, BOPG nº 277, do 16.02.2022

5.2 30478 (11/INT-001506)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis
Sobre a distribución de fondos públicos a entidades locais mediante convenios
Publicación da iniciativa, BOPG nº 282, do 24.02.2022

5.3 33434 (11/INT-001695)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis
Sobre a política do Goberno galego en materia de emprego
Publicación da iniciativa, BOPG nº 306, do 12.04.2022

5.4 34252 (11/INT-001750)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis
Sobre a loita contra a endometriose
Publicación da iniciativa, BOPG nº 315, do 04.05.2022

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

6.1 34982 (11/POPX-000067)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego ante a difícil situación actual
Publicación da iniciativa, BOPG nº 320, do 19.05.2022

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

6.2 34986 (11/POPX-000068)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana
Sobre as propostas que ten o Goberno galego para evitar que a lingua galega siga perdendo falantes
Publicación da iniciativa, BOPG nº 320, do 19.05.2022

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 34389 (11/POP-004988)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín
Sobre a continuidade do sistema de subvencións de concorrencia competitiva para asociacións e federacións de comerciantes, centros comerciais abertos, mercados e prazas de abastos para o ano 2022
Publicación da iniciativa, BOPG nº 318, do 12.05.2022

7.2 34976 (11/PUP-000254)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e dous deputados/as máis
Sobre as previsións do Goberno galego de utilizar as súas competencias para levar a cabo algunha iniciativa que evite a perda dun cento de postos de traballo no antigo estaleiro de Barreras
Publicación da iniciativa, BOPG nº 320, do 19.05.2022

7.3 34981 (11/PUP-000255)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Nóvoa Iglesias, Marta e seis deputados/as máis
Sobre a valoración da Xunta de Galicia das actuacións levadas a cabo polo Goberno central en relación coa execución dos PERTE e cos proxectos estratéxicos presentados desde Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 320, do 19.05.2022

7.4 34446 (11/POP-004992)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Rodríguez Dacosta, María del Carmen
Sobre a conduta do alcalde de Ourense contra unha representante sindical
Publicación da iniciativa, BOPG nº 318, do 12.05.2022

7.5 34985 (11/PUP-000256)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e tres deputados/as máis
Sobre a agresión do alcalde de Ourense a unha representante sindical
Publicación da iniciativa, BOPG nº 320, do 19.05.2022

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

7.6 34195 (11/POP-004967)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e dous deputados/as máis
Sobre a valoración da Xunta da execución e dos resultados das axudas ao alugueiro a menores de 35 anos en 2021
Publicación da iniciativa, BOPG nº 315, do 04.05.2022

7.7 26653 (11/POP-003750)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodeiro Tato, Ovidio e seis deputados/as máis
Sobre o desenvolvemento por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade das medidas previstas na Estratexia de educación dixital 2030
Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 12.01.2022

7.8 34369 (11/POP-004987)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, Xosé Luís e dous deputados/as máis
Sobre as axudas ás pequenas e medianas explotacións gandeiras de carne
Publicación da iniciativa, BOPG nº 318, do 12.05.2022

7.9 26789 (11/POP-003804)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis
Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego co obxecto de superar as dificultades que está a encontrar Galicia na execución do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca
Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 12.01.2022

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e un minuto da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas previstas polo Goberno galego ante a difícil situación actual. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 13.)
Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 15.)
Réplica do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 17.)
Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 18.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de Dª Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as propostas que ten o Goberno galego para evitar que a lingua galega siga perdendo falantes. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 20.)
Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. *Rueda Valenzuela.* (Páx. 22.)
Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 23.)
Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 25)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e sete deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España para que restableza o réxime de excepcións vixente desde o ano 2015, que excluía da obriga de cotizar como autónomo aquelas persoas que teñan ingresos como titulares de explotacións agrarias cando non superen determinados limiares de renda e rendemento económico. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Balseiro Orol (P).* (Páx. 27.)
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Seco García)* (Páx. 29.) *e Sr. Rivas Cruz (BNG).* (Páx. 33.)

Nova intervención do señor Balseiro Orol (P). (Páx. 35.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Ana Pontón Mondelo e dezaoito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da necesidade de atender a saúde mental no ámbito educativo. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 37.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Lourenzo Sobral. (BNG).* (Páx. 37.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Otero Rodríguez (S).* (Páx. 40.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Rodeiro Tato (P)* (Páx. 43.)

O señor Lourenzo Sobral. (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 47.)

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, sobre as demandas que debe formular a Xunta de Galicia ao Goberno do Estado en relación cos prexuízos que suporía para o sector pesqueiro a implantación de instalacións eólicas mariñas. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 48.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Pérez Fernández (BNG).* (Páx. 50.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Otero Rodríguez (S)* (Páx. 52.) *e Sra. Nóvoa Iglesias (P).* (Páx. 55.)

A señora Pérez Fernández (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 59.)

Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e tres deputados/as máis, sobre o apoio ás medidas do Goberno de España respecto do endurecemento das sancións contra o réxime de Putin e a realización dun chamamento ao presidente ruso para que poña fin á guerra. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 61.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 62.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 65.) *e Sra. Prado del Río (P).* (Páx. 68.)

O señor Álvarez Martíne (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 72.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Noa Susana Díaz Varela e Dª Noelia Otero Lago, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do cumprimento da Lei 17/2006, do libro e da lectura de Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 73.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Díaz Varela (S).* (Páx. 74.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Queixas Zas (BNG)* (Páx. 77.) *e Sra. Vázquez Domínguez (P).* (Páx. 81.)

A señora Díaz Varela (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 84.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª María Sol Díaz Mouteira e seis deputados/as máis, sobre a asunción polo Parlamento de Galicia do Manifesto pola seguridade xurídica do planeamento territorial e urbanístico asinado por trece gobernos autonómicos no marco do Encontro Xacobeo 21-22 por un urbanismo responsable. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 86.)

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Díaz Mouteira (P).* (Páx. 87.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Ojea Arias (S)* (Páx. 90.) *e Sra. Fernández Gómez (BNG).* (Páx. 93.)

Nova intervención da señora Díaz Mouteira (P). (Páx. 97.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei, do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e sete deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España para que restableza o réxime de excepcións vixente desde o ano 2015, que excluía da obriga de cotizar como autónomo aquelas persoas que teñan ingresos como titulares de explotacións agrarias cando non superen determinados limiares: *aprobada por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 99.)

Votación da Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Ana Pontón Mondelo e dezaoito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da necesidade de atender a saúde mental no ámbito educativo: *rexeitada por 19 votos a favor, 39 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 99.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, sobre as demandas que debe formular a Xunta de Galicia ao Goberno do Estado en relación cos prexuízos que suporía para o sector pesqueiro a implantación de instalacións eólicas mariñas: *aprobado por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 100.)

A señora Rodil Fernández (BNG) intervén para pedir a votación por puntos na seguinte proposición non de lei que se vai poñer a votación. (Páx. 100.)

Votación do texto transaccionado dos puntos 1 e 5 da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e tres deputados/as máis, sobre o apoio ás medidas do Goberno de España respecto do endurecemento das sancións contra o réxime de Putin e a realización dun chamamento ao presidente ruso para que poña fin á guerra: *aprobado por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 100.)

Votación do texto transaccionado dos puntos 2, 3 e 4 da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e tres deputados/as máis, sobre o apoio ás medidas do Goberno de España respecto do endurecemento das sancións contra o réxime de Putin e a realización dun chamamento ao presidente ruso para que poña fin á guerra: *aprobado por 53 votos a favor, 19 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 101)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Noa Susana Díaz Varela e Dª Noelia Otero Lago, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do cumprimento da Lei 17/2006,

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

do libro e da lectura de Galicia: *rexeitado por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 101.)

Votación da Proposición non de lei, do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª María Díaz Mouteira e seis deputados/as máis, sobre a asunción polo Parlamento de Galicia do Manifesto pola seguridade xurídica do planeamento territorial e urbanístico asinado por trece gobernos autonómicos no marco do Encontro Xacobeo 21-22 por un urbanismo responsable: *aprobada por 53 votos a favor, ningún en contra e 19 abstencións.* (Páx. 101.)

Suspéndese a sesión ás dúas e cincuenta e un minutos da tarde e retómase ás catro e trinta e un minutos.

Alteración da orde do día

O señor presidente comunica unha modificación no desenvolvemento da orde do día que consiste en tramitar a continuación unha pregunta ao Goberno. (Páx. 102.)

Pregunta de D. Ovidio Rodeiro Tato e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o desenvolvemento por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade das medidas previstas na Estratexia de educación dixital 2030. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Rodeiro Tato (P).* (Páx. 102.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González).* (103.)
Réplica do autor: *Sr. Rodeiro Tato (P).* (104.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González).* (Páx. 104.)

Interpelación de Dª María González Albert e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a propiedade veciñal dos montes en man común. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora*: Sra. González Albert (BNG).* (Páx. 105)
Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez).* (Páx. 109.)
Réplica da autora: *Sra. González Albert (BNG).* (Páx. 114.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez).* (Páx. 116,)

Interpelación de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a distribución de fondos públicos a entidades locais mediante convenios. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor*: Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 118.)
Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 122.)
Réplica do autor: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 126.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 128.)

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Interpelación de Dª María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en materia de emprego. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora*: Sra. Rodríguez Dacosta (S).* (Páx. 130.)
Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza).* (Páx. 133.)
Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Dacosta (S).* (Páx. 136.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza).* (Páx. 138.)

Interpelación de Dª María Montserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a loita contra a endometriose. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora*: Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 140.)
Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 144.)
Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 148.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 151.)

Pregunta de Dª María Leticia Gallego Sanromán e D. Martín Seco García, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a continuidade do sistema de subvencións de concorrencia competitiva para asociacións e federacións de comerciantes, centros comerciais abertos, mercados e prazas de abastos para o ano 2022. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Gallego Sanromán (S).* (Páx. 153.)
Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación (Conde López).* (Páx. 154.)
Réplica da autora: *Sra. Gallego Sanromán (S).* (Páx. 155.)
Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación (Conde López).* (Páx. 156.)

Pregunta de Dª Marta Nóvoa Iglesias e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración da Xunta de Galicia das actuacións levadas a cabo polo Goberno central en relación coa execución dos PERTE e cos proxectos estratéxicos presentados desde Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Nóvoa Iglesias (P).* (Páx. 157.)
Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación (Conde López).* (Páx. 158.)
Réplica da autora: *Sra. Nóvoa Iglesias (P).* (Páx. 159.)
Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación (Conde López).* (Páx. 160.)

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pregunta de D. Martín Seco García e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego de utilizar as súas competencias para levar a cabo algunha iniciativa que evite a perda dun cento de postos de traballo no antigo estaleiro de Barreras. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr.* Seco García *(S).* (Páx. 161.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza).* (Páx. 163.)
Réplica do autor: *Sr. Seco García (S).* (Páx. 164.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza).* (Páx. 164.)

Alteración da orde do día

O señor presidente comunica o debate acumulado de dúas preguntas. (Páx. 166.)

Pregunta de Dª Marina Ortega Otero e Dª María del Carmen Rodríguez Dacosta, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a conduta do alcalde de Ourense contra unha representante sindical

Pregunta de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a agresión do alcalde de Ourense a unha representante sindical. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención dos autores: *Sra. Ortega Otero (S)* (Páx. 166.) *e Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG).* (Páx. 167.)
Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso).* (Páx. 168.)
Réplica dos autores: *Sra. Ortega Otero (S)* (Páx. 170.) *e Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG).* (Páx. 170.)
Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso).* (Páx. 171)

Pregunta de Dª Alexandra Fernández Gómez e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración da Xunta da execución e dos resultados das axudas ao alugueiro a menores de 35 anos en 2021. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Fernández Gómez (BNG).* (Páx. 173.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 174.)
Réplica da autora: *Sra. Fernández Gómez (BNG).* (Páx. 175.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 176.)

Pregunta de D. Xosé Luís Rivas Cruz e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as axudas ás pequenas e medianas explotacións gandeiras de carne. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Rivas Cruz (BNG).* (Páx. 177.)

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez).* (Páx. 178.)
Réplica do autor: *Sr. Rivas Cruz (BNG).* (Páx. 179.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez).* (Páx. 180.)

Pregunta de Dª Teresa Egerique Mosquera e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego co obxecto de superar as dificultades que está a encontrar Galicia na execución do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Egerique Mosquera (P).* (Páx. 181.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo).* (Páx. 182.)
Réplica da autora: *Sra. Egerique Mosquera (P).* (Páx. 183.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*(Páx. 183.)

Remata a sesión ás oito e corenta e tres minutos do serán.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Retómase a sesión ás dez e un minuto da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reiniciamos a sesión co punto sexto da orde do día, preguntas para a resposta oral do presidente.

O señor PRESIDENTE: Comezamos coa pregunta de don Luis Manuel Álvarez Martínez, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas previstas polo Goberno galego ante a difícil situación actual

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Bo día, señor Rueda.

Permítame felicitalo pola súa condición de presidente da Xunta de Galicia. Non é vostede o presidente que eu quixera pero, evidentemente, é o meu presidente, e desde ese punto de vista conta vostede coa lealdade deste grupo parlamentario.

Pero teño que ser claro, señor Rueda: o seu discurso de investidura foi decepcionante; as tres medidas que anunciou son insuficientes e resultan irrelevantes porque non van resolver os problemas desta comunidade autónoma. Non fixo ningunha proposta para mellorar a vida das galegas e dos galegos nin en sanidade, nin en política económica, nin en política social, nin en xuventude, nin en vivenda, nin en educación, nin en materia industrial, nin noutras tantas. Comeza o seu mandato cun proxecto político plenamente continuísta, tutelado polo señor Núñez Feijóo e os varóns provinciais, co señor Baltar, por suposto, á cabeza. Un proxecto que arrinca esgotado, sen ambición de ningún tipo e que herda un panorama desolador do que vostede foi corresponsable durante trece anos de goberno.

Os últimos datos indican que a facturación da industria galega sufriu a maior caída do Estado no mes de marzo, baixando un sete por cento en comparación co mesmo mes do ano 2021, segundo datos do Instituto Nacional de Estatística publicados o pasado venres. E esta caída supón a maior do Estado nun mes de avance xeneralizado, no que Galicia retrocede, mentres a cifra de industrias de negocio subiu un 13 % no conxunto de España; vinte puntos de diferenza. Do mesmo modo, mentres en España aumenta o 4,8 o persoal ocupado no sector de servizos, en Galicia sobe só un 3,2. E en canto á taxa de risco de pobreza, esta incrementouse en Galicia un 2,9 % nos dous últimos anos, mentres a media de España baixou en medio punto.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Estes datos, señor Rueda, evidencian —como tantos outros— o rumbo da nosa comunidade. E con independencia da teima que sempre repiten de que estes son datos nesgados, son datos oficiais. E agardo que hoxe non insinúe que os datos que proporciona tanto o Instituto Nacional de Estatística como o Instituto Galego de Estatística son falsos.

Onte soubemos que Galicia se atopa á cola do Estado en investimento en dependencia por persoa potencialmente dependente. Situación que foi posta de manifesto pola Asociación de Directores e Xerentes de Servizos Sociais, que di, entre outras cousas, que a Comunidade Autónoma de Galicia fixo caixa no ano 2021 co incremento dos orzamentos xerais do Estado para a dependencia. O modelo do Partido Popular fracasou en todos os planos, tamén en política social. E, señor Rueda, acabamos de coñecer o desgraciado episodio da residencia Mi Casa, en Pazos de Borbén, que evidencia a perversión dese modelo, dese tándem de máis privatización menos inspección. E así non, señor Rueda.

Por favor, non replique ao seu xefe e eluda a estratexia de culpar os outros dos problemas da nosa comunidade autónoma, á vez que se apuntan como propios éxitos que corresponden a outros gobernos. E están moi ben as reivindicacións ao Goberno do Estado porque eles teñen que cumprir con Galicia, pero tamén aquí neste Parlamento queremos saber que vai facer vostede coas súas competencias. Por iso, señor Rueda, ¿que propostas ten vostede para cambiar o rumbo? Porque hai dúas semanas veu a este Parlamento anunciar tres medidas que —repítolle— son insignificantes para as galegas e os galegos porque non solucionan os seus problemas.

E á vez que lle solicita unha xuntanza —que nos parece moi ben— ao presidente do Goberno do Estado, tamén preguntamos se vai vostede recibir o secretario xeral do Partido Socialista de Galicia ou van recibir vostedes as alcaldesas e os alcaldes das grandes cidades de Galicia aos que o seu antecesor non escoitaba e que, ademais, moitos deles xa lle teñen solicitado entrevistas. ¿Vai vostede, señor Rueda, recibir o secretario xeral do Partido Socialista de Galicia?, ¿vai escoitar os concellos? Agardo que si porque, do contrario, amosará o desprezo permanente á hora de atender os problemas da xente. E non se trata de negarlles unha visita ás alcaldesas e aos alcaldes do Partido Socialista, senón ás galegas e aos galegos. ¿Que vai facer vostede, señor Rueda?

A semana pasada o señor Núñez Feijóo loaba, nun acto en Andalucía...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...e dicía que o modelo andaluz era o modelo económico do Partido Popular. E eu pregúntolle: ¿pode soster vostede esa afirmación nunha comunidade autónoma que ten unha taxa de paro máis elevada que Galicia e unha taxa de paro máis elevada no ámbito da xuventude? ¿De verdade cre vostede que ese é o modelo que necesita esta comunidade autónoma? Díganos, señor Rueda, cal vai ser o seu estilo, ¿vai recibir a oposición?, ¿vai atender as necesidades dos concellos galegos?, ¿seguirá coa axenda continuísta de recortes e desfeitas do señor Núñez Feijóo?, ¿tomará medidas para reverter as listas de espera en sanidade...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez. Remate, por favor.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...para acabar co modelo perverso de privatización de residencias de maiores, para dinamizar a nosa economía xeral de emprego, para impulsar a innovación como motor económico, para acabar coa sangría demográfica?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ¿Que vai facer en definitiva, señor Rueda —remato, señor presidente—...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...para mellorar a vida da nosa xente? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Álvarez, ben, en primeiro lugar, agradecerlle a súa benvida institucional e os seus parabéns como portavoz do grupo parlamentario. E transmítolle como presidente da Xunta exactamente o mesmo a vostede e ao seu grupo.

Dito isto, si, xa me dei conta durante estes últimos días, nos dez que levo como presidente da Xunta de Galicia, que vostede ten unha especial preocupación por saber se eu vou ser quen de ter un estilo propio á hora de afrontar os problemas. É curioso o do estilo propio, porque ao mesmo tempo vostedes traen esta semana a este Parlamento e vaise debater agora unha iniciativa para que sigamos a pés xuntiños a apoiar as medidas do Goberno central, do Goberno do señor Sánchez, a respecto da guerra en Ucraína, sen ningunha posibilidade de facer ningunha matización; é dicir, que fagamos exactamente o que vostede di que eu non podo facer.

E sucursalismos non vou facer, téñoo claro, señor Álvarez. Polo tanto, á hora de resolver os problemas si que vou ter un estilo propio, non teña ningunha dúbida, que vai ser o estilo de intentar solucionar os problemas. Xa sei que vostedes —polo que me está dicindo agora e polo que manifestaron durante estes días, e incluso polo que dixeron antes do debate de investidura— van facer o que fai sempre o Partido Socialista. Vostedes están na oposición e nós no Goberno e na Xunta dende hai trece anos, polo menos, e sempre dixeron que fronte aos nosos gobernos nin cen días, nin cen horas, nin cen minutos. Ben, pois é o que están vostedes facendo cando esta nova etapa apenas arrincou hai dez días.

Eu xa lle digo que co estilo de, primeiro, continuar as boas cousas que se fixeron ata o de agora —que foron moitísimas e das que me sinto moi orgulloso, pois formaba parte dun

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

goberno que estaba afrontando os problemas— e, por suposto, a partir de agora temos novos retos por diante e terémolos que seguir afrontando, collendo todo o bo do anterior e intentando seguir —xa digo— atendendo os retos que vaian xurdindo a partir de agora, que van ser moitos.

E non é ningunha casualidade, señor Álvarez, que foramos das comunidades autónomas que mellor xestionamos a pandemia. E non é ningunha casualidade que inmediatamente intentaramos saír con forza para aproveitar todos os empuxes que saían desa recuperación, que vostedes dende Madrid non están poñendo, e en absoluto é sinxelo. Polo tanto, puxémonos a traballar, viñemos aquí ao Parlamento, falamos coa sociedade civil e fixemos ese plan de recuperación, ese Plan estratéxico 2022-2030, que ten obxectivos claros e responde ás medidas que estamos impulsando.

Claro que no debate de investidura non puiden falar de todo aquilo que estamos facendo e imos facer, intentei salientar nun formato curto o que me pareceu que podía ser un exemplo do que estamos facendo. O que estamos facendo é mellorar e blindar a educación pública —imos seguir por aí sen ningunha dúbida—; mellorar e blindar a sanidade; mellorar e blindar os servizos de benestar e atención —non imos deixar a ninguén atrás, a vostedes gústalles iso como slogan, nós practicámolo—; mellorar e blindar a atención ás empresas, sobre todo ás que agora o están pasando mal, e tamén seguir mimando o emprendemento; mellorar e blindar e aproveitar o tirón do Xacobeo. En definitiva, con medidas concretas.

Ademais, a gratuidade da educación infantil, xa que é a única comunidade autónoma, e iso é importante para a conciliación e importante para que funcione o mercado laboral —vostedes non lle dan moita importancia—; potenciar a formación profesional, que é fundamental neste mercado laboral que está cambiando; executar unha ambiciosa, a máis ambiciosa reforma da atención primaria, con todas as dificultades que ten; por certo, a ver se somos capaces de que nos axuden a solucionar o problema que vén tamén do Goberno central respecto da contratación de médicos; aprobar unha nova lei de inclusión social; seguir reclamando, sen ningunha dúbida, esas infraestruturas que non acaban de vir para Galicia dende o Goberno central; seguir reclamando que os fondos Next Generation —fundamentais para facer fronte aos problemas que temos agora— se repartan con obxectividade, e non coa parcialidade que estamos vendo noutros lugares por parte do Goberno central. En definitiva, señor Álvarez, seguir traballando, collendo todo o anterior e seguir mirando cara a adiante, que vai haber moitísimos problemas.

Eu téndolle a man e o meu goberno téndelle a man ao seu grupo parlamentario para que intentemos facer cousas xuntos. Sinceramente, se vostedes fan sucursalismo, seguen defendendo aquí o indefendible, seguen apoiando medidas que claramente nos están prexudicando, vai ser moi difícil. Se vostedes queren ser ese partido dialogante que vostede proclama que son, quere tenderlle a man a este goberno nun momento tan difícil para Galicia, vannos atopar sempre. Se van seguir sendo reféns do nacionalismo en moitas comunidades autónomas e aquí tamén, vai ser moi difícil. Nós seguiremos traballando, vostedes non serán un partido útil para Galicia e non nos servirán para solucionar os problemas.

Este goberno seguirá traballando, collendo todo o anterior, poñendo novas medidas e mirando cara a adiante nunha situación que non é nada sinxela pero que imos afrontar. ¿Con

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

estilo propio? Si, co estilo de intentar solucionar os problemas. Se pode ser, con vostedes; e se non, como ata do de agora, en solitario pero dando resultados.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

(Aplausos prolongados.)

Réplica, señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Señor Rueda, mellorar, mellorar, mellorar. ¡Home!, parece evidente que é o que hai que facer tendo en conta a situación negativa na que está a comunidade autónoma. Mellorar é unha resposta trivial. *(Aplausos.)*

En todo caso, señor Rueda, eu non lle quito méritos, pois aprendeu ben do seu xefe e de botar balóns fóra, culpar os demais da nefasta xestión e vender como éxitos cousas que dependen doutros gobernos. E, ¿como non?, non ía defraudar vostede e non vir aquí co *hit* do reparto nesgado de fondos Next Generation, cando saben vostedes que é absolutamente falso. Ese reparto de fondos Next Generation páctase dentro duns acordos que se toman en conferencias sectoriais, nas que vostedes, evidentemente, participan. E como consecuencia dese reparto, a Comunidade Autónoma de Galicia é a sexta de todo o Estado en porcentaxe de fondos Next Generation, e iso é información pública.

Eu traio aquí un gráfico, que en realidade é unha táboa en cores *(O señor Álvarez Martínez amósalle á Cámara unha gráfica.)*, porque vostede anda por aí dicindo que quere o mesmo tratamento que Cataluña e que Valencia. Pero resulta que obvia que a primeira comunidade autónoma en fondos Next Generation é Andalucía, gobernada polo Partido Popular; a terceira é Madrid, gobernada polo Partido Popular; a cuarta é Castela e León, gobernada polo Partido Popular; e a sexta é Galicia, gobernada polo Partido Popular. *(Aplausos.)* Polo tanto, ¿que quere que lle diga? Os datos son os datos. *(Aplausos.)* ¿Que non lles gustan? *(Aplausos.)* Enténdoo. *(Aplausos.)* Que vostedes intenten facer un *totum revolutum* e plantexar que Galicia é unha comunidade permanentemente agraviada, tamén o entendo. Pero o problema é que non é certo, e como non é certo temos esa realidade que vostedes intentan enmascarar.

Mire, señor Rueda: temos que ser claros e temos que cambiar de modelo. E dentro desa lealdade e dentro dese diálogo temos que cambiar en sanidade, temos que recuperar o número de profesionais sanitarios que tiñamos polo menos no ano 2009.

En política social, ¿que quere que lle diga despois de todo o que estamos coñecendo? Sería necesario absolutamente cambiar o modelo e apostar por un sistema público e cubrir ese déficit de catorce mil prazas que hai na nosa comunidade autónoma. Por certo, a ver se vostedes encontran algún xestor eficaz de bases de datos para incorporar eses case dez mil galegos e galegas que non aparecen en ningún sistema informático.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En educación temos que recuperar o número de docentes que se perderon.

En investigación temos que deseñar unha estratexia para acadar o 3 % de investimento en I+D+I empregando fondos propios para apostar polos sectores estratéxicos da comunidade autónoma.

En materia eólica ofrecémoslles sumarse a ese pacto enerxético pactado con traballadores, co sector empresarial e tamén co mundo rural.

En mocidade, señor Rueda, cómpre facer políticas activas de emprego. ¿Que foi daquel plan Retorna? Ese plan Retorna tamén admite bastantes melloras.

Señor Rueda, preocúpame que vostede vaia converterse nun presidente pouco relevante,...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...—remato, señor presidente—, un presidente tutelado, un presidente que non faga políticas sociais e políticas económicas. *(Murmurios.)* Prégolle que cambie o rumbo, que se reúna coa oposición, que atenda os concellos e que traballe por unha Galicia mellor.

Agora —e remato, señor presidente— que xa rematou ese xogo de cadeiras que se trouxeron vostedes durante os últimos tres meses, están xa todos sentados e sentadas —non sei se onde querían ou onde non; en todo caso, sentados—, traballen, que levamos —como dicía— tres meses cun Goberno da Xunta de Galicia de brazos caídos desde que a señora Díaz Ayuso decidiu que a Comunidade Autónoma de Galicia tiña que cambiar de presidente.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Peche da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Álvarez, mellorar, mellorar... Claro, efectivamente, porque para mellorar hai que ter medidas concretas. Nós levamos insistindo, non agora no debate de investidura, que tamén, con medidas que van entrar en vigor inmediatamente, senón moito antes. Unha mellora concreta sería baixar impostos. Xa llelo dixen estes días: proben a baixar impostos, proben esa sensación; proben a dicirlle ao señor Sánchez que el pode baixar moitos impostos tamén. Xa verá como se mellora inmediatamente, como imos mellorar aquí. Aí ten unha medida concreta que podían apoiar. E ponse de perfil porque non cren nese tipo de medidas.

Igual que debe ter clara unha cousa: eu non quero para Galicia como presidente da Xunta o mesmo trato, polo menos non estou reclamando especificamente o mesmo trato que Cata-

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

luña ou que Valencia; o que quero é un trato xusto, o que quero é que non se primen por intereses partidistas da Moncloa algunhas comunidades sobre outras, quero competir en condicións de igualdade. Iso é o que quero, e vostedes non o entenden. *(Aplausos.)* E mentres non o entendan así nos vai ir. Simplemente: condicións de igualdade. ¿Tan difícil é entender que deberiamos ter cousas obxectivas? Non é certo o que vostede di de que nas conferencias sectoriais todo se reparte, que todo queda claro; ao contrario, queda todo absolutamente confuso. E a conclusión coa que saímos é que o señor Sánchez se dedica a ir por España adiante comprometendo plans que nin sequera están convocados.

Polo tanto, isto como galego e como responsable político galego debería preocuparlle moitísimo, porque aí xogámonos o futuro. E, mentres, siga botando cortinas de fume, siga facendo descualificacións que case rozan o persoal cara á miña persoa, siga falando non sei que de Isabel Díaz Ayuso. ¿Pero que está vostede dicindo?

Cando non hai medidas concretas, e levan vostedes dende a pandemia no Goberno central facendo moita propaganda e non aplicando ningunha medida concreta, claro hai que ir ás cortinas de fume. Se houbera que poñer a un lado a propaganda que vostedes fixeron e as medidas concretas que tiveron que tomar a Xunta de Galicia e todas as comunidades autónomas, incluídas as da súa cor política, porque había que xestionar mentres o Goberno central facía propaganda, probablemente se ruborizaría moitísimo e estarían facendo o que están facendo: botando cortinas de fume, a culpa é toda de Putin.

Mire: a transición enerxética brutal que vostedes están facendo, que está levando a que se pechen industrias galegas fundamentais, a culpa de Putin. As incertezas no sector forestal, en Ence, que está poñendo en perigo tantos postos de traballo, onde eu vivo ademais, en Pontevedra, e coñezo ben o problema, a culpa é de Putin. As históricas subas do prezo da luz, xa eran moi altas, señor Álvarez, antes de que empezara a guerra, é igual, a culpa é de Putin. A inflación que estaba no 7,6 % antes de que empezara a guerra, a culpa é de Putin.

Cando ven que xa non poden botar máis culpas, entón empezan con máis cortinas de fume, con eses volantazos en política internacional. Xa veremos onde nos leva, que consecuencias no mercado enerxético e, por tanto, que consecuencias para Galicia vai ter. E todas esas historias de espías, esas son cortinas de fume e non solucionar problemas que vostedes non explican. A iso están dedicándose. Son un problema o seu Goberno central en Madrid para Galicia, e vostedes fan sucursalismo e defenden —dicíallo na primeira intervención— o indefendible.

Nós imos seguir tomando medidas concretas, imos seguir como vostede di e como vostede reclama facendo cousas que lle melloran a vida á xente:

Bono enerxético, tan necesario dende que vostedes non foron capaces de conter a súa luz, 100 euros adicionais.

Novas liñas de crédito para as empresas que de verdade necesitan agora que se lles apoie e para os emprendedores. O emprendemento hai que seguir mimándoo e coidándoo sempre, cando as cousas van ben e cando as cousas van mal.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Apoios específicos para os sectores máis damnificados: transporte, agrogandeiro, certos aspectos do sector do mar. Todo iso hai que apoialo agora especialmente, e estamos con medidas concretas. Loxicamente, en tres minutos non llas podo explicar, pero vostede as coñece de sobra.

Non lle dan ningunha importancia, e eu creo que ten moita, e as familias que se van ver beneficiadas: única comunidade autónoma —vólvoo dicir— en España que ten a gratuidade infantil dende o mes de setembro. Iso para a conciliación laboral e, por tanto, para facilitar o sustento de moitas familias vai ser fundamental.

Baixada de impostos. Vólvolle dicir: beneficiamos ás rendas máis baixas, pagan case un trinta por cento menos dende o ano 2009 no tramo autonómico; claro, no tramo estatal, cando vostedes gobernan, sóbeno. Dende logo, nas comunidades autónomas, Cataluña por exemplo, xa que lle gusta poñer exemplos, Cataluña e Asturias pagan moitos máis impostos no tramo autonómico que en Galicia. Nós cremos que iso serve para que lle mellore a vida á xente e para que poidan ter máis recursos para poder vivir un pouco mellor.

Teremos ocasión de sobra de irlle dando máis medidas. Creo que as coñece de sobra, despois pódeas terxiversar, pode facer cortinas de fume. En fin, señor Álvarez, nós ímonos dedicar a gobernar. Se vostede está nesas políticas de ficción, nesas cortinas de fume; non sei se o señor Sánchez acabou xa esa serie da que nunca máis se volveu saber, pero de ficción saben bastante. Pero, ¿sabe que? A ficción non soluciona nada.

As familias galegas teñen problemas reais, e nós imos estar aquí para intentar mellorar. Efectivamente, a vostede faille graza esa palabra, pero trátase diso, a xente quere que lle melloremos a vida. Vostedes, mentres, sigan facendo sucursalismo e sigan sen ser un partido útil a Galicia. Nós, o meu goberno e este grupo, imos intentar facer todo o contrario: estar para o que nos pon a xente, que é mellorar a vida da xente.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de Dª Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as propostas que ten o Goberno galego para evitar que a lingua galega siga perdendo falantes

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra dona Ana Belén Pontón Mondelo, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Rueda, permítame nesta primeira intervención desexarlle acertos nestes dous anos polo ben de Galiza e que non goberne desde a propaganda, porque, é certo, a situación neste país é moi difícil.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E quería hoxe ensinarlle unha foto. *(A señora Pontón Mondelo amósalle á Cámara unha fotografía.)* Esta foto representa a todos os galegos e galegas que se senten orgullosos da súa lingua, a nosa lingua común, o galego; fáleno máis, fáleno menos ou non o falen. Pero son galegos e galegas que senten orgullo e amor de ter unha lingua propia.

E non sei se ve estoutra foto. *(A señora Pontón Mondelo amósalle á Cámara outra fotografía.)* É do 8 de febreiro de 2009, nesa indigna manifestación en contra do galego, con vostede en primeira fila.

E desde ese día até hoxe o Partido Popular leva trece anos atacando por terra, mar e aire o idioma galego. *(Aplausos.)* Primeiro, incumprindo a lei, o Estatuto de autonomía, a Lei de normalización lingüística e a Carta europea das linguas. Segundo, impoñendo ese *Decreto da vergoña*, que relega o galego no ensino a ser unha lingua de segunda. E terceiro, coa asfixia económica, un 55 % de recorte no investimento de apoio á lingua propia deste país.

E esta política de acoso e derribo ten consecuencias; aí están os informes da Real Academia e tamén os datos do Instituto Galego de Estatística. Datos como que o galego é a única lingua de todo o Estado que perde falantes, que os nenos e nenas entran pola porta da escola falando galego e saen falando castelán. Que en infantil *(Murmurios.)* se perde un 10 % de galegofalantes. Que temos un 24 % de menores de 14 anos que non se expresan, non saben expresarse en galego, e un 30 % que non saben escribilo.

E a conclusión de todo isto é moi clara e quero expresala neste Parlamento: o Partido Popular estalles quitando ás novas xeracións a oportunidade de falaren en galego, o Partido Popular estalles roubando ás novas xeracións a liberdade para poderen expresarse en galego. ¡Así de claro e así de triste! *(Aplausos.)*

Fíxense: por primeira vez en democracia prohíbese o galego para as matemáticas, para a física e a química e para a tecnoloxía.

Señor Rueda, ¿por que un neno de Pontevedra ou unha nena de Chorente poden aprender galego en inglés, en francés, en alemán e en castelán pero non en galego? Déanos unha soa razón. Porque esta é unha das prohibicións que está establecida nese *Decreto da vergoña* que vostedes disfrazan como plurilingüismo, pero que é unha farsa, pois aquí non hai plurilingüismo. ¿Saben o que está pasando? Que os nenos e nenas non aprenden máis inglés, non saben máis galego, e o único que está avanzando é o monolingüismo en castelán. Están vostedes roubándolles ás novas xeracións a oportunidade e a liberdade de falaren en galego.

E por iso, señor Rueda, pregúntolle ser vai facer algo para evitar que o galego sexa a única lingua do Estado que perde falantes. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, en primeiro lugar, agradecerlle, como lle fixen ao señor Álvarez, os seus bos desexos, os parabéns, e tamén tender a man ao seu grupo dende o punto de vista institucional.

Dito isto, entrando xa no contido da pregunta, a min non me fai falta mostrar ningunha foto para dicir unha cousa claramente: eu estou seguro de que o meu grupo e, dende logo, o Goberno da Xunta concibimos o galego nunca como un elemento de confrontación, nunca como un elemento de división e menos —e teño que dicilo claramente— como unha escusa como fan vostedes para dar carnés de bos e malos galegos, que é para o que utilizan vostedes o galego. *(Aplausos.)*

E o problema fundamental é —valla a redundancia— que vostede considera que é un problema que en Galicia teñamos dúas linguas e que as utilicemos con total liberdade e con total cordialidade. Nós vemos iso como unha oportunidade e como unha riqueza, e, dende logo, non imos renunciar a esa riqueza, por moito que vostedes dende un extremo se empeñen en impoñernos un monolingüismo e dende outro extremo se empeñen en poñernos outro monolingüismo. Ao final, os extremos parécense bastante máis do que vostedes pensan. *(Aplausos.)*

En todo caso, e centrándome no que vostede pregunta e as medidas e a situación, teño que dicirlle que vostedes viron os datos. É dicir, señor Álvarez, espero que non me diga que os datos que manexo non son fiables; cando non o sexan hai que dicilo, e aquí temos un caso claro. Vostede falaba do IGE. Mire: é que o IGE está aí para velo, e o que di é que hoxe falan galego máis persoas que hai cinco anos; iso é o que din os datos do IGE. *(Murmurios.)* Claro, a vostede non lle interesa que iso se faga público, que se diga, pero esta é a verdade, isto que di o IGE. Supoño que se lle vale o IGE a vostede tamén lle valerán os datos que lle dou eu, que son absolutamente certos.

E di que é a primeira vez, dende que hai estatísticas, que se incrementa o número de falantes. E di tamén o IGE que o 52 % da poboación ou fala só galego ou, se fala as dúas linguas, predomina moito o galego no uso diario que fai da lingua, e que o 75 % da poboación usa o galego a diario —tres puntos máis dende a última macroenquisa do IGE sobre o galego—, que a porcentaxe de xente nova que fala o galego —e supoño que os dous estamos de acordo en que isto é bo— se está incrementando, non está decrecendo.

Polo tanto, non son certos os datos que vostede manexa, non é certa a situación que pretende debuxar, e si que é certo que o sistema de ensino público basicamente está funcionando ben á hora de dar e de proporcionar competencias, de proporcionarnos aos galegos para usar a nosa lingua. Mire: o 95,46 % entende o galego, o 97,43 % sabe falalo, o 85 % sabe lelo e o 87 % sabe escribilo.

Claro, isto non é froito da casualidade, isto é froito de medidas que se levan moitos anos implantando para que isto sexa unha realidade, unha rica realidade, que segue medrando e que ten que seguir medrando.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Plan de dinamización da lingua galega na mocidade, 17 millóns de euros, trinta e nove medidas. Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico, cen medidas, 5 millóns. Plans para a promoción da lingua galega nas familias e no deporte, un millón de euros, só o último ano. Proxecto Nós, fundamental, este é un proxecto Next Generation. Espero que vostede utilice a súa ampla influencia en Madrid para que nos concedan a posibilidade de poder utilizar as novas tecnoloxías para poñer tamén o galego no futuro e que as ferramentas e as posibilidades do mundo virtual se poidan aplicar para que o galego siga medrando.

Polo tanto, señora Pontón, a situación por suposto que ten que seguir mellorando, por suposto que a obriga da Xunta de Galicia é seguir fomentando o uso da nosa lingua e, polo tanto, defendemos no pasado, defendemos hoxe e defenderemos o galego, pero sen imposicións, ¡eh!, nin de vostedes nin do outro extremo. *(Aplausos.)*

Non queremos —e remato xa, señor presidente—...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): ...unha sociedade monolingüe, nin en galego nin en castelán. Polo tanto, eu vou seguir defendendo un modelo de convivencia lingüística harmónica, cordial, como quere a maioría dos galegos, a inmensa maioría dos galegos, se mo permiten.

¿E sabe que? Enriquecéndoa, efectivamente, con outras linguas. Fomos sempre unha comunidade aberta ao mundo e a xente quérenos polo mundo adiante, e iso gran parte é pola nosa riqueza lingüística, por ese espírito aberto que nos dá ter dúas linguas e que nos fai ser moito máis amables en moitísimos sitios.

Polo tanto, mentres dependa de min, dende logo, e mentres dependa deste goberno, e espero que os gobernos que nos sucedan pensen o mesmo, o galego vai seguir estando entre as nosas prioridades. Por suposto, é unha riqueza fundamental.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Temos esa enorme sorte.

Pero ¿sabe que, señora Pontón? Ímolo facer con liberdade, con apertura e con plenitude, non como queren vostedes.

Moitas grazas. *(Aplausos prolongados.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Rueda, quen sabe de confrontación é vostede. Aquí estaba *(A señora Pontón Mondelo amósalle á Cámara unha fotografía.)* nesta indigna manifestación

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

en primeira fila *(Aplausos.)* en contra do galego, en contra do galego quen hoxe se senta de rebote na Xunta de Galiza.

E claro que os extremos se tocan, señor Rueda. *(A señora Pontón Mondelo amósalle á Cámara a mesma fotografía anterior.)* Si, si, aquí en 2009 empezaron os extremos a tocarse, *(Aplausos.)* os sectores máis reaccionarios do Partido Popular, anticipando o que vemos agora que son os pactos do PP coa extrema dereita. Claro que se tocan os extremos, señor Rueda. *(Aplausos.)* Claro que se tocan e gobernan xuntos.

E vostede veu hoxe aquí dicirlle ao conxunto da sociedade galega e das institucións públicas que menten, que mente a Real Academia Galega cando nun informe científico acredita que o que está facendo o *Decreto da vergoña* é facer que perdamos galegofalantes, que non se mellore a competencia en inglés e avanzar no monolingüismo. Iso é o que está denunciando non o BNG, a Real Academia Galega. *(Aplausos.)*

Menten, segundo vostede tamén, os datos do Instituto Galego de Estatística, que o que nos están dicindo é que os pais e nais que educan os seus fillos e fillas en galego, que o deciden libremente, están denunciando que a escola se está convertendo nun axente desgaleguizador. E iso é responsabilidade do decreto do Partido Popular. Non defenden o plurilingüismo. Vostedes queren avanzar cara ao monolingüismo en castelán, porque tampouco melloran a aprendizaxe de linguas estranxeiras.

E tamén mente o Consello de Europa, que informe tras informe lles está dicindo que vulneran a Carta europea das linguas minorizadas e que hai que acabar con ese decreto que está prohibindo que haxa asignaturas que se poidan dar en galego. E vostede non me dixo, señor Rueda, por que razón as matemáticas se poden dar en inglés e non se poden dar en galego. Explíquenolo, déanos un motivo, cal é a razón científica que está aquí. Non hai ningunha razón científica, o que hai é a cerrazón do Partido Popular, que leva durante estes últimos anos traballando en contra da liberdade lingüística en Galiza.

Eu podo dicirlle que un goberno do BNG lles devolverá a oportunidade e a liberdade ás novas xeracións de falaren galego. Igualdade lingüística é o que imos poñer en marcha, e farémolo dialogando coa sociedade, poñendo en marcha un decreto no ensino que apoie que o galego sexa unha lingua de futuro, porque foi a lingua dos nosos avós e das nosas avoas, é a lingua dos nosos pais e nais, e eu polo menos quero que a miña filla teña oportunidade e a liberdade de falar en galego. E non teñen dereito a roubarlles o galego ás novas xeracións, *(Aplausos.)* non teñen ningún dereito, señor Rueda. *(Aplausos.)*

Hoxe fíxenlle unha pregunta... *(Murmurios.)* Non sei se podo seguir ou se van seguir así interrompendo... Democracia e liberdade.

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

Dá resposta despois o presidente. *(Aplausos.)*

A señora PONTÓN MONDELO: Fíxenlle unha pregunta moi concreta sobre un tema central, porque o galego é a lingua común de Galiza. ¿Van facer algo para que o galego deixe de ser

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

a única lingua do Estado que perda falantes ou van seguir con esa política de acoso e derrubo? Desde logo, é unha tristeza que hoxe o presidente da Xunta, aínda que sexa de maneira accidental, teña no seu currículo terse manifestado en contra da lingua de todos os galegos e galegas. Ten a oportunidade de rectificar e sobre todo de facer algo en positivo para que o galego teña máis futuro. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Peche da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, non debeu quedar moi contenta nin cos argumentos que me deu nin con esas fotos que ensinou que xa tivo que entrar —pouco lle durou a cortesía institucional— descualificando a miña lexitimidade para estar aquí contestándolle a pregunta. Sinceramente, pois alá vostede, descualifique a este Parlamento se cre que non teño lexitimidade para ser presidente da Xunta de Galicia. Eu non vou entrar nese tipo de actitudes, nas que vostede parece ser que xa era a súa tónica habitual antes e vai seguir sendo agora.

Ao contrario, vou ser descritivo. E vou ler unha frase: o Bloque Nacionalista Galego é como esas nais que queren tanto os nenos pequenos que os apertan tanto que os abafan. Non poña esta cara. Esta frase non é miña, é de alguén que os coñece moito mellor ca min probablemente, é de Xesús Alonso Montero, que coñece ben o Bloque e, polo tanto, di isto exactamente. *(Aplausos.)* E creo, señora Pontón, que os coñece ben; si, si, está claro.

Polo tanto, collendo esta frase, coa que eu estou bastante de acordo, eu quero crer —estou seguro— que o problema é que vostede non o recoñece nin moito menos, con esa manía que lles dicía antes de dar carnés de bos e malos; vostedes utilizan o galego para iso. Eu si que creo que vostedes lle queren ao galego. Polo tanto, o que lles pido é que non fagan unha utilización partidista como fan continuamente disto e que non o queiran tanto que, efectivamente, o van acabar abafando, van acabar afogándoo. Xa lles pasou unha vez no breve, afortunadamente, lapso de tempo que tiveron no Goberno bipartito. Dende logo, non foi a única razón, porque fixeron bastantes cousas mal, pero ese empeño en rachar co bilingüismo cordial que había en Galicia estou seguro que foi un dos motivos que os levou sen ningunha dúbida a perder o goberno tan rapidamente. *(Aplausos.)* E, afortunadamente, non tiveron tempo para facer todo o que tiñan planeado.

No día de hoxe, o galego segue crecendo. A vostedes non lles gustan esas cifras do IGE. É curioso: a parte que lle gusta, pregóaa; a que non lle gusta, manipúlaa. Pero a que é certo non lle vale absolutamente, sendo a mesma fonte. Realmente, é curioso. Polo tanto, escribe unha realidade que non é así. Voulle dicir unha cousa: os queren, os que queremos o galego —supoño que me recoñecerá tamén o dereito a querer a miña lingua propia—, pois eu alégrome de que o número de galegofalantes... Non, xa sei que non. Vostede non concibe que queiramos o galego a xente que non somos do BNG, pero isto é unha realidade. *(Aplausos.)* Esta é unha realidade que terá que meterse na cabeza canto antes.

E os galegofalantes medran, porque hai datos. E os que queremos o galego alegrámonos de que a nosa lingua sexa a que ten maiores índices de competencias de todas as cooficiais, do

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que me alegro tamén. E tamén nos alegramos de que a comprensión oral rolde o cen por cento e a escrita case un noventa por cento. E alegrámonos de que o informe PISA —que supoño que vostede entenderá que non é un informe do Partido Popular— diga que das comunidades que teñen linguas cooficiais aquí é onde os alumnos utilizan as dúas linguas cooficiais cunha maior soltura.

E as galegas e os galegos aos que nos gusta o bilingüismo cordial e amamos ese bilingüismo cordial, o que vemos no galego é unha enorme oportunidade, non para facer partidismo nin política, nin para separar entre bos e malos como fan vostedes. É unha oportunidade de conectar mellor coas nosas raíces; fundamental. É unha oportunidade de sentirnos orgullosos, francamente orgullosos polo mundo adiante do noso patrimonio cultural; para iso serve tamén unha lingua propia, señora Pontón, non para enfrontarnos todos os días. Unha oportunidade de conectar —vostede non falou diso— cun universo de case trescentos millóns de persoas lusofalantes. Polo tanto, iso abre oportunidades culturais, pero tamén socioeconómicas. Unha oportunidade de abrirnos ás novas tecnoloxías, como o proxecto Nós, do que lle falei antes. Xa sei que non lle dá importancia, pero é fundamental, é poñer máis galego nos campos que teñen máis potencial e máis futuro.

Hai unha cousa, señora Pontón —e vou rematando xa, señor presidente—: vostede escribiume unha carta hai uns días onde me poñía un montón de deberes, de seis folios, todo ese programa da investidura que vostede se montou e na que eu saín elixido presidente, aínda que pensa que non teño lexitimidade. *(Aplausos.)* Vostede poñíame alí un montón de deberes, das cousas que consideraba urxentes e que era necesario actuar canto antes. ¿Sabe cantas liñas— é bo que se saiba— lle dedicaba ao galego en seis páxinas? Cero. *(Aplausos.)*

¿Sabe por que creo que é iso? Porque vostedes seguen facendo oportunismo e, por un lado, pensan que non merece a pena. Este é un tema que lle tiña que plantexar ao presidente da Xunta nunha primeira reunión. Por certo, adianto xa, por suposto, que se vostedes mo piden, entendo que vostede neses deberes que me puxo me está pedindo tamén que a reciba, e fareino, e se o líder do Partido Socialista mo pide, por suposto que tamén o farei, é o meu deber, nese espírito institucional. Pero dicíalle que vostedes como consideran todo o que ten que ver co galego como un tema de oportunismo, un tema de confrontación...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): ...ao final —si vou rematando, señor presidente— preocúpalles pouco o futuro. Únanse ao consenso polo bilingüismo cordial, señora Pontón; únanse a non abafar o galego, senón a promocionalo para esas mil primaveras máis.

Dende logo, dígolle unha cousa: nós non queremos unha Galicia monolingüe, nin en galego nin en castelán. E non queremos —o que lle gustaría a vostedes, o que lles gustaría a outro extremo tamén— que non haxa ese bilingüismo cordial en Galicia. Queremos unha Galicia harmonicamente bilingüe, queremos unha Galicia naturalmente bilingüe e queremos unha Galicia orgullosamente bilingüe, téñao claro. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Téñao claro. E así imos seguir. E, mentres, si, o galego é a nosa lingua, e o castelán, inglés, francés, portugués e todo o que nos abra ao mundo, señora Pontón.

Esta é a Galicia aberta que non enfronta nin dá carnés de bos nin malos galegos. Galicia aberta e plural e orgullosa da súa lingua. Iso é o que defende este goberno. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo.

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Continuamos co punto cuarto da orde do día, proposicións non de lei.

Comezamos coa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e sete deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España para que restableza o réxime de excepcións vixente desde o ano 2015, que excluía da obriga de cotizar como autónomo aquelas persoas que teñan ingresos como titulares de explotacións agrarias cando non superen determinados limiares de renda e rendemento económico

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Señor presidente.

Señorías.

Probablemente, manter o Goberno máis amplo e máis caro da historia recente, o que preside Pedro Sánchez, o Executivo de coalición entre socialistas e Podemos, apoiado polo Bloque Nacionalista Galego, nada máis e nada menos que vinte e dous ministerios, cun custo que triplica o de gobernos anteriores ata os 172.000 millóns de euros no ano 2021, é un gasto disparado para dar soporte a todas as estruturas gobernamentais e a lexión de asesores.

Soportar esta armazón política desproporcionada, e máis nos tempos que corren, trae aparelladas as súas consecuencias. A primeira e a máis inmediata é a obsesión do Goberno por facer crecer a carga fiscal, é dicir, os impostos. Ata o de agora o que aconteceu é que a falta de dilixencia económica do Executivo estatal de coalición e os excesos do Goberno de España —insisto: o máis amplo e caro da nosa historia— os están a pagar dos seus petos as clases medias e as clases traballadoras. É dicir, un inferno fiscal que nada ten que ver co necesario impulso tralo máis duro da pandemia, pero si ten que ver e moito cunha concepción política da esquerda. A esquerda cre que o diñeiro público non é de ninguén; derrochalo en duplicar

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

estruturas e pagar favores políticos aos seus socios forma parte do ideario da esquerda no noso país. Pero ademais o slogan empregado por Sánchez amosouse como unha farsa, pois nin saímos máis fortes, hai empresas de familias que si se están quedando atrás sen alternativa e non pagan só os ricos. A suba das cotizacións aos autónomos aprobada ás agochadas en xaneiro, a subida do imposto de matriculación, do imposto de circulación, as novas tributacións sobre plásticos e residuos, a harmonización fiscal á alza ou iniciativas futuras xa avanzadas, como o establecemento de peaxes pola utilización de vías de transporte terrestre, fan tamén que paguen máis os que menos teñen. E os socialistas na Moncloa non só son incapaces de reducir os impostos, a pesar da recadación extraordinaria derivada da alza dos prezos, senón que ademais preparan novas subidas fiscais.

Tamén aproveitan a interpretación e reforma das leis para seguir recadando todo o que poden cunha avaricidade fiscal que chega agora ao agro galego. No punto de mira do Goberno están os chamados «agricultores esporádicos». Son aqueles que cultivan hortalizas, colleitan castañas, mazás ou vides, e fano a tempo parcial. Son aquelas persoas que teñen a agricultura como un ingreso complementario, que para nada é a súa actividade principal, aos que, coa lexislación vixente na man, o Goberno obriga a darse de alta como autónomos, segundo nos trasladan desde o propio sector. Xa se abriron varios expedientes a agricultores galegos para que se dean de alta. Ademais, o Estado obrígaos a que paguen con carácter retroactivo as cotas atrasadas de anteriores anos. Señorías, o Estado obriga a darse de alta incluso a aqueles que xa están cotizando por conta allea por teren outra actividade, e tamén a aqueles que xa teñen declarado os seus ingresos procedentes deses cultivos.

Isto non acontecía antes da reforma legal introducida no ano 2020 polo Goberno de Sánchez. A normativa anterior sobre Seguridade Social, no seu artigo 324, aprobado no ano 2015, sinalaba expresamente que estaban excluídos da obriga de cotización no sistema para traballadores por conta propia. A dita inclusión non se aplicaba ao chou, senón establecendo uns límites, ben en función da renda xerada pola devandita actividade ou polos rendementos obtidos da explotación. O establecemento dos devanditos límites facía imposible que moitos propietarios de explotacións pequenas e que tivesen outra actividade ou emprego non debesen cotizar pola súa actividade agraria, ao considerala de forma clara un complemento de renda.

Con todo, esta situación cambiou radicalmente sen ningún tipo de explicación lóxica, pois o Goberno do Partido Socialista e de Podemos ditaba unha medida que supón un golpe moi duro para miles de galegos; de xeito especial, para os titulares de explotacións familiares que teñen no agro un complemento da súa actividade. O Executivo de Pedro Sánchez decidiu asentar un duro golpe á economía de miles de familias dos nosos municipios rurais. En consecuencia, desde esa reforma, a lei obriga a que, por exemplo, un albanel, un enfermeiro ou unha mestra que ademais dispoñen dunha pequena explotación agraria, polo mero feito de teren a devandita propiedade e iren realizar algún labor nela, van ter que darse de alta e aboar mensualmente unha cotización que lles pode supoñer un gasto medio de máis de douscentos euros ao mes.

É certo que trala situación de inestabilidade e sorpresa xerada entre os afectados pola devandita decisión, o propio ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, don Luis Planas,

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

recoñeceu o erro e indicou que este réxime sería modificado a través dunha instrución, que no día de hoxe segue pendente e non se ten producido.

Remato, señorías, cunhas consideracións que non son interpretacións do Partido Popular, senón dos principais sindicatos e asociacións agrarias do noso país. «Se obrigamos a darse de alta como autónomos moita desa xente que ten uns rendementos moi baixos procedentes deste tipo de agricultura corremos o risco de que estas producións que lle están dando vida ao rural, que evitan incendios e o despoboamento e mais que xeran ingresos e que se declaran fiscalmente poidan desaparecer». Isto non o dicía o Partido Popular, isto dicíao e asegurábao un responsable de Unións Agrarias. «En Galicia este tipo de actividade agrícola ten unha importancia vital tanto a nivel social como económico no rural, son unha ferramenta para manter activo e vivo o rural, e non se está valorando como debía ser». Tampouco o dicía o Grupo Popular nin o Partido Popular; esta é unha afirmación feita desde o Sindicato Labrego Galego.

E por iso o Grupo Parlamentario Popular e o Partido Popular, en concordancia cos principais sindicatos agrarios galegos, reivindican a necesidade de reclamar ao Ministerio de Facenda e á Seguridade Social un tratamento adecuado para que esta agricultura poida manterse e evitar que o afán recadatorio do Goberno de Sánchez desincentive os pequenos produtores do rural. E precisamente iso é o que pedimos a través desta iniciativa.

Supoño que o Bloque Nacionalista Galego, que a pesar de defender o galego... Por iso, señor presidente, vostede e mais eu, que algunha vez falamos en castelán, pero que somos galegofalantes, e expreseime tamén en galego neste Parlamento, e levamos anos expresándonos en galego. É certo que cando eu cheguei a señora Pontón xa estaba, e ela tamén xa... *(Aplausos.)* ¡Eu xa levo uns anos! *(Aplausos.)*

Espero que vostedes apoien esta iniciativa porque non é algo que estea inventando nin o Partido Popular nin os sindicatos galegos, senón que é algo que antes do ano 2020 xa se viña facendo. E o que fixo con ese afán recadatorio o Goberno do Partido Socialista e de Podemos é obrigarlle a toda esta xente a darse de alta cun custo aproximadamente de máis de douscentos euros ao mes.

E coa que está chovendo, xa ven vostedes que ese afán recadatorio que ten este goberno —non me estraña: 172.000 millóns de euros de custo do Goberno no ano 2021—, pois claro que hai que recadar porque —como se di— non dá, e como se di: a manta dá o que dá.

Nada máis e moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro.

Eu non só o falo, ademais tamén penso en galego. *(Risos.)* Xa llo digo porque eu son arraiano, como ben sabe.

Polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra o señor Martín Seco.

O señor SECO GARCÍA: Moitas grazas, señor presidente.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Hoxe o Partido Popular trae esta iniciativa que insta a Xunta de Galicia para que se dirixa ao Goberno de España para que se restableza o réxime de excepcións vixente dende o ano 2015, que excluía da obriga de cotizar como autónomo aquelas persoas que tiñan ingresos como titulares de explotacións agrarias cando non superaran determinados limiares de renda e rendemento económico. Unha vez máis, o Partido Popular de Galicia, en vez de aportar solucións para un sector con problemas, señor Balseiro, trata de xerar incerteza e preocupación nos agricultores e gandeiros, no seu único interese de erosionar o Goberno de España, e todo a sabendas de que é unha problemática que non existe no sector e que só existe na súa cabeza, señor Balseiro. Ata as organizacións agrarias —non sei con quen fala vostede, eu falei onte coa máxima responsable destes temas de Unións Agrarias— non ven o problema. E iso que vostedes expoñen nesta iniciativa non está a afectar os nosos agricultores e gandeiros de Galicia.

Un Partido Popular de Galicia que foi incapaz dende o Goberno galego de axudar con fondos propios os sectores agrarios afectados pola crise do coronavirus, dedicando só o establecido pola Unión Europea nos fondos do PDR, é dicir, os fondos que son europeos. E o que é máis preocupante: no día de hoxe non puxo nin un só euro en axudas directas aos sectores agrarios trala crise internacional da suba de prezos, pese a telo prometido o expresidente da Xunta o 24 de marzo nunha rolda de prensa dada despois dun consello do goberno, na que pediu ao Goberno do Estado que puxese o mesmo que poñía a Unión Europea en axudas directas, que eran 65 millóns de euros; comprometéndose na dita rolda de prensa a que o Goberno galego, xunto co resto das comunidades autónomas, puxesen o mesmo entre todas o que poñía o Goberno do Estado. A realidade é que o Goberno de España puxo enriba da mesa máis do dobre do que puxo a Unión Europea, pero dous meses despois a Xunta de Galicia non puxo nin un só euro, cero euros. Estamos esperando a ver se ao novo presidente Rueda pode dicirlle o señor Balseiro de que faga algo por cumprir as promesas do seu goberno, ou segue na súa inacción absoluta ante as crises internacionais xeradas pola pandemia e tamén pola alza de prezos.

O Goberno do Estado aprobou un paquete de axudas duns trescentos sesenta millóns de euros para o sector agrario; destes, 169 millóns especificamente para o sector lácteo e 193 millóns, incluídos os 65 millóns de Europa, para o resto do sector agrario e gandeiro. Ademais, de beneficiarse da redución de 20 céntimos por libro de carburante, que supón para o sector uns setenta e oito millóns de euros. Este si é un tema de país, señor Balseiro. Iso si que lles preocupa aos gandeiros e agricultores da nosa terra.

Tampouco lle escoitamos nada ao Partido Popular sobre o PERTE agroalimentario aprobado polo Goberno, que mobilizará máis de mil millóns de euros, cun investimento extra doutros oitocentos millóns para a xestión da auga, co que se prevé un impacto na economía española de tres mil millóns de euros e a creación de dezaseis mil empregos netos.

Tampouco lle escoitamos nada da Orde do Ministerio de Facenda e Función Pública pola que se reducen para agricultores e gandeiros os índices de rendemento neto para o período impositivo 2021 no sistema de estimación obxectiva do IRPF. Esta redución de módulos súmase ao 20 % no rendemento neto aprobado polo Real decreto lei de medidas para paliar os efectos da seca. E estímase que o conxunto de todas estas reducións de módulos poida implicar unha

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

rebaixa da base impoñible da orde de mil noventa e tres millóns de euros, que beneficia novecentos mil agricultores e gandeiros que de todo o estado elixen o sistema de módulos.

O conxunto de todas estas medidas pode supoñer para Galicia unha redución de base impoñible estimada de trinta e un millóns de euros; uns once millóns correspóndense coas reducións de índice das actividades agrarias, mentres que os outros vinte millóns serían pola redución extra do 20 % do rendemento para facer fronte á seca. E sabemos que algo máis de cincuenta e cinco mil agricultores e gandeiros galegos se acolleron en 2019 ao réxime de estimación obxectiva agraria. Seguramente que este diñeiro, señor Balseiro, non é para engrosar as arcas dese goberno que cobra tanto.

Pero isto non é importante para o Partido Popular de Galicia, o importante para o señor Balseiro e o seu Partido é xerar un conflito ficticio sobre un tema no que afirma na súa iniciativa literalmente que «leva non poucas denuncias da Inspección de Traballo e que non poucos cidadáns se enfrontan a cuantiosas multas por traballar nas súas explotacións agrarias sen estaren dados de alta no réxime de traballador autónomo agrario». Eu rétoo a vostede aquí, ao voceiro do Partido Popular neste tema, a que me diga dun só caso dun agricultor ou gandeiro galego que percibindo pola súa actividade agraria menos do salario mínimo interprofesional anual recibise algunha denuncia por este motivo. Rétoo a que o faga. Porque saben que non é así, que en ningún caso o Ministerio de Seguridade Social está denunciando ou sancionando a estes afectados, porque cando se lles consulta se teñen ingresos por debaixo do dito salario mínimo, dende o Ministerio non se lles pon absolutamente ningún problema.

Se vostedes actuasen con honestidade e lealdade institucional, podemos coincidir en que a publicación do Real decreto 15/2020 xerou unha confusión que o propio ministro de Agricultura recoñeceu. Unha modificación no sistema especial para traballadores agrarios por conta propia para reforzar e impulsar este sistema, prescindindo daqueles requisitos vinculados ás rendas de traballo. Unha supresión que facilitaba o acceso ás garantías sociais dos pequenos agricultores e dálles seguridade xurídica, pois determina claramente quen é un pequeno agricultor, xa que ao reducirse drasticamente moitas producións, as menores rendas agrarias facían inviable a permanencia neste sistema de moitos agricultores. Era unha reivindicación tamén dos sindicatos agrarios galegos, señor Balseiro.

É certo que este real decreto eliminou o criterio de ingresos agrarios que determinaba cando unha persoa tiña que cotizar como autónomo, cando antes tiñan que darse de alta obrigatoriamente os que percibiran pola venda das súas producións máis do cincuenta por cento dos seus ingresos. E provocou unha preocupación nos agricultores e gandeiros a tempo parcial, sobre todo en Andalucía e Levante —non aquí, señor Balseiro—, que pensaban que terían que cotizar obrigatoriamente. E o ministro —como vostede dicía— comprometeuse a elaborar unha instrución aclaratoria para que se corrixise que só fose obrigatorio cotizar para aqueles que percibisen anualmente máis do salario mínimo interprofesional.

A realidade é que nos requisitos que se exixen para quedar incluídos no sistema de traballadores agrarios por conta propia, que forma parte do réxime especial de traballadores autónomos, ou autónomos deben reunirse os esenciais de inclusión no réxime especial; é dicir,

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ser maior de idade, realizar actividade de forma habitual, persoal, directa, por conta propia e fóra do ámbito de dirección e organización doutra persoa e a título lucrativo.

Nese sentido, e tal e como vén interpretando a xurisprudencia, a obtención de ingresos por debaixo do salario mínimo interprofesional anual é un elemento de proba da falta de habitualidade, o que determina a exclusión do ámbito de aplicación do sistema. Un elemento que debe de ser valorado en cada caso concreto para determinar en cada suposto se concorren ou non as circunstancias que determinan a obrigatoriedade da alta no sistema de traballador autónomo agrario. É dicir, para que se proceda á dita inclusión como obrigatoria será preciso que os titulares de explotacións agrarias realicen nelas labores agrarios de forma persoal, directa e a título lucrativo, coa exclusión da mera actividade agraria dirixida ao autoconsumo.

Vou ler unha consulta que lle fai ao Ministerio de Seguridade Social unha traballadora que xunto co seu marido ten constituída unha sociedade civil para o exercicio dunha actividade económica, na que se indica que o negocio vai mal e que se vai disolver a sociedade, pero a interesada vai quedar cunha parte do negocio, pola cal factura 500 euros ao mes. Exponse que cos devanditos ingresos debe pagar unha cota á Seguridade Social de 250 euros mensuais e que con iso se ve abocada á extrema pobreza. Polo que consulta se nesta situación está obrigada a causar alta no réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos. Un caso que o propio ministerio titula como «*Obligatoriedad de alta en el régimen especial de trabajadores por cuenta propia o autónomos cuando los ingresos obtenidos por la actividad son inferiores al salario mínimo interprofesional*». Un caso análogo ao que se plantexa cun agricultor ou gandeiro que obteña menos do salario mínimo interprofesional para ser incluído no SETA. E como di no propio informe o Ministerio: «*Para que un trabajador deba integrarse en el régimen especial de trabajadores por cuenta propia o autónomos se exige que la actividad realizada se efectúe de forma habitual y con carácter lucrativo. Es decir, debe tener una entidad suficiente por el tiempo de dedicación al trabajo y los ingresos de ella obtenidos, de forma que los trabajos con escasa dedicación y bajo rendimiento se consideran actividades marginales excluidas del referido régimen*».

E fai referencia a distintas sentenzas do Tribunal Supremo, entre outras a do 29 de outubro do ano 1997, onde se recolle que «o criterio do montante da retribución é apto para apreciar o requisito de habitualidade». Ou a sentenza do Tribunal Supremo do 20 de marzo de 2007 respecto dun suposto traballador vendedor ambulante en alta no réxime que ve reducidos os seus ingresos a cantidades inferiores ao 75 % do salario mínimo interprofesional e solicita a baixa por esta circunstancia no sinalado réxime. A referida sentenza colle as consideracións da aludida sentenza da que falaba antes, do ano 1997, para fallar a procedencia de baixa dicindo «O lóxico é concluír que o devandito individuo non debe entenderse comprendido nos preceptos citados ao comezo dese fundamento de dereito, ao non apreciar nel a concorrencia do requisito de habitualidade na actividade desempeñada».

Polo dito, dende o noso grupo imos votar a favor desta iniciativa porque estamos de acordo no fondo da cuestión, pero non existe o problema para os agricultores e gandeiros que perciben menos do salario mínimo interprofesional ao ano, como dixo o ministro, nin existen denuncias, nin existen sancións. E volvo repetirlles que se é certo o que din na iniciativa que dixo vostede aquí, fagan pública aquí algunha sanción por este motivo a un agricultor ou gandeiro galego.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nada máis. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor Seco.

Polo Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Rivas Cruz.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, presidenta.

Bos días a todos e a todas.

Resulta cando menos chocante o feito de que a necesidade que ten agora o PP de erosionar o Goberno do Estado conduce a ir recoñecendo as eivas do noso medio rural. Non se deben esas eivas ás súas políticas, non, débense a casualidades e leis que sempre fan outros. Porque vostedes, partido do Goberno autonómico, que non autónomo, con esta PNL están recoñecendo que en Galicia abundan os agricultores e as gandeiras a tempo parcial, os autónomos duplos ou triplos, porque converteron a actividade agrogandeira nun feito residual, decadente en moitas zonas abandonadas da nosa xeografía, e nas non abandonadas tamén.

Absentistas e traballadores directos da terra, velaí o problema con toda a súa crueza, que vostedes non entran nel. E certamente que o tema que nos ocupa resulta grave polas consecuencias que pode carrear se os ceos non o impiden.

De sempre, goberne quen goberne, os gobernos do Estado téñennos afeitos a disparates como este, que son resultado de políticas de despacho e descoñecemento da realidade do noso país. Sempre no caso que contemplen tales medidas algunha realidade.

O Partido Popular nega sempre que no noso rural exista unha situación de «apáñate como poidas», que obriga a pouca xente que queda a ir compaxinando traballos e actividades varias co de sempre, a actividade agrogandeira. O simple feito de ter un cocho de ceba ou dúas ovellas para limpar os arredores da casa e conseguir unha miga de esterco para as patacas de autoconsumo obriga a ter un CEA, e xa estamos como titulares dunha explotación, que no caso do cocho pode figurar ata como intensiva. ¡Mira ti que barbaridade e que estatísticas poden saír despois! Porque nas ansias de regulamentalo todo, de escribilo en papel de lei, que logo case sempre ninguén cumpre por ser de difícil cumprimento, leva o usuario, o agochado habitante do rural, a que a súa leira de patacas sexa considerada un latifundio agroindustrial ou as súas ovellas mascotas cando son autoconsumo puro e duro. Un auténtico dislate ao que por desgraza estamos acostumados. ¿Lexítimo? Iso si, pero deturpado, converténdoo nun contribuínte que a modo de rei Borbón agocha esas cativas comisións fraudulentas a todas luces.

E agora vén hoxe aquí o señor deputado do PP a nos lembrar a desprotección das pequenas explotacións agrarias ou gandeiras ou mixtas deste noso país. E leva razón. A tal medida do Goberno do Estado á que alude é un despropósito máis que vai conducir ao aburrimento e desconsideración aos que aínda vivimos no rural e temos algo de vida nel, como lle dicimos en román paladino. Pero non menciona o señor deputado que á raíz da covid-19 e as súas consecuencias, cando o Goberno da Xunta sacou aquela orde de axudas no 2020 para a gan-

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dería de carne, excluíu as explotacións de menos de dez vacas nutrices. Esas non contaban. Non, non son nada.

E aquí o Goberno próximo tiña o deber de coñecer a realidade, de saber que son esas pequenas explotacións as que están incardinadas directamente co territorio e que establecen unha xestión directa que non é residual, como pretende nas súas políticas o PP, e si unha realidade de pura sobrevivencia, ademais dunha necesidade para os máis das xentes que seguimos tendo a coraxe de habitar as nosas aldeas.

Saben, señorías, de momento moitas das xentes que paramos pola aldea seguimos levando no torrente sanguíneo unha miga de leite, pataca e herba, e non nos damos subtraído do complemento das galiñas, vaca, porco, horta, pementos, tomates, allos, cebola, pirixel. ¿Que queren que lles diga? E xa vén con todos os despachos e xentes estudadas en contra, con chips obrigatorios, crotais, declaracións anuais, saneamento, recolla de animais mortos, carnés de manipuladores de alimentos, carné de fitosanitario, ITV da anticuada maquinaria deses que somos a tempo parcial... ¡Eu que sei cantos papeis e cantas cousas!

Que digo eu que si, que está ben organizalo todo segundo os tempos modernos. Pero ¿e a outra modernidade?, ¿a dos prezos dignos á produción?, ¿a da superficie agraria útil e a necesidade de mobilidade de terras?, ¿a da atención primaria?, ¿a das garderías?, ¿a da cobertura de internet?, ¿a do bacharelato próximo e gratuíto?, ¿a das residencias?, ¿a dos servizos bancarios?, ¿a do transporte público? ¿De todo iso sábese algo? Porque vai haber que ir pensando en darlles unha volta a estas cousas, tomarse o rural en serio e poñerlle un algo de remedio. Esperaremos un par de aniños e xa veremos.

Que si, que imos votar a favor, porque nos parece iso que xa lle dixen: unha outra estupidez froito do descoñecemento da realidade. Mais tamén son horas, señor Balseiro, de lle poñer as pilas e mirar polo máis urxente: soberanía alimentaria. O sustento de todo o país que se prece, producir en proximidade, recoñecer a existencia efectiva dunhas xentes que practicamos a actividade agraria a tempo parcial, non só con loas fáciles e oportunistas e si con medidas que, ademais de facilitaren a vida da xente do rural, apoien e promocionen as pequenas e medianas explotacións.

¿Sabe que son os centros comarcais ou espazos colaborativos? Eses onde se pode envasar ao vacío, facer unha marmelada, castrar o mel, preparar pratos cociñados, verduras. ¿Sabe o que son salas de despece, matadoiros próximos para que os agricultores e as gandeiras poidan vivir e dar vida?

Pois iso, si, tirón de orellas ao Goberno central por esa nova estupidez feita decreto. Pero miren no propio ollo se teñen arguizas semellantes ás que ven nos ollos alleos. Desde o BNG cremos que si, que teñen un palleiro en cada ollo. Mírense pois ao espello e actúen en consecuencia polo noso ben, o de todas, ese que tan pouco lles interesa.

Por certo, coñecín o bilingüismo cordial, señorías, cando fun á escola, no instituto e na carreira, na ollada despectiva dos que xa daquela tiñan o poder social, vostedes, a dereita, daquela fascista. Logo vivimos na persecución xa en democracia por dar escola en galego.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Vivino na ollada de milleiros de nenos e nenas mancados no seu dereito básico: falar a lingua que a diversidade humana lles tiña outorgado. Bilingüismo harmónico, represión lingüística, harmonía xenocida. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señor Rivas.

Como autor da proposición non de lei ten a palabra o señor Balseiro Orol.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señora presidenta.

En primeiro lugar, a iniciativa non debía ser tan mala porque vostedes dixeron que a ían apoiar, polo cal é de agradecer que a apoien e que recoñezan que existe o erro. Polo cal, desde o grupo maioritario desta Cámara, moitas grazas por apoiar unha iniciativa que é xusta para o rural de Galicia, que é xusta para ese rural que sempre defendeu o Partido Popular, que somos o partido que máis se parece a Galicia e que máis se parece aos galegos.

Pero dito isto, si que lle teño que facer algunha aclaración ao señor Seco. Porque dixo o señor Seco con quen falabamos nosoutros, e que iso non preocupaba a ninguén. ¡Home!, se non lle preocupa a ninguén non sei para que o apoian. ¿Nós con quen falamos? Coa xente, con moita máis xente que falan vostedes. De feito, demóstrano elección tras elección que no Partido Popular falamos con moita máis xente que fala o Partido Socialista ou que fala o Bloque Nacionalista Galego. *(Aplausos.)* Iso calquera galego debérao entender.

¿Pero que pretende o Partido Socialista?, ¿que os agricultores esporádicos teñan que ir á xustiza para evitar que os sancionen por non darse de alta na Seguridade Social? ¿Por que non recuperan o réxime de excepcións que existía na lexislación anterior? Que foron vostedes os que a cambiaron, non a cambiou o Partido Popular, nin a cambiaron os agricultores esporádicos; cambiouna o Partido Socialista e Podemos. Cambiárona vostedes. ¿Por que non reforman a lei? ¿Pretende xudicializar a actividade dos pequenos produtores co custo que iso representaría? ¿Por que dixo o ministro que ía publicar unha instrución aclaratoria e aínda non o fixeron? O señor ministro recoñeceu o erro.

Vostede di con quen falamos nosoutros. ¡Home!, non sería moi normal, aínda que si, que un deputado do Partido Popular falara co ministro ou co ministerio. Pero vostede, ademais vostede é dos críticos dentro do Partido Socialista, ¡que menos que falar co ministro antes de chegar á tribuna do Parlamento e informarse! *(Aplausos.)*

¿Por que están preocupados os sindicatos agrarios? Dixo vostede que con quen falaramos. Pois «En Galicia este tipo de actividade agrícola» —parece que non o entendeu da primeira volta pero voullo repetir na segunda— «ten unha importancia vital tanto no nivel social como económico no rural. Son unha ferramenta para manter activo e vivo o rural, e non se está valorando como debera ser». Isto dio o Sindicato Labrego Galego.

Pero se non lle vale isto, di que poñamos un só caso. Pois voullo poñer, porque xa sabía que ía saír vostede por aí, e eu tamén xa viña preparado. *(Risos.)* Mire: concretamente un caso recente en Cambados. ¿Sóalle Cambados? Sóalle. Aos do Bloque si, que os do Bloque como

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

venden carnés de galego iso sóalles. *(Murmurios.)* Tramitouse... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ...un expediente polo Ministerio de Traballo que obrigou a darse de alta como autónomo, tras detectar a Axencia Tributaria uns ingresos procedentes da agricultura, a un mozo que se encargaba do seu viñedo familiar, para sufragar os custos dos seus estudos. E os ingresos non superaban os tres mil euros.

Pero non é así, tal e como está a normativa vixente. A normativa vixente non son os tres mil euros. Por ter un euro de ingreso da actividade agraria ten que cotizar como autónomo, señorías. Cambien vostedes a lei e vólvana onde estaba antes de que vostedes a cambiaran, porque é inadmisible que o Goberno de España meta no mesmo saco a todos por igual. Non ten lóxica ningunha porque se trata de persoas cuxas explotacións non lles dá para vivir ao cen por cento, senón que lles serven de complemento. É dicir, que é unha aberración, señores do Partido Socialista e señores do Bloque Nacionalista Galego; é unha aberración sen precedentes. E, se non se modifica, pode ter unhas consecuencias tan graves como que esa parte do sector, que pola súa pequena división non pode sustentar unha cotización tan elevada, sufra un gasto extra de aproximadamente tres mil euros ao ano.

Eu o único que lles pido a vostedes é que aprendan do Goberno de Galicia. Vostedes ao rural de Galicia, que parece ser que son os defensores do rural de Galicia, métenlle máis impostos. E o Goberno de Galicia, dende hai anos, impostos cero no rural. *(Murmurios.)* Esa é a pequena diferenza de que goberne a dereita, como din vostedes, a que goberne a esquerda. Vostedes, máis impostos, para pagar ese supergoberno que teñen, o máis caro da historia, 172.000 millóns de euros —non me vou cansar de dicilo— de custo no ano 2021, ¡172.000 millóns de euros! ¡Miren cantas autovías se farían, cantas estradas se farían, cantos camiños se alquitrarían no rural, cantas necesidades no rural de Galicia e no rural de España con eses 172.000 millóns de euros! *(Aplausos.)* E vostedes tan contentos. Vostedes parece que están contentos porque rin. ¿A vostedes isto tenlles graza? ¿Tenlles graza, nunha das crises máis importantes que estamos a sufrir en España, que haxa un Goberno que gasta no seu goberno 172.000 millóns de euros no ano 2021?, ¿a vostedes tenlles graza?

Pero, bueno, nós xa sabemos que a vostedes...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BALSEIRO OROL: ...lles gusta derrochar, porque o mesmo que están demostrando en España xa o demostraron tamén en Galicia *(Aplausos.)* durante os anos 2005-2009. ¿Acórdanse cando levaban as neveiras nos coches oficiais?, ¿acórdanse cando reformaron os despachos?, ¿acórdanse cando compraron as sillas e todo o mobiliario?, ¿acórdanse?

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor BALSEIRO OROL: ¿Acórdanse cando montaron as cociñas nas consellerías?

O señor PRESIDENTE: Remate, señor Balseiro. ¡Tranquilo, señor Balseiro! Remate.

O señor BALSEIRO OROL: ¿Acórdanse vostedes? Xa nos coñecemos.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do señor Lourenzo Sobral.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Ana Pontón Mondelo e dezaoito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da necesidade de atender a saúde mental no ámbito educativo

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei formulouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Noelia Otero Lago, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débese substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Reforzar e garantir o persoal técnico e profesional para atender ao alumnado con necesidades específicas e especiais tendo en conta o aumento das necesidades.

2. Desenvolver medidas organizativas de cara ao curso 22/23 que posibiliten ao profesorado dar a atención que este alumnado precisa. Reforzar cadros de persoal, cubrir baixas laborais con prontitude, axustar rateos por aula e coordinar ás distintas institucións para atender estas necesidades máis alá das estritamente educativas.»)

O señor PRESIDENTE: Para a defensa da proposición non de lei ten a palabra o señor Lourenzo Sobral.

O señor LOURENZO SOBRAL: Grazas, presidente.

Lembrábame o outro día namentres preparaba un artigo para o *Diario de Pontevedra*, precisamente tamén sobre a saúde mental no ámbito da mocidade, no ámbito educativo, do filme de Michael Moore, do ano 2002, *Bowling for Columbine*. Nunha desas entrevistas que había no documental, Michael Moore preguntaba a Marilyn Manson que lles diría se tivera alí os rapaces de Columbine. E Manson respondía: non lles diría nin unha soa palabra, escoitaría o que teñen que dicir, que é xusto o que ninguén fixo por eles.

Lembrábame disto o outro día. Tristemente hoxe, que todos nos erguemos esta mañá cunha nova traxedia, tan brutal e dramática, mesmo máis se cadra que a de Columbine, en Uvalde,

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

en Texas. Eu creo que sobre isto cómpren sempre e hoxe cando menos dúas reflexións. A primeira é que ou somos quen de poñer os problemas de saúde mental da mocidade, problemas como o acoso escolar, no centro do debate, ou traxedias deste tipo e outras que sen teren esa dimensión vivimos cada día nas nosas aulas se cronifican na sociedade.

E a segunda das reflexións é que en moitas ocasións percibimos estas realidades como arredadas, como impropias, como que non son de afectación directa a unha sociedade como a nosa. Mais o certo é que ao pouco que botemos man da hemeroteca do último mes, non quero ir máis para alá, máis sobre todo a pouco que vaiamos aos datos que nos están poñendo enriba da mesa organismos como o INE, como a fundación ANAR, etc., eu creo que hai reflexións que son obrigadas, reflexións que parten daquilo que dicía Manson: escoitar, escoitar a mocidade, escoitar os sinais que nos están a emitir cada día. Mais, moito máis alá de escoitar, creo que tamén é de obrigado deber para nós actuar e acordar.

E fixémonos, porque algúns dos indicadores que se están a poñer enriba das mesa eu creo que son para que fagan saltar todas as alarmas, e moitos deles non son novos xa. No primeiro ano de pandemia, no Estado español, catorce nenos e trescentos mozos faleceron por suicidio no Estado español, o dobre que no ano anterior. Se imos ao caso galego, no noso país temos a segunda taxa de suicidios máis alta do Estado español, só por detrás de Asturias.

O número de intentos de suicidio e autolesións entre adolescentes e crianzas —estamos falando incluso de menores de oito anos— no noso país duplicouse dende o ano 2020; en dous anos o dobre. Somos a segunda comunidade do Estado e das máis altas de Europa que máis antidepresivos dispensa a menores de idade. E no ano pasado, 2.893 crianzas galegas, case tres mil nenos e nenas deste país, empregaron o teléfono da fundación ANAR para asuntos relacionados coa saúde mental e de accións suicidas e cuestións de acoso.

O que queremos dicir con todos estes sinais, con todos estes datos, é que ou poñemos o acento, poñemos o foco e empezamos a acadar acordos entre todas e todos sobre esta realidade, ou entón poucas cuestións poden xustificar con máis intensidade que nós esteamos aquí e para que estamos aquí.

Polo tanto, eu convido a unha reflexión conxunta e en aras de acadar acordos para dar resposta a tres cuestións fundamentais:

A primeira, ¿este é un problema que se poida resolver exclusivamente dende o ámbito educativo? Nós estamos convencidos de que non.

Segunda cuestión, ¿este é un problema ao que tamén temos obriga de dar resposta dende o ámbito educativo? Nós estamos convencidos de que si.

E a terceira das cuestións, que é a que pretendemos que centre este debate, ¿está a Administración educativa á altura do problema, que todos os organismos están a evidenciar a partir dos datos, temos no noso sistema? Falaba hai escasos días cunha compañeira, cunha orientadora dun centro que me resulta próximo, dunha vila media do noso país, e trasladábame —así o vou dicir abertamente; desculpe, presidente—: Manu, estamos acojonados e

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

acojonadas no centro. Somos un centro de catrocentos alumnos e temos aberto once protocolos de suicidio. E isto que pode parecer unha anomalía ou unha barbaridade exclusiva dun centro, a pouco que preguntemos polos centros deste país, veremos como é unha realidade que se vai aparecendo de maneira alarmantemente sorpresiva tamén.

Polo tanto, eu creo que o que temos que poñer enriba da mesa é se as ferramentas que temos están a funcionar, se son efectivas e se dende a administración estamos á altura do problema que temos enriba da mesa. E analicemos algunhas destas ferramentas:

A Estratexia galega de convivencia escolar —a primeira que tiñamos— era para os anos 2015-2020; dous anos despois de caducada esta estratexia segue parada. O 14 de abril do ano 2021, o conselleiro de Educación anuncia nesta mesma tribuna a estratexia 2021-2025. Estamos en maio do ano 2022, e non temos nin unha soa liña publicada da estratexia convivencia de 2021-2025. E xa non é iso, xa non é que non haxa nin unha soa liña publicada, é que nin sequera podemos ler a avaliación da Estratexia de convivencia escolar 2015-2020.

O Plan de benestar emocional foi publicado en febreiro do ano 2021. Non imos entrar en se foi demasiado tarde ou non, pois iso debemos superalo. Mais o que se está a denunciar por toda a comunidade educativa, o que se está a evidenciar é que é un documento inflado de burocracia absolutamente absurda. Non sei se coñecen o documento, mais en calquera centro que se traslada é un documento de imposíbel aplicación. ¿Por que? ¿Cal é a dotación orzamentaria que ten o Plan de benestar emocional? Dígollelo eu: cero euros. ¿Cales son os recursos que leva aparellado o Plan de benestar emocional no sistema educativo? Dígollelo eu tamén: cero euros.

Eu quedo cunha cuestión, cunha reflexión que dicía o señor Rodeiro onte, que eu creo que está ben, porque entendo que vai ser quen defenda a súa postura, que dicía literalmente —tomeino da súa intervención, señor Rodeiro—: hai consensos nos centros de que o profesorado do propio centro é quen mellor pode cubrir as baixas, porque son os que mellor coñecen as programacións. Eu teño que dicir que me saltaron todas as alarmas, señor Rodeiro. E o que pido é que se vostede é iso o que opina, que suba aquí a esta tribuna e que lles diga aos profesores dos centros que atendan as baixas, que atendan a burocracia que teñen que atender, que dean as súas aulas e que á súa vez garantan que os once protocolos de suicidio que temos abertos nos centros poidan saír adiante. *(Aplausos.)*

Poderiamos seguir. Protocolo de acoso escolar. Hai dous anos que está anunciado, nin unha soa liña tampouco. Pero en decembro deste ano 2021, o Goberno do Estado, na Conferencia Sectorial da Infancia, chegaba a un acordo coas comunidades autónomas para estabelecer unha serie de medidas para paliar a situación que temos enriba da mesa co acoso escolar, *ergo*, coa saúde mental. Entón, aquí nestas medidas que se poñían había recomendacións mínimas, como garantir a atención integral ás vítimas, catálogo de accións, protocolos. Ben, a adaptación era xaneiro e abril do 2022. A única noticia que temos disto é a nota de prensa da TVG. E en maio do ano 2022 non sabemos absolutamente nada.

E dicía o outro día, nunha pregunta en comisión, o señor Mira Lema a respecto da importancia de implementar medidas, medidas que tivemos, como exemplo, o Plan do ensino vir-

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tual, e ridiculizaba dalgún xeito isto como sinalando: ¿que ten que ver o Plan do ensino virtual coa saúde mental do estudantado? Eu, que xa non tiña réplica, o que pensaba naquel momento é: claro, é que dende os despachos de San Caetano probabelmente non se perciba o que é ter un alumno Asperger, que ten que ir para casa sen ningún tipo de comunicación, sen ningún tipo de ferramenta para ser atendido, sen ningún tipo de recursos; o nivel de frustración e de problema de saúde mental que ten ese alumno. Agora pódolles dicir unhas cousas, señores do Partido Popular: a familia e o profesorado vaia se sabemos que iso afecta a saúde mental, e por iso queremos que se implementen medidas. *(Aplausos.)*

E o mesmo acontece coa demanda que están a trasladar os centros a respecto das solucións que se poden poñer enriba da mesa verbo da atención psiquiátrica. Temos —sinalábao antes— máis de vinte mil menores tratados con psicofármacos. É como se tiveramos toda a vila do conselleiro de Educación, Lalín, tratada con psicofármacos neste país.

O que nos preguntamos é: ¿ten capacidade o sistema sanitario de atender esta demanda que o sistema educativo está a dicir que existe, que temos enriba da mesa? O que nos din profesionais da atención psiquiátrica é que ou pagas ou agardas. Isto fíxese que é o que dicía José Eduardo Rodríguez, un médico da Unidade de Prevención do Suicidio, a respecto de cuestións coa mocidade de saúde mental, e dicía: ou chégannos casos graves ou moi graves. Isto é: ou ben xa o verbalizaron de maneira consistente, ou xa intentaron suicidarse en varias ocasións.

Cómpren medidas transversais e cómpren medidas sectoriais. Isto é o que está a dicir toda a comunidade científica, toda a comunidade educativa e toda a comunidade médica. E eu creo que nós como representantes deste pobo, como representantes da mocidade, e neste caso falando de ensino, temos a obriga de estar á altura destes sinais que nos está a trasladar a mocidade, desta situación absolutamente dramática que se está a vivir após unha pandemia.

E, dende logo, creo que desta man tendida en aras de acadar un acordo, que debemos facelo, porque é a nosa obriga moral, pero sobre todo para que en casos que puideramos ter evitado nunca teñamos que preguntarnos nunca máis ante un caso de suicidio que poidamos prever: ¿que lle dirías se estivera aquí?

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lourenzo Sobral.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Noelia Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Moi bo día a todas e a todos.

Ben, nós tamén compartimos a preocupación, a exposición de motivos e os indicadores, a realidade e a radiografía que nos achegaba o voceiro do grupo propoñente. É absolutamente indiscutible arredor desas cifras sobre a problemática e a incidencia de enfermidades, pro-

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

blemas de saúde mental, na nosa mocidade e na infancia, e ademais, efectivamente, cada vez a idades máis temperás.

Por outra banda, tamén nós salientabamos onte neste Parlamento ese grito de auxilio que están a trasladar os distintos centros de ensino público no noso país arredor do aumento tamén do alumnado —e este curso especialmente— con necesidades específicas especiais. Nesa liña este grupo parlamentario ten presentado distintas iniciativas nas que se pedía precisamente que se reforcen os departamentos de orientación nos centros de ensino.

A nosa emenda vai nese sentido e queremos xustificar por que. Porque pensamos que arredor dun asunto tan sensible, tan delicado e tan preocupante na idoneidade de afinar. E trasladaba precisamente unha pregunta que compartimos: ¿é dende o ámbito educativo onde temos que dar resposta a esta situación arredor da saúde mental? E respondía vostede, señor Sobral, dicindo que non, pero que tamén hai que actuar. E nós compartímolo.

Pero queriamos situar que, á marxe das actuacións no ámbito educativo, pensamos que se falamos nunha iniciativa de saúde mental, nós non podemos deixar de exixir e de poñer o foco onde pensamos que hai que poñelo, que é a nivel sanitario onde temos que reclamar fundamentalmente á Xunta de Galicia, *(Aplausos.)* unha vez máis, que poña os medios axeitados para dar resposta a este problema. Non se debe perder de vista que fundamental e principalmente, partindo desa base, é no ámbito da sanidade pública onde necesitamos os recursos e un mellor modelo ante as eivas indiscutibles e evidentes que presenta na actualidade. Porque non podemos esquecer que Galicia se sitúa no podio das comunidades autónomas con esa peor ratio de profesionais dende hai anos en todas as categorías de saúde mental. E como temos salientado desde este grupo parlamentario, por parte do noso voceiro o señor Torrado, denunciando os incumprimentos dos acordos parlamentarios arredor do modelo, dos recursos, para avanzar no feble das políticas da Consellería de Sanidade e da Xunta de Galicia en materia de saúde mental.

Nós pensamos que esa é a base por onde hai que comezar a atacar o problema. Somos unha das comunidades con maior consumo de psicofármacos, con esas taxas á cabeza estatal en índice de suicidios e cun incremento deses casos diagnosticados en adolescencia e na infancia.

Ademais, seguimos atopándonos con algo tan básico como esa barreira, ese muro de formigón armado que supón a falta de accesibilidade, se falamos de saúde mental, no sistema sanitario. Máis alá, polo tanto, do ámbito educativo, que si cómpre reforzar, porque aí estanse a detectar e estanse a padecer moitos deses problemas e destes indicadores desta radiografía da que estamos falando hoxe. Pero, por desgraza, lembramos que para calquera galega e galego, moza-mozo, neno-nena, adulto ou non, a saúde mental hoxe en día aquí na nosa comunidade non é un dereito real. E se non hai acceso a unha psicóloga ou a un psicólogo polo modelo ou o sistema que manteñen dende o Partido Popular, a pesar das e dos grandes profesionais que temos, con esas insoportables esperas e esa falta de recursos, é aí onde hai que se poñer a traballar —insistimos— con urxencia.

Pensamos que cada debate arredor da saúde mental é construtivo e necesario. Nos últimos tempos nese senso temos avanzado moitísimo en canto á visibilidade da magnitude social

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

deste problema e a eliminación tamén dos estigmas das persoas que padecen unha enfermidade mental, da posibilidade que temos todos de padecela ou que a padecemos nalgúns momentos. E toda a chamada de atención, todo ese debate pensamos que é necesario e positivo.

Pero hai un problema evidente, que é que non se están a procurar solucións. Velaí están eses datos nos que non temos por que abondar e insistir, pero son certamente preocupantes, sobre todo en canto ás idades. E nós por iso introducimos hoxe esa necesidade de non perder de vista onde urxe actuar e poñer recursos sen máis dilación, que é na sanidade pública.

Compartimos tamén que o problema global é sanitario, é social e é educativo, co incremento de casos de trastornos de alimentación, de ansiedade, depresións, condutas autolesivas na infancia e adolescencia, agudizado e disparado ademais desde o comezo da pandemia. Atopamos ademais problemas de comportamento, adicións a substancias, á internet, que ante a falla de respostas e atención e prevención na sanidade pública aflora nas escolas. E compartimos que os centros de ensino público precisan dunha mellor resposta e atención a este alumnado e con recursos, e sen recursos e con recortes non poden facelo.

Non se garante tampouco unha educación inclusiva nin de calidade. E onte mesmo insistimos e, por exemplo, o Partido Popular votaba en contra da moción que presentaba este grupo parlamentario sobre a necesidade de seguir cubrindo as baixas dos docentes sempre que sexan inferiores aos dez días; non agardar, non deixar as aulas con esta situación tan difícil da que estamos a falar e que trasladan aos centros, pois aulas enteiras sen profesor substituto ata quince días.

Polo tanto, neste contexto tan delicado como o que estamos a relatar hai que dar respostas de xeito transversal pero —insistimos— sen perder o foco. Precisamos que a Consellería de Educación reforce os departamentos de orientación, que planifique cos centros de cara ao vindeiro curso para dar unha resposta axeitada e de calidade a ese alumnado, que non deixou de aumentar, con necesidades específicas especiais. E precisamos que exista ademais unha boa coordinación coa sanidade pública, que é a que debe dar no caso dos problemas de saúde mental unha resposta áxil e eficaz, contando para iso con dispositivos hospitalarios e ambulatorios e espazos específicos para nenas e nenos.

Temos que enfocar, se falamos de saúde mental, a situación de xeito transversal, pero con protagonismo nunha perspectiva sanitaria e, adicionalmente, ademais de educativa, tamén social. Dende ese punto de vista, este grupo parlamentario —tamén a través da nosa voceira, a señora Ortega— trouxo a este Parlamento hai pouco a urxencia de introducir tamén na axenda política e no debate o impacto, por exemplo, negativo das tecnoloxías na infancia e nos distintos tipos de trastorno. As novas tecnoloxías reportan moitos beneficios, é un grande avance para a nosa sociedade, indiscutiblemente, pero a evidencia estanos a advertir tamén de que existe outra cara da moeda, que son esas consecuencias negativas do uso problemático da tecnoloxía: sedentarismo, adición, cambios condutuais, impacto no estado de ánimo ou nas enfermidades mentais, o índice de ideación suicida. As incidencias de prácticas como o *sexting*, o *grooming* con adultos abusadores, o ciberacoso, a adición a xogos en rede, a falta ás veces de control de nais e pais, que moitas veces carecen das ferramentas para controlar e minimizar ao máximo eses riscos.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

É, polo tanto, fundamental tamén que a propia Xunta de Galicia, en colaboración coas universidades, cos axentes sociais implicados, así como cos colexios profesionais do ámbito, como o temos reclamado neste Parlamento, aposte tamén por un plan potente preventivo, transversal e dotado de recursos para poder executalo dende o punto de vista da Consellería de Política Social.

Polo tanto, reforzar, en primeiro lugar, a sanidade pública en materia de saúde mental; actuar dende Política Social con recursos na prevención, porque ademais está directamente relacionada unha porcentaxe do aumento dos problemas de saúde mental na mocidade e na infancia, como a depresión e a ansiedade, polo incremento tamén das desigualdades, e, ¿como non?, os centros de ensino que precisan recursos —como diciamos tamén— para poder facer fronte a esta situación tan preocupante, sexan casos máis ou menos graves derivados da saúde mental ou —como dicimos— doutras problemáticas.

E a verdade é que absolutamente desolador ver como o Partido Popular non entra en razón en cuestións tan básicas, se falamos de saúde mental de nenos e de mocidade, e como non son conscientes de que son inasumibles esas listas de agarda, os espazos entre sesións, como non escoitan as e os profesionais da Psicoloxía e a Psiquiatría, que advirten desa falta de efectividade dos tratamentos cando as listas de agarda se eternizan. Tanto que gustan dos rankings, ser as primeiras e os primeiros en consumo de ansiolíticos antidepresivos, en número de suicidios e mirar cara a adiante coma se nada é absolutamente inxustificable.

Rematamos insistindo en que cómpre actuar, si, no ámbito educativo, especificamente, e reforzar, si. Pero se falamos de saúde mental non podemos deixar de situar o debate e o esforzo na sanidade pública. E a fórmula nós pensamos que, de xeito coordinado e transversal, a atención, a detección e o tratamento ten que estar na sanidade, nos profesionais da materia, ao mesmo tempo que non deixamos abandonados os profesionais, as docentes e os docentes e eses departamentos de orientación dos centros de ensino, que están a pedir unha planificación e un reforzo de cara ao vindeiro curso ante o aumento —insistimos— exponencial do alumnado con necesidades específicas especiais.

Pola nosa parte, máis nada.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Grupo Parlamentario Popular, señor Rodeiro.

O señor RODEIRO TATO: Grazas, señor presidente.

Señorías, bos días.

A verdade é que a saúde mental é un tema que transcende unha ideoloxía determinada, e creo que todos os grupos desta Cámara temos unha profunda preocupación polo incremento dos casos dende a pandemia.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A verdade é que deberiamos chegar a un certo consenso co fin de evitar utilizar este tema de forma partidista. Xa houbo unha comisión onde o Bloque Nacionalista Galego pois xa coñece a posición da Xunta e tamén deste grupo parlamentario, porque así lle foron trasladadas por parte do secretario xeral de Educación na comisión do pasado mes de marzo as medidas previstas pola Xunta de Galicia para abordar os problemas de saúde mental na comunidade educativa.

A verdade é que a sociedade actual ten que enfrontar novos retos sociais e de convivencia, como pode ser a saúde mental, como pode ser a violencia de xénero, as desigualdades, etc. E, evidentemente, comparto ao cen por cento coa portavoz do Grupo Socialista que debe ser desde un enfoque integral, transversal e multisectorial.

Pola importancia e a sensibilidade deste tema gustaríame apelar a unha reflexión de todos para non caer na tentación de converter os centros educativos en ferramentas máxicas con capacidade de resolver todos os retos dun mundo cada vez máis complexo. O sistema educativo, efectivamente, non é alleo á realidade social e non pode quedar de brazos cruzados. Nesta liña, as consellerías de Educación e Sanidade levan tempo colaborando e implicadas na atención á vixilancia da saúde mental infantil. Porque cando falamos de saúde mental falamos de persoas e, como é evidente, as persoas poden ter diferentes idades e poden desenvolver a súa vida en diferentes ámbitos e en diferentes circunstancias. Estamos a falar dun tema de saúde, un asunto complexo e moi sensible, un asunto que en sentido estrito non é unha cuestión en exclusiva do sistema educativo, aínda que poida ter relación con el, porque no ensino, efectivamente, hai persoas.

A Consellería de Sanidade aprobou o Plan de saúde mental de Galicia poscovid 2020-2024, no que se aborda a atención á saúde mental da infancia e da adolescencia, e está a traballar tamén na prevención do suicidio en Galicia. Este é un plan no que colabora a Consellería de Educación e que conta cun orzamento de 83 millóns de euros, fronte aos 100 millóns que ten o Estado para todo o ámbito nacional. O que permitirá a incorporación de novos profesionais e o incremento do número de centros e programas para a atención sanitaria aos trastornos mentais.

O Plan de saúde mental, polo tanto, conta con ese enfoque colaborativo e interdisciplinario entre as distintas administracións que poden aportar algo para mellorar e resolver esta situación. É un plan que dedica o seu cuarto eixo á saúde mental na infancia e na adolescencia, cos obxectivos de prever e de identificar de modo temperán os trastornos mentais; implantar novos programas de atención ao trastorno mental grave infantoxuvenil e favorecer a accesibilidade aos equipos de saúde mental infantoxuvenil. Un plan que está a desenvolver programas de prevención e atención precoz poñendo o foco na infancia e nos colectivos sometidos a experiencias traumáticas, reforzando as unidades ambulatorias de saúde mental infantoxuvenil —creadas xa neste momento a de Vigo e a da Coruña—, creando unha unidade de especialización para nenos e nenas adolescentes no Hospital Álvaro Cunqueiro, coa dotación progresiva nas áreas sanitarias de hospitais de día infantoxuvenís, postos xa en marcha o de Vigo, o de Santiago e o de Ourense, constituíndo equipos de referencia para a atención aos trastornos de neurodesenvolvemento. A implantación dun programa de detección precoz e intervención en adiccións, incluído o alcohol, o cánnabis e o xogo.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Asemade, no eido sanitario, actualizouse a Guía de prevención de conduta suicida. Estase traballando na guía para o manexo das autolesións.

E, por outra banda, a Consellería de Educación afronta a situación desde un enfoque en positivo, pensando na boa convivencia, no benestar, a través do Plan do benestar emocional e no deseño dunha nova estratexia de convivencia escolar 2025, que, señor Lourenzo —como ben sabe— foi prorrogada no ano 2021 pola pandemia. O sistema educativo galego reaccionou e puido afrontar con garantías a situación derivada da pandemia e, como sempre, puido contar cos recursos necesarios en cada momento.

Señorías, Galicia foi unha das primeiras comunidades autónomas en poñer o foco e en poñer ferramentas específicas para desde os colexios contribuír á súa diagnose e ao seu tratamento. Son moitas as iniciativas levadas a cabo neste sentido. Por exemplo, desde o ámbito lexislativo, fomos a primeira comunidade de España no ano 2011 en aprobar unha lei en materia de convivencia escolar. No ano 2015 promoveuse a través dun decreto que os centros dispoñan de materiais e recursos didácticos que lles permitan a potenciación, entre outras, da educación emocional. A Orde do 8 de febreiro de 2021 regula a atención á diversidade, e nela dedícase tamén un apartado especial ao desenvolvemento social e emocional do alumnado. Desde o curso 2017-2018 contamos con Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo, que se acaba de actualizar no Programa de alerta escolar, co que se dá unha vía máis rápida de derivación.

Puxéronse en marcha contratos programa de apoio aos centros para o desenvolvemento de competencias emocionais e para a mellora do clima escolar, cunha grande acollida, por exemplo, na liña Convive, na que participan neste momento 309 centros, e na liña Emociónate están participando 285 centros.

O Programa de acción responsable promove a comunicación e a mellora e convivencia. Están a participar 71 centros neste momento, case nove mil alumnos e 735 docentes.

Ademais, desde febreiro do 2021, tamén se dispón dun Plan de benestar emocional. Eu xa sei que a vostedes ao mellor non lles gusta, señor Lourenzo, pero é pioneiro en España. Presenta unha estratexia integral para facer fronte ás problemáticas emocionais derivadas da situación da pandemia. E a través desta iniciativa propóñense intervencións en tres fases, centradas na detección e acompañamento ao benestar emocional nos centros educativos, para o fortalecemento da resiliencia e da competencia emocional, e de consolidación e planificación e organización do curso 2020-2021. Así mesmo, inclúe vinte e catro actividades didácticas diferentes á disposición dos centros para a consecución dos obxectivos, así como os mecanismos de detección e avaliación.

O compromiso da Consellería de Educación co alumnado especialmente vulnerable é indiscutible. De feito, nos últimos dez anos, o persoal dedicado en exclusiva á atención deste colectivo incrementouse no 48 %. E hai que destacar tamén que nos equipos de orientación específicos se conta actualmente con trinta profesionais de diferentes especialidades, sendo seis as especialidades en trastornos de conduta.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Galicia conta cunha rede de orientadores polo menos pioneira no marco do Estado. Conta con novecentos orientadores nos centros educativos. E, como xa é coñecido, a Consellería está a traballar no deseño desa nova estratexia de convivencia escolar 2025, na que se recolle unha liña específica dirixida a paliar o acoso e o ciberacoso, dentro da cal se enmarca o deseño do I Plan de loita contra o acoso escolar. E asemade farase a revisión e a actualización do Protocolo de acoso escolar e ciberacoso neste ano 2022.

En todo caso, esa folla de ruta terá entre os seus eixos principais, por unha banda, a prevención de condutas contrarias á convivencia mediante a identificación temperá. E para isto é clave a formación non só dos docentes, senón tamén das familias, xa que no curso 2020-2021 se levaron a cabo cento cincuenta e seis actividades, nas que participaron máis de cinco mil persoas. E tamén se impulsarán medidas que favorezan o uso adecuado das novas tecnoloxías, para previr condutas negativas nestes espazos, e ademais seguirase traballando no coidado do benestar emocional. E, neste sentido, buscarase mellorar as competencias sociais e emocionais do alumnado. E tamén se poñerán á disposición da comunidade educativa estratexias de resolución de conflitos que favorezan a creación, o mantemento e a reparación das relacións. Así mesmo, poñerase o foco nas condutas de convivencia positiva e apostarase por unha visión integral da convivencia, xa que a experiencia demostra que as condutas negativas exceden na maior parte dos casos o ámbito escolar, xa que tamén afectan a vida familiar e persoal e o contorno social.

Señorías, este grupo parlamentario e a Xunta de Galicia escoitan e están moi preocupados por esta problemática, e ademais poñen en marcha ferramentas para poder apoiar os profesionais do ámbito da educación. Que hai que recordar que somos a comunidade de España que máis docentes ten con respecto ao seu número de alumnos. Iso quere dicir que hai unha aposta clara e sen precedentes pola educación pública e pola educación de calidade.

Ademais, abórdase a saúde mental con recursos suficientes e cun modelo propio de proxectos específicos de reforzo, moito máis ambiciosos dos que vostedes propoñen nesta iniciativa, señor Lourenzo. Porque hai que traballar cun modelo, como lle dixo a portavoz do Grupo Socialista, e non cunha serie de propostas que vostedes fixeron nesta PNL.

E nesta liña seria e rigorosa está traballando a Xunta de Galicia, e estamos abertos a seguir incrementando as prestacións de servizos públicos, pero os problemas deste tipo, pois, efectivamente, que é unha demanda da sociedade, hai que facelos a través de plantexamentos rigorosos e tratar de escapar de certos titulares, que, dalgún xeito, parece que veñen buscar aquí vostedes hoxe.

Pola miña parte, máis nada.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodeiro.

Están hoxe con nós os alumnos de secundaria do IES Pedro Floriani de Redondela, Pontevedra. ¡Benvidos ao Parlamento, e tamén aos profesores que os acompañan!

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E agora ten a palabra polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego o autor desta proposición non de lei, o señor Lourenzo Sobral.

O señor LOURENZO SOBRAL: Ben, poucas veces tremen máis as pernas que cando tes aquí a estes mozos e mozas de Redondela e aos seus profesores e amigos. Benvidos ao Parlamento e benvidos tamén a falar desta iniciativa, na que fostes, profesores e alumnos, pioneiros, da que estades dalgún xeito na cerna. É un orgullo tervos aquí; non pode ser doutro xeito.

Eu creo, señor Rodeiro, que un dos problemas que temos cando falamos da saúde mental, e que están a trasladar todos os profesionais, é precisamente o seu carácter tabú. As dificultades que temos para afrontar estes temas mirando aos ollos desta realidade. E se cadra por iso convertemos intervencións dun tema, que nós vimos con toda a vontade construtiva e propositiva, intervencións que teñen por obxectivo último acadar acordos, negociando o que haxa que negociar, pois nunha sorte de lista de iniciativas sen ter moi claro en que conclúen cada unha delas.

E cando vostede nos vén dicir que hai que ter modelo, iso é precisamente o que a nós nos preocupa: a falta de modelo e as consecuencias desa falta de modelo. Porque fíxese que a parte resolutiva —na que tamén nos dixo a señora Otero— que traemos aquí nesta proposición non de lei nin sequera é froito do Grupo do BNG nin deste deputado, é froito do alumnado —fíxense— e do profesorado dun dos centros que está hoxe aquí, dos centros de Redondela, que foron os que primeiro deron a voz de alarma neste país e que foi un lume que prendeu tristemente despois. *(Aplausos.)* Entón, polo tanto, xa que estamos a falar de modelo á hora de atender as necesidades de saúde mental, a min gustaríame que nos dixesen por parte do Partido Socialista —se lle parece, despois negociamos a posibilidade de acadar un acordo na emenda— en que parte non están de acordo, en que punto non se está de acordo.

Primeiro punto, elaborar un plan de atención á saúde mental no ámbito educativo que permita aos centros contar co persoal e recursos necesarios. Existe o Plan de benestar emocional; simplemente o que pedimos é que iso se dote de persoal e recursos. É o que están a demandar os centros.

Segundo punto, dotar os departamentos de orientación de persoal e recursos. ¿Non estamos de acordo nisto?

Terceiro punto, dotar de especialistas os equipos de orientación específica que xa existen, reforzar os equipos de orientación específicos. ¿Non estamos de acordo niso todos e todas?

Cuarto punto, crear equipos multidisciplinares formados por profesionais do ámbito social, sanitario, e o propio Grupo do PSOE —descoñezo agora se o Partido Popular— no seu momento apoiou que se incorporasen aos centros de ensino tamén figuras como, por exemplo, a dos educadores sociais.

E, o último punto, elaborar programas de formación a profesorado e familias.

Entón, polo tanto, estas cuestións eu creo que son perfectamente asumíbeis e, dalgún xeito, podemos negociar como engádega, pero eu creo que nunca como substitución.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E despois cando falabamos, señor Rodeiro, de que esta é unha cuestión que deber abordarse dende a problemática sanitaria ou dende a perspectiva educativa, por suposto que isto é unha cuestión transversal e que a sanidade ten un valor fundamental. Pero fíxense: en lugares como Finlandia, máis alá de que é certo que é un prexuízo esta cuestión de que nos países nórdicos *el suicidio existe* —hai un artigo de João Paulo Machado de Sousa moi acaído a este respecto—, pero alí sen ter os problemas que temos de demora de atención na sanidade, existe un problema no ámbito educativo e o que están é inducindo para poñer o foco precisamente na detección dos centros. E iso é a voz de alarma que están a dar os centros.

A rede Raogal, da que fixo referencia aquí o señor Rodeiro, están eles mesmos dicindo que non é operativa, que non é capaz de acadar unha coordinación que chegue a todos os centros.

E cando falamos de que se dispón dunha rede de orientadores, señores do Partido Popular, eu quero que lle digan ao alumnado que temos aquí hoxe presente, mirándolles aos ollos, se é de recibo que neste país nun centro de mil alumnos se poden atender as necesidades de saúde mental cun único orientador para atender todas esas persoas. *(Aplausos.)* Nuns casos, un, dous orientadores, ou centros cun único orientador para atender once protocolos de suicidio.

Iso é o que temos enriba da mesa e iso é o que propoñemos na nosa iniciativa, que está acordada coa comunidade educativa e que, por suposto, estamos dispostos a negociar, a chegar a acordos. Pero o que pedimos a todos os grupos é un esforzo de responsabilidade, porque os datos que temos enriba da mesa, a urxencia da situación que temos e, sobre todo, o drama que agocha a cuestión de saúde mental na adolescencia obrígannos a ese esforzo. E porque se non somos capaces de acadar un acordo en cuestións como estas, ¡xa me dirán vostedes en que imos ser capaces de acadalo!

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lourenzo Sobral.

¿Entendo que queda pendente se chegan a unha transacción? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, vale. Perfecto.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, sobre as demandas que debe formular a Xunta de Galicia ao Goberno do Estado en relación cos prexuízos que suporía para o sector pesqueiro a implantación de instalacións eólicas mariñas

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Popular e unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da súa deputada Marta Nóvoa Iglesias, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Emenda de modificación.

Débese substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España:

1. Atender ao contido do "Manifesto de Burela na defensa do sector pesqueiro do Cantábrico Noroeste" e protexer o sector pesqueiro da ameaza que suporía a localización de instalacións eólicas mariñas en caladoiros e espazos dedicados á actividade pesqueira e, en consecuencia, garantir a súa coexistencia coas actividades pesqueiras sempre que sexa posible dita coexistencia sen afectar o ecosistema mariño e as actividades pesqueiras.

2. Avaliar a través do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) e do Instituto Español de Oceanografía (IEO) o impacto da instalación de polígonos de eólicos mariños sobre os recursos pesqueiros e as zonas de traballo das diferentes artes e segmentos da frota que operan no caladoiro nacional do Cantábrico Noroeste e os seus efectos sobre a economía das comunidades pesqueiras do Cantábrico.

3. De constatarse posibles danos, evitar os prexuízos ao sector pesqueiro e os danos nos ecosistemas mariños que suporía a implantación deste tipo de instalacións eólicas.»)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Otero Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débese substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno de España a:

1.- Protexer o sector pesqueiro da ameaza que supoñería a localización de instalacións eólicas mariñas en caladoiros e espazos dedicados á actividade pesqueira.

2.- Atender aocontido do "Manifesto de Burela en defensa do sector pesqueiro do Cantábrico-Noroeste".

3.- Evitar o severo prexuízo ao sector pesqueiro e á preservación dos ecosistemas mariños que suporía a implantación desordenada deste tipo de instalacións eólicas e, en consecuencia, garantir a súa coexistencia coas actividades pesqueiras sempre que sexa posible a dita coexistencia sen afectar o ecosistema mariño e as actividades pesqueiras.

4.-Avaliar a través do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) e do Instituto Español de Oceanografía (IEO) o posible impacto de instalación de polígonos industriais eólicos mariños sobre os recursos pesqueiros e as zonas de traballo das diferentes artes e segmentos de frota que operan no caladoiro nacional do Cantábrico-Noroeste e os seus efectos sobre a economía das comunidades pesqueiras do Cantábrico.»)

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Bo día, señor presidente.

Señorías, quero comezar saudando os membros da Plataforma Manifesto de Burela que hoxe nos acompañan, agradecéndolles tamén a súa presenza hoxe aquí.

Señorías, a Plataforma Manifesto de Burela, onde se inclúen organizacións pesqueiras e confrarías do Cantábrico Noroeste, naceu a finais do pasado ano 2021 e entrevistouse cos distintos grupos representados neste Parlamento a primeiros de febreiro deste ano, é dicir, ao pouco tempo de se constituíren.

Naquelas reunións buscaban o compromiso dos distintos grupos para apoiar na sede parlamentaria o contido do «Manifesto de Burela», na defensa do sector pesqueiro do Cantábrico Noroeste e protexer este sector da localización de instalacións eólicas mariñas en espazos adicados á actividade pesqueira.

O compromiso naquel momento, en febreiro, obtivérono, e aparentemente obtivérono dos tres grupos, mais o Bloque Nacionalista Galego descoñece no día de hoxe as razóns polas que nin o Partido Popular, nin o Partido Socialista, foron quen ata o de agora de traer a debate a proposta que a plataforma elaborou e que hoxe si vén a esta Cámara por iniciativa do BNG.

Na súa proposta, a plataforma, primeiro, deixa clara a súa preocupación pola situación que se está a crear polos efectos do cambio climático no planeta en xeral e no medio mariño en particular.

Segundo, maniféstase claramente a favor da implantación de enerxías renovábeis limpas e, no caso do mar, sempre que se instalen fóra dos caladoiros de pesca e conten coas avaliacións de impacto, a todos os niveis, previas á súa implantación.

Terceiro, entende que os proxectos de implantación de enerxía eólica mariña nas nosas costas non son compatíbeis cos usos existentes, nin coa escasa plataforma continental destas costas, nin coa riqueza dos nosos ecosistemas, nin coa preservación da biodiversidade, nin co mantemento da actividade pesqueira.

Cuarto, invoca, debido ás grandes interrogantes que aínda existen sobre a afectación da eólica mariña nos ecosistemas, o principio de precaución, antes de proceder ao seu desenvolvemento nos nosos mares.

Quinto, rebélase contra o paradigma de que poderosos grupos de presión, con anuencia en moitos casos das administracións, pretendan impoñer unha industrialización do mar como fonte de enerxía renovábel en detrimento da produción de alimentos sostíbeis e saudábeis e en detrimento do sector e das comunidades pesqueiras nas nosas costas, zonas altamente dependentes da pesca, sen que se teñan feito as avaliacións que correspondan sobre a afectación dos nosos ecosistemas por parte desa industria.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sexto, advirte do dano irreversíbel que se pode facer ao ecosistema e, polo tanto, da grave afectación presente e futura que iso tería non só no sector pesqueiro senón no conxunto da sociedade.

Sétimo, lémbrannos que o Parlamento Europeo, no seu informe sobre o impacto no sector pesqueiro dos parques eólicos e outros sistemas de enerxía renovábel, indica que a liña vermella que non se pode sobrepasar coa implantación da eólica mariña nas augas da Unión Europea é a afectación dos caladoiros de pesca e da actividade pesqueira, e que os caladoiros deben permanecer libres de enerxías renovábeis mariñas.

Oitavo, declara que a pesca en si mesma xa forma parte da solución para paliar o conflito climático e que o sector do mar non pode ser substituído por industrias que afecten o seu modo de vida e os ecosistemas en prexuízo de toda a sociedade e para beneficio de empresas enerxéticas que amosaron estar moi apartadas do interese xeral e do ben común.

Señorías, estes oito puntos son os que recolle a plataforma no Manifesto de Burela. Oitos puntos cos que o BNG concorda plenamente, e, ademais, asume como seus, e por iso hoxe os trae aquí. Son oito puntos que describen perfectamente o momento e a realidade na que estamos e que levan á plataforma a buscar o acordo deste Parlamento e, polo tanto, o seu apoio para:

Primeiro, que se inste desde a Xunta o Goberno do Estado para que atenda o contido do Manifesto de Burela na defensa do sector pesqueiro do Cantábrico Noroeste e protexa o sector pesqueiro da ameaza que suporía a localización de instalacións eólicas mariñas en caladoiros e espazos adicados á actividade pesqueira.

Segundo, que evite o severo prexuízo ao sector pesqueiro e os danos nos ecosistemas mariños que suporía a implantación deste tipo de instalacións eólicas.

Terceiro, que avalíe, a través do Consello Superior de Investigacións Científicas e a través do IEO, o impacto da instalación de polígonos de eólicos mariños sobre os recursos pesqueiros e as zonas de traballo das diferentes artes e segmentos da frota que operan no caladoiro do Cantábrico Noroeste e os seus efectos sobre a economía das comunidades pesqueiras do Cantábrico.

Señorías, estes tres puntos literais son os que conforman a proposta, a parte resolutiva da PNL que a plataforma nos entregou aos tres grupos parlamentarios. O BNG non moveu nin unha coma —¡nin unha coma!— da proposta da plataforma, mesmo cando os seus membros —os da propia plataforma— e os grupos da Cámara saben que o noso posicionamento foi claro dende un principio e é contrario á instalación de parques eólicos mariños no litoral de Galiza.

A nosa postura, a do BNG, segue ser a mesma que mantivemos no ano 2009 nesta Cámara e que obtivo un acordo parlamentario unánime. No entanto, asumimos a proposta da plataforma integramente sen variala e sen engadir nin quitar absolutamente nada.

Foron precisamente outros grupos os que racharon con aquel consenso parlamentario do ano 2009 e son tamén eses grupos os que hoxe queren emendar a proposta da plataforma, non a do BNG —a proposta da plataforma—. *(Aplausos.)* Quizais iso explique a razón pola

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que dende o mes de febreiro ningún grupo, agás o BNG, rexistrara ou trouxera a debate, precisamente, a proposta da plataforma.

Nós non imos entrar noutras consideracións. Para facelo, para entrar noutras consideracións, trouxemos no pasado recente e seguiremos traendo no futuro as nosas propias iniciativas. Hoxe debatemos, sen quitar nin poñer unha coma, a iniciativa da Plataforma Manifesto de Burela.

En definitiva, señorías, nós cremos que cadaquén pode propoñer, como xa fixo, como xa fixemos todos e todas noutras ocasións, o que considere sobre este tema e ten —cada grupo temos— a posibilidade de presentar aquí as nosas propias iniciativas, co sesgo que cada un lle queira imprimir.

Agora, nós pensamos que o que toca neste momento é pronunciarse sobre o texto que a plataforma nos entregou, representando a centos de persoas, e co que nos comprometemos entendo que todos os grupos, sabendo, por certo, que a plataforma si que non dispón das mesmas posibilidades de presentar as PNL nesta Cámara que temos os demais

Polo que parece, todos os grupos aquí presentes apoiamos o manifesto, o texto do manifesto. Polo tanto, nós entendemos que debemos pronunciarnos en consecuencia. Sabemos todos e todas —e nós tamén—do interese que ten a plataforma en obter un apoio unánime desta Cámara, e entendemos que ese apoio debemos amosarllo á súa proposta. As engádegas ou modificacións dos grupos poden ser susceptíbeis de obxeccións por parte doutros grupos e, polo tanto, entendemos que a proposta da plataforma é perfectamente asumíbel por todos os grupos e que pode apoiarse.

Aínda así, con todo isto que acabo de explicar e creo que deixar claro, o BNG, como medio de traslado da proposta da plataforma hoxe aquí a esta tribuna, falará, evidentemente, cos emendantes e trataremos de que esta proposta saia por unanimidade.

Máis nada, presidente, e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez Fernández.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Patricia Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Bos días, señorías.

Grazas, presidente.

Nós tamén, dende o Grupo Parlamentario do PSdeG, saudamos os integrantes da Plataforma do Manifesto de Burela en defensa do sector pesqueiro. Dende logo, recoñecemos o seu traballo e as súas aportacións.

Pero non podo estar máis que abraiada coa intervención que fixo hoxe a señora Pérez. Veu aquí dicir que o que hoxe sometiamos a votación era ese Manifesto de Burela que a propia plataforma nos entregara aos tres grupos parlamentarios

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Lamento, lamento moitísimo, que hoxe o BNG empregara ese manifesto para defender o seu posicionamento. *(Aplausos.)* Porque non é verdade que ese documento... Con toda boa vontade a plataforma presentábanos aos tres grupos parlamentarios con representación nesta Cámara ese documento, e seguramente ese manifesto sairía, tal cal nolo presentaron, por unanimidade da Cámara, pero o BNG vén hoxe aquí romper ese acordo, porque estou segura de que se o manifesto fora tal cal nolo presentaron, fora tal cal, hoxe os tres grupos —eu falo polo meu grupo, pero atreveríame case a falar tamén polo Grupo Parlamentario Popular— o aprobarían por unanimidade. Laméntoo moitísimo porque hoxe realmente a emenda que presenta o PSdeG é literalmente o que nos presentou a plataforma.

E vou ler, señora Pérez. Vostede, no seu segundo punto, fala literalmente «da proposta que hoxe presenta a debate o Bloque Nacionalista Galego».

Segundo punto da súa PNL: «Evitar o severo prexuízo ao sector pesqueiro e os danos aos ecosistemas mariños que suporía a implantación deste tipo de instalacións eólicas». Dixo a señora Pérez: non movemos nin unha coma. Ao mellor, comas non moveron, pero suprimiron bastantes palabras, porque vou ler... *(Aplausos.)* Eu non sei se a nós, ao Grupo Parlamentario do PSdeG, a Plataforma Manifesto por Burela lle entregou outra PNL para que presentaramos de xeito conxunto. Repito, vostedes presentan «evitar o severo prexuízo ao sector pesqueiro e os danos nos ecosistemas mariños que suporía a implantación deste tipo de instalacións eólicas». Fin de la cita. E agora vou ler o que nos presentou a plataforma: «Evitar o severo prexuízo ao sector pesqueiro e a preservación dos ecosistemas mariños que suporía a implantación...». A plataforma fala de «implantación desordenada», vostede xa non quere ningún tipo de implantación. Xa sei que é o non polo non, o non á eólica mariña, sexa desordenada ou sexa ordenada e responsable. Pero ese é o posicionamento do BNG, non veñan aquí dicir que é o posicionamento da plataforma. E sigo a ler, porque a iniciativa da plataforma continúa: «Evitar o severo prexuízo ao sector pesqueiro e a preservación dos ecosistemas mariños que suporía a implantación desordenada deste tipo de instalacións eólicas e, en consecuencia» —que disto se olvida totalmente o Bloque Nacionalista Galego—, garantir a súa coexistencia coas actividades pesqueiras, sempre que sexa posible a dita coexistencia, sen afectar o ecosistema mariño e as actividades pesqueiras».

¿Este é o articulado que lle presentou a plataforma ao BNG? *(A señora Otero Rodríguez amosa un documento.)* ¿Si ou non? Porque, polo menos, foi o que nos presentou a nós. Polo tanto, non veña hoxe aquí o Bloque Nacionalista Galego —e lamento moitísimo que rachen ese acordo que podería saír por unanimidade se tal cal se trouxera a iniciativa que nos presentou esta plataforma do Manifesto de Burela— utilizar os oito puntos do manifesto. É verdade, leunos literalmente, colleu a parte expositiva literal do manifesto, pero cando foi a parte resolutiva adaptouno ao posicionamento que ten o Bloque Nacionalista Galego co tema da eólica mariña. Polo tanto, non fallen ao respecto desta Cámara e, sobre todo, non fallen tampouco ao respecto dos asinantes da Plataforma Manifesto de Burela. Porque, señora Pérez se quere chegar a ese acordo por unanimidade, acepte a nosa emenda de substitución, que non é a emenda deste grupo parlamentario, a emenda está baseada literalmente no que nos presentou o Manifesto de Burela. É certo que se quitou, nese segundo punto que nos presentaban, esa necesidade de que foran recibidos por parte do Ministerio, porque os propios asinantes da plataforma dixeron que iso xa estaba conseguido.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Polo tanto, a nosa emenda si que é o Manifesto de Burela literalmente. Se queren chegar a ese acordo, eu creo que deberían de aceptar a emenda.

Eu lamento moitísimo, señora Pérez, que hoxe viñera aquí utilizar o Manifesto de Burela para defender as teses do Bloque Nacionalista Galego relativas á eólica mariña, que sabemos que é o non polo non, ¡o non polo non! *(Aplausos.)* Porque nin sequera vostedes son capaces de dicir, pois, bueno, no último punto, son necesarios informes científicos, é necesario ter datos para ver se a instalación desa eólica mariña flotante —que estamos a falar agora de eólica mariña flotante, non con ancoraxes— repercute no medio mariño e no sector pesqueiro. Nós coincidimos en que son necesarios maiores informes, a través do CSIC, a través do IEO e doutros organismos, se pode ser. Pero son necesarios informes, son necesarios datos; e nós, ademais, o que consideramos fundamental é que, á hora de abordar este debate —que non podemos obviar que está aberto na Unión Europea— relativo á instalación de eólica mariña, tamén España, e dende logo Galicia, non pode quedar á marxe. Pero o que entendemos é que é fundamental que se teña en conta a participación dos sectores que poden estar afectados, e fundamentalmente —e máis aquí, en Galicia— ten que ter presenza o sector pesqueiro nese debate. É fundamental que o sector pesqueiro participe no debate da eólica mariña.

En Galicia, dende logo, claro que contamos con coñecementos técnicos en industria naval, e contamos tamén cunha boa posición. É certo que o da eólica mariña pode tratarse dunha grande oportunidade industrial, pero consideramos —e repito, consideramos— fundamental que todos os sectores —e, nomeadamente, o sector pesqueiro— teñen que estar presentes neses debates sobre o despregamento desta enerxía. Este desenrolo renovable non debe, por exemplo, comprometer a produción de alimentos —como nos recorda o Acordo de París—, por iso precisamos que todos os sectores —e, repito, nomeadamente o sector pesqueiro— se sumen aos debates sobre o despregamento desta enerxía. Tamén —e onte saíu tamén o Proxecto de lei de pesca do Goberno central—, no artigo 29, se fala de que estas instalacións que se poidan chegar a levar a cabo tanto en augas exteriores como en augas interiores necesitarán informes preceptivos do propio Ministerio de Pesca.

É certo que xa se abordou o debate de eólica mariña por parte dos tres grupos, pero a iniciativa do Grupo Parlamentario Popular hai relativamente pouco; e chegamos a un acordo o Partido Popular e o PSdeG. Porque é certo que nós engadimos que había que deixar moi clariño que no desenrolo da eólica mariña se debería de garantir: sempre que non se cause dano ás actividades pesqueiras e se preserve o ecosistema mariño. Dende logo, o Bloque Nacionalista Galego, fóra, porque non, xa dicimos que non. Despois xa veremos se é posible esa coexistencia con eses informes e eses datos, pero, de primeiras, din que non. A propia Unión Europea está a dicir que son precisos maiores informes para saber o impacto desta enerxía no ecosistema mariño, na actividade pesqueira, pero o Bloque Nacionalista Galego xa ten un informe de 80 páxinas sólido e contundente e que di que afecta. Entón, é que vostedes, claro, se opoñen absolutamente a todo.

Pero a min o que de verdade hoxe me doe moitísimo é que intentaran enganar esta Cámara, intentaran enganar os asinantes da Plataforma Manifesto de Burela e intentaran utilizar ese documento para defender as teses do non polo non do Bloque Nacionalista Galego. Se vos-

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tedes hoxe queren chegar a ese acordo, pois acepten a nosa emenda porque é tal cal. Outra cousa é que a nós os asinantes do Manifesto de Burela nos entregaran outro documento distinto; pero a vontade deles, polo que nos trasladaban, era incluso que se presentara unha PNC conxunta dos tres grupos parlamentarios. E vostedes hoxe veñen aquí utilizar a parte expositiva, pero, na parte resolutiva, adáptano ao posicionamento do Bloque Nacionalista Galego.

Poden traer as iniciativas que queiran para defender o seu posicionamento contrario a todo o que é a enerxía eólica, están no seu dereito, pero non empreguen un documento elaborado por xente do propio sector para vir aquí, dicir que é o Manifesto de Burela, e mañá saír dicindo: non, é que o PSdeG se opón ao que pedían no Manifesto de Burela. Non, nós non nos opoñemos, compartímolo; de feito, presentámolo a través desa emenda.

Polo tanto, señora Pérez, téñolle moito cariño, pero lamento profundamente a intervención que vostede hoxe fixo, empregando, utilizando e terxiversando esa proposición non de lei que nos presentaban para adaptala ao posicionamento do Bloque Nacionalista Galego. Nós xa sabe que non compartimos ese posicionamento do Bloque Nacionalista Galego. Nós non nos opoñemos á eólica, nós non nos opoñemos á eólica mariña, pero, dende logo, si que pedimos participación do sector; dende logo, si que pedimos maiores informes; dende logo, si que pedimos que esa eólica —tamén a mariña— se leve a cabo dun xeito responsable. E, dende logo, vostede en ningún momento falou de que podían coexistir eses dous sectores. Eu non sei, ao final, se poden coexistir ou non —que eu non son especialista na materia—, pero o que si que é preciso son maiores informes, non dicir xa o non polo non e que se opoñen a todo o que sexan enerxías menos contaminantes, enerxías renovables... E o peor de todo, señora Pérez, é que hoxe intentaran manipular e terxiversar ese documento que nos presentaron. É que, se fora tal cal o documento que nos presentaron, estaba segura de que ía saír adiante por unanimidade desta Cámara.

Lamento moitísimo que vostedes hoxe racharan ese posible acordo en aras do interese persoal do Bloque Nacionalista Galego. E, se queren chegar a un acordo, acepten a emenda que hoxe presentamos, que é literalmente...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...—esta si que é literalmente—, con todas as comas e con todas as palabras, o que nos presentou o Manifesto de Burela.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Moitas grazas, presidente.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Bo día a todos e a todas, señorías.

Un saúdo, en primeiro lugar, de parte do Grupo Parlamentario Popular, a todos os integrantes da Plataforma do Manifesto de Burela pola defensa do sector pesqueiro.

Señora Otero, subscribo as súas palabras dende principio a fin.

A verdade é que xa estamos acostumados a que o Bloque Nacionalista Galego faga cousas deste tipo, como intentar transmitir nunha iniciativa a afectación da eólica mariña no sector pesqueiro, pero dun xeito torticeiro, pois manipulou o manifesto que foi entregado a todos os grupos.

Antes de explicar a nosa emenda, gustaríame explicar a postura do Grupo Parlamentario Popular sobre a eólica mariña e sobre as accións levadas a cabo polo Goberno da Xunta de Galicia dende que hai un ano se aprobou unha iniciativa do meu grupo, defendida aquí polo señor Tellado, e á que vostedes, coma sempre, señores do Bloque Nacionalista Galego, votaron en contra.

Vaia por diante, señorías, que para este grupo —ao igual que para o Goberno da Xunta de Galicia— a eólica mariña representa unha oportunidade, e non nos plantexariamos o seu apoio se afectase negativamente outros sectores clave na economía galega, como é o sector pesqueiro. Por iso, para o Grupo Parlamentario Popular, resulta imprescindible impulsar a eólica mariña en Galicia da man do sector industrial, da man do sector marítimo-pesqueiro e da man das entidades e organizacións vinculadas á propia eólica mariña. *(Aplausos.)* E non podemos, dende logo, señorías, para favorecer un sector afectar drasticamente outro; a idea, señorías, é que as dúas actividades poidan ser compatibles.

E claro que a tecnoloxía da eólica mariña evolucionou moito dende o ano 2009, señora Pérez, ao ano 2021, e máis a eólica mariña flotante, que daquela nin sequera existía. E se antes da covid 19 a importancia do avance da implantación da enerxía renovable era clave para diminuír os efectos do cambio climático, tras a crise da covid e da invasión rusa en Ucraína, resulta máis que evidente que é necesario avanzar cara a unha autonomía enerxética que termine coa dependencia do gas e do petróleo ruso —supoño que con isto estarán de acordo, señores e señoras do BNG, en deixar de depender do gas e do petróleo ruso—.

Recentemente, a Unión Europea fixo público o Plan RePowerEU, que ten por obxectivo a redución rápida da dependencia dos combustibles fósiles rusos e acelerar a transición verde, na que di exactamente: «A enerxía eólica» —e, en particular, a mariña— «representa unha importante oportunidade de futuro. Os recursos son estables e abundantes, e a aceptación pública é maior, moito maior». Europa xa é líder, señorías, en eólica mariña, e no ano 2020 as instalacións da eólica mariña deixaron máis de 28.000 millóns de euros en investimentos. Existen 118 parques eólicos en países da Unión Europea, como son Alemaña, Noruega, Francia, Italia, Holanda, Bélxica, Dinamarca, Portugal, Grecia e tamén no Reino Unido. E, sen dúbida, señorías, Galicia conta co coñecemento e co potencial para impulsar esta tecnoloxía, sempre —sempre— compatible co medio mariño, e que sería todo un revulsivo para a nosa economía e para o noso emprego. E Galicia, señorías, conta con empresas líderes en fabri-

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cación de plataformas flotantes, polo que estamos nunha posición máis que privilexiada para ser parte da expansión industrial que necesita este sector. O emprego que se xera, señorías, é emprego de calidade dende o principio ao final de todo o proxecto; e ademais a tecnoloxía flotante representa a singularidade do seu forte carácter exportador, polo que ofrece unha vantaxe competitiva moi importante para aquelas empresas que consigan posicionarse no mercado mundial.

Galicia, unha vez máis, soubo anticiparse. E o Grupo Parlamentario Popular —como dixen ao inicio da miña intervención—, a proposta do señor Tellado, trouxo a este Parlamento hai un ano unha iniciativa sobre a eólica mariña, que vostedes rexeitaron —coma sempre—, pero saíu un acordo co Grupo Socialista; iniciativa cuxo acordo principal era constituír un observatorio, o Observatorio da eólica mariña, no que estivese o sector industrial, pero tamén o sector marítimo-pesqueiro galego, para promover a realización de estudos ambientais e socioeconómicos específicos para Galicia que analizasen os impactos que podería ocasionar a implantación de parques *offshore* na nosa costa; e, por suposto —insisto—, dende o respecto polo medio mariño e pola pesca.

Señora portavoz do BNG, tras un ano, ese observatorio está traballando e está constituído por unha representación moi ampla de todo o sector pesqueiro galego, así como de todo o sector industrial e dos diferentes departamentos da Xunta de Galicia de tres consellerías, como son a Consellería de Medio Ambiente, a Consellería do Mar e a Vicepresidencia primeira, agora, neste momento.

As actuacións do Observatorio distribuíronse en tres grupos de traballo e levan xa oito reunións dos distintos grupos, con dúas reunións de todo o plenario do Observatorio. Un dos resultados do traballo deste observatorio foi trasladar unha alegación común para darlle ao Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico a necesidade da compatibilidade e da coexistencia de calquera desenvolvemento eólico en Galicia coa actividade pesqueira. E o traballo deste observatorio, señorías —mal que lle pese ao Grupo do Bloque Nacionalista Galego—, foi recoñecido recentemente polo Pleno do Parlamento Europeo, que aprobou o pasado 3 de maio unha resolución sobre economía azul, na que se recolle xustamente no seu parágrafo 65 o que vou ler: «*El Parlamento Europeo acoge con satisfacción iniciativas como el Observatorio de la Eólica Marina, un foro puesto en marcha por el Gobierno regional de Galicia para detectar oportunidades y conciliar usos del mar que puedan competir entre si, reuniendo al sector industrial, al sector marítimo-pesquero y a las entidades y organizaciones vinculadas*». Señora Pérez Fernández, recoñecemento do Parlamento Europeo ao traballo de todo o Goberno da Xunta de Galicia por loitar, por impulsar a eólica mariña, pero sempre dende o respecto polo sector pesqueiro e polo ecosistema mariño. *(Aplausos.)*

Gustaríame deixar claras dúas cousas. En primeiro lugar, é que todos os parques eólicos *offshore* se tramitan e se autorizan polo Ministerio para a Transición Ecolóxica; é dicir, polo Goberno do Estado. En segundo lugar, que o Goberno do Estado aínda non aprobou os plans de ordenación do espazo marítimo que ten en tramitación e que van delimitar aquelas zonas onde vai ser posible a instalación de proxectos deste tipo. Polo que mentres non se aprobe a planificación das zonas non se poden ubicar proxectos e non se pode, señora Pérez, avaliar ningún tipo de proxecto en concreto.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Polo tanto, señorías, o desenvolvemento da eólica *offshore* deberá realizarse paso a paso e sempre baixo a máxima transparencia e o consenso entre o sector industrial e o sector pesqueiro; esa é a máxima prioridade da Xunta de Galicia.

Por todo isto, señora Pérez —volvo ao principio da miña intervención—, voulle explicar a emenda do Grupo Parlamentario Popular. O Grupo Parlamentario Popular rexistrou unha emenda porque o que vostede dixo aquí de que transcribiu literalmente o Manifesto da defensa do sector pesqueiro, o Manifesto de Burela, non é tal cal. E no punto primeiro, na nosa emenda, engadimos a parte que lle falta e que lle citou aquí tamén a señora portavoz do Grupo Socialista, a señora Otero. Nós presentamos unha emenda na que o primeiro punto quedaría: «Atender o contido do Manifesto de Burela na defensa do sector pesqueiro do Cantábrico Noroeste. Protexer o sector pesqueiro da ameaza que suporía a localización de instalacións eólicas mariñas en caladoiros e espazos dedicados á actividade pesqueira». E engado —e que está no Manifesto de Burela—: «En consecuencia, garantir a súa coexistencia coas actividades pesqueiras, sempre que sexa posible a dita coexistencia, sen afectar o ecosistema mariño e as actividades pesqueiras». Sen esta frase final, señora Pérez, o texto global perde sentido, e faltaría o elemento principal da postura co sector.

Manteriamos tal cal o seu terceiro punto como segundo punto da nosa emenda. E, si modificariamos o seu segundo punto, que quedaría como segue: «De constatarse posibles danos, evitar os prexuízos ao sector pesqueiro e os danos nos ecosistemas mariños que suporía a implantación deste tipo de instalacións eólicas. Entendemos que non é posible sinalar xa, como din vostedes, severos danos antes de ter os informes, e pedir despois informes cando é incongruente, señora Pérez; é que é totalmente incoherente. Polo tanto, hai que analizar os seus posibles impactos e actuar despois en consecuencia.

Ambas cuestións, que creo que nós solicitamos aquí, son congruentes; ademais está explicitado recentemente polo sector no encontro Expomar, de Burela, do 19 de maio, onde 18 entidades pesqueiras apuntaron que «*El sector no se opone a las energías renovables, pero exige que la planificación de los espacios marinos tenga en cuenta tanto la importancia socioeconómica del sector como la necesidad de la protección de nuestros ecosistemas. Por eso exigimos que se paralice cualquier decisión sobre la implantación de la eólica marina hasta que se cuente con una cartografía de los stocks pesqueros que nos de la mejor información sobre el posible impacto medioambiental. La pesca y los ecosistemas no pueden ser sacrificados*».

Miren, creo, señora Pérez, que a nosa emenda representa o sentir absoluto do sector pesqueiro, e ademais creo tamén que completa a emenda presentada pola señora Otero, do Grupo Socialista; polo tanto, agardo que poidamos chegar a un acordo e que esta iniciativa, como vostede ben dicía, saia por unanimidade, pero por unanimidade co sentimento co que o sector a presentou no Manifesto de Burela.

Se non aceptan, xa lle adianto que pediremos a votación por puntos, e se tampouco aceptan a votación por puntos, este Grupo Parlamentario Popular rexistrará unha proposición non de lei co texto íntegro —¡íntegro!— do Manifesto de Burela en defensa do sector pesqueiro. *(Aplausos.)* Esa é a proposta deste grupo.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E para rematar, señorías, Galicia está preparada para iniciar un camiño, que é o camiño da industria sustentable, da competitividade industrial e do emprego, da man do consenso entre todos os axentes implicados e baixo o principio de compatibilidade entre o desenvolvemento eólico e a protección do medio ambiente e da actividade pesqueira; un consenso para o que precisamente se constituíu o Observatorio da Eólica Mariña, mandato deste Parlamento.

Non nos cansaremos de repetilo as veces que faga falta: Galicia está sabendo anticiparse, posicionándose dende o primeiro momento para ver este reto como unha oportunidade, xa que a maioría de galegos e galegas, señores do Bloque Nacionalista Galego, non comparten a posición negacionista que defende o seu grupo e que se opón a calquera desenvolvemento enerxético en Galicia, aínda que sexa renovable.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora NÓVOA IGLESIAS: E non temos outra prioridade, señorías, que non sexa garantir o desenvolvemento desta tecnoloxía dende o respecto ao equilibrio, a compatibilidade coas actividades pesqueiras e a preservación do ecosistema mariño.

Pola miña parte, nada máis, e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Nóvoa.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

As que lamentamos profundamente, profundamente, a actitude que acabamos de escoitar e de ver aquí somos as persoas que integramos o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. *(Murmurios.)*

Señora Otero, é a primeira vez en dous anos —a primeira vez en dous anos— que vexo esta hostilidade. E, claro, lévame a pensar, señora Otero, que vostedes atoparon un cravo ardendo ao que agarrarse para xustificar que están compartindo o argumentario do Partido Popular. *(Aplausos.)* Creo que pode ser ese o seu problema.

Non obstante, señora Otero e señora Nóvoa, tamén me gustaría dicirlles algo, porque, claro, agora vai parecer aquí que nós trouxemos aquí unha cousa que é absolutamente inconcibíbel, que non se pode apoiar e que vai caer un meteorito e nos vai destruír a todos antes incluso de que veñan os eólicos mariños. Non é iso, poñamos as cousas no seu sitio. Alguén, en todo caso —non, non, señora Otero e señora Nóvoa—, terá que explicalo aquí, porque, dende logo, o Bloque Nacionalista Galego —e particularmente eu— non vai quedar aquí por mentireiro.

Señora Otero, tranquilícese. Eu creo que todas as cousas teñen unha explicación. A súa argumentación e a súa intervención aquí ten tamén unha explicación, e acábolla de dar. Claro, probablemente non lle guste esta argumentación. Pero, miren, en todo caso, dixen na pri-

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

meira intervención que non ía entrar noutras consideracións e que, dende logo, ía poñer todos os esforzos que fixesen falta para chegarmos a un acordo. E así o vou facer. Pero, miren, en todo caso, haberá que explicar por que de tres propostas que hai aquí —a emenda do PSOE, a emenda do Partido Popular e a do Bloque Nacionalista Galego— ningunha é igual —¡ningunha!—, se resulta que todos e todas tomamos como base o texto do Manifesto de Burela. ¿Por que non é igual? ¿Por que supón vostede, señora Otero, que a súa é a que ten a razón por encima *de todas las cosas*? Señora Otero, eu tamén o teño aquí, ¡eu tamén o teño aquí!

Entón, de verdade, eu creo que este é un debate absolutamente estéril e creo que no fondo concordamos coa proposta. E díxeno ao principio, non era a proposta do Bloque Nacionalista Galego, nós temos traído aquí outras.

Falando de rachar, nós non vimos hoxe aquí rachar absolutamente nada. Os que racharon foron, precisamente, o Partido Popular e o Partido Socialista cando se sumou ao carro do que plantexaba o Partido Popular, precisamente para acabar con aquela unanimidade do 2009.

Señora Otero, nós temos unha postura, e defendémola con todas as consecuencias. Máis difícil téñeno vostedes, eu xa o comprendo. O Partido Popular non, porque vai a peito descuberto, como se adoita dicir. Vostedes teñen que bandear, e eu podo comprendelo. Agora, nós non temos problema ningún en defender a nosa proposta.

¿Informes? Podemos tirar de informes. Faltan moitos por facer. E, efectivamente, o propio sector pesqueiro está reclamando aínda no día de hoxe que se sigan facendo, e nós concordamos. Agora ben, aquí cadaquén ten tirado dos informes que a cadaquén lle conveu precisamente para defender as súas posturas.

Claro, porque aínda hai poucos días que a propia Unión Europea neste mesmo mes de maio acaba de ditar unha resolución onde claramente fala, precisamente —vostede non citou esa—, de que a actividade preminente é a do sector pesqueiro.

Pero é que, ademais, hai, señora Nóvoa, unha incoherencia —e dígollo a vostede porque foi na súa intervención onde se dixo— entre o que se vén dicir aquí e o que din vostedes que concorda co manifesto da plataforma. Si, hai unha incoherencia —non a quero cualificar doutra cousa, vouna cualificar de incoherencia soamente—. Claro, o tema é: se dicimos que se está traballando, que cren vostedes que a pesca nas costas galegas é compatíbel co sector pesqueiro, estamos contradicindo o que vostedes din que apoian, que é un dos puntos do manifesto que lin antes, textual, onde di que son incompatíbeis. Entón, cadaquén que se aclare. Nós témolo claro. E non é, señora Otero, como sempre, o non polo non. Non, non, non. Cada vez que defendemos unha postura, evidentemente, temos uns argumentos. Pode ser que a vostede non lle gusten, pero non os cualifique do «non polo non». Porque nós seguimos sendo os do si polo si, precisamente... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —no día de hoxe—. E quen foi ou quen foron os do non polo non foron vostedes, señora Nóvoa, cando o señor Tellado trouxo aquí esa iniciativa, a votaron a favor e se lle sumou o Partido Socialista, precisamente rachando o acordo unánime...

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...do 2009.

Remato.

Insisto, non entro —xa o dixen ao principio— noutras consideracións. Se vostedes teñen vontade de chegar a acordo, por nós, evidentemente, non vai haber problema. Pero hai tres propostas distintas encima da mesa, ¡eh!, hai tres propostas. Vostedes dirán: é a miña, é a miña, é a miña... A ver quen o ten que dirimir. Levámolo ao xulgado... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas...

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ¡Home!, eu creo que estamos, precisamente, na sede onde reside a democracia e onde a palabra ten que primar e que, polo tanto, podemos chegar perfectamente a algún acordo.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Entendo que van falar.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Intentarei chegar a un acordo cos grupos.

O señor PRESIDENTE: Correcto. Pois sería interesante e razoable. A ver se podemos chegar a ese acordo.

Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e tres deputados/as máis, sobre o apoio ás medidas do Goberno de España respecto do endurecemento das sancións contra o réxime de Putin e a realización dun chamamento ao presidente ruso para que poña fin á guerra

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Popular e outra emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Paula Prado del Río, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia acorda, como Resolución:

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

1º- Condenar enerxicamente a agresión de Rusia a Ucraína, rexeitando totalmente a invasión das forzas militares rusas e esixindo a súa inmediata retirada. Esta agresión supón unha flagrante violación do Dereito Internacional e contra a soberanía e a integridade territorial de terceiros países.

2º- Expresar a absoluta solidariedade co pobo ucraíno e manifestarse ao carón dos esforzos que está a desenvolver o Goberno de España e a Unión Europea, reivindicando a legalidade internacional e o restablecemento inmediato da paz, tendo como guía nesta crise os principios e valores democráticos que compartimos con Europa.

3º- Expresar o mais firme compromiso deste Parlamento coa defensa dos principios da democracia, o estado de dereito e a protección dos dereitos fundamentais contemplados no Preámbulo do Tratado de constitución da Alianza do Atlántico Norte e no da Constitución da Unión Europea. Así mesmo este Parlamento apoia a labor que as Forzas Armadas españolas están a desenvolver para garantir a paz e a integridade territorial nos países europeos.

4º- Amosar o apoio á Unión Europea para que se interpoñan as sancións precisas co fin de que se poña fin ao conflito ante estes feitos tan graves contrarios á paz e as liberdades e dereitos fundamentais dos cidadáns ucraínos.

5º-O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a realizar todos os esforzos necesarios para mobilizar recursos a fin de acoller a refuxiados provenientes do conflito de Ucraína, de formas coordinadas coas administracións estatal, autonómica e local.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

«O Parlamento de Galiza acorda por resolución:

1. Condenar a agresión de Rusia a Ucraína e a total solidariedade co pobo ucraíno.

2. Pedir un inmediato alto ao fogo e a retirada das tropas rusas do territorio ucraíno.

3. Reclamar a todas as partes en conflito o respecto escrupuloso ao dereito internacional, aos dereitos humanos e traballar pola resolución do conflito no marco da ONU e da OSCE.

4. Reclamar a todas as partes o retorno á vía diplomática como única fórmula para resolver as diferenzas para acadar acordos de paz duradeiros.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Bo día, señorías.

Permítanme que, previamente, e debido á miña evidente deformación profesional, como profesor, cada vez que detecto un erro palmario, me vexa na obriga de intentar corrixir esa afirmación e reconducir, polo tanto, o construto teórico sobre o que se argumentan determinadas posicións.

Miren, todos os que estamos aquí, porque todos estudamos sisudamente os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, sabemos que o capítulo I se refire aos gastos globais de persoal, que inclúen, evidentemente, altos cargos, pero tamén funcionarios.

Digo isto porque se afirmou con contundencia, e mesmo se distribuíu con aporte documental de dubidosa consistencia, a afirmación de que o Goberno do Estado custa 173.000 millóns de euros ao ano. E comino as súas señorías a que examinen os orzamentos xerais do Estado e comproben como o capítulo I supón 19.229 millóns de euros; polo tanto, nove veces menos do que se vén de afirmar aquí con contundencia. Eu creo que un erro o comete calquera, pero non é bo persistir nese erro, *(Aplausos.)* porque eu me pregunto se alguén de aquí sumaría o custo, por exemplo, da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ao mantemento de carreteras, Augas de Galicia, etc., para dicir que ese custo é da Consellería en canto ao staff de goberno. E miren non podía falar o kit das neveiras no coche. ¡Coidado! ¡*Luxuria maxima*!, ¡unha neveira portátil que se enchufa nun mechero dos que leva o coche! Pero ben, é o argumento que temos. *(Aplausos.)*

Imos ao asunto, que é ben importante. Quero facer unha consideración sobre a intervención do señor presidente na sesión de control. Considero lamentable desvirtuar e minusvalorar esta proposición non de lei. Citou varias veces o señor presidente a Putin na súa resposta, cando estamos a falar dun problema ben serio.

Como saben vostedes, señorías, o pasado 24 de febreiro, hai hoxe 91 días, Europa lembraba de golpe os seus peores pesadelos. Tras semanas de enormes esforzos diplomáticos —repito, de enormes esforzos diplomáticos— por parte da Unión Europea para garantir a paz en Ucraína, o dirixente dunha potencia nuclear decidía invadir militarmente unha rexión veciña, libre, soberana e democrática. Falo tamén con insistencia: libre, soberana e democrática.

E facíao, como vimos nos medios de comunicación, de forma cruel e premeditada, sen ningún acontecemento que desencadease e, por tanto, xustificase dalgunha maneira esa invasión. Facíao incumprindo as súas promesas e compromisos, demostrando con iso o nulo valor que lles confería a esas promesas e a eses compromisos. E ademais facíao, como todos puidemos escoitar, con argumentos que podemos cualificar de falaces e que nos traen ecos daquela Europa vítima de liderados autoritarios, de fantasías imperialistas e de alucinacións históricas que criamos definitivamente superadas no noso continente.

Desde o pasado día 24 de febreiro, día en que Rusia comezou esa invasión de Ucraína, asistimos a unha violación sistemática dos dereitos humanos neste país, e son diarias as novas que o evidencian.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Este escenario foi deseñado polo presidente Putin durante moitos anos. Era impensable para os europeos que tomamos de golpe conciencia de pertencer a un proxecto común que foi atacado. De feito, a firme e unitaria resposta europea a Rusia e a solidariedade internacional con Ucraína foron creo que dous dos erros de cálculo máis graves do réxime de Putin nesta guerra. Nunca pensamos que volveriamos ver no chan europeo esas horribles imaxes de bombardeos e matanzas contra a poboación civil inocente, porque son crimes de guerra que non poden quedar impunes, e o noso compromiso debe ser firme. España e as súas institucións públicas están —porque deben estar— firmemente comprometidas en apoiar a Ucraína, do mesmo xeito que o Estado, o conxunto da sociedade española, que volveu, por certo, dar un exemplo de solidariedade, porque, igual que a esperanza de Ucraína está en Europa, a esperanza de Europa está hoxe depositada en Ucraína e na defensa que están a facer dos valores e das ideas de liberdade, pola que milleiros de europeos deron a súa vida hai sete décadas.

Ninguén, ninguén quere a guerra de Ucraína; nin Ucraína evidentemente, nin a Unión Europea, nin a OTAN, nin tampouco a comunidade internacional. Aquí soamente hai unha persoa que quere esa guerra. E a pesar de que Europa rexeite a guerra, ten a obriga de reforzar tamén militarmente a Ucraína fronte a Putin en paralelo, coa axuda humanitaria a Ucraína e as sancións económicas a Rusia. Trátase de desenvolver ao mesmo tempo solidariedade con Ucraína e contundencia con Rusia. E o compromiso de España dáse tamén coa defensa do territorio da Unión Europea e da OTAN, e o mesmo ocorre no plano europeo. A agresión de Putin —creo, francamente, que está fóra de toda dúbida— ten a súa orixe no seu medo a que o proxecto democrático da Unión Europea empece a ser demandado pola propia poboación rusa. Por iso, a resposta a esta guerra e as súas consecuencias económicas deben nacer da unidade dos europeos.

España, xunto cos seus socios internacionais, está totalmente comprometida, porque espertamos do espellismo de que, ao ser a Unión Europea unha potencia democrática, estabamos libres de sufrir unha guerra. Démonos conta de que ese risco existe e temos que dar resposta. Hai que reforzar a política exterior de defensa común da Unión Europea, e Putin e a pandemia lembráronnos que non hai ningunha rexión do mundo, por moi desenvolvida que estea, inmune nin ás pandemias nin ao virus da guerra. Putin rompeu esa Europa de tempos de paz e concordia construídos durante máis de sete décadas, porque sente a existencia da Europa democrática como unha ameaza.

E fronte a ese ataque inxustificado, Europa ten que demostrar a súa mellor versión; a Europa unida nos seus valores de paz, de xustiza social, de liberdade, de democracia e de solidariedade. O Partido Socialista de Galicia, o Partido Socialista Obreiro Español, é un partido contrario ás guerras, e máis aínda cando as guerras son inxustas e ilegais. E por iso nos opuxemos no ano 2003 á guerra de Iraq e opoñémonos no ano 2022 á guerra de Putin. A coherencia, señorías, é a fonte de identidade e de credibilidade; opuxémonos e seguiremos opoñéndonos a calquera agresión imperialista, dá igual o imperio que a promova.

E temos que lembrar algúns datos. Hoxe hai máis de seis millóns de refuxiados, máis de sete millóns de desprazados e ata o 11 de maio —último dato actualizado polo Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Dereitos Humanos— 3.541 civís falecidos e, por suposto, miles

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de militares de ambos bandos tamén falecidos; uns custos estimados de reconstrución de 566.000 millóns de euros. É necesario, sen facer drama, mencionar explicitamente que, dentro dese éxodo de poboación civil, hai mulleres, nenas e nenos nunha situación moi precaria e vulnerable, o que fai que sexan vítimas de agresións e ou violencia sexual. Porque debemos lembrar que é unha resolución do Consello de Seguridade de Nacións Unidas que recoñece que esas violacións e outras formas de violencia sexual poden constituír un crime de guerra, un crime contra a humanidade ou un acto de xenocidio. E repito, non se trata de instrumentalizar as traxedias, senón que son realidades e existen.

Polo tanto, señorías, esa Europa que fomos construíndo ao longo de setenta e dous anos de paz, sobre un continente arrasado historicamente por conflitos armados que coñecemos, coas nosas luces e sombras —tamén é necesario recoñecelo—, é unha Europa de benestar e de prosperidade, nunca visto na nosa historia, cun equilibrio que é un modelo no mundo de liberdade pública, de progreso económico e de solidariedade social. Toma máis relevancia ca nunca a declaración de Robert Schuman cando dicía que: Europa non se fará dunha vez nin nunha obra en conxunto, senón grazas a realizacións concretas que creen solidariedade de feito.

Por iso, señorías, presentamos a nosa proposición non de lei, que contén dous puntos que coñecen perfectamente. En primeiro lugar, facer un chamamento ao presidente ruso Vladimir Putin para que se sente seriamente nunha mesa de negociación con Ucraína e poña fin de inmediato a esta guerra. E, en segundo lugar, expresar o apoio ao Goberno de España nas medidas anunciadas polo presidente do Goberno o pasado 5 de abril de 2002, para que, en consonancia cos seus aliados europeos e no marco da Alianza Atlántica, continúe co endurecemento das sancións contra o réxime de Putin, a axuda humanitaria e a asistencia financeira, así como o envío de equipamento militar, para que Ucraína poida exercer o seu dereito á lexítima defensa.

Señorías, quería facer unha última observación: non se trata de apoiar o Goberno de España como Partido Socialista; trátase de apoiar o Goberno do Estado, o Goberno de España, como membro dunha Unión Europea democrática que defende eses valores que están a ser permanentemente atacados e postos en cuestión como consecuencia desta invasión.

Nada máis polo momento e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Agora saudamos os alumnos de 3º da ESO do Centro Sagrado Corazón de Jesús, de Ribadeo, en Lugo. Benvidos ao Parlamento e tamén aos seus profesores.

Agora ten a palabra, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Bo día a todas e a todos.

Benvido ao Parlamento de Galicia o alumnado do Instituto de Ribadeo que nos acompaña.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Eu vou intentar ser o máis clara, o máis diáfana, o máis directa e o máis concreta posible na translación da postura do Bloque Nacionalista Galego a respecto desta cuestión que ten a ver coa guerra na Ucraína e da posición da nosa organización neste sentido.

Vou ser, insisto, clara, diáfana e concisa en tres cuestións a respecto desta iniciativa; a primeira, sobre cal é a posición do Bloque Nacionalista Galego a respecto da guerra na Ucraína. E foi clara desde o primeiro momento, desde o minuto un. Porque a guerra non comezou o 24 de febreiro; de feito, se vostedes van e repasan as cifras de ACNUR, verán que se sitúan aproximadamente en 854.000 as persoas desprazadas polo golpe de Estado e pola posterior guerra iniciada no Donbás, na Ucraína, no sur da Ucraína, desde 2014; 854.000 persoas desprazadas, que son máis que a cidade da Coruña e a cidade de Vigo, as dúas cidades máis poboadas de Galiza xuntas.

Nós, desde ese ano, desde 2014, despois do golpe de Estado do Euromaidán, ao inicio da guerra do Donbás, levamos anos reclamando o cesamento do fogo e das violacións de dereitos fundamentais e humanos que se levan perpetrado nese país, o respecto á liberdade sindical, a non ilegalización de partidos políticos, a resolución pacífica do conflito por vías única e exclusivamente diplomáticas e políticas, o respecto aos acordos de Minsk, ao primeiro e ao segundo, tantas veces incumpridos, sen que iso suscitase nin o máis mínimo interese por quen hoxe dentro e fóra desta Cámara se dá golpes de peito.

Tamén, e por suposto, desde o 24 de febreiro de 2022, en que se produce esa invasión militar rusa; unha violación flagrante, inxustificada e inxustificable do dereito internacional, comezando pola violación do principio de integridade territorial e soberanía dos estados, recollido na Carta das Nacións Unidas e na Conferencia de Helsinki sobre a seguridade e a cooperación en Europa. Condenamos con total firmeza e absoluta rotundidade a invasión rusa na Ucraína, e a guerra, polo tanto, neste país, como fixemos sempre; sempre o fixemos con todos os conflitos, con todas as guerras, con todas as invasións militares e con todos os bombardeos, fose a forza invasora que fose, fose o pobo masacrado que fose. Porque Europa sabe o que é bombardear o seu territorio desde hai vinte e tres anos, non setenta: bombardeos de Belgrado —que supoño que será Europa— en 1999 pola OTAN. Pode preguntar a Javier Solana, porque era quen daba a orde ás forzas militares da OTAN de tirar esas bombas sobre ese país. *(Aplausos.)* Sabemos, por desgraza —iso é o máis terrible de todo—, neste vello continente, desde hai moi pouco tempo, menos do que eu levo viva, o que é bombardear e agredir un pobo e un país: en Belgrado, na Livia, a ocupación de Iraq, a guerra do Afganistán, estivemos e estamos en contra do xenocidio sionista contra o pobo palestino ou da ocupación ilegal do Sáhara por Marrocos. Tamén podían darlle unha volta á posición que o Partido Socialista tivo de traizón co pobo do Sáhara, *(Aplausos.)* sendo como é o Estado español aínda hoxe potencia administradora a ollos do dereito internacional.

Fomos diáfanas e absolutamente claras nas nosas posicións antimilitaristas, sempre, sempre, sen distincións nin equidistancias, porque o BNG non diferencia, non diferenciamos entre guerras nin entre pobos. Nas guerras, señorías, cambiarán as bandeiras, as cores, pero sempre gañan e perden os mesmos. Gañan os poderosos, as grandes potencias, os estados e, sobre todo, as grandes empresas armamentísticas e enerxéticas, fundamentalmente, porque, detrás da guerra na Ucraína hai moito de interese económico sobre o futuro enerxético,

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

non de Europa, senón do mundo. E perden, perdemos, os de sempre, a xente e os pobos, que son quen pon os mortos enriba da mesa.

En segundo lugar, miren, no BNG somos unha organización pacifista desde que nos fundamos, en 1982. Cúmprense este ano corenta anos da nosa fundación. Así o recollen as teses políticas de todas e cada unha das nosas asembleas nacionais e a carta de principios políticos e ideolóxicos e valores do BNG, perfectamente accesible para quen a queira ver na páxina web do Bloque. Cito literalmente: «O BNG é unha forza pacifista, pois entende como prioridade a defensa da paz mundial, o desarmamento e a disolución dos bloques militares agresivos, e avoga pola resolución pacífica e democrática dos conflitos internacionais». Como forza de paz, nunca, nunca, en ningún caso, imos apoiar a escalada militar, a subministración e a venda de armas nun conflito ou guerra; nunca, nin ao pobo ucraíno, nin ao palestino, que lles aseguro que tería tanta ou máis razón para apelar á lexítima defensa despois de medio século de ocupación e masacre por parte do Estado de Israel. *(Aplausos.)* Aí a comunidade internacional, o denominado mundo libre, Occidente, cala e outorga. Impunidade a un estado que mata xornalistas a plena luz do día, como Abu Akleh, ou que continúa ocupando vivendas na cidade Jenin ou do West Bank. ¿Onde está o dereito internacional aí? ¿Onde está a axuda de Occidente? ¿Que é o que determina a quen se arma? ¿Que é o que decide? ¿Onde radica a lexítima defensa e onde non? Poden responder a esa pregunta. ¿Por que subministrar armas ao pobo ucraíno e non ao palestino ou ao saharauí? Nós temos claro que en ningún caso hai xustificación para subministrar ou vender armas que alimenten e escalen conflitos e guerras. *(Aplausos.)* Porque a paz, sexa onde sexa, constrúese con diálogo e non con armas; a paz constrúese coa paz e non coa guerra; constrúese desde o multilateralismo e o desarmamento internacional.

«Comprar armas y fabricarlas nunca es la solución. La solución es trabajar juntos por la paz. Con la guerra se pierde todo. En una guerra no hay victoria, todo es derrotado. La respuesta non son otras armas, otras sanciones, otras alianzas político-militares, sino outro enfoque, una forma diferente de gobernar el mundo, ahora globalizado; una forma diferente de entablar las relacións internacionales.» Isto —que ademais xa o cito literalmente na lingua na que foi dito para que non haxa lugar a dúbidas— non é do BNG, senón que o dixo o papa Francisco, que parece que ten bastante máis sentido que unha parte desta Cámara. Pero até o mesmísimo sucesor e herdeiro de San Pedro foi criticado, sinalado e acusado —como tamén o BNG e tantas outras forzas políticas ao longo e ancho do planeta— de putinista, nesta espiral belicista na que se apunta co dedo acusador a quen ousa cuestionar o máis mínimo o pensamento único. E iso é o máis perigoso desde ese punto de vista, desde este lado da batalla; iso é o máis perigoso de todo: pretender criminalizar e silenciar a quen defende a paz, a quen defende a vida ou calquera idea un pouco minimamente diferente de cal e como debe ser a orde internacional, e, polo tanto, o conxunto de normas e leis que rexen as disintas nacións, pobos e estados do mundo.

E aí entro na terceira e na última cuestión, porque tamén lle vou dicir unha cousa, señor Álvarez, son vostedes máis valentes en rolda de prensa que no Parlamento, *(Aplausos.)* porque o que tivemos que oír en comparecencias públicas, *(Aplausos.)* o que tivemos que oír, aquí non se atreveron a dicilo, para xustificar esta iniciativa.

Nós levamos soportando, non semanas, senón os últimos meses como se usa a guerra, a invasión rusa e o pobo ucraíno —o peor, a dor do pobo ucraíno— para atacar o BNG, nun

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

exercicio de baixeza política —tamén o quero dicir aquí, e expresalo publicamente— que persoalmente é do peor que vin e tiven que vivir aquí dentro no tempo que levo. *(Aplausos.)* Non todo vale, *(Aplausos.)* non todo vale.

Tamén quero dicirlles algo —xa para rematar—. Creo que se confunde de inimigo quen cre que atacando o BNG vai conseguir algo. E repito: creo que se confunde de inimigo quen cre que atacando o BNG vai conseguir algo. Dígollelo desde o máis absoluto respecto que sempre lles temos, pero tamén desde a máis absoluta franqueza e sinceridade. Hai moita xente, señor Álvarez —estou segura, e aínda se me preguntan atrévome a dicir que para vostede é unha incomodidade—, no PSdeG que non entende o que están a facer; *(Aplausos.)* nin o entenden nin o comparten. *(Aplausos.)* Creo, sinceramente, que non é un bo negocio copiar o argumentario e a estratexia da dereita e do Partido Popular, facerlles o caldo gordo, pero ¡alá cadaquén!

A nós, a nosoutras, non nos van desviar nin o máis mínimo do noso obxectivo, da nosa folla de ruta, que é, neste caso concreto —e centrándonos no que é obxecto de debate—, defender a paz; unha orde internacional multipolar baseada na cooperación, no diálogo, na solidariedade entre pobos, en que Galiza teña, como calquera outra nación e pobo do mundo, o dereito a ser e a ter voz propia por si mesma. É nese camiño no que nos van atopar, non noutro. Como cantaba algún grupo punk —igual alguén recorda— de Alcobendas, madrileño, Kaos Urbano: «nin guerra entre pobos nin tregua entre clases».

Nós presentamos unha emenda de substitución que foi, literalmente, obxecto de acordo unánime polas tres forzas políticas que estamos hoxe representadas nesta Cámara, no Concello de Santiago de Compostela ou na Fegamp. Nós apelamos a esa vontade de acordo unánime de oposición clara e rotunda a calquera tipo de guerra, a calquera tipo de invasión militar veña de onde veña e a buscar sempre, sempre, como única saída para os conflitos, a vía diplomática, o diálogo, a cooperación, a paz e o dereito internacional.

Agardamos poder chegar a un acordo.

Máis nada. *(Prolongados aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Saúdo non o instituto, senón o Colexio concertado Sagrado Corazón, de Ribadeo, que hoxe nos acompañan.

Señor Álvarez —como cuestión previa—, está ben que vostede veña defender aquí, coma sempre, o señor Sánchez coas cifras. É certo que o noso compañeiro, o señor Balseiro, antes citou unha fonte periodística para dar un dato, e pode ser que esa fonte periodística estivera errada. Pero, bueno, se acudimos a outras fontes periodísticas, o certo é que o Goberno do

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

señor Pedro Sánchez incrementou nun 30 % o custo de asesores, ministerios e demais. É dicir, estamos falando do Goberno máis caro da historia de España, con 22 ministerios e cun custo —insisto— dun 30 % máis en asesores. Ten mil e pico asesores. ¡O señor Sánchez incluso ten entre os seus asesores a membros do Club da Comedia! ¡Falta lles fai!, ¡falta lles fai!, *(Aplausos.)* porque, para facer os guións das cortinas de fume que fan en Moncloa cada día para tapar a desvergoña do Goberno de España, ¡falta lles fai o Club da Comedia e moito máis! Teñen un batallón de asesores e un batallón de ministerios. ¿E vostede vén aquí defender iso? Bueno, ¡alá vostede!

Onte mesmo a Comisión Europea advertiu a España de que tiña que controlar o gasto corrente porque o endebedamento excede —di a Comisión Europea— os niveis de prudencia, e teñen incluso unha relevancia transfronteiriza porque afecta outros países da Unión Europea.

Dicía a señora Rodil que a guerra non comezou o 24 de febreiro. Ben, en toda a prensa, o 24 de febreiro *(A señora Prado del Río le varios titulares de prensa e móstrallelos aos membros da Cámara.)*: «*Guerra en Europa*», «*Putin desata la guerra en Europa*», «*Estalla la guerra*», «*Guerra en Europa*», «*Putin toma Ucrania a sangre y fuego*»... Bueno, un periódico galego, non; dicía: «*Intervención militar en Ucrania*» —estes eran os do BNG—. Ben, pois o 24 de febreiro de 2022 forzas militares rusas invadiron o estado soberano de Ucraína no que constitúe o maior ataque militar convencional en Europa das últimas décadas, ademais dunha flagrante violación do dereito internacional e contra a integridade territorial dun terceiro país.

O Grupo Parlamentario Popular, o Goberno galego, e incluso creo que podo falar en nome da gran maioría das galegas e dos galegos, condenamos con contundencia e sen ambigüidade a invasión de Ucraína por parte de Rusia. *(Aplausos.)* Dende o primeiro momento as principais institucións internacionais e países do mundo avogaron polo restablecemento inmediato da paz e pola exixencia da saída das tropas rusas do territorio ucraíno. A invasión recibiu unha condena internacional xeneralizada, ata o punto de que a Resolución da Asemblea xeral das Nacións Unidas en resposta á invasión rusa contou co apoio explícito de 141 países dos 193 que forman a ONU.

A nivel europeo tamén se deu un paso histórico, como foi a expulsión de sete bancos rusos do sistema de interconexión bancaria SWIFT, así como a adopción dunha serie de sancións conxuntas contra Rusia, ao igual que o están a facer outros países membros da Alianza Atlántica e da comunidade democrática internacional. O obxectivo destas medidas era facer presión aos gobernantes rusos para que puxesen fin ao conflito ante estes feitos tan graves, contrarios á paz e ás liberdades e dereitos fundamentais dos cidadáns ucraínos.

Galicia está a carón dos esforzos que están a desenvolver a Unión Europea e os gobernos dos distintos estados membros, incluído o Goberno de España, reivindicando o restablecemento da legalidade internacional e da paz. Todo isto, tendo como guía nesta crise os principios e valores democráticos e a protección dos dereitos fundamentais contemplados no preámbulo do Tratado de constitución da Alianza do Atlántico Norte e na Constitución Europea. Desde Galicia e dende o minuto un amosamos unha disposición total a colaborar nunha resposta humanitaria coordinada co Goberno central en apoio do pobo ucraíno. Neste sentido, Galicia

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

puxo á disposición prazas de acollida para refuxiados, espazos específicos para pacientes pediátricos e pacientes con tratamentos oncolóxicos procedentes deste país e garantiu a escolarización inmediata dos nenos ucraínos en idade escolar. No día de hoxe hai 651 refuxiados ucraínos matriculados en 243 centros educativos de Galicia. A invasión non cesou; onte cumpríanse catro meses dende o inicio da invasión.

Vou entrar xa na proposta do señor Álvarez. Señor Álvarez, o punto 1 permítame que lle diga que resulta moi sorprendente. Eu vouno ler literalmente para evitar falsas interpretacións: «O Parlamento de Galicia acorda facer un chamamento ao presidente ruso Vladimir Putin para que se sente con seriedade na mesa da negociación con Ucraína e poña fin de inmediato á guerra».

Sorprende por dúas razóns. Primeira, ben, eu non sei se o PSOE está botado ao monte, fai como os seus socios independentistas e pretende agora que as comunidades autónomas impulsen —e o Parlamento galego neste caso— negociacións internacionais de paz. Bueno, mañá mesmo hai un cumio internacional entre a señora Pontón e o señor Pere Aragonés. Eu non sei se o Partido Socialista tamén vai participar nese cumio internacional. Pero sorprende aínda máis, señor Álvarez... Isto non é de chiste, pero, claro, permítanme que este primeiro punto a min me lembre ao humorista Gila cando dicía aquilo de: «*¿Es el enemigo? ¡Que se ponga!*». Pois eu non imaxino o señor Santalices chamando ao Kremlin para dicir: Oia, señor Putin, ¿vostede podería parar a guerra un momento? *¿A que hora le viene bien, señor Putin, para sentarse en una mesa a negociar, pero seriamente?* Bueno, eu creo que debemos de ser serios, señor Álvarez, e propoñer cousas que sexan unha posibilidade real. E, nese sentido, o lóxico é que o Parlamento de Galicia se dirixa ao Goberno de España ou ao Ministerio de Exteriores para que fagan as xestións oportunas, e ser serios neste plantexamento.

Creo que Galicia foi leal co Goberno de España, e o Partido Popular tamén. Non poderán reprocharnos que non existiu un apoio explícito e unha postura de Estado nesta cuestión. Pola contra, o PSOE non puido contar cos seus socios de goberno, non puido contar con Podemos, non puido contar cos independentistas, e tampouco puido contar co BNG. *(Aplausos.)* Todos temos na nosa retina o señor Néstor Rego sentado, sen aplaudir, cando interveu o señor presidente Zelenski no Congreso dos Deputados. Aínda que só sexa porque era o representante dun pobo que estaba sufrindo, que está sufrindo, unha invasión, que está resistindo titanicamente contra a invasión rusa, aínda que só sexa por respecto a todo o pobo ucraíno, que o señor Néstor Rego —representante e líder, auténtico líder, do BNG— non se levantara e aplaudira ao señor Zelenski é a verdadeira postura do BNG neste conflito. *(Aplausos.)*

Vostedes para nada teñen que ver cos intereses do Estado, vostedes non poden contar cos socios dese goberno Frankenstein, nin poden contar nin poden fiarse; ese é o gran problema, señor Álvarez. Non fai falla que eu lle lembre aquí as escuras conversas de independentistas cataláns cos servizos secretos rusos, ou incluso a confirmación da interferencia rusa durante as eleccións de Cataluña, que buscaban desestabilizar o país. Incluso as conversas entre o prófugo Puigdemont e o Kremlin... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Bueno, aquí hai alguén que fala sempre de democracia e despois é o primeiro antidemócrata que pretende calar a voz das cousas que non lle gustan. *(Aplausos.)* Pois ¡hai que escoitar!, *(Aplausos.)* ¡hai que escoitar o que non gusta! *(Aplausos.)* ¡Hai que escoitar! *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nós, señor Álvarez, pensamos que vostedes non poden fiarse dos seus socios. E témolo aquí nesta Cámara, co veto do BNG á declaración institucional que propuxo este grupo e que contaba co seu apoio. ¿E por que non saíu adiante? Porque o Bloque Nacionalista Galego vetou esa declaración institucional. Esa é a equidistancia da que falaba a señora Rodil. Porque, claro, para eles é tan malo que Rusia invada un país veciño como a OTAN; están obsesionados co antiatlantismo, pero non o digo eu, é que o din eles mesmos. Miren, este é un tuit do señor Rubén Cela —que é a man dereita e esquerda da súa lideresa— de xaneiro, antes de que estalara a guerra: «*Vimos de constituír...*» Unha cousa é a lideresa e outra cousa é o verdadeiro líder. ¡Coidado!, non é o mesmo... *(Murmurios.)* Quen manda é o señor Rego... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Tranquilos!, *(Murmurios.)* ¡tranquilos!, *(Murmurios.)* tranquilos que, quen manda, é o señor Rego. Leo: «*Vimos de constituír entre diferentes organizacións galegas a Plataforma Galega contra a OTAN, galizacontraaotan.gal, aberta a que se sumen todas aquelas organizacións que o desexen e subscriban o manifesto fundacional. En breve teredes máis novas da actividade da plataforma*». *Contra o imperialismo, pola paz e soberanía*—. Situando nunha mesma liña os agresores como os agredidos, situando sen equidistancia o tratado atlantista de mutua defensa que os agresores, que conculcando calquera lei internacional, decidiron unilateralmente invadir un país veciño. Ao BNG moléstalle máis a OTAN que o imperialismo de Rusia cos países situados na órbita da antiga Unión Soviética. Moléstalles que llelo diga, pero vostedes teñen alma soviética *(Aplausos.)* *(Murmurios.)* e por iso non foron quen de aceptar a declaración institucional que propuxemos aquí. *(Aplausos.)*

Pero hoxe este grupo parlamentario presenta como emenda a mesma declaración institucional. E imos ver se vostedes son quen de votar a favor desa... *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)* Mire, eu creo que a mala educación hai que deixala fóra das portas. *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Rivas, silencio.

A señora PRADO DEL RÍO: ¡Hai que deixala fóra das portas! Eu sei que non lles gusta que lles digamos as verdades, pero é verdade, vostedes disfrázanse de demócratas. Disfrázanse aquí de... *(Murmurios.)* Si, si, poñen o disfraz de: non somos independentistas, somos soberanistas; e logo vai o señor Rego e xa lles di que non, que son independentistas. *(Murmurios.)*

Bueno, dito isto, nós presentamos unha emenda seria na que pedimos o mesmo que pediamos cando se iniciou a guerra...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...e que contaba co apoio do Partido Socialista. Eu espero chegar hoxe a un acordo. E non sei se o Bloque Nacionalista Galego, antiimperialista e antiatlantista, será quen de votar a favor da iniciativa ou seguirán instalados no seu antiimperialismo e no seu sovietismo.

Moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Previamente, señora Prado, cambiou o conto coas cifras do custo do Goberno. Pero, ben, ímolo deixar aí, que non é obxecto de debate. *(Aplausos.)*

Mire —por orde de intervención—, señora Rodil, eu entendo o seu discurso e a necesidade de encontrar similitudes, de ir a outros conflitos bélicos, etc., pero é que a nosa iniciativa vai sobre a invasión de Rusia a Ucraína, e diso é do que pretendiamos falar de xeito exclusivo.

Vostede di que a paz se constrúe con diálogo e non con armas. E podemos compartir esa afirmación. ¡Ogallá funcionase!, ¡ogallá funcionase! Porque pacifistas sómoslle todos na teoría, menos cando nos atacan, porque, cando nos atacan, resulta pouco produtivo, desde o punto de vista da defensa dos intereses lexítimos, intentar dialogar co atacante. As cousas sonlle así. *(Murmurios.)* ¿Non lle gustan? A min tampouco, pero a realidade élle esa e non é outra.

E mire, fai vostede referencia á OTAN. Pero eu pregúntome, dentro do contexto europeo, Albania, Alemaña, Bélxica, Bulgaria, Croacia, Dinamarca, Eslovaquia, Eslovenia, España, Estonia, Francia, Grecia —vou respirar—, Hungría, Islandia, Italia, Letonia, Lituania, Luxemburgo, Macedonia do Norte, Montenegro, Noruega, Países Baixos, Polonia, Portugal, Reino Unido, República Checa, Romanía e Turquía —28 dos estados, que teñen unha poboación de máis 578 millóns de habitantes—, están —estamos— nesa organización. E, dentro deses países que lle acabo de citar, creo que hai estados que son todo un referente a nivel non só europeo, senón mundial de benestar social e de respecto ao réxime democrático e aos dereitos da poboación. E, francamente, creo que a recente solicitude de incorporación de Finlandia e Suecia, logo —entendo eu— dun debate das súas forzas políticas e sociais e dunha avaliación serena e responsable da situación, da arquitectura de seguridade en Europa, debera tamén facer reflexionar sobre se determinadas concepcións belicistas con respecto a unha determinada organización poden manterse dunha forma razoablemente certa no ano 2022. Eu, francamente, creo que non.

E mire, voulle facer unha confesión persoal: non disparei unha arma de fogo na miña vida. Non son militarista. Prefiro, evidentemente, o diálogo, pero, desgraciadamente, dentro das relacións, xa non digamos entre estados, senón incluso a nivel persoal, hai momentos nos que o diálogo non é suficiente.

Francamente, a súa emenda, señora Rodil, creo que nos puntos 3 e 4 iguala as dúas partes. Porque no punto 3 di: «Reclamar a todas as partes en conflito o respecto escrupuloso ao dereito internacional, aos dereitos humanos e traballar pola resolución do conflito no marco da ONU e da OSCE». Ese é o punto 3. E o punto 4 di: «Reclamar a todas as partes o retorno á vía diplomática como única fórmula para resolver as diferenzas para acadar acordos de paz duradeiros».

¿De verdade cre que neste conflito hai igualdade en canto á necesidade de restablecer o diálogo diplomático, ou sabemos certo que hai unha das partes que fixo caso omiso a todos os

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

intentos de diálogo diplomático que precederon esa invasión? ¿De verdade cre vostede que se pode manter esta emenda e igualar a Ucraína e a Rusia dentro das posibilidades de resolución deste conflito?

E mire, señora Rodil, a proposición non de lei non ataca o BNG. Eu podo entender que vostedes teñan unha posición complicada con respecto a este asunto, podo entendelo, pero non ataca o BNG; defende a Ucraína exclusivamente. *(Aplausos.)* Que vostedes teñan unha situación complicada con respecto a este ámbito é un problema do Bloque Nacionalista Galego, non é un problema de quen pretende a defensa de Ucraína.

Señora Prado, a proposición non de lei contén o texto íntegro, sen cambiar comas nin palabras, que a que vostedes apoiaron no Congreso dos Deputados. Pode rir vostede todo o que queira, pode sacar unha foto de Gila e preguntar: *¿Es el enemigo?* Pero... *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Home!, entón, non haberá ningún problema —digo eu— para apoiala aquí.

Outra cousa. Este non é o primeiro caso —non é o primeiro, nin será o primeiro— no que este Parlamento fixese relación a ámbitos de relacións internacionais. Pero, ben, podemos todos consultar a hemeroteca.

En todo caso, tendo en conta a importancia e a transcendencia desta proposición non de lei, eu comino a ambos grupos parlamentarios a que busquemos unha transacción para sacar adiante un acordo unánime con respecto á desgraciada situación que vive o pobo de Ucraína.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas. A iso os animamos.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Noa Susana Díaz Varela e Dª Noelia Otero Lago, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do cumprimento da Lei 17/2006, do libro e da lectura de Galicia

O señor PRESIDENTE: Hai emendas do Grupo Parlamentario Popular e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Sandra Vázquez Domínguez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a manter as liñas de traballo que, desde o marco da Lei do Libro e da Lectura de Galicia, impulsan o ecosistema do libro galego, que teñen unha inci-

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dencia positiva na súa dinamización comercial e na súa visibilidade en Galicia e fóra da Comunidade, e que favorecen o afianzamento de índices de lectura pública e no contexto educativo».)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Mercedes Queixas Zas, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Engadir catro novos puntos na parte resolutiva co seguinte texto:

«5. Convocar un plan de axuda directa á creación literaria a través de bolsas e residencias literarias dentro e fóra de Galiza.

6. Garantir a compra de fondo bibliográfico bibliotecario en galego cunha cantidade mínima do 50%.

7. Activar a creación de servizos móbiles de atención a usuarias que permitan achegar un servizo público de acceso bibliotecario a todos os lugares de Galiza.

8. Activar todas as funcións do Consello Asesor do Libro.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidente.

É unha lástima que marchase xa o alumnado, porque hoxe este debate a verdade é que tiña moito que ver con eles e con elas.

Traemos novamente aquí, despois da sesión de onte, outra iniciativa respecto do libro galego. A ver se nós temos máis éxito hoxe que o que tivo onte o Bloque Nacionalista Galego.

Falaba esta mañá o señor Rueda de medidas concretas, e resaltaba esa idea. Nós hoxe traemos aquí medias concretas, a ver agora se cumpren con ese compromiso de concreción, en particular o Grupo Parlamentario Popular.

O sector do libro en Galicia foi recoñecido como estratéxico e prioritario pola súa importancia cultural, social e económica na Lei do libro e da lectura de Galicia, unha lei que vén do ano 2006. Pero a realidade é que, a pesar diso, leva unha década sufrindo multitude de problemas, con descensos moi notables de produción e tamén dos índices de lectura en Galicia.

Tamén é característica desta época Feijóo unha forte redución das axudas públicas, a absoluta carencia de campañas de estímulo á lectura, o descenso de axudas a bibliotecas públicas e a falla de apoio ás librerías, só por citar algunhas cuestións que —repito—, como dixen onte, nos trasladaron, e ademais é algo que comparte tamén todo o tecido asociativo, a representación de todo o sector.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

De aí que enmarcada no Día do Libro —que xa pasou, como saben— e tamén no Día das Letras Galegas —unha semana, por certo, a das Letras Galegas, que coincidiu co pleno de investidura do presidente da Xunta, do señor Rueda, gran amante, por certo, das nosas letras, da nosa lingua e tamén, sobre todo, da nosa toponimia, como todo o mundo sabe; despois de escoitalo esta mañá, ¡menudos dous anos imos ter por diante a respecto desta cuestión!, ¡menudos dous anos nos agardan!—... Como dicía, por eses festexos do Partido Popular destes últimos dous meses, tivemos finalmente que trasladar a hoxe unha demanda para toda a industria do libro e tamén e, sobre todo, para a cidadanía galega con este imprescindible Plan da lectura polo que levamos máis dunha década agardando, a pesar de que parece que xa se está redactando dende hai cerca dun lustro, como dicía tamén onte.

E é que a nosa proposición non de lei abarca, como digo, primeiro, o sector cultural do país, pero a realidade é que é moito máis ca iso, bastante máis ca iso. Porque un pobo que le é un pobo libre, e iso é ao que deberamos aspirar como representantes públicos que somos: a garantir a liberdade de cada un e de cada unha de nós como cidadáns e como cidadás, a fomentar o espírito crítico, a capacidade discursiva, a armarnos de cultura no sentido máis global da palabra. E todo iso proporciónannolo, indiscutiblemente, os libros. De aí que hoxe esteamos a falar de algo que supera xa mesmamente un sector cultural neste caso, pero estamos falando de algo bastante máis importante.

Hai que aclarar —certo— neste punto que esta iniciativa, como xa manifestei antes, non é unha ocorrencia deste Grupo Socialista, senón que vén a ser o traslado das demandas do sector, por certo, ademais de maneira moi somera. As súas demandas específicas son moito máis ambiciosas, e a verdade é que ben poderían dar para un pleno monográfico. ¡Oxalá un pleno monográfico acerca desta cuestión!

Xa dixemos onte que os datos de hábitos de lectura e de compra de libros no noso país reflicten unha realidade moi preocupante. O último barómetro sobre hábitos de lectura e compra de libros sitúannos por baixo da media estatal na porcentaxe de lectores de libros en tempo libre. E estamos entre as últimas comunidades autónomas no *ranking*, de maneira que Galicia está —escoiten— a case 15 puntos da comunidade con maior índice de lectores. Esta é a gráfica. *(A señora Díaz Varela amosa unha gráfica.)* Esta é a media estatal, e nós estamos no sexto lugar, por baixo das 17 comunidades autónomas que ten o Estado.

Pero é que os datos sobre a compra de libros en galego tamén son terribles. En Galicia a porcentaxe está nun 8 % de quen merca un libro en galego espontaneamente, en Euskadi esa cifra está no 17 % —é dicir, falando das obras en éuscaro— e, por suposto, en Cataluña, a cifra aínda é maior.

O peor de todo é que estes datos, que non difiren moito do panorama destes últimos anos, parece que non fan reflexionar á Xunta de Galicia, que semella asistir con pasividade a unha situación que, dende logo, non di nada bo de nós. Por iso é preciso —e de aí a nosa proposición, como digo, concreta e propositiva— implicarse a fondo nesta tarefa, porque, pese a ser a lectura un acto individual, realmente precisa do empuxe dos poderes públicos a todos os niveis e en todos os ámbitos.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Miren, a lei galega establece, na súa disposición adicional primeira, que a Xunta de Galicia deberá presentar un plan de fomento da lectura no que, ademais de contemplarse obxectivos e medidas, tamén se determine unha periodización e o orzamento necesario para o seu desenvolvemento. Tamén —xa o dixemos onte—, a estas alturas o Goberno do Partido Popular segue sen aprobar ese plan de dinamización da lectura, a pesar dos múltiples e sucesivos anuncios do Goberno galego neste sentido.

A mesma lei —por ser rigorosas— tamén determina no seu artigo 4 a elaboración, previa audiencia dos axentes do libro ou en colaboración con eles, de plans e programas de actuación, ademais de investigacións e estudos sobre os diversos aspectos que rodean o libro e a lectura para poder aplicar políticas eficaces. ¡Políticas eficaces!, esa é a cuestión.

Mais dende a súa aprobación non se realizou absolutamente ningún estudo, ningún informe, ningunha investigación por parte do noso goberno; fóra, claro, dos que xa realizan as entidades do sector, como o propio —tamén— Consello da Cultura Galega, que semellan non ser tidos en conta —semellan non, é que non son tidos en conta tampouco pola Xunta de Galicia—.

De aí que a primeira demanda que formulemos nós hoxe sexa realizar —repito, tal e como obriga a lei— unha diagnose pormenorizada da situación do libro no noso país e, conxuntamente cos representantes do sector, elaborar ese plan de fomento do libro e da lectura, por certo con carácter transversal —quere dicir que afecte a toda a sociedade—, e, por suposto, con especial incidencia no impulso da nosa lingua.

Miren, non hai, lamentablemente, un só estudo que constate que lemos literatura en galego, ¡nin un! De feito, todos os estudos que existen apuntan que lemos moito menos en galego e cada vez menos en castelán, e eses índices de lectura son aínda menores e máis preocupantes se temos en conta os nosos mozos e mozas. Entendemos que este debera ser un dato que ao Goberno galego lle debera preocupar.

E é por iso que, ademais, nos parece de todo incongruente que a nosa literatura e os nosos creadores e creadoras sexan recoñecidos fóra de Galicia con premios de prestixio, que dan conta da magnífica calidade da nosa escrita, pero no noso país isto non atopa reflexo en ningures.

Debemos reverter esta situación, debemos revertela e adoptar estratexias para mudar hábitos, e ademais tamén —¿por que non dicilo?, ¿por que non asumilo?— debemos tamén superar prexuízos para coa nosa lingua, para coa nosa literatura, mantidos no tempo, pero que non teñen argumento válido que os sustente.

Ese plan, con cronograma, do que pedimos dotación orzamentaria suficiente, debérase presentar, por suposto, na Comisión de Educación e Cultura antes da súa aprobación —esperemos que así sexa—, onde se dará conta, ademais anualmente, dos seus resultados; agardamos que tamén con documentos que poidamos manexar.

E, ademais, tal e como evidencia o Consello da Cultura Galega nos seus sucesivos informes acerca da mingua de recursos públicos —repito, non o dicimos nós, dío o propio Consello

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

da Cultura Galega— en materia cultural, propomos incrementar as axudas destinadas ao sector editorial galego e, en especial, as destinadas a apoiar a publicación en lingua galega. Todas as asociacións consultadas, todas, coinciden na necesidade de convocar estas axudas, tal e como, ademais, existen en Euskadi e en Cataluña —por certo, unhas axudas que xa existiron en Galicia, pero que desapareceron coa crise de 2008 e non foron recuperadas—.

Do mesmo xeito, debe incrementarse no dobre cando, menos —dicimos «cando menos no dobre»—, a dotación orzamentaria dedicada á adquisición de libros por parte das bibliotecas públicas. No recente documento de traballo do Consello da Cultura Galega sobre o sector do libro, apúntase un descenso moi importante no gasto das adquisicións de bibliotecas e na dotación dos principais fomentos do libro e da lectura, que sufriron grandes recortes nos últimos anos. Pero é que, ademais, tamén esta era outra das medidas contempladas na Estratexia cultural galega, ese papel mollado que aínda está —supoño— enriba da mesa dunha consellaría. Porque realmente, dotando as bibliotecas de bos e extensos fondos, tamén estaremos axudando a mellorar os índices de lectura —terribles— dos que estabamos falando.

E xa por último, recollendo as demandas que as principais asociacións do sector facían hai un ano, pero vemos que con escaso éxito, pois tamén falamos de deseñar un plan de promoción do libro galego, dentro e fóra de Galicia, debidamente calendarizado e orzado, con especial incidencia na internacionalización. A calidade das nosas letras —xa o dixen— está máis que demostrada e transcende máis aló das nosas fronteiras, pero unha editora ou un creador ou creadora por si mesmos non son quen de chegar aos públicos que se atopan fóra de Galicia. Por iso, é esencial que sexa o noso Goberno quen deseñe esa estratexia de internacionalización.

A realidade é que non temos tempo. A cultura galega, e en concreto o sector do libro, reclama do seu goberno un maior apoio para, como digo, consolidar unha estrutura que certamente se converta en estratéxica para a nosa cultura e tamén para a nosa economía. Pero non só a industria, tamén nós, a cidadanía, necesitamos dos libros e dos creadores e creadoras para, bueno, como dixen ao principio, vivir e pensar en liberdade.

E non quero rematar sen convidala —porque entendo que vai novamente hoxe dar a réplica a señora Vázquez—, reiterando o convite para que se reúna non o Goberno só, senón tamén o Grupo Parlamentario Popular, con todas e cada unha desas asociacións que conforman este sector. Verán así como lles cambiaría notablemente a percepción que teñen do libro en Galicia.

Nada máis polo de agora.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Beizón, señor presidente.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Moi bo día, señorías.

«*O conto de nunca acabar*». Este é o título do libro que leva o Partido Popular escribindo dende hai trece anos no Goberno, con maioría absoluta continuada, e sen que albisquemos, de momento, ese final para o desenvolvemento da Lei do libro e da lectura. Seguimos con ese final inconcluso e aberto; é dicir, coa absoluta falta de compromiso por parte do Partido Popular. Un conto, un conto de nunca acabar, que navega, ou que máis ben fai augas —se mo permiten, con todo o respecto—, á vista da intervención de onte da deputada do Partido Popular e do propio conselleiro na interpelación que lle fixemos no pleno anterior, que navega entre a ciencia ficción ou mesmo a distopía, onde o protagonista principal, o conselleiro, fai desaparecer o núcleo da historia, coa axuda dos actores secundarios do seu equipo, e xa vimos que tamén coa do Grupo Parlamentario do Partido Popular, parecendo que fai —facer que fai— o que verdadeiramente desfai. «A historia interminábel», señorías do Grupo do Partido Popular, xa foi magnificamente escrita. Polo tanto, váianlle poñendo fin á súa, que é unha moi mala copia convertida nun conto ben triste.

A pregunta, no fondo, que nos trae hoxe outra vez aquí é a mesma: ¿por que o Partido Popular renuncia en trece anos a manter e a soster un compromiso co libro e coa lectura en galego? ¿Por que, trece anos despois, é incapaz de poñer enriba da mesa unha única medida estrutural que realmente sirva para afortalar o sector do libro e da lectura en galego? ¿Que teñen en contra das escritoras, das ilustradoras, das tradutoras, das libreiras, da editoras e de todo o conxunto da sociedade que le e que, ademais, cada vez demostra que quere ler máis? Se cadra, todo isto vén polo principio, efectivamente: porque o BNG escribiu o primeiro capítulo, a Lei do libro e da lectura do ano 2007, desde a responsabilidade de goberno, porque acreditaba —como seguimos a acreditar— na importancia da lectura como elemento cohesionador social, mais tamén como motor económico fundamental e como xerador de emprego. E volverá, volveremos escribir un novo capítulo moi pronto, non o dubiden, cando volva ser goberno, coa confianza da sociedade galega, para darlle un novo si ao libro e un novo si á lectura en galego.

E mentres imos avanzando cara a ese tempo novo, apoiaremos, por suposto, hoxe, esta proposición que trae o Grupo Socialista, porque recompila propostas que xa foron debatidas nesta Cámara en comisión e tamén neste pleno en sucesivas ocasións a instancias do Bloque Nacionalista Galego; é certo que temos que dicir con profunda mágoa que sen ter chegado a final feliz por incomparecencia do Partido Popular; un Partido Popular que xa ten demostrado nesta área, como en moitas outras, que é máis amigo de historias interminábeis, de finais abertos, fugaces, como a simple propaganda; isto é, de actores principais dunha política de facer que se fai para non facer nada, porque para o PP o que realmente está contando neste asunto é a inacción, o inmobilismo e a ineficacia; é dicir, de cando ser «in» —¡quen nolo diría!— significa invalidar a maior expresión cultural creativa no noso país.

E terá razón a representante do Partido Popular —que agora tomará a palabra— cando diga que xa estamos outra vez tamén as do BNG dándolle ao vira-vira do libro e da lectura en galego. E eu dígolle que ten razón, e dígollo rememorando, se me permite, aquela escena cinematográfica, épica, o Ágora, ¡o noso Ágora! (*A señora Queixas Zas mostra uns documentos.*), fonte fundamental de consulta do traballo parlamentario. Ao Ágora poño por testemuña de

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que así é, porque só nesta lexislatura —que aínda non chegou ao seu ecuador— no BNG temos rexistradas máis de cincuenta iniciativas que vostedes poden localizar facilmente, simplemente colocando as palabras «libro» ou «lectura». Ese é o traballo e é o compromiso do BNG desde representación do pobo nesta Cámara. *(Aplausos.)*

Desde o BNG dicímoslle que imos ir sempre da man dun pobo culto, onde a lectura é o eixo central da formación das persoas e da cohesión social, onde a lectura en galego é un cordón umbilical multicultural e onde entendemos que o Goberno —e así o faremos realidade— ten que ser sempre ponte de comunicación, estímulo e impulso e non un problema, un obstáculo ou un freo, como exemplificamos onte, cedéndolle a palabra a diferentes comunicados dos axentes vinculados ao sector do libro.

E terannos aquí —si, sempre—lembrándolle ao Partido Popular que non cumpre coa lexislación vixente. É máis, opta por se manter na alegalidade, ademais de na xordeira, na cegueira e no desprezo incomunicador co propio sector, porque levan trece anos incumprindo a elaboración dun plan de dinamización da lectura que indica a lei sen explicar o porqué, porque levan trece anos incumprindo os seus propios e reiterados —até a saciedade— anuncios e sen explicar o porqué, porque levan trece anos ignorando o sector do libro galego e sen explicar o porqué, e porque levan trece anos fallándolle nesta área tamén á sociedade galega e sen explicar o porqué. Suficiente información e datos concretos demos onte neste pleno, na nosa moción, como no pleno anterior, na interpelación que lle fixemos ao conselleiro. Con todo, a realidade dos datos, sempre é honesta e explícao todo.

A intervención de onte, na nosa moción, da representante do Partido Popular, da señora Vázquez, demostrou, ademais, que agora tamén o Goberno do Partido Popular incumpre co propio Grupo Parlamentario do Partido Popular ao ignorar absolutamente o compromiso unánime que asumimos nesta Cámara, promovido por unha proposición non de lei do Partido Popular en setembro de 2021, que instaba o Goberno a dar, por fin, cabo dos traballos de redacción do Plan de lectura. Isto é o que figura literalmente nese acordo—o Goberno do Partido Popular está claro que non goberna ben nin na súa casa— e a resposta de onte da voceira do Partido Popular aínda demostra algo máis grave, e é que chegou mesmo a invalidar as palabras textuais do conselleiro de Cultura no pleno anterior, ou ben confirmou que mentía —xa nolo dirá—, cando anunciou literalmente o conselleiro, o señor Román Rodríguez, que «estamos traballando, redactando o Plan de dinamización da lectura. É certo que se parou, basicamente pola imposibilidade de poder levar a cabo reunións co sector, pero está a punto, a puntiño de ser presentado». Repase o *Diario de Sesións* e verá como foi así explícito.

Entón, esqueceu falarnos onte disto, señora Vázquez, ¡que curiosidade! ¿Hai plan de dinamización da lectura ou non hai plan? Mentiu vostede ou mentiu o conselleiro. Igual agora nolo vai aclarar.

No BNG, con todo, non imos perder o tempo en pedirlles explicacións; imos pedirlles, iso si, que actúen, que actúen dunha vez e que abandonen a súa política de equilibristas do baleiro. Cumpran coa súa —¡súa!— Estratexia da cultura galega 2021, cando di tamén literalmente —porque no BNG imos sempre á fonte limpa documental— que «será un obxectivo priori-

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tario deseñar mecanismos para realizar políticas arredor da lectura, arredor do fortalecemento do propio sector do libro». E escoite tamén, por favor —se a súa compañeira llo permite, e mantemos as normas así da cortesía e da educación—, o que di... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

É que é moi difícil falar. ¿Vostede compréndeme, verdade, señor presidente?

O señor PRESIDENTE: Eu enténdoo, pero non se pode impedir que as deputadas falen. Ao mellor, estalle comentando algo. Iso... *(Murmurios.)*

Prosiga. Xa está. É un asunto que non ten, tampouco, maior transcendencia.

A señora QUEIXAS ZAS: Dicíalle que escoite, por favor, as palabras literais do Consello da Cultura Galega —que tamén, por fin, onte, vostede acordou que existe e que é importante ter en conta— cando di, na *Diagnose da cultura galega*, o seguinte: «...a ausencia dunha política de internacionalización que trace unha estratexia de proxección exterior da literatura galega como marca recoñecida e valorada; unha estratexia prioritaria para o crecemento económico e o afianzamento do imprescindíbel diálogo internacional». Onte quedou claro na súa intervención que disto descoñece bastante.

Mais algo fixeron ben, é certo, e háillelo que recoñecer a vostedes, señorías do Partido Popular: sementar o disenso, o conflito, a inestabilidade permanente co sector —como proban os comunicados, uns pequenos extractos que lemos onte no pleno—; enredar facendo leis, por exemplo, como tamén dixo vostede, como a Lei de bibliotecas, sen desenvolver dende hai dez anos, porque foi aprobada no ano 2012, ou ignorar os marcos legais existentes, como son a Lei do libro e da lectura dende o ano 2007.

Se non lles gusta por ter sido elaborada polo BNG, non pasa nada, revísena, actualícena, muden, por favor, o que sexa necesario polo ben do sector, pero fagan algo útil e fágano de vez, porque levan demasiado tempo perdido. Deixen de mirar para outro lado e gobernen, en definitiva, que é o que cómpre e é para o que nos pagan os soldos os galegos e as galegas.

E se non lles gusta polo feito de promover, de facer pé da promoción da literatura propia, é dicir, da escrita en galego, se o problema para o Partido Popular, como tamén xa confirmamos hoxe nas palabras da intervención do presidente Rueda, é a raíz, é dicir, as palabras que sustentan a creación literaria, dígano abertamente tamén, honestamente, e explíquenllelo á sociedade, que segue a confiar na fortaleza da súa lingua propia, que sabe que a perda de falantes é reversíbel e que está na súa man, tamén nas mans que escriben e que len, que sosteñen os libros para conxugar o futuro. Para quen como o Partido Popular, alentado polo xugo da ultradereita, está a dicir que o galego non ten futuro, hai unha sociedade que responde claramente: falaremos, escribiremos e leremos tamén en galego. A mesma sociedade á que, por suposto, nos parecemos no BNG, a mesma sociedade coa que queremos construír e facer valer Galiza.

Agora que xa podemos ir retirando, señorías do Partido Popular, as máscaras sanitarias, volvemos darlle ao Partido Popular...

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora QUEIXAS ZAS: ...a oportunidade de retirar a máscara do distanciamento das oportunidades do libro, da lectura e de descubrir o compromiso cunha sociedade que quere escribir e ler, que quere, en definitiva, contar, e contar moito.

Por iso, apoiamos esta proposición non de lei socialista, á que engadimos, coa intención de complementar e de sumar, propostas que entendemos fundamentais, porque veñen, precisamente, encamiñadas dende o propio sector, como: impulsar medidas de apoio á creación directa, literaria, en galego; garantir un mínimo do 50 % de compra de fondo bibliográfico en galego para as bibliotecas; activar a creación de servizos móbiles, os bibliobús ⊠que xa ten tamén aquí pronunciado o secretario xeral de Cultura...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: ...mais que non ven a luz—...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora QUEIXAS ZAS: ...para achegar a lectura a todos os lugares e activar todas as funcións...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora QUEIXAS ZAS: ...do Consello Asesor do Libro...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

A señora QUEIXAS ZAS: ...para que deixe de ser...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(A señora Queixas Zas pronuncia palabras que non se perciben.)

Señora Queixas, terminou o seu tempo. Grazas.

(Aplausos.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Vázquez Domínguez.

A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi bo día, señorías.

Coa vista posta nos retos do futuro da cultura galega, no ano 2019 a Xunta de Galicia botou a andar a Estratexia da cultura galega; unha folla de ruta cun obxectivo fundamental: im-

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

pulsar a nosa cultura como un servizo básico cun importante valor social e económico a través dunha ferramenta na que recollen as principais liñas de actuación e as prioridades culturais de Galicia.

No debate da moción do día de onte a voceira socialista —e volveuno facer no día de hoxe— acusaba este grupo parlamentario de presentar unha iniciativa para retomar os traballos de elaboración do Plan de dinamización e impulso da lectura de Galicia. Mire, señora Queixas, mentres vostede e a súa líder pensaban na convocatoria das eleccións en plena crise sanitaria provocada pola covid, o Goberno galego estaba salvando vidas. Esa é a diferenza entre o independentismo galego e o Partido Popular. *(Aplausos.)* Os primeiros, preocupados polas eleccións...; *(Aplausos.)* os segundos, preocupados pola vida dos galegos.

Debido á crise sanitaria que parece obviar o Bloque Nacionalista Galego, o Goberno galego paralizou, efectivamente, a aplicación de gran parte das liñas recollidas dentro desa Estratexia para centrarse nas necesidades inmediatas da cultura galega. Señora Queixas, non mente este grupo parlamentario, non mente o conselleiro; aquí a única que mente é vostede. *(Aplausos.)*

Mire, ao que se dedicou o Goberno galego en medio dunha crise sanitaria e económica derivada da covid foi a impulsar un plan de reactivación que todas as señorías coñecen. Estivo mantendo a actividade cultural e tamén, a maiores, axudando os profesionais do sector da cultura, que estaban pasando polo peor dos momentos; en definitiva, traballando é o que estaban facendo.

Mire, a exposición de motivos da proposición non de lei presentada polo Grupo Socialista evidencia claramente —e acabámolo de ver tras as últimas proposicións non de lei debatidas nesta Cámara parlamentaria— que hai unha clara competición entre as oposicións políticas galegas, unha confrontación entre as esquerdas, incapaces de pensar nos galegos e máis capaces de pensar neles mesmos. Despois de escoitar as verbas pronunciadas no día de onte, e que claramente acaban de incidir na lideresa, a través do debate da moción, evidénciase —e tamén hoxe nas palabras da señora Pontón— que o que saben facer é confrontar. Son incapaces de dialogar, e o que pretenden é impoñer a súa idea política por encima de todos os galegos.

Fala a señora Queixas de futuro, pero seguen arraigados no pasado. Falan de futuro e o único que escoitamos é autoritarismo nacionalista. E falan de futuro, pero seguen confrontando coa lingua, co galego —acabamos de velo agora mesmo—.

Di a señora Díaz na exposición desta iniciativa que houbo unha forte redución nas axudas e subvencións públicas. Mire, señora Díaz, eu creo que onte non me escoitou, pero volvo repetirllas. Por parte da Xunta de Galicia e do Goberno galego hai un apoio á edición do libro galego, unha nova liña que se fixo, que se impuxo, no ano 2021 e que se segue a manter no ano 2022, e subvenciónase, efectivamente, a edición e a comercialización do libro en galego cunha partida orzamentaria de 200.000 euros. Séguese a apoiar a comercialización cun convenio de colaboración coa Federación de Librerías de Galicia; séguese apoiando a lectura dixital mediante a adquisición de licenzas de uso de libros para a plataforma de préstamo de libro elec-

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

trónico, como é «GaliciaLe», que dispón dun catálogo de máis de 6.000 referencias, das cales máis de 2.000 son de libros publicados por editoras galegas; séguese apoiando a creación literaria en galego coa convocatoria de certames, premios e recoñecementos á creatividade nos distintos xéneros; séguese apoiando a tradución literaria —mire os datos: entre o ano 2012 e o 2021 mobilizáronse preto de dous millóns de euros—; e séguense apoiando as entidades do sector do libro galego, axudando economicamente as principais entidades do sector do libro con convenios anuais e plurianuais específicos para fortalecer a actividade asociativa.

Creo que estamos a falar das diferentes liñas co obxectivo de incidir en ámbitos de actuación especialmente relevantes e que teñen que ver cun sector estratéxico como é o sector do libro. Aínda así, despois do pronunciado por vostede no día de onte e de dicirme que revisase os datos, pois fixen os deberes, señora Díaz. Eu a verdade é que os consellos os acepto. Mire, revisei e revisei e non había ningún dato falso. ¿Sabe exactamente o que vin? Que os datos non lle gustan a vostede; é máis, incluso atopei un informe do Observatorio da Cultura Galega que amosa que o gasto en cultura e lingua orzado pola Administración autonómica no ano 2022 se sitúa en 106,5 millóns de euros; é dicir, cun lixeiro incremento con respecto ao ano 2021, exactamente dun 2,2 %. Non lle gusta, señora Díaz, pois aí ten o dato. ¿Sabe que foi o que pasou? Que despois de corroborar os meus datos —se quere aceptar un consello, un bo consello—, o que debe facer é revisar os seus, porque probablemente o erro estea aí.

Mire, o sector do libro, como parte da industria cultural galega, é un dos ámbitos da cultura galega no que a Xunta de Galicia desenvolve unha actividade máis relevante, en diálogo permanente cos sectores implicados e no apoio ás iniciativas que se consideren prioritarias para o avance do ecosistema do libro galego; un ecosistema formado por creadores, por editores, por librarías, por bibliotecas e, por suposto, polo público lector.

En segundo lugar, a Lei do libro e da lectura de Galicia constitúe a referencia normativa a partir da cal se aplican as políticas anuais centradas en desenvolver as súas previsións.

En terceiro lugar, entenderase a política de apoio ás bibliotecas como unha parte indispensable neste ecosistema do libro galego.

Coa aprobación da Lei de bibliotecas de Galicia desenvólvense as liñas de actuación que difunden un servizo bibliotecario de calidade no conxunto de Galicia. Mire, a súa aprobación supuxo no ano 2012 un punto de inflexión do traballo a prol dos servizos bibliotecarios de Galicia, con evidentes avances ao longo destes dez anos: traballo en redes, modernización da xestión bibliotecaria e establecemento de ferramentas de planificación e gobernanza, apostando firmemente pola formación, pola innovación e pola dixitalización.

En cuarto lugar, na estatística de libros editados en Galicia, obsérvase un mantemento da actividade editora ao longo destes últimos anos cifrada en máis de 2.200 libros publicados cada ano. Mire, este montante representa o 3,4 % da produción do Estado, e rexistra un incremento do 10,8 % respecto dos datos do exercicio anterior.

E, en quinto lugar, os índices de lectura de Galicia, aínda que son mellorables —e dende o Grupo Parlamentario Popular así o consideramos—, non son moi diferentes aos do conxunto

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

da media de España, señora Díaz. Mire, no tocante á lectura pública, Galicia continúa a progresar paseniño, paseniño, como nos gusta: no ano 2019, o 59,6 %; *(Murmurios.);* no ano... *(A señora Vázquez Domínguez fai unha pausa no seu discurso.)* 2020, o 61,6 %; no ano 2021, o 61,9 %. ¿Non lles gustan? Vaian vostedes anotando os datiños.

En canto á lectura no ámbito educativo, no rendemento da lectura nas probas PISA, Galicia acada a puntuación de 494, por riba da media de España, que está en 477, e por riba tamén das medias dos países da OCDE, que están nuns 487.

En definitiva, en canto a deseñar un plan de promoción dentro e fóra de Galicia, eu creo que descoñecen que dende o Goberno galego se impulsa a proxección exterior e a internacionalización do libro galego mediante unha liña de axudas para a participación destes creadores en programacións culturais de fóra de Galicia, e tamén da presenza do libro galego en feiras internacionais do libro. En definitiva, señorías, difusión e proxección internacional da lingua, do libro, da literatura e da cultura no exterior, tal e como solicita no seu terceiro punto.

Mire, este grupo parlamentario nunca estará para paralizar, senón para camiñar na senda do futuro; camiñar no futuro dos galegos, no futuro da lingua e, por suposto, no futuro do libro e da cultura. Por iso, presentamos unha emenda de substitución, a mesma que no día de onte, coa ilusión de apostar por un sector vital como o do libro, mantendo as liñas de traballo que dende o marco da Lei do libro e da lectura de Galicia impulsan o ecosistema do libro galego, que teñen unha incidencia positiva na súa dinamización comercial e na súa visibilidade en Galicia e fóra da nosa comunidade e que favorecen, por suposto, o afianzamento de índices de lectura no contexto educativo.

E remato xa, presidente, contando con que teñan a ben aceptar a emenda e seguir traballando polo futuro dos galegos. Dialoguemos e cheguemos a un acordo. Doutro xeito quedará claro que nesta Cámara parlamentaria o que lles interesa ao Bloque Nacionalista Galego e ao Partido Socialista é estar arraigados no pasado e na confrontación.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Domínguez.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Señora Vázquez, eu teño que recoñecer que o paso francamente ben debatendo con vostede, con esa vehemencia, que tamén creo que me caracteriza a min. Certo é que o que si que é preocupante é que nos dous anos que levo sendo a voceira de cultura neste Parlamento é a terceira interlocutora que temos en materia cultural e, ao mellor, o problema aquí —e por iso esta súa intervención de hoxe— é que descoñece ben o mundo da cultura do noso país.

Sorprende a falta de pudor comezando a súa intervención falando da Estratexia cultural galega, que ninguén sabe nada dela. Aínda non sabemos en que situación está esa Estratexia cultural galega.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E non serei eu, por certo, quen defenda a voceira do BNG, que xa se sabe defender ela perfectamente, pero, dende logo, que diga vostede e non sei que fala do Plan de dinamización —que levamos anos esperando por el, ¡anos esperando por el!—, cando menos deberían saírlle as cores. O que resulta de todo gráfico é que neste mes, no que conmemoramos as nosas letras e a nosa lingua, o único grupo parlamentario que non traia a este pleno nada propositivo sobre este tema sexa, precisamente, o Grupo Popular. Non é en absoluto casual porque é directamente proporcional á concepción que o grupo que sostén o Goberno ten do estado da nosa cultura. Por certo, xa dixen —e cantas máis veces haxa que repetilo farémolo— que en nada coincide co sentir maioritario da representación dos distintos axentes que interveñen en todo o proceso do libro. Por moito que lles pese a vostedes —pero é así—, reúnanse con eles e con elas, porque vostedes —como digo— sacan peito sobre o libro galego, pero é que eles non opinan igual. É máis, falan dun desleixo manifesto no cumprimento e desenvolvemento da lei, e isto é manifesto. Quero dicir, é cuestión de que vostede estude un pouco. E ademais, non só iso, algunhas das asociacións consultadas din que non subsistirían..., ou que, bueno, non se manterían de non ser polo apoio dos concellos e das deputacións. Isto é o que di o sector.

Pero falaba de datos, señora Vázquez, e claro, a verdade, se quere estudar, estude ben, porque, claro, se vostede me vai facer aquí unha comparativa entre o ano 2022 e o ano 2021 dáme a risa; de feito, veume a risa. Ao mellor, o que ten que facer vostede é comparar os datos do ano 2021 cos do ano 2009 e verá que no ano 2009 o orzamento que se dedicaba a cultura —escoite, por favor, escoite, porque, claro, non lle interesa escoitar— supoñía un 1,03 do total dos orzamentos; e a Xunta este ano, neste exercicio, o que destina non chega ao 0,7. *(Aplausos.)* Entón, eses son os datos. Comparemos co que se teña que comparar. *(Aplausos.)* Pero é que vostede falaba de 2012, e voulle dar outro dato do 2012. No ano 2012 —que non gobernabamos nós, lembre vostede, xa son así de benevolente— no capítulo IV, no investimento dos lotes fundacionais e adquisicións para fondos bibliográficos, vostedes investían 1.500.000; este ano, 395.000. Vaia aos datos, señora Vázquez, vaia aos datos, pero non aos que a vostedes lles interesan. *(Aplausos.)* Non, non, o conxunto non, estamos falando de adquirir libros.

Dito isto, e por pronunciarme xa sobre as emendas, sobre a do BNG aceptamos a emenda. Entendemos que supón ampliar hoxe toda a nosa iniciativa. Certo que hai dúas que teñen que ver coa biblioteca, pero certo é tamén que, se queremos recuperar eses índices de lectura —xa o dixemos—, as bibliotecas son as ferramentas imprescindibles para aumentar eses índices de lectura, lamentables, pese a que vostedes consideren que é aceptable. Paseniño, paseniño no que significa ler, o hábito de ler; é terrible que vostede fale de ir paseniño, paseniño, cando soben un 0,01 con respecto ao ano pasado os índices.

Ben, en definitiva, entendemos que si, que contribúe a mellorar a nosa iniciativa, si que é certo. Un apuntamento: no punto 8, cando falan vostedes sobre a activación de todas as funcións do consello asesor —quero facer aquí unha pequena brincadeira—, ao mellor habería que unirlle unha coletiña máis: que sexa para que teña utilidade real, no que a voz da representación do sector sexa verdadeiramente tida en conta. Porque finalmente, por moito que se cumpran as funcións, realmente a realidade é que ese consello asesor de pouco vale tal e como está estruturado.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A respecto da emenda do Partido Popular, ben, eu creo que nós non temos nada máis que dicir. Por suposto, nós claro que apoiamos manter as liñas de traballo que existen ata agora. Sería desexable que se incrementasen esas liñas de traballo, pero mantelas, ¡si, home, si!, manter o que queiran, pero non o podemos aceptar, polo que xa creo que explicamos, e que quedou claro onte e hoxe, que teña unha incidencia positiva. Mesmo ademais semella xa non unha falla de rigorosidade, que quedou hoxe tamén manifesta aquí, senón de respecto á evidencia, que logo do xa exposto, desa gráfica que ensinei antes, falen vostedes de que as actuais políticas favorecen o afianzamento de índices de lectura ¿De que me está falando, se xa lle estou poñendo...? E ademais non son datos nosos, son os datos que manexa o ministerio, que manexa o ministerio, porque, efectivamente, a Consellería de Cultura non fai absolutamente ningún estudo acerca desta cuestión.

Claro, a non ser que vostedes o que fagan, que parece que así foi despois da súa intervención, é que se conformen co lamentable posto actual no que nos atopamos efectivamente afianzados.

Dende logo —xa remato— non vai ser o Partido Socialista quen branquee o desleixo, a despreocupación e a falla de apoio do actual Goberno galego para o libro e para a nosa lingua. Así que, por suposto —xa o dixen—, non aceptamos a súa emenda.

Verán vostedes, Grupo Parlamentario Popular, co seu máis que probable voto negativo, a mensaxe que queren trasladar ao negarse a dar cumprimento á Lei do libro e da lectura de Galicia e aumentar os recursos necesarios para —como digo— mellorar eses índices de lectura.

Nada máis, grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª María Sol Díaz Mouteira e seis deputados/as máis, sobre a asunción polo Parlamento de Galicia do Manifesto pola seguridade xurídica do planeamento territorial e urbanístico asinado por trece gobernos autonómicos no marco do Encontro Xacobeo 21-22 por un urbanismo responsable

O señor PRESIDENTE: Hai unha autoemenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Marisol Díaz Mouteira, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta, ante a Mesa, a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación:

Substituír na parte resolutiva a expresión «asinado por 13 gobernos autonómicos» por «asinado por 14 gobernos autonómicos e polos gobernos das dúas cidades autónomas.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Díaz Mouteira.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora DÍAZ MOUTEIRA: Grazas, presidente.

Señorías, os días 24 e 25 de marzo pasados celebrouse en Santiago de Compostela o Encontro autonómico Xacobeo 21-22 por un urbanismo responsable. Directores xerais e responsables das áreas de territorio, urbanismo e vivenda dunha ducia de comunidades autónomas, ademais da subdirectora xeral de Políticas Urbanas do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, en representación do Goberno central, participaron nunha convocatoria que concluíu as dúas xornadas de traballo cun documento consensuado sobre o desenvolvemento do territorio.

Todos coñecemos ese documento como Manifesto pola seguridade xurídica do planeamento territorial e urbanístico, un manifesto sobre o que xira a iniciativa que o Grupo Parlamentario Popular trae hoxe ao pleno, pois concordamos previamente coa principal conclusión: a necesidade de dotar de seguridade xurídica o ámbito da ordenación do territorio e mais o urbanismo fronte ao incremento exponencial dos casos de nulidade dos planeamentos derivados de vicios formais sobre o contido determinante sobre os obxectivos do plan, e que se poderían resolver con sinxelos procedementos.

En efecto, señorías, son cada vez máis numerosas as declaracións de nulidade radical do planeamento territorial e urbanístico, que están a converter as normas de desenvolvemento nun instrumento feble e pouco fiable. Falamos de documentos técnicos extraordinariamente complexos, sometidos a un estrito regulamento xurídico e que requiren dunha inxente cantidade de informes preceptivos e vinculantes. Pero non nos fixemos só na parte técnica e xurídica. Lembremos que os planeamentos tamén son froito de achegas e alegacións da veciñanza, que defenden os seus intereses máis particulares e tamén máis xerais.

Nos plans de ordenación do territorio e mais de urbanismo concorren aspectos tan importantes como o económico e o social, e nos plans máis actuais é inconcibible que non se recolla un urbanismo sostible e respectuoso co territorio.

Cómpre ter en conta todos estes aspectos para concienciarse dos prexuízos económicos, sociais e de futuro para toda unha comunidade que implican as anulacións dos PXOM. Porque, como xa dixen, dun tempo a esta parte aumentaron dun xeito exponencial os casos de nulidade dos planeamentos, e todo por causa de vicios formais e —insisto— erros meramente formais. Vigo, Ourense, Gondomar, Rábade, Melón, Abegondo, Verín, Monterrei, Boqueixón, Muxía, e, señorías, se non procuramos unha rápida solución, seguro que moitos máis concellos iranse sumando á lista de casos de anulación radical do planeamento. Anos e anos de inxente traballo, anos e anos de esforzo colectivo, de mil informes, de resolucións, de tramitacións, convértese en papel mollado por un fallo xudicial polo único motivo —que non razón— dun erro de procedemento. Por certo, erros de procedemento facilmente subsanables noutros regulamentos ou normas, e non hai máis que mirar —que todos coñecemos— a Lei de procedemento administrativo, onde se fala de prazos de subsanación, que neste caso, e ao tratarse de cuestións máis complexas, poderiamos incluso falar de prazos máis amplos.

Pero ¿por que entón non se pode facilitar esa corrección de vicios formais dos planeamentos territoriais e urbanísticos? Porque na actualidade en España prevalece a defensa do trámite

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

polo mero feito de dar cumprimento a unha formalidade e non se defende un ben xurídico que é o desenvolvemento territorial e urbanístico, o interese público e mais a garantía de futuro dunha comunidade afectada.

En España, porque non só estamos a falar de Galicia, o Tribunal Supremo tira de xurisprudencia e mantén que a nulidade do planeamento non admite subsanación, validación nin conservación de trámites. En consecuencia, volta ao principio; en consecuencia, comezar de novo a tramitación.

En países da nosa contorna, como Francia, Italia ou Alemaña, xa se deron conta de que debía primar o principio de conservación dos plans e a subsanación dos vicios ou erros. Agora nestes países a excepción é a nulidade radical do plan.

Citei antes algúns exemplos de cidades e vilas afectadas en Galicia pola anulación do planeamento, pero comprenderán que hai casos espallados por toda España, e o resultado desas anulacións coñecémolas todos. ¿Que consecuencias tería, señorías? Pois, para comezar, un inaceptable derroche de recursos públicos; un desincentivo da propia Administración local, que só ve nese planeamento un obstáculo co que se pode encontrar; unha incerteza absoluta, unha inseguridade xurídica, demoras no proceso de tramitación e execución de infraestruturas e servizos públicos; investimentos privados dos máis diversos ámbitos paralizados por esa incerteza urbanística; paralización do desenvolvemento dunha cidade, comprometendo o seu futuro, o seu benestar social e a calidade de vida dos veciños e das veciñas. Limita tamén o progreso económico durante demasiados anos e provoca a perda de miles e milleiros de empregos. E ata aumenta o risco de degradación do noso patrimonio arquitectónico, histórico e cultural.

¿E cal é a solución actual en España fronte á anulación radical do planeamento? Pois reavivar a normativa máis inmediata do pasado, que na maioría das ocasións ten varias décadas de historia. É dicir, anúlase un plan territorial ou urbanístico por un mero defecto de procedemento, por un vicio formal, que cunha reforma da lexislación estatal sería facilmente subsanable, pero que o Tribunal Supremo, seguindo a súa xurisprudencia, di que debe voltar ao minuto un da súa tramitación, e, de contado, volvemos rexernos por un plan de vinte, trinta ou corenta anos. Uns plans que nada responden ás exixencias da sociedade actual, ao noso xeito de vida, ás necesidades das empresas, de novas empresas impensables hai décadas atrás, de actividade pública, de ocio, do lecer, da mocidade e, sobre todo, dunha poboación envellecida e de prestación de servizos sociais.

E, ademais, son uns plans que nada teñen que ver co actual concepto de desenvolvemento urbano, pois, fronte a antigos valores que tiña o cemento e os vehículos, hoxe procuramos un maior benestar da cidadanía, apostando por un urbanismo sostible e responsable que perdure no tempo, que promova as enerxías alternativas e a eficiencia enerxética e que sexa respectuoso co medio.

Señorías, con esta iniciativa o Grupo Popular quere que o Parlamento de Galicia se sume ao manifesto que reclama esa necesidade de impulsar esa reforma da lexislación estatal que evite a nulidade radical dos plans xerais de ordenación municipal e outros instrumentos de

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

planeamento cando se observen —claro está— vicios de procedemento facilmente subsanables; un novo escenario normativo actualizado, flexible, simplificado, áxil.

Por certo, e antes de que me esqueza tamén de citalo, un novo marco normativo que evite regresar a planeamentos dos nosos antepasados e poña en risco investimentos previstos no Plan nacional de recuperación, transformación e resiliencia, e, en particular, os plans de recuperación de vivenda e rexeneración urbana que se poderían financiar con fondos europeos Next Generation.

Este manifesto, para o que solicitamos o apoio dos grupos desta Cámara, aposta por fortalecer a cooperación e a colaboración en materia de ordenación do territorio e urbanismo entre a Administración xeral e a autonómica, con trámites unificados entre todos os territorios, señorías, e unha lei que ofreza seguridade xurídica aos planeamentos en todo o Estado.

E hai consenso, señorías, claro que o hai. A Xunta de Galicia expresou o seu apoio, como tamén trece comunidades autónomas (Asturias, Baleares, Cantabria, País Vasco, Navarra, Aragón, Castela-León, Castela-A Mancha, Madrid, Valencia, Murcia, Estremadura e Andalucía), as cidades autónomas de Ceuta e Melilla, as deputacións da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, a Federación Galega de Municipios e Provincias e concellos incluso de xeito individual que xa se adiantaron á resolución da Executiva da Fegamp do pasado mércores 18, como Vilagarcía, Betanzos, Cervo ou San Sadurniño. E, ademais da propia Fegamp, tamén nos diriximos aos concellos galegos para que de xeito individual se adhiran ao manifesto para seguir sumando esforzos.

Quedan por adherirse comunidades como Cataluña, que, aínda que de acordo co manifesto, prefire negocialo de xeito bilateral co Goberno central, e A Rioxa e Canarias, que seguramente en breve se adherirán.

Pero, ademais, temos outros colectivos profesionais de gran relevancia que tamén secundaron este manifesto, como o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, a Asociación de Arquitectos Urbanistas, o Pleno do Consejo Superior de Arquitectos de España e outros colectivos como enxeñeiros, avogados, notarios e rexistradores, que están uns adheridos e outros a piques de pechar a súa adhesión ao manifesto.

Polo tanto, señorías, debemos sumar esforzos entre todos: administracións, colectivos e, sobre todo, tamén o Parlamento. E aquí estou segura de que neste camiño no Grupo Parlamentario Popular nos atoparemos co apoio dos grupos da oposición, nos atoparemos coa man tendida dos grupos da oposición deste parlamento por un urbanismo responsable, que é a base para o progreso, que é a base para preservar e garantir a calidade de vida e o benestar das veciñas e dos veciños.

Nada máis polo de agora e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Mouteira.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Ojea Arias.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor OJEA ARIAS: Bos días, presidente, señorías.

¡Que ben soa!

Moita honra de estar aquí por primeira vez e espero cumprir a miña emenda.

O Grupo Parlamentario Popular presenta como proposición non de lei no Pleno do Parlamento de Galicia que como resolución se faga seu o Manifesto pola seguridade xurídica do planeamento territorial e urbanístico asinado por catorce comunidades, cinco delas da nosa cor.

O Encontro autonómico Xacobeo 21-22, tendo como obxectivo un urbanismo responsable, entre outras medidas sinala que o Goberno central impulse medidas lexislativas necesarias para ofrecer maior seguridade xurídica e promover solucións á problemática a que se enfrontan os concellos no momento en que se anulan os seus planeamentos.

Nós, o PSdeG, estamos convencidos de que os tribunais anulan os plans xerais cando os consideran ilegais, e que, se se mellorase a súa calidade e a súa tramitación administrativa axustándose á legalidade, sería suficiente e así evitaríase a nulidade por defecto de forma ou por emisión de informes.

A planificación urbanística non pode ser considerada igual en todas as casuísticas. Non é o mesmo o litoral, o interior, o medio rural, as zonas urbanas, as zonas de alta protección ambiental, patrimonial, cultural, etc., etc. Bo sería non esquecer que a especulación urbanística feroz foi letal para a economía, o emprego e para o medio ambiente. A burbulla inmobiliaria en España deriva do Real decreto lei 5/1996, do 7 de xuño, de medidas liberalizadoras na materia de solo, concretadas logo na Lei 6/1998, do 13 de abril, sobre réxime de solo e valoracións. O seu estalido xerou a gran crise económica do 2008, que á fin veu supoñer máis de 60.000 millóns de euros de todos nós.

Unha axeitada reflexión podería ser: se o desenrolo socioeconómico dos pobos se acada polo desenrolo do sector urbanístico e que leva asociado a destrución do patrimonio natural, cultural e paisaxístico, algúns plans son insostibles no tempo, con construcións sobredimensionadas, non tendo en conta a protección do litoral, o dominio hidráulico público e os espazos protexidos.

Existe un instrumento organizativo de colaboración entre a Consellería do Medio Ambiente, Patrimonio e Vivenda e os concellos para mellorar a calidade da ordenación urbanística; é a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU), cuxa actuación vén sendo que, no momento en que se ten coñecemento da existencia dunha posible actuación contraria ao ordenamento urbanístico, inicia un proceso de investigación, tramitándose un expediente informativo; este pode ser arquivado ou seguir coa apertura dun proceso de reposición, e rematando, se fose necesario, cun procedemento sancionador.

Cando un goberno municipal ten a necesidade de facer un plan de urbanismo, sabe que o desgaste político vai ser importante. A lenda urbana di que o tempo mínimo para rematar un plan de urbanismo son catro anos e o grupo que o promove soe perder as eleccións. Non

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

deixa de ser unha lenda. Por exemplo, no meu concello, no Barco de Valdeorras, fíxose o PXOM en dous anos, con catorce PERI, dous PEPRI, e, ademais, o grupo de goberno pasou de seis concelleiros a nove concelleiros. Ben, é unha excepción ao mellor.

Non sucede o mesmo na capitalidade da nosa provincia, en que o plan de urbanismo foi anulado no 2003, por motivos suficientemente importantes, e que neste momento está co plan de 1985, cos problemas engadidos que iso conleva. O Ourense de 1995 non ten nada que ver co Ourense de 2003.

Atopámonos plans anulados por temas moi variopintos, como dixo a señora Díaz, dende a falla dun informe de telecomunicacións, un defecto de forma, por non estaren garantidos os recursos hídricos para abastecer a poboación, e incluso algún PXOM foi rexeitado polos veciños logo de ser aprobado no pleno. É dicir, cada plan anulado é un mundo, e de aí a necesidade da existencia de axencias que vixíen o correcto desenrolo dos plans.

Nesa xuntanza tamén estivo enriba da mesa a Rede Natura 2000, da que se dixo: a Rede Natura 2000 non determina unha orientación urbanística única para calquera dos terreos integrados nela, senón que impón unha obriga de manter o estado de conservación favorable dos hábitats e especies protexidas. En España o 27 % do solo está dentro desta rede de protección e en Galicia hai dezaseis ZEPA, que son zonas de especial protección das aves, que ocupan preto de 100.000 hectáreas; están fundamentalmente en ecosistemas costeiros, áreas montañosas e zonas húmidas do interior. Ademais, hai 59 zonas de especial conservación (ZEP), ocupando 370.000 hectáreas. Todo isto vén a representar un 12 % do solo de Galicia.

Por todo isto, ante tanta diversidade, hai a necesidade de protexer e estar vixiante por parte do Goberno da Xunta. Esta rede de protección está maioritariamente no medio rural, e aí é onde debería haber un consenso relativo ao tratamento e protección do rural, para poder reverter a perda de habitantes, a falta de emprego, o déficit asistencial e o abandono en xeral. É necesaria unha discriminación positiva, investir orzamentos para que volva ser atractivo o rural. Neste senso, Galicia ten os PDR, que son os programas de desenrolo rural, que pretenden conservar e revalorizar o patrimonio natural de Galicia.

Tamén, mellorar a calidade de vida da poboación, fomentando a prestación de servizos básicos que axuden á fixación da poboación no rural, á creación de emprego ou a reducir o risco de pobreza.

Abondando no medio rural, unha das posibles solucións pasaría por estimular a mocidade para volver valorizar o dito medio, facendo o seu medio vital. O futuro dun país pasa polos xoves e o primeiro e máis necesario é asegurarlles unha vivenda digna. O Goberno central está a facer os deberes neste senso e hai que subliñar o bono de alugueiro xove, no que 3.800 xoves poderán desfrutar dunha axuda de 250 euros/mes, é dicir, 3.000 euros/ano. O ministerio, por certo, xa notificou á Xunta de Galicia o 28 de abril a resolución para transferir estes fondos; polo tanto, a Xunta xa pode convocar as axudas cando considere oportuno.

Tamén co obxecto de atraer a poboación moza aos concellos de menos de dez mil habitantes, facilitando o asentamento da poboación en idades menores de 35 anos, o Goberno central

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

presenta dúas liñas de axuda: unha axuda á compra dunha vivenda de ata 10.800 euros ou ben o 15 % do valor real sempre que sexa inferior a 120.000 euros.

Outra axuda é para o alugueiro, ata cinco anos, podendo cubrir o 60 % da renda ao mes, sendo compatible co bono xove, co cal podería chegar ata o 75 % do prezo do alugueiro.

Este programa, á parte de atender a un dereito constitucional básico, ten como meta evitar o despoboamento do medio rural. Sabido é que este, o medio rural, carece de ideoloxía e todos debemos protexelo e melloralo.

Se se me permite, quixera facer unha derradeira reflexión. A Comunidade Autónoma de Galicia ten unhas competencias exclusivas en materia de ordenación do territorio e do litoral, así como en urbanismo e vivenda, en virtude do artigo 27.3 do Estatuto de autonomía. Esta competencia iniciouse coa Lei 11/1985, do 22 de agosto, e foi unha adaptación da Lei do solo xeral. Continuouse coa Lei 1/1997 e logo posteriormente coa Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural. Supuxo o pleno exercicio de competencias xa para a Xunta de Galicia. Con posterioridade houbo outras leis que modificaron o texto inicialmente aprobado.

As bases para afrontar un texto legal son claras: promulgar unha lei presidida polos principios de transparencia, claridade, simplificación administrativa, seguridade xurídica e aplicabilidade práctica. A idea é acadar unha norma reguladora do solo obxectiva, que conforme un documento áxil, accesible a todos os axentes sociais e operadores técnicos e xurídicos, co fin de ter unha corresponsabilidade de todos eles e que posibilite a protección territorial e un desenvolvemento sustentable. É importante, dentro da corresponsabilidade, o recoñecemento da autonomía local, dándolle maiores competencias, quedando para a Xunta as referidas ao control de legalidade e á tutela dos intereses supramunicipais.

Unha vez dito isto, podemos analizar a situación dos concellos galegos, grandes e pequenos, con respecto ao seu planeamento a día de hoxe.

Por provincias, atopámonos co seguinte: na Coruña, 61 concellos teñen o PXOM, o plan xeral; é dicir, o 68 %; 27 teñen normas subsidiarias, o 30 %; 4 non teñen ningún plan, o 2%. En Lugo, 25 concellos teñen plan, o 38 %; 24, normas subsidiarias, o 36 %; 8 teñen delimitación de solo urbano, o 12 %; e 9 non teñen plan, o 14 %. En Ourense, 54 co PXOM, o 59 %; normas subsidiarias, o 16 %; delimitación do solo, o 5 %. E en Pontevedra, 41 teñen PXOM, o 63 %; e non teñen plan o 6 %.

Isto non deixa de ser unha estatística pero pon de manifesto unha realidade: o 58 % dos concellos, grandes e pequenos, de Galicia teñen aprobado ou en funcionamento un PXOM; o resto non o ten. Deses 26 teñen normas subsidiarias e destas normas subsidiarias ás veces teñen máis de trinta anos; hai un 4 % dos concellos pequenos que teñen instrumentos de ordenación urbanística aplicable; é dicir, delimitación de solo urbano, e un 11 % carece de ningún plan de urbanismo.

Ante esta situación, a Xunta de Galicia debería centrarse en mellorar a calidade dos plans e das tramitacións administrativas para non incumprir coas leis. Podería, por tanto, dotar de

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

medios e asesores as corporacións locais. Non sería mala cousa que houbese unha xustiza cautelar que evite a execución de plans non consolidados impedindo danos a terceiros.

Polo tanto, o voto do PSdeG-PSOE neste momento está clarísimo. Se nos involucran con que é un consenso, pola nosa parte teñen consenso e imos votar a favor.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ojea.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Boa tarde xa.

Con esta iniciativa o Partido Popular solicita o apoio das forzas da oposición a un manifesto que xa vén pechado, vén predeterminado, porque se negociou por parte da Xunta con outras comunidades autónomas, sen contar previamente con esta cámara. A Xunta podería ter feito doutra forma, podería ter trasladado en primeiro lugar ao Parlamento de Galiza unha proposta aberta a debate, que abordase os retos específicos que ten o noso país en materia de urbanismo e de planificación territorial, que por certo son moitos, e o cal tamén demostraría unha vontade real de debater e de acordar co conxunto de forzas que representamos a sociedade galega.

Porén, a Xunta preferiu tomar esoutra vía, que é algo inusual, que é a de elaborar e pactar —como digo— un manifesto con outras comunidades autónomas e exixir a posteriori a adhesión sen posibilidade de debate nesta cámara. E non é menor este detalle; de feito, a escolla desta fórmula evidencia cales son as reticencias, as motivacións e as intencións da propia Xunta con este manifesto. A reticencia da Xunta a abrir de inicio un debate no Parlamento galego sobre cales son os problemas actuais que atravesa o noso urbanismo e a planificación territorial é porque suporía reflexionar inevitablemente sobre a súa propia incompetencia, porque lembremos que as competencias nestas materias están transferidas ao Goberno galego e que nesta materia o Estado ten pouco que dicir, apenas en cuestións relativas ao dereito á propiedade, xa que incluso a aplicación da propia Lei do solo estatal se define mediante normativa propia. Así que a intención da Xunta de Galiza escollendo este método é fuxir do debate propio e das súas propias responsabilidades, buscando unha pequeniña parcela que estea fóra das súas responsabilidades onde descargar alí as culpas.

E o marco que establecen neste manifesto deixa fóra de foco as cuestións principais que afectan ao noso planeamento, e unha das máis acuciantes é a crise dos plans urbanísticos municipais, que é un problema que vai máis alá das nosas fronteiras pero que se expresa dunha forma singular no caso galego.

O modelo de cidade industrial fordista está cambiando, está transitando cara a un novo modelo de urbanización con características propias, como por exemplo a combinación do crecemento de vilas intermedias, xunto co estancamento dos centros metropolitanos. Ou, por exemplo, o crecemento disperso polo territorio, moi recoñecible nese *continuum* urbano en

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

todo o eixo atlántico. Ou tamén unha crecente polarización sobre as infraestruturas e os grandes nodos principais.

E todos estes fenómenos son fenómenos transversais que están por riba de fronteiras municipais. E aquí reside unha das chaves da crise do planeamento urbano, e é que as novas formas de urbanización non poden ser abordadas dende os límites do termo municipal senón que requiren de planeamento supramunicipal.

A crise do planeamento urbanístico está en relación coa emerxencia desta nova territorialidade, que exixe de novas técnicas e de novos instrumentos. E ¿cal é a situación que temos en Galicia para abordar estas necesidades? ¿Que instrumentos temos? Pois ben, a pesar de que os instrumentos de ordenación urbanística van avanzando, aínda que a un paso moi lento, non obstante, a ordenación territorial vemos que é nula. Dáse o paradoxo así de que, a pesar de que hai cada vez máis plans urbanísticos, temos un territorio desregularizado, porque non hai obxectivos claros respecto de cal é a ordenación e goberno destas novas dinámicas urbanas que xa levan décadas sucedendo.

¿Que instrumentos ten a Xunta de Galiza para resolver esta crise de urbanismo da planificación? ¿Que pode facer? Pois ten a súa propia Lei de ordenación do territorio, que acaba de aprobar unha nova reforma da Lei de ordenación do territorio o último ano, e esa lei establece, por exemplo, como instrumento as Directrices de ordenación do territorio. Neste momento as Directrices de ordenación do territorio de Galiza non pasan de ser meras recomendacións, polo que, tras máis dunha década aprobadas, o seu impacto real é moi escaso.

Tiveron a oportunidade nesa reforma —como dicía— do ano pasado da Lei de ordenación do territorio de cambiar a capacidade desas directrices e darlles unha capacidade real de determinar e de gobernar as dinámicas territoriais, pero seguiron deixándoas como unhas directrices inoperantes. O cambio que se fixo respecto das Directrices de ordenación do territorio foi o de introducir unha modificación para evitar entregar a este parlamento o informe que se viña entregando de forma anual sobre cal é o desenvolvemento das directrices. É dicir, que o único que fixeron é tentar ocultar a falta de resultados e a inoperatividade das actuais Directrices de ordenación do territorio. *(Aplausos.)*

Teñen vostedes outros moitos instrumentos, por exemplo os plans territoriais integrados, que aparecen na lexislación dende o ano 95. É unha figura que permite ordenar ámbitos supramunicipais, como as áreas metropolitanas, as comarcas. Pero, tras vinte e sete anos desa aprobación da primeira Lei de ordenación do territorio, non hai nin o primeiro destes ámbitos en todo o país que conte cun planeamento aprobado, nin o primeiro. O único plan territorial integrado que temos é o do litoral.

Tamén teñen plans territoriais especiais, unha figura que permite desenvolver as Directrices de ordenación en canto a características paisaxísticas, ecolóxicas, patrimoniais, produtivas... Non hai nin un só plan territorial especial aprobado.

Ese é o desenvolvemento que fai a Xunta de Galiza dos instrumentos de ordenación. E toda esa inactividade contrasta cos catrocentos proxectos e plans sectoriais de incidencia supra-

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

municipal que si que aprobaron, moitas veces mediante reformas feitas *ad hoc* para facilitar determinados intereses privados ou algún pelotazo urbanístico. O resultado é que a ordenación do territorio quedou reducida á implantación de actividades e de infraestruturas de forma fragmentada, que se impón sobre a ordenación integral do territorio.

En resumo, o Partido Popular non desenvolveu nin a súa propia lexislación, deixando o territorio na desregulación. E as novas formas de urbanización que describía antes, para alén de exixir unha maior integración entre a planificación da cidade e o territorio, tamén poñen en causa os instrumentos e as técnicas do planeamento urbanístico municipal.

Os plans xerais teñen serios problemas para adecuarse a esta nova realidade, o que está afondando nunha crise da súa credibilidade. Algúns dos problemas máis importantes son moi recoñecibles. Por exemplo, vemos como a maioría destes instrumentos manteñen enormes desaxustes entre as reservas de solo urbanizable e a evolución real que presentan as nosas urbes. Outro exemplo: case todos os plans xerais teñen enormes desfases entre a programación dos desenvolvementos urbanos e as capacidades reais de desenvolvemento, que fan que na práctica a xestión real vaia por outros derroteiros non planificados. Ou tamén o problema da proliferación das normativas sectoriais e a crecente complexidade da tramitación e a dilatación dos prazos, que non se traducen sempre en maiores garantías.

Como podemos ver, son moitísimas as causas que afondan na crise do planeamento urbanístico pero, curiosamente, o Partido Popular só pon o foco na cuestión que escapa da súa competencia. De entre todo o que poderían facer, porque teñen as competencias todas, só pon o foco na cuestión que escapa da súa competencia.

O manifesto presentado centra a súa proposta dun urbanismo responsable na cuestión do aumento do número de plans urbanísticos que rematan tombados nos tribunais por defectos nos procedementos. Para o Partido Popular ningunha das restantes cuestións que afectan ás súas competencias, que está nas súas mans resolver, parece preocuparlle. Segundo a Xunta, o problema do urbanismo e da planificación en Galiza redúcese a un problema de inseguridade xurídica provocado polo Tribunal Supremo e que o Goberno central debe resolver.

E, ben, en canto a esa cuestión concreta, compartimos parte da análise. Efectivamente, o Tribunal Supremo consolidou unha xurisprudencia da que deriva que un defecto de procedemento na tramitación dun plan urbanístico implica a súa radical nulidade, sen posibilidade de subsanar, validar ou conservar trámites, de forma que obriga a comezar de cero a tramitación. Nós concordamos en que isto é un problema crecente, que ten un impacto negativo tremendo cada vez que a Xustiza bota a atrás planeamentos por cuestións que poderían ser subsanables. Mais, estando de acordo con esta análise, tamén consideramos que as propostas que desliza o texto son excesivamente vagas e poden dar lugar a múltiples interpretacións. Porque non se especifica de forma clara cales son os motivos que poderían determinar a nulidade do plan e cales outros serían subsanables.

E a chave aquí está en definir esta diferenza entre os defectos que se consideran subsanables daqueloutros que implicarían a nulidade radical ou a conservación de trámites. Porque unha interpretación excesivamente laxa na que moitos dos procedementos resulten subsanables

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

a posteriori pode incorrer nunha progresiva desregulación e maior incumprimento da normativa, o que, en lugar de camiñar para ese suposto urbanismo responsable, significaría transitar cara a un maior descrédito destes instrumentos.

Tampouco se aborda no texto o papel fundamental que ten a propia Xunta de Galiza cada vez que se tomba un destes instrumentos, porque a Xunta de Galiza ten que observar, controlar e aprobar ese planeamento. E cando un plan xeral é tombado nos tribunais porque lle falta un informe —por poñer un exemplo, de participación pública— a Xunta de Galiza é a primeira cuestionada por non ter exixido e garantido o cumprimento da normativa, e dino incluso sentenzas.

Mais nada disto pode ser debatido, como digo, nesta proposta que trae o Partido Popular, porque a Xunta de Galiza decidiu pactar un texto fóra desta cámara con outras comunidades autónomas e traernos un texto xa pechado que non dá lugar a emendas, supeditando ademais ese texto á súa estratexia de botar balóns fóra.

A proposta, como digo, que traen hoxe non é emendable senón que vén prefixada. E dende a nosa perspectiva, este texto carece de claridade na súa parte propositiva, dando lugar a unha posible interpretación que camiñe cara á desregulación. De feito, o texto deixa entrever nalgúns momentos esta intención como cando, por exemplo, pretende pechar as portas ante a posibilidade de que os tribunais fagan unha interpretación máis garantista e proteccionista respecto da cualificación do solo en Rede Natura 2000 ou cando propón unha modificación normativa para que o sentido do silencio administrativo sexa entendido como positivo.

E sobre isto último, o camiño que deberiamos transitar cremos que é o de simplificar e clarificar a tramitación e de exixir que todas as administracións teñen que corresponsabilizarse e asumir a axilización da emisión de informes con prazos curtos e razoables, comezando pola propia Administración da Xunta de Galiza, cousa que non fai.

E lamentamos que o Partido Popular —como digo— quixese traer o debate pechado ao Parlamento, un debate ao que lle faltan propostas concretas fronte á casuística moi específica da nulidade radical. Pero, sobre todo...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ...lamentamos a estreiteza de miras dun goberno que é incapaz de abordar ningún dos problemas que atravesa a planificación urbanística e territorial en Galiza, e é por iso que imos absternos. E convidamos a Xunta de Galiza a facer un exercicio de autorreflexión sobre a súa total inoperancia en materia de planificación urbana.

Nada máis, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández Gómez.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Díaz Mouteira.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora DÍAZ MOUTEIRA: Grazas, presidente.

Señorías.

Señor Ojea, benvido. Sempre é complicado subir a esta tribuna, sobre todo cando é a primeira vez, pola responsabilidade que supón falar en representación dos galegos e das galegas. Benvido, en todo caso.

Señora Fernández, eu creo que non ten claro vostede que a Xunta de Galicia traballa, claro que traballa. O que non usa e ao que non se aferra é a argumentos obsoletos e inoperativos, como vostede usa para absterse no apoio deste manifesto. Pode falar co alcalde de San Sadurniño, que lle dea os motivos polos que o apoiou, porque creo que é do seu partido. Entón, póñanse de acordo e despois pois ao mellor se anima a apoiar este manifesto; aínda ten un ratiño para repensalo. Porque somos catorce comunidades autónomas e son catro deputacións —algunha na que está vostede máis que representada e gobernando— e a Federación Galega de Municipios e Provincias.

É indicativo que todos esteamos polo labor de ofrecer a colaboración ao Goberno central, porque aquí trátase de colaborar e cooperar para impulsar un cambio nunha lei que poña en marcha medidas lexislativas necesarias. Porque estamos a falar de anulacións de planeamentos cando falamos de vicios formais. Ese é o motivo desta iniciativa que hoxe trae aquí o Partido Popular.

¿Que parte dese importante consenso? Si, claro que parte dun importante consenso, porque a Xunta de Galicia tivo unha iniciativa que non dubido que vai seguir medrando, que vai seguir ganando peso. Porque aquí non hai cores políticas, fíxese, e non as hai porque todos estamos de acordo na análise e na proposta das solucións a este conflito.

Mentres estaba a preparar esta iniciativa, e hoxe contando xa e agradecendo o apoio do Partido Socialista e escoitando as señorías da oposición, o que si puiden comprobar é que existen, evidentemente —e é normal—, interpretacións, que existen matices, que existen argumentos. O que non é de recibo e non entende este Grupo Parlamentario Popular é que esas interpretacións, eses matices e argumentos o que queiran é inducir a confusión aos galegos e ás galegas que poidan estar véndonos e que sigan o noso traballo.

Por exemplo, aí si que lle teño que dicir, señor Ojea, e á señora Fernández, ben, que xa forma parte do seu argumentario fixo, que é unha peza fixa confundir o urbanismo responsable co sector inmobiliario, coa especulación urbanística, como se os plans de ordenación só estiveran pensados para a construción de vivendas, esquecéndose doutras dotacións tan importantes como as infraestruturas e os servizos públicos. Mesmo incluso ás veces queren utilizar e falar deses planeamentos como que imos liquidar o patrimonio; nada máis lonxe. É que eses argumentos están lonxe da realidade, están lonxe da verdade, señora Fernández.

Falamos dun procedemento moi complicado, moi complexo, á hora da súa tramitación. E ¿que é o que se escoita? Que agora aínda encima é responsable a Xunta de Galicia. É que iso, a ver, iso é tremendo. ¿Agora é responsable a Administración ou que se considere un pla-

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

neamento ilegal porque a Administración faga ben a tramitación e que haxa uns vicios de procedemento? Isto non hai quen o entenda.

E era raro tamén que non falaran ou non sacaran a colación —como fan cando traemos estes temas tanto a pleno como a comisión— poñer o foco na Rede Natura 2000. Porque sempre queren xerar ese conflito interesado, ese choque entre o desenvolvemento económico e a protección do medio. Ben, pois simplemente hai que remitirse ao escrito de adhesión de comunidades autónomas de diferentes cores políticas e ver como o que se pide é que se compatibilicen —e leo textualmente— «*ambos fines en el esforzo de guiar a todos en nuestro caminar, en el que alejándonos de posicionamientos absolutistas como el de que todo vale o por el que nada se puede...*». A Rede Natura impón —como dicía tamén o señor Ojea— unha obrigación de resultado, que é o estado de conservación favorable, e en Galicia iso non ten discusión, señora Fernández. Parece mentira que vostede non saiba que non hai desenvolvemento urbanístico posible en Rede Natura.

E despois tamén quero dicir que temos que superar, que estamos no século XXI, que non podemos obstaculizar con lastres legais, con normas obsoletas que forman parte do pasado. Hoxe viñemos aquí coa intención de pedir ese apoio a esa iniciativa da Xunta de Galicia, que si, que convocou en Santiago os responsables das políticas urbanísticas de todo o país para falar de urbanismo responsable. Simplemente estábase a falar, facendo gala, señora Fernández, da responsabilidade coa que exerce a Comunidade Autónoma de Galicia as súas competencias en urbanismo.

Xa sei que non lles gusta escoitar nada bo do Goberno, pero, chegados a este punto, este grupo parlamentario quere felicitar tanto a Xunta de Galicia —nomeadamente, a Consellería de Medio Ambiente— por exercer desde hai máis dunha década un urbanismo responsable, ordenado, sustentable e dotado dun completo corpus normativo.

¿A vostede parécelle que o corpus normativo que hoxe hai en materia de urbanismo na Xunta de Galicia é unha desregularización, cando falamos de Directrices de ordenación do territorio, da Lei de solo de Galicia, dos plans básicos autonómicos, das normas técnicas de planeamento, da nova Lei de ordenación do territorio, proximamente a primeira Lei de arquitectura de Galicia? Máis dunha década, señora Fernández, traballando cun obxectivo claro: ningún concello sen planeamento. Hoxe son 112 concellos galegos que contan cun PXOM adaptado, 80 dende o ano 2009. Isto tradúcese nun millón de galegos e galegas que contan cun instrumento de ordenación moderno e con seguridade xurídica.

O Goberno galego —e xa para rematar, señor presidente—, no seu marco competencial, xa está a poñer da súa parte para clarificar, asesorar e facer máis accesible unha materia tan complexa como o urbanismo. Estamos dando un paso máis na procura dunha maior seguridade xurídica para os nosos concellos.

Un «si» de consenso, señora Fernández, un «si» de consenso que este grupo parlamentario pide nesta cámara, porque así o fan alcaldes e deputacións que a vostede a representan; un consenso que se acadou no resto de España e que se pide por parte deste grupo parlamentario para Galicia. ¿Por que? Porque queremos ir polo bo camiño.
Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Mouteira.

Procedemos á votación das proposicións non de lei.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Popular por iniciativa de don José Manuel Balseiro Orol.

Non hai emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei, do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e sete deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España para que restableza o réxime de excepcións vixente desde o ano 2015, que excluía da obriga de cotizar como autónomo aquelas persoas que teñan ingresos como titulares de explotacións agrarias cando non superen determinados limiares de renda e rendemento económico.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa do señor Lourenzo Sobral.

Estaba pendente unha transacción co Partido Socialista. Non sei se chegaron a ela. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non hai.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Ana Pontón Mondelo e dezaoito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da necesidade de atender a saúde mental no ámbito educativo.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 39; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de dona Rosana Pérez.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Hai un acordo ao que chegaron os tres grupos, que coñecen os tres.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, sobre as demandas que debe formular a Xunta de Galicia ao Goberno do Estado en relación cos prexuízos que suporía para o sector pesqueiro a implantación de instalacións eólicas mariñas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa de don Luis Manuel Álvarez.

Hai unha transacción tamén á que chegaron os tres grupos.

(A señora Rodil Fernández pide a palabra.)

¿Si, señora Rodil? Por favor. Déanlle a palabra.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Si, queriamos solicitar a votación por puntos, xa o falamos e acéptao o grupo propoñente. Queremos separar en dous bloques: unha parte sería o punto 1 e o punto 5 e a outra sería o punto 2, o 3 e o 4.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

¿Acéptaa vostede? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Pois entón comezamos votando os puntos 1 e 5.

Votamos.

Votación do texto transaccionado dos puntos 1 e 5 da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e tres deputados/as máis, sobre o apoio ás medidas do Goberno de España respecto do endurecemento das sancións contra o réxime de Putin e a realización dun chamamento ao presidente ruso para que poña fin á guerra.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados estes dous puntos.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: E agora votamos os puntos 2, 3 e 4.

Votamos.

Votación do texto transaccionado dos puntos 2, 3 e 4 da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e tres deputados/as máis, sobre o apoio ás medidas do Goberno de España respecto do endurecemento das sancións contra o réxime de Putin e a realización dun chamamento ao presidente ruso para que poña fin á guerra.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 53; votos en contra, 19.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados estes puntos e esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa de dona Susana Díaz Varela.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e non se acepta a do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Noa Susana Díaz Varela e Dª Noelia Otero Lago, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do cumprimento da Lei 17/2006, do libro e da lectura de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario Popular por iniciativa de dona María Sol Díaz Mouteira.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei, do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª María Díaz Mouteira e seis deputados/as máis, sobre a asunción polo Parlamento de Galicia do Manifesto pola seguridade xurídica do planeamento territorial e urbanístico asinado por trece gobernos autonómicos no marco do Encontro Xacobeo 21-22 por un urbanismo responsable.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 53; abstencións, 19.

O resultado da votación é positivo.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Suspendemos a sesión ata as 16.30.

Suspéndese a sesión ás dúas e cincuenta e un minutos da tarde e retómase ás catro e trinta e un minutos.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reanudamos a sesión. Como xa foi comunicado, hai unha alteración da orde do día, que consiste en tramitar agora unha pregunta ao Goberno.

Alteración da orde do día

Pregunta de D. Ovidio Rodeiro Tato e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o desenvolvemento por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade das medidas previstas na Estratexia de educación dixital 2030

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señor Rodeiro.

O señor RODEIRO TATO: Moitas grazas, presidente.

Boas tardes e benvido, señor conselleiro.

Como todos sabemos, a pandemia da covid-19 puxo o foco, entre outras cousas, nas necesidades tecnolóxicas de toda a cidadanía, porque se fixo necesario artellar ferramentas en tempo récord para o teletraballo, a teleformación, na maioría das empresas, das institucións e tamén nos fogares de toda a sociedade.

O ámbito educativo veuse especialmente afectado por esta transformación sociolóxica, e neste sentido pois a Xunta de Galicia, consciente desta realidade, púxose tamén inmediatamente a traballar para buscar solucións, e para iso formulou a Estratexia da educación dixital 2030, unha estratexia que lle dá continuidade ao longo traballo desenvolvido con moito éxito polo sistema educativo galego.

A Estratexia de educación dixital 2030 ten como obxectivos xerais que ninguén quede atrás no proceso da dixitalización, unha maior presenza da educación dixital e contextos híbridos de aprendizaxe que mesturan o dixital e o presencial, a progresiva dixitalización de todo o que rodea o mundo educativo e atallar a fenda dixital, contribuír a loitar contra o reto demográfico e consolidar a poboación nas contornas rurais.

Polo tanto, este grupo parlamentario é consciente da importancia desta estratexia para a comunidade educativa galega. Por iso lle formulamos a seguinte pregunta: ¿como está a desenvolver a consellería as medidas previstas na Estratexia de educación dixital 2030?

Máis nada, presidente, moitas grazas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodeiro.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, don Román Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Boa tarde.

Moitas grazas, presidente.

Señor deputado, na Xunta de Galicia levamos máis dunha década traballando nun obxectivo: formar os nosos alumnos para facer fronte aos retos da sociedade do século XXI e convertelos nuns mellores cidadáns de futuro. A dinámica dos últimos anos ten demostrado que o sistema educativo galego é un bo sistema educativo, que forma en calidade, en igualdade, que dá igualdade de oportunidades, e isto é o resultado de múltiples factores. Un deles, dos máis significativos, sen dúbida é a dixitalización, que, xunto coa innovación, permite garantir e permite avanzar no modelo educativo galego e dar unha liña de continuidade aos proxectos impulsados.

No tocante ao desenvolvemento das competencias dixitais do alumnado e do profesorado, son coñecidos unha serie de programas e iniciativas que se levan implementando nos nosos centros nos últimos anos. O proxecto E-Dixgal, por exemplo, no próximo curso contará con ao redor de 60.000 alumnos que van estudar en libro dixital en practicamente seiscentos centros educativos; cando hai dez anos comezamos este proxecto, partiamos absolutamente de cero. Ou tamén quizais unha das cuestións máis importantes, que ten que ver coa oferta formativa do profesorado: a formación do profesorado en competencias dixitais para posteriormente transmitírllelas aos alumnos.

Hai proxectos coñecidos e recoñecidos no sistema: o Stamback, os clubs de ciencias, a robótica en primaria, os espazos Maker. Todo isto fai que Galicia destaque no eido da innovación e da educación dixital. E as estatísticas comparadas creo que fan boa xustiza do esforzo realizado nos últimos tempos. Galicia é a terceira comunidade autónoma en número medio de alumnos por ordenador destinado a docencia, en concreto 2; a media de España é 3. Nós temos 2 nenos por cada ordenador, España ten 3 alumnos. Galicia é a segunda comunidade autónoma en número medio de alumnos por ordenador conectado á internet adicado a docencia, tamén 2, cando a media de España aquí está en 3,5.

Galicia tamén é a primeira comunidade autónoma en porcentaxe de centros en servizos de contorno virtual de aprendizaxe, é dicir, todo o que tivo que ver moitísimo durante o período de pandemia, para asegurar a teledocencia. Temos un 91 % dos centros con contorno virtual de aprendizaxe; en España non chega ao 70 %, case 20 puntos máis. E Galicia é a cuarta comunidade autónoma en proxectos de centro vencellados con tecnoloxía; en España é un 41 %, 25 puntos menos.

Esta é a base para a Estratexia de educación dixital, e nesta estratexia de educación dixital, na cal estamos a investir 120 millóns, temos unha serie de aspectos fundamentais, por

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

exemplo os polos creativos, por exemplo o plan dixital de centro ou por exemplo o novo Centro de Educación e Innovación Dixital, o Ciedix, que comezará a traballar no próximo curso.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Rodeiro.

O señor RODEIRO TATO: Grazas, presidente.

Grazas, conselleiro, por adiantar as liñas de traballo nas que se asenta a Estratexia de educación dixital 2030. A verdade é que Galicia conta cun modelo educativo propio e diferenciado que ten que seguir mellorando cada día para seguir mantendo, e se cabe mellorar, os bos resultados acadados nos últimos anos. Un modelo educativo no que un dos piares, como ben dixo vostede aquí, é a dixitalización e a innovación dixital. E nesta liña falou vostede dos polos creativos en centros educativos, o plan dixital de centro e tamén o novo Centro Galego de Educación e Innovación Dixital.

Polo tanto, gustaríanos se pode afondar e concretar un pouco máis en que consisten, en que estado se atopan estas tres iniciativas.

Máis nada, presidente, e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodeiro.

Peche da pregunta, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

A Estratexia educación dixital 2030 é un cúmulo de diversas accións, todas interrelacionadas entre si, todas orientadas ao conxunto da comunidade educativa, e que teñen en conta todas as áreas académicas.

Citamos tres das máis significativas. Unha delas son os polos creativos. Os polos creativos son novos espazos que se van desenvolver nos nosos centros. Son espazos que se van centrar en competencias STEM, que teñen tecnoloxía, que teñen diferentes equipamentos específicos para favorecer o desenvolvemento de aplicacións e de traballos creativos por parte dos alumnos. Queren impulsar a creatividade, queren impulsar a innovación educativa.

Temos en marcha xa unha convocatoria aberta, cun total de 8 millóns de euros, na que inicialmente poñemos como obxectivo chegar a 220 centros educativos. Neste momento temos xa 170 solicitudes en trámite de presentación; é dicir, tivo unha moi boa resposta por parte dos centros educativos, porque hai moi pouco tempo que foron presentados. E aquí o alum-

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

nado vai traballar, xunto co profesorado, aspectos importantísimos, como pode ser a intelixencia artificial, tecnoloxías intensivas, o 3D, a impresión, as telecomunicacións, etc., etc. É un proxecto de futuro que sen dúbida vai ter un gran suceso na educación galega.

Outro aspecto no que estamos tamén traballando é no plan dixital de centros. ¿Que é o plan dixital de centros? Pois é un instrumento que permitirá a cada centro avanzar e desenvolver as competencias dixitais en base á realidade concreta de cada un deles. Impulsamos este curso a denominada Rede galega de educación dixital, temos 70 centros de referencia, onde hai un profesional específico que dalgún xeito coordina o conxunto dos centros do seu contorno, e o que pretendemos con este plan dixital de centros é deseñar as competencias, as destrezas, a formación, a necesidade dos equipamentos específicos no ámbito dixital para poder impulsar no conxunto dos centros un proxecto dixital educativo real. Estamos a falar de que comezaremos no curso seguinte, no 22-23, a desenvolvelos.

E tamén, dentro desta estratexia, un dos grandes piares é o impulso do Centro Galego de Educación e Innovación Dixital, o Ciedix, que está ubicado no edificio Fontán, na Cidade da Cultura, e que está orientado a potenciar e acelerar a transformación dixital da educación galega. Queremos, con isto, dalgún xeito, formar o profesorado e innovar en materia de dixitalización.

Por suposto, en todo este proxecto, sempre, sempre, o alumno é o centro; sempre se debe estimular a creatividade e sempre temos que entender a tecnoloxía como un medio e non como un fin en si mesmo.

En definitiva, temos un camiño avanzado, temos feito moito, queda aínda moito por percorrer...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): ...e basicamente con esas estratexias o que pensamos é no futuro dos nosos alumnos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Estamos pendentes a ver se chega o conselleiro do Medio Rural.

(Pausa.)

Interpelación de Dª María González Albert e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a propiedade veciñal dos montes en man común

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora González Albert.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Obrigada, señor presidente.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Benvido, señor conselleiro. Non ten gana vostede ningunha de debater esta interpelación, que xa levamos adiando un mes, así que alégrome de que por fin estea aquí para poder debatela.

Quero saudar tamén os representantes das organizacións veciñais de montes en man común que nos acompañan neste debate, nesta interpelación.

Vimos hoxe falar de futuro, do futuro deste país, porque falar de monte veciñal é falar de futuro, é falar de Galiza, é falar do seu territorio, da súa xente, do seu desenvolvemento. É falar, polo tanto, de ordenación do país, das potencialidades e fortalezas que temos e das nosas aspiracións a futuro, e é, polo tanto, falar de modelo de país, de se queremos que Galiza sexa unha terra poliédrica, cun interior vivo, que teña servizos, que sexa dinámico, ou se queremos converter ese interior do país nunha terra de sacrificio, despoboada e ao servizo das empresas, ben sexa madeireiras, enerxéticas ou de calquera outro tipo.

E estamos neste contexto nun momento que para nós é chave, de aí a pertinencia desta interpelación. Como digo, hai un mes que tiñamos que ter debatido esta cuestión. Daquela cando o BNG traía á orde do día deste pleno este debate, atopabámonos nos primeiros días das consultas previas para esta nova Lei de montes veciñais en man común, que estaba publicada no Portal de transparencia da Xunta de Galiza. Primeiro a covid, despois as cuestións internas do Partido Popular, que de novo puxeron —teño que dicir— este parlamento ao servizo dos seus intereses partidarios, fixeron que hoxe —repito—, cando efectivamente podemos, por fin, falar desta cuestión dentro deste hemiciclo, teña rematado xa onte mesmo ese período de presentación de achegas na web. Pero, non obstante, este segue a ser un debate fundamental, e non é un debate só de modelo de produción, é un debate —como digo— territorial.

Segundo os datos do Rexistro de Montes Veciñais en Man Común, existen na actualidade —vostede sábeo mellor ca min, seguramente— máis de 3.000 montes clasificados polo xurados provinciais, concretamente 3.312; representan case 700.000 hectáreas de superficie do noso país, concretamente tamén 664.230 hectáreas; dese total, polo tanto, unha parte moi significativa do total de máis de 2.000.000 de hectáreas que están cualificadas dunha forma ou doutra como monte en Galiza.

Teñen unha distribución non homoxénea. Ourense, así polo tanto, é a provincia que máis montes veciñais ten, cun 39,2 % do total; Lugo vai despois, cun 31 %; Pontevedra, 21,7 %; e só un 9,1 % na Coruña.

Se imos á web da consellería, vemos un dato oficial do número de persoas comuneiras, atendendo a titularidade dos dereitos, que vai a 122.000, case 125.000 persoas, aínda que se se calculan todos os datos sería que máis de medio millón de persoas, unha quinta parte, polo tanto, da poboación deste país, é propietaria en común de montes.

As cifras —eu non abuso moito das cifras, porque, ademais, para iso soe estar o Goberno— si que indican, polo tanto, a grandísima importancia a nivel de superficie, a nivel social,

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

deste tipo de propiedade colectiva da terra. Indican aínda algo máis importante, se cabe, que é o reflexo dunha vontade.

Nós cremos que o monte veciñal, a pervivencia deste monte veciñal, reflicte a capacidade de resistencia das comunidades locais e da importancia que estes montes tiveron para a supervivencia do noso país e para a supervivencia e reprodución das casas labregas e da economía agraria no noso país; e esa supervivencia, señor conselleiro, concordará comigo en que non é unha cousa baladí.

Ao longo da historia, nomeadamente a partir do século XIX, a partir das sucesivas desamortizacións e as seguintes constitucións liberais tamén dese século XIX, que só recoñecían dous tipos de propiedade: a pública e a privada, apareceron unha serie de ataques á propiedade veciñal, á propiedade comunal da terra neste país, que só chegando o franquismo por primeira vez foi quen de afectar efectivamente a ese tipo de propiedade. Porque, aínda que estaba prohibida na teoría, seguía a funcionar na práctica até —digo— a chegada da ditadura de Francisco Franco, que iniciou, entre outras cousas, unha forestación masiva nos montes veciñais. Pero todos estes ataques —fíxese— tiñan un elemento común: que todos viñan de fóra; todos eran ataques que viñan desde Madrid a unha forma de propiedade colectiva da terra que era propia de Galiza. E, non obstante, agora teñen vostedes a dubidosa honra —teño que dicir deliberada— da primeira vaga de ataques ao monte veciñal que vén de dentro do noso propio país. E é unha honra que teñen vostedes que eu non quixera levar sobre as miñas costas —teño que dicir—.

Porque é tremendo: vostedes, que ostentan o deber de goberno neste país e que, polo tanto, deberían liderar —ou nós entendemos que deberían liderar— a súa defensa, están a actuar promovendo *de facto* un roubo do monte veciñal, que levou, entre outras cousas, á promoción dunha iniciativa lexislativa popular por parte da Organización Galega de Comunidades de Montes. Porque é necesaria unha lei de montes que vaia ao servizo da veciñanza comuneira e da sociedade galega no seu conxunto; e non son palabras miñas, son palabras do recén reeleito presidente da Organización Galega de Comunidades de Montes, Xosé Alfredo Pereira, a quen quero parabenizar dobremente, primeiro, pola súa reelección nesta fin de semana pasada, no VII Congreso de comunidades de montes, que se celebrou en Moaña; e tamén pola súa traxectoria de décadas e décadas de traballo —como os seus compañeiros e compañeiras— a prol da propiedade comunal do monte. *(Aplausos.)*

E falei do VII Congreso de comunidades de montes e estou segura de que a xente da organización, ao igual que nós, botamos de menos a Xunta de Galiza, que estivera representado o Goberno deste país nese congreso de comunidades de montes no que se estaban a debater cuestións moi importantes do noso país.

E así estamos agora mesmo, señor conselleiro, noutro enfrontamento directo, un enfrontamento de modelos. Un modelo dun monte pensado por e para as persoas absentistas, que viven nas cidades, polo tanto un monte manso, que non incordia, que estea xestionado a través de empresas de servizos forestais, de servizos enerxéticos; ou un monte que permita a garantía da pervivencia do noso rural, que permita, polo tanto, desenvolver Galiza no seu conxunto, que xere riqueza, que xere emprego no territorio, biodiversidade e equilibrio te-

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

rritorial. Ou, dito doutro xeito, dous modelos que poderiamos concretar nunha Galiza viva fronte a unha Galiza morta.

E iso é do que estamos a falar, porque as comunidades de montes afrontan neste momento moitísimos problemas, moitos; problemas derivados, nunha importante parte, do despoboamento, da falla de relevo xeracional e do desinterese tamén da Xunta de Galiza pola súa pervivencia.

Afrontan tamén neste momento importantes ameazas. Vou dicir cinco —podería dicir moitas máis— ameazas claras e evidentes que están enriba da mesa. Dunha banda, o boom eólico, ao que podemos sumar o fotovoltaico que vén detrás, que grazas a vostedes e á Lei 9/21, de simplificación administrativa, deixou en mans das empresas do sector —torticeiro, totalmente torticeiro— a figura da utilidade pública, pasando polo arco do triunfo, ademais de todas estas cuestións, o feito de que os montes veciñais sexan indivisibles, inalienables, inembargables e imprescritibles. Nós utilizamos —ou utilizan— a figura da utilidade pública para cargar de raíz todas estas cuestións.

Doutra banda, a excesiva forestación que ten este país, vinculada a un monocultivo, e que vostedes ademais promoven e fomentan —teño que dicir— de xeito absolutamente suicida para este país. A nós parécenos un modelo suicida. ¿Parécelles que hai pouca superficie forestal a día de hoxe en Galiza? ¿Hai pouca? Hipotecan —eu creo— con este modelo calquera posibilidade, primeiro, de recuperar a nosa superficie agraria útil, que a día de hoxe está perdida en boa parte. Hipotecan, polo tanto, tamén a nosa fundamental soberanía alimentaria; estamos vivindo unha situación na que fica clara a importancia desta cuestión. E faise ademais unha emenda á totalidade que anuncia a bombo e prato un aumento de como mínimo un millón máis de metros cúbicos de madeira ao ano —madeira de eucalipto—, que se está a demandar se sae a adiante este gran proxecto que veñen anunciando.

A Lei de recuperación da terra agraria está sendo outra ameaza para o monte veciñal, e isto é tremendo; unha lei que tiña que servir, que tiña que ser unha gran oportunidade para o noso rural e que o están a converter vostedes nun cabalo de Troia para facerse con terra rápido e a baixo custo; que, por certo, ademais, incluía esta publicitada e inexistente —sempre o dicimos— moratoria do eucalipto, que bate frontalmente —como digo— co proxecto de Altri.

O despoboamento —xa o mencionei—.

E a quinta grande ameaza son vostedes mesmos, o propio Partido Popular, que é a maior ameaza que están a afrontar os montes veciñais neste momento. Vostedes tiñan présa, usaron a Lei de acompañamento dos orzamentos de 2022 para introducir xa importantes cambios na Lei de montes veciñais en man común de 1989. Introduciron cambios en dous sentidos —vostede sábeo perfectamente—: dunha banda, traspasar a titularidade temporal dos montes veciñais, a pública, aos concellos no caso de que non haxa xunta reitora, e, polo tanto, eliminando de golpe e plumazo o seu carácter veciñal, porque unha cousa é a xestión e outra é a titularidade. E, doutra banda, na posibilidade de que por razóns puramente burocráticas —témolo falado— este monte veciñal poida ser declarado en estado de grave

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

abandono e poida ser entregado a empresas forestais ou madeireiras por períodos de cincuenta anos. Nós entendemos que unha lei da importancia no territorio e na organización deste país que regula os montes veciñais non pode nunca ser modificada pola porta de atrás, como fixeron. Vostedes agora iniciaron un trámite que tiña que ser o punto de partida para calquera modificación da lei.

Nós temos claro que vostedes querían dotar de terra a Lei de recuperación da terra agraria —témolo falado, e sei que a vostede lle parece moi mal que digamos isto—. É a súa lei estrela, é a lei que están a publicitar en todos os lugares, en toda a prensa. E vémolo. Esta fin de semana fixeron unha publirreportaxe —e teño que dicir que importante— dos resultados da Lei de recuperación da terra agraria. E fai falta terra. E a terra de máis fácil acceso son os montes veciñais en man común, sobre todo no interior do país, onde hai despoboamento, onde a xunta reitora non está no seu mellor momento e onde non hai unha vontade de colaborar con esas comunidades para que efectivamente poidan funcionar, poidan recuperarse e poidan sentar as bases de fixación de poboación no territorio e de creación de riqueza, senón que é moito máis sinxelo facerse con elas e darlles un uso de cara ás empresas.

Nós facémoslle de entrada unha serie de preguntas —vostede tenas por escrito—: se consideran realmente que os montes veciñais son unha figura a protexer, se é unha fórmula de propiedade que ten funcionado para este país, se pode funcionar a futuro e se vostedes consideran que hai que promovela.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Remato xa, señor presidente.

Ten aí o resto de preguntas, non llas vou repetir porque as ten. Pero si que quero rematar cunha cuestión: cando unha persoa —un cidadán ou unha cidadá— accede, por exemplo, ao portal da consellería e quere acceder á información dos montes veciñais, ten que ir a unha subpestaña dentro do sector forestal. E isto é todo unha declaración de intencións, *(Aplausos.)* unha declaración de principios do que vostedes entenden que é e que pode ser o monte veciñal en Galiza.

Polo de agora, máis nada. E obrigada, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora González Albert.

Resposta do conselleiro de Medio Rural, don José González Vázquez.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Boas tardes, señor presidente.

Señorías.

Eu teño por costume nas interpelacións contestar ás preguntas que se me fan; polo tanto, máis alá de todas as cuestións ás que fixo vostede referencia con anterioridade —por certo,

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

agradézolle a felicitación polo nomeamento—, pois vou tratar, polo menos nesta primeira quenda, de contestar ás cuestións que se fixeron.

Saúdo tamén os representantes dos montes veciñais en man común; a algúns deles tiven ocasión de velos tamén na presentación dos vinte e cinco anos da Mancomunidade de Montes Veciñais de Vigo.

E, ben, dende logo nós imos trasladar o que estamos facendo neste ámbito.

Pero antes gustaríame, señorías, que tiveramos claro que hoxe —e dígollelo aos deputados do Partido Popular— estamos ante un capítulo máis da estratexia que ten o Bloque Nacionalista Galego: hai que opoñerse a todo o que fai o Partido Popular aínda que sexa bo para Galicia ou aínda que sexa algo —¡fíxense!— defendido anteriormente polo Bloque Nacionalista Galego. E a estratexia esta é especialmente relevante no eido das competencias da miña consellería, pois o desleixo do rural é un dos puntais do discurso do Bloque; se cae isto, cae parte do discurso.

Pasou, señorías, coa Lei da recuperación da terra agraria de Galicia. ¡Oian!, unha lei que atribúe a facultade de investigación da terra no solo rústico de Galicia á Xunta de Galicia vótase en contra por un partido nacionalista, para que siga quedando en mans do Goberno central. E pasa agora coa tan necesaria e demandada actualización dunha lei, dunha figura —que xa advirto e traslado— importantísima no noso país —deu vostede os datos— como son os montes veciñais en man común.

Miren, para argumentar o que estou dicindo —que me están contando aquí unha historia totalmente contraria ao que defendían vostedes—, gustaríame que tiveramos todos presente esta proposición de lei *(O señor conselleiro do Medio Rural mostra un documento.)* que foi presentada no ano 2009 polo Bloque Nacionalista Galego, concretamente o 8 de outubro do ano 2009. Eu diría que para min certamente é o legado político que deixou no eido forestal Alfredo Suárez Canal e Alberte Blanco. Unha normativa —desta que lles falo, e iremos facendo referencia ao longo da miña intervención— que tiña como un dos maiores defensores a persoa que citaba vostede no Consello Forestal de Galicia coas actas, Alfredo Pereira. É dicir, naquel momento dicía que o que se tiña que facer cos montes veciñais en man común era o que estaba nesta proposición de lei.

E, despois de ler con atención —como fago sempre—, a exposición de motivos da súa interpelación, eu diríalle que está moi afastado —e máis despois da súa intervención— da realidade actual, pero tamén dos postulados que estaban nesta proposición de lei. E comezarei co contexto, para ver onde estamos e que é o que estamos facendo. E dígolle tamén con claridade que poden gravarme en audio ou en vídeo —ou en ambos os formatos— porque o que vou dicir é algo tan certo como que o meu apelido é de primeiro González.

Miren, en ningún caso e baixo ningún concepto a Xunta de Galicia está a suprimir os trámites e as garantías da correcta tramitación da lei; todo o contrario, voullo argumentar. Intentan desinformar trasladando que non levamos a cabo os procedementos adecuados, pero ¿que fixemos ata o de agora? Autorizar a consulta previa sobre a futura Lei de montes veciñais en

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

man común, consulta pública; por certo, acabou o prazo —como di vostede— onte. Un primeiro trámite obrigatorio para elaborar —coidado— un proxecto de lei, non vai ser proposición de lei, vai ser un proxecto do Goberno. Unha consulta pública previa que foi aberta no Portal de transparencia, totalmente accesible para todas as organizacións, tamén a Organización Galega de Montes Veciñais en Man Común, para que todos os interesados e interesadas puidesen emitir as opinións, valoracións ou achegas que considerasen oportunas; tamén vostedes, os deputados do Bloque Nacionalista Galego. Porque ben saben que nós, dende logo, a consellería e todo o Goberno, buscamos sempre ese diálogo e esa participación para enriquecer a nosa lexislación.

Pero, miren, ademais deste trámite obrigatorio —consulta pública previa ao proxecto—, tamén comprometemos no Consello Forestal de xaneiro deste mesmo ano que logo con esas achegas elaborariamos un libro branco para con todo o sector debater sobre as reformas tan necesarias —e verémolo— que require a Lei de montes veciñais en man común.

Polo tanto, señorías, un proceso totalmente participativo. Pero é que, ademais, é demandado por todos. Nesta proposición de lei fíxese vostede se o demandaron que os artigos que dedicaban aos montes veciñais en man común e á súa actualización eran os artigos 34 a 71.

Tamén o Ditame da Comisión Forestal do ano 2018, entre as súas recomendacións, na recomendación 53 demandaba esta revisión. Fíxense que vostedes votaron en contra do ditame pero votaron a favor desta recomendación. E, por certo, tamén se adiantou no Consello Forestal, como digo, do pasado 18 de xaneiro, no que estaba presente a Organización Galega de Montes Veciñais en Man Común, que tamén participou no grupo de traballo do plan central, cuxa directriz CEM tamén mandaba facer esta actualización.

Polo tanto, penso que é unha necesidade demandada por todo o sector, por todos os grupos parlamentarios, e que nós estamos recollendo como tal. Polo que, señorías, queda de manifesto que estamos a falar dunha necesidade —como digo— detectada hai anos e que temos que atender.

E polo medio, evidentemente, hai cousas que urxen —e imos velo—, que é o que recollemos na lei de finais do ano pasado, na Lei de acompañamento, como o fixeron vostedes cando gobernaron. Porque, se quere, despois dígolle as modificacións que meteron na Lei de montes veciñais en man común a través da Lei de acompañamento.

Polo tanto, vou contestar á primeira cuestión con claridade, pero con claridade meridiana para todos. ¿Considera que a propiedade veciñal dos montes veciñais en man común é unha figura a protexer? Rotundamente si. É máis, non só é unha figura a protexer senón que tamén a impulsar, pola importancia que ten no conxunto do territorio —vostede díxoo moi ben— e ademais pola capacidade —e isto é importante— que ten para atraer e para xerar rendas e beneficios a todos os comuneiros, que son veciños e veciñas de aquí, de Galicia.

E dígolles máis, señorías —ás señorías do Bloque, as que escribiron a interpelación—: hai que falar con propiedade, e non se pode privatizar o que xa é privado. E os montes veciñais en man común —e debérano saber— son unha forma de propiedade colectiva de natureza xermánica, segundo o marco normativo que o regula. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Imos ver que dicía a proposición de lei do Bloque, porque así sabemos a posición oficial.

Miren, o artigo 9.1 da proposición de lei do Bloque, Lei de montes de Galiza, dicía que, segundo a súa titularidade, os montes só poden ser públicos ou privados. Pero imos ver, señor Bará, isto era o que dicían: públicos ou privados. ¿E onde coloca os montes veciñais en man común o Bloque no ano 2009? Din: «Os montes veciñais en man común son montes privados en copropiedade, figura propia do dereito civil de Galiza».

No único que non coincidimos nesta definición é que nós lle chamamos «Galicia» en lugar de «Galiza», no resto estamos totalmente de acordo. Polo tanto, deixemos xa un debate estéril que non ten absolutamente ningún sentido. O que realmente é importante é manter a inembargabilidade e imprescritibilidade e imposibilidade de vender os montes veciñais en man común. *(Murmurios.)* Ben, teño dereito a trabarme —comprenderá—, porque son difíciles de comer, ¿non? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* «Inalienable», señor presidente, agora saíume; naquel momento non me...

¿Que é o que pretendemos coa actualización da lei, señorías? En primeiro lugar, o mantemento da capacidade produtiva sustentable das terras dos montes veciñais en man común, a valoración de todos os seus recursos e servizos forestais, a súa multifuncionalidade, mellorar a súa organización e xestión e, por suposto, a súa protección. E isto ten moito que ver coas modificacións lexislativas que introducimos na Lei de medidas deste ano 2021, que vostedes introduciron a través da Lei de medidas do ano 2007. ¿Garanten a protección desa forma de propiedade? Sen dúbida, si. Vóullelo argumentar.

Recordamos que estas modificacións se refiren á situación de inexistencia da comunidade titular dos montes veciñais ou que estes se atopen en situación de grave abandono ou degradación. Din na súa interpelación que estas modificacións pretenden privatizar os montes veciñais en man común para entregárllelos a empresas forestais e madeireiras. Por iso o Bloque, o representante do pobo galego —que din—, apoia a iniciativa lexislativa popular que sobre esta materia presentou a Organización Galega, na que, por certo, o artigo dedicado ás situacións de grave abandono está en branco, non sei se porque se olvidaron ou porque entenden que non se ten que regular esa situación.

Miren, a regulación das situacións mencionadas (grave abandono ou deterioración ou degradación e ademais inexistencia de comunidade) é unha necesidade derivada do feito de que «non se pode obviar que unha importante parte dos montes veciñais en man común non están xestionados por razón de inexistencia de persoas que o fagan ou mesmo por imposibilidade dado o avellentamento dos veciños». ¿Saben onde está isto? Na exposición de motivos da proposición de lei do Bloque Nacionalista Galego. E tamén se di nesa exposición de motivos que se trata de crear un mecanismo que permita xestionar a superficie destes montes declarados en grave estado de abandono ou degradación.

Dende logo, señorías —e aí estaremos todos de acordo—, o que non garante o futuro dos montes veciñais en man común é que estean enchéndose de maleza aqueles que non teñen nestes momentos comunidade veciñal recoñecida, razón de máis para buscar unha fórmula

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que permita que eses montes estean atendidos namentres non rexorde esa comunidade, que é o que todos pretendemos.

Pero vaiamos co que propoñemos nós na nosa Lei de acompañamento. Miren, nesa proposta —supoño que os deputados do Partido Socialista estarán de acordo, porque foi transaccionada co Partido Socialista— recoñecemos unha titularidade provisional. Porque, señorías, se se fai un contrato de xestión pública para que a Administración forestal xestione eses montes, ten que haber alguén titular, e, se non hai comunidade, temos que ter unha titularidade provisional.

E como novidade —como digo— transaccionada co Partido Socialista, si que poñemos que pode ser ou a Administración forestal ou lle damos a posibilidade, que pode escoller, á que pode el optar, ao concello onde radica o monte. Durante o Bipartito vostedes o que dicían é que o fixera, que levara a xestión a Administración forestal, pero que os beneficios foran para o concello; e nós entendemos que se lle podía dar a oportunidade de xestionar ao concello, por suposto sempre coa supervisión da Administración forestal.

Pero onde temos a discrepancia é na forma de exercer a xestión cautelar, señora González Albert. Miren, o PP propón no artigo 27 desta lei, da Lei de montes veciñais en man común, que a xestión, cando non exista comunidade, se faga ¿saben por quen? Pola Administración forestal ou polas entidades instrumentais do sector público autonómico. Non hai ningunha posibilidade de que vaian a outro lado. Búsqueo vostede na lei.

¿Sabe que dicía o Bloque na súa proposición de lei? Dicía que a xestión se fixera de forma directa pola Administración forestal ou indirecta. Pero cando falaba de xestión indirecta dicía que ben podían ser empresas públicas —aí está de acordo co PP— pero tamén empresas privadas por concurso ou outras modalidades de contratación previstas na lexislación vixente. ¿Pero quen lles quere dar os montes que non teñen comunidade ás empresas privadas senón o Bloque co que propoñía no ano 2009?

Señorías, ¿cal era a solución se se cedía... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Eu estoulle lendo o que está na proposición de lei. Pero digo: ¿cal era a solución se se cedía a unha empresa privada e rexurdía a comunidade? ¿Inmediatamente podía quedar a comunidade co monte? Non. ¿Que é o que dicía a proposición de lei? Algo que ten bastante sentido común: que non poderían volver ter a posesión do monte as comunidades ata que rematara o prazo correspondente á quenda máis longa da explotación madeirable, especificado no instrumento de xestión forestal do monte, que é o mesmo que nós estamos dicindo agora.

Eu remato xa aquí a miña quenda, porque me queda por contestar no que se refire ás preguntas da interpelación a situación de grave abandono ou degradación. Pero eu pediríalle de verdade que traballemos en común por un instrumento, que logo trasladarei tamén con claridade, que é fundamental para o futuro do noso monte e que nós respectamos total e absolutamente.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señora González Albert.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Un mes agardando e resulta que tiña que ter interpelado a Alfredo Suárez Canal; equivoqueime de lexislatura. *(Aplausos.)*

Na Comisión 7ª falamos moito de monte veciñal, falamos moito de montes en man común e sempre partimos de visións absolutamente diferentes. Porque se vostedes non teñen claro o tipo de propiedade do que estamos a falar, é moi difícil normativizar sobre esta cuestión.

O monte veciñal é unha propiedade comunitaria, comunitaria, non é unha propiedade privada. E eu creo que se partimos desta cuestión, de que existen tres tipos de propiedades diferenciadas, entón podemos empezar a falar. Se vostedes non son quen de diferenciar a propiedade privada da propiedade comunitaria, claro, xa partimos dun problema de base.

En todo caso, non me contestou evidentemente ás cuestións que lle plantexamos nesta interpelación, vou esperar á súa segunda quenda, porque realmente nos interesa que nos conteste ás preguntas que lle facemos. Porque nós queremos saber como queren garantir, como van garantir que o traspaso da titularidade, por exemplo, dos montes comunais a un concello, ou a xestión por unha empresa privada por até cincuenta anos, como vostedes dixeron e aprobaron na Lei de acompañamento aos orzamentos deste ano, non vai colidir iso coa posibilidade de que se fagan alugueiros, cesións, ocupacións ou contratos a terceiros e expropiacións deses montes en man común. Xa nin entro na cuestión enerxética, porque aí é que se cargan directamente a Lei de montes veciñais e impórtalles tres pitos, xa llo dixen ao principio.

O problema disto —e repetimos sempre na comisión tamén— é que non lles gusta este tipo de propiedade, e punto. Considérano que é un atraso, consideran que é un problema para a xestión do territorio. Vostedes relaciónanse moito mellor coas empresas, vostedes non queren gandeiros, queren empresarios da gandería; non queren agricultores, queren empresarios da agricultura e non queren veciños e veciñas comuneiras, queren empresas que xestionen o monte. *(Aplausos.)* E repítennolo unha e outra vez cada vez que teñen oportunidade de facelo. Porque no ámbito no que vostedes se moven e funcionan é o que lles interesa. E isto casa moi mal coa idea dunha propiedade comunitaria, polo tanto democrática, colectiva, na que hai que poñerse de acordo e xestionar de forma colectiva un territorio.

Na súa consulta pública, premeditadamente pouco explícita —teño que dicir—, aínda que si que houbo quen foi máis explícito despois, si que quedan claros varios puntos chave da reforma lexislativa que pretenden afrontar. O BNG nunca dixo que non haxa que reformar esta lei; nós pensamos que hai que reformala, que está anticuada, que hai que actualizala, pero pódese actualizar en dous sentidos. Nós podemos optar por unha lei que promova e defenda esa forma de propiedade, que entenda que esta é unha forma que funcionou en Galiza

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

e que queira levala ao futuro, e que funcione a futuro, ou cargarse esa forma de propiedade porque non lle interesa. E vostedes están optando por esta segunda opción.

Falan de actualizar a figura de veciño ou veciña comuneira, que é o eufemismo do século para dicirnos que pretenden dar entrada a persoas xurídicas como veciños e veciñas comuneiras.

E queren ademais habilitar ferramentas para entregar os montes veciñais a empresas privadas. É que xa o fixeron na Lei de acompañamento, e acábao de confirmar vostede. Non facía falta, que sabemos ler, pero é que ademais o acaba de confirmar vostede.

Nós facémoslle ademais propostas concretas para a nova norma, porque si que a entendemos —repito— como necesaria. E farémolas oficialmente cando o proxecto chegue a este parlamento, que entendo que nalgún momento chegará. Igual que faremos se, efectivamente, se debate aquí esta iniciativa lexislativa popular que está a preparar a Organización Galega de Comunidades de Montes.

Nós o que queremos é que blinden ese tipo de propiedade, como unha forma —repito— distinta da propiedade pública e da propiedade privada. Se en Portugal son capaces de incluílo na súa Constitución —artigo 80—, en Galiza podemos optar polo menos a defender unha forma de propiedade que nos caracteriza e que nos enriquece.

Pedímoslle tamén que incorporen como liñas mestras desa nova Lei de montes veciñais as demandas do sector. Nós levamos esta cuestión á comisión en abril, en abril. ¿Que votaron vostedes? Non sei se o sabe, pero votaron que non; eu dígolle que votaron que non. O que pediamos, explicitamente: incorporar como liñas mestras da nova lei as demandas do sector, priorizar o reforzamento do carácter xermánico, votaron que non; a mellora do seu funcionamento asembleario, votaron que non; a mellora do seu funcionamento democrático, votaron que non; acadar un monte veciñal multifuncional e sustentable, votaron que non; e unha fiscalidade axeitada á figura e ás funcións dos montes veciñais, votaron que non.

¿Están mal estas liñas estratéxicas? Vostedes están en contra disto. ¿Queren defender os montes veciñais? Din que si, pero votan á contra de defendelos. Entón, ao final o que importan son os actos, non as declaracións e os golpes de peito que nos fagamos aquí no Parlamento. *(Aplausos.)* E vostedes teñen o DOG e aí é onde se defenden as cousas.

Repito que nós as levamos xa en abril e votaron en contra ademais, porque non se esconden. Aí vostede hoxe estase escondendo un pouquiño máis, pero na comisión son máis explícitos, non se esconden. Porque o que pretenden non é mellorar o funcionamento das comunidades de montes, é laminalas, sobre todo no interior, onde son máis febles, onde as xuntas reitoras moitas delas non están funcionando, onde hai máis problemas de relevo xeracional. E hai dúas opcións: optar por axudalas e buscar ferramentas para que poidan recuperar esas xuntas reitoras, para que poidan recuperar esa xestión do territorio, ou meter unha empresa, que é o seu modelo; desde logo, non é o modelo do BNG.

Remato xa, señor presidente.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

As reivindicacións que nos plantexamos, igual que as que plantexan as comunidades de montes, non son novas. Estamos no mes das Letras, o outro día foron as Letras Galegas, houbo un acto central alí en Córgomo, na miña terra, houbo moita xente deste parlamento alí, estivo o seu compañeiro o conselleiro de Cultura —que acaba de marchar—, estivo o presidente do Parlamento, houbo moita xente aquí que escoitou xa as demandas de Florencio Delgado Gurriarán nos anos corenta en relación coa supervivencia dos montes, ao que supuña a entrada do eucalipto contra a biodiversidade. Mais estamos falando de hai oitenta anos. Non sexan vostedes —remato xa, señor presidente— responsables...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: ...de que as palabras de Florencio se convertan en realidade no século XXI. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora González Albert.

Peche da interpelación, conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moitas grazas, señor presidente.

Efectivamente, con Florencio Delgado Gurriarán, con esa *Galicia infinda*, todos debemos pensar efectivamente nesa grandeza de Galicia, incluídos por suposto os montes veciñais en man común.

E eu resposto con claridade, señora González Albert, pero con claridade meridiana. Rotundamente, nós non imos tocar a natureza esencial dos montes veciñais en man común e, polo tanto, dicimos con toda claridade *(Aplausos.)* que as súas características intrínsecas, que son as que definen a figura, se teñen que manter. E remítome ao que poñían vostedes na proposición de lei, artigo 9.1, que saben perfectamente que por Código civil só se pode regular unha propiedade pública e unha propiedade privada. Que é unha propiedade privada de natureza colectiva sen cotas diso non hai absolutamente ningunha dúbida, e así lle garanto eu que na lei que se escriba baixo o meu mandato e coa colaboración de todo o sector vai seguir sendo, sen absolutamente ningunha dúbida tampouco. *(Aplausos.)*

A min o que me gusta, señorías deste parlamento, ¿saben o que é? Que os montes sexan rendibles, sexan multifuncionais e poidan ter rendibilidade precisamente para os veciños comuneiros, porque iso será o que permita que haxa un rural vivo no noso territorio, pola importancia que ten a figura dos montes veciñais en man común. É unha figura que veu dende logo para quedar e tanto o Bloque Nacionalista Galego como seguro —se goberna— o Partido Socialista —seguro que non—, pero o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego ou nós imos seguir mantendo esta figura. *(Murmurios.)*

Miren, hai outra cousa que me parece certamente contraditoria, porque eu sei que están facendo as beiras, a ver como poden atacar a Lei de recuperación, ¡home!, a ver se conseguimos

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

meternos aí. Xa llelo dixen o outro día: furtar terras aos montes veciñais para darllos á Lei de recuperación.

Nestes momentos, hai vinte e dúas aldeas en tramitación e máis de quince polígonos —que os imos ver— para viñedo, para gandería en extensivo —si, empresarios gandeiros—, que nós queremos que crezan evidentemente, pero falamos dos que están xa no territorio, porque en Montederramo non temos que traer a ninguén de fóra, ou en Parada de Sil, ou noutros sitios nos que estamos traballando.

Non hai nin un só centímetro cadrado de calquera dos instrumentos da Lei de recuperación nestes momentos en tramitación en monte veciñal en mancomún. Pero, ¿como podo desacreditar máis o que vostede está dicindo, que vén aquí dicilo sen absolutamente ningún rubor? ¿É todo así? Non, señoría, eu téñolle que dicir que imos ilo vendo porque se van declarar enseguida todos eses polígonos. Por certo, algúns moi interesantes para recuperar a actividade agrícola e gandeira.

Pero como eu quero dar resposta á súa interpelación e falei antes da situación de desaparición da comunidade, repítolle: se non hai comunidade, non temos titular. Por iso decretamos a figura de titularidade provisional, que, por suposto, se se reconstitúe a comunidade, que é o que nós queremos, desaparece esa titularidade provisional. Pero pense vostede que se o concello asume esa titularidade provisional e quere asinar un contrato de xestión pública coa Administración forestal, temos que ter un titular para poder firmar ese contrato.

Imos falar da situación de grave abandono ou degradación, que tamén é outra das cuestións que tocamos neste ano 2021, co único obxectivo de poder actuar xa neses montes, que se está en grave estado de abandono ou degradación, pois loxicamente non están na situación que todos —estou seguro— desexamos. Isto era o que se argumentaba; xa o oín antes na exposición de motivos na súa proposición de lei de montes de Galiza do ano 2009.

E dinme aquí na interpelación que por razóns meramente burocráticas un monte veciñal poida ser declarado en estado de abandono ou degradado, para que unha vez feita a declaración o monte poida ser entregado á xestión dunha empresa forestal ou madereira por un período de cincuenta anos. Mire: iso que vostedes chaman «razóns burocráticas» son as mesmas no substancial que xustificaban a declaración de grave abandono na proposición de lei súa do ano 2009. É o mesmo practicamente; matizado, efectivamente, pero no substancial é o mesmo. E se se declaraba o grave abandono, ¿o Bloque permitía que se cedera a empresas? A resposta señorías, é que si. Cousa curiosa.

E como no caso de inexistencia da comunidade, tamén neste caso a comunidade só podía recuperar o monte en grave estado de abandono ocupado por unha empresa coas regras do Bloque se finalizaba o prazo de quenda máis longa de explotación forestal que nese monte estivera facendo a correspondente empresa.

Señorías, teñan un pouquiño de coordinación e de consideración sobre o que están a trasladar. Repito, tamén lle teño que dicir: ¡oia!, estamos a tempo aínda de ampliar a iniciativa lexislativa popular, que no artigo 24 non regula nada do estado grave de abandono e degra-

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dación. Non sei se é porque non queren que haxa esa declaración ou porque non se recolleu; non o sei exactamente. En todo caso, seguro que si se pode traballar na modificación da lei, seguro que imos poder traballar neste ámbito.

Polo tanto, señorías, queda totalmente acreditada a posición do Goberno galego: máxima defensa dunha figura esencial dos montes galegos, como son os montes veciñais en mancomún, total disposición coa elaboración do libro branco, a colaboración do Consello Forestal e de todo este Parlamento a facer un debate sosegado e totalmente participativo para consensuar propostas de mellora da súa regulación; non esquezamos que é do ano 1989. E a principal pretensión ten que ser asegurar en todo momento a xestión eficaz dos montes veciñais e por extensión do monte galego. Unha actualización que permita constituír unha ferramenta normativa útil para acometer con efectividade todas esas iniciativas que temos que levar aos nosos montes. Uns montes que —como ben dixo vostede— son moi importantes no noso territorio, e temos que manter a súa configuración legal actual —repito— sen ningunha dúbida na súa configuración esencial e avanzar na efectiva xestión deles.

Polo tanto, señorías, eu remato xa dicíndolles que me gustaría que neste ámbito, que como din vostedes tamén ten moitísima importancia, señora González Albert, eu penso que a transcendencia de todo isto nos leva a falar coa consellería e nos leva a falar no pleno, non estar dicindo que nos opoñemos a cuestións porque a través de proposicións non de lei temos unha postura ou temos outra. Penso que o importante é falar aquí e tratar estes temas, precisamente no ámbito dunha lei consensuada. Polo tanto, pediríalles que nos trámites que imos facendo se vaian achegando propostas que poidan ter cabida nesa actualización da Lei de montes veciñais de mancomún para estar todos á altura do que nos demanda a realidade rural de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Interpelación de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a distribución de fondos públicos a entidades locais mediante convenios

O señor PRESIDENTE: Para formular esta interpelación ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

Señora conselleira, señora Vázquez, tocoulle a vostede dar a cara, non veu o que tiña que vir. *(Risos propios.)* ¡Encantado de que sexa vostede!

Eu quería, en primeiro lugar, felicitalos por este excelso xogo de cadeiras que nos brindaron nas últimas semanas neste exemplo tamén de economía circular ou de política circular. Vai o señor Feixoo para Madrid, empadróase alí, xa sabemos, o atractivo do «paraíso da liberdade». Despois o señor Rueda de rebote queda de presidente. Despois o señor Diego Calvo tamén; neste caso non de rebote porque lle facía moita ilusión, xa nolo dixo o señor Rueda.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Aos demais non, pero a Diego Calvo facíalle moita ilusión. Non me puiden resistir. En fin, falou claro: *cuerpo a tierra que vienen los nuestros*, que se diría en linguaxe así e tal.

Entón, resulta que despois tamén neste xogo de cadeiras a señora Elena Muñoz, senadora, tivo que vir para aquí tamén, colocada na Vicepresidencia segunda, e esa cadeira cóbrea o señor Feixoo, encantado de empadroarse e vivir no seu querido Madrid, que realmente está namorado de Madrid. *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

Reláxense que estou empezando aínda. Reláxense, tranquilos. *(Aplausos.)* Non se aceleren, hai que ter un pouco de encaixe, aínda que sexan case as seis da tarde hai que ter un pouco de...

O señor PRESIDENTE: Vaiamos aos convenios. Imos empezar por aí.

O señor BARÁ TORRES: Imos ao tema. Pois ben, de todo isto, señor presidente, quedou unha cousa clara: a maquinaria da Xunta e do Partido Popular de Galiza traballa ao servizo da estratexia de campaña do Partido Popular de asalto á Moncloa *(Aplausos.)* É así. ¿E saben como se chama isto? Chámase «utilización partidista das institucións», utilización partidista do Goberno galego, que traballa ao servizo da sede do Partido Popular de Xénova. E non sei se vostede foi escollida, señora Vázquez, creo que si ou que non —acláreno vostedes—, pero vostedes van os luns a Madrid. Alí van o señor Rueda, o señor Calvo, a señora Candia, o señor Baltar e os demais recibir instrucións os luns. E despois aplican aquí no Goberno da Xunta as instrucións do Partido Popular de Madrid. Iso chámase non servir a Galiza, senón servir aos intereses do Partido Popular. *(Aplausos.)* Queda absolutamente claro.

O señor PRESIDENTE: Vaiamos aos convenios, se lle parece, señor Bará. Imos aos convenios locais.

¿Sabe cal é o malo disto? Que despois van respostarlle.

O señor BARÁ TORRES: O punto de partida desta cuestión, señora Vázquez, é o balance, a herdanza que deixa o señor Rueda, o vicepresidente primeiro anterior, que era o responsable da cooperación cos concellos; agora o substituto non tivo a ben vir hoxe, pero está vostede. Pois ben, este balance pódese resumir en tres ideas principais:

A primeira é o incumprimento das demandas e dos acordos asinados coa Fegamp; un absoluto ninguneo da Fegamp como organismo representativo dos concellos, de todas as forzas políticas, por certo.

O segundo é o raquitismo orzamentario nas transferencias da Xunta aos concellos; aínda que aquí entrariamos noutro debate que ten outras causas.

E o terceiro, que para min é o máis grave en termos democráticos, é a repartición partidista dos fondos públicos que vostedes levan practicando desde o ano 2009, nunha utilización absolutamente perversa de diñeiro público para beneficiar concellos afíns e para castigar concellos doutros partidos, e non gobernos municipais. Vostedes o que fan é castigar e

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

discriminar as persoas que viven neses concellos, que non é o mesmo. E iso é intolerable, é inadmisible.

E nestes anos temos que dicir que houbo avances notorios por parte de institucións galegas, no caso das deputacións, nunha repartición máis equitativa, máis transparente. Si, efectivamente, están aí os datos para demostralo, pero non en todas as deputacións, pois houbo unha excepción. Adiviñen vostedes cal pode ser. Houbo unha que non cumpriu ese camiño a seguir.

E tamén por parte da Xunta. No caso da Xunta temos múltiples exemplos de uso partidista na repartición de fondos públicos por medio desa práctica que vostedes utilizan acotío, que son os convenios, decidindo a dedo a que concellos lles dan o diñeiro público.

Teño que dicir, señora Vázquez, que a súa consellería bate todos os récords, ten a medalla de ouro, na repartición partidista dos fondos por varias vías. E hoxe voume referir a algunhas, sobre todo, a unha que me parece escandalosa, que é como reparten vostedes o diñeiro do plan Hurbe, como repartiron ao longo destes trece anos. E teño que dicirlle, señora Vázquez, que foi un auténtico festín partidista. Son nestes anos trescentas vinte actuacións, 150 millóns de euros que repartiron por convenios a dedo, e máis do noventa e cinco por cento a concellos do Partido Popular, con absoluto descaro.

Eu pedín polo artigo 9 a documentación dos investimentos do plan Hurbe. Tardaron ano e medio en entregar unha documentación despois de que levara o asunto a unha comisión, e aquí están os datos, que cantan. Están un pouco maquillados, a verdade, porque vostedes fixeron unha pequena trampa. Meteron na lista os financiamentos que foron por subvencións nos últimos anos, unha parte do diñeiro. Tiñan 6-7 millóns de euros. Sacaron unha parte por subvención. Claro, aí non había outra, aí tiñan que entrar os outros concellos. Por iso, a repartición ao final queda un pouco maquillada. Pero aínda así, máis do noventa e cinco por cento desta lista son convenios concedidos a concellos do Partido Popular, despois de que a correspondente alcalde ou alcaldesa pasase polo seu despacho.

E no ano 2020, plan Hurbe, que son para obras de urbanización e de equipamento de espazos públicos, mire: de vinte e oito convenios, vinte e sete a concellos do Partido Popular. Isto é un pouco sospeitoso cando menos.

Datos de 2021, aquí houbo convocatoria de subvencións, pero aínda así sesenta e catro convenios, cincuenta e cinco Partido Popular, o 86 %. E xa digo que entraron outros concellos, porque unha parte do diñeiro sacárona mediante convocatoria de subvencións, e aí non lles quedou outra que darlles tamén a outros concellos, loxicamente.

Estamos esperando que van facer cos 7 millóns que están no orzamento do ano 2022, se van seguir con estas prácticas, porque estamos nun ano electoral e tememos o peor.

Do total de transferencias aos concellos, que son aproximadamente catrocentos millóns de euros, esta cantidade vai en tres partes: unha, do Fondo de Cooperación Local, onde hai unha repartición por criterios obxectivos loxicamente; en segundo lugar, subvencións, e en ter-

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ceiro lugar, convenios. E o que leva pedindo o movemento municipalista galego, a Fegamp, é que as subvencións pero sobre todo os convenios se incorporen ao Fondo de Cooperación Local, co cal poderiamos ter unha bolsa aí de aproximadamente douscentos cincuenta millóns de euros, que permitirían unha repartición obxectiva, non partidista deses fondos, como están facendo, por certo, as deputacións da Coruña, de Pontevedra e de Lugo, que tiveron grandes avances neste sentido. E teño aquí os datos, que son incontestables. Si, si, á señora Candia tamén lle fai graza, pero é así, están os datos aí, que cantan; non é opinable, son datos.

Entón, ¿que vimos nós propoñer aquí? Pois o que leva pedindo durante todos estes anos a Fegamp. ¿Vostedes están dispostos a atender as demandas da Fegamp?

Por exemplo, que se cumpra o Pacto local asinado en 2006, xa hai dezaseis anos. ¿Queren vostedes cumprir este pacto?

¿Queren vostedes, como lles pediu a Fegamp, que a Xunta asuma os servizos e as obrigas económicas que actualmente prestan os concellos sen ter competencias, como os custos dos centros de educación infantil e primaria, as unidades municipais de asistencia á drogodependencia, os conservatorios profesionais de ensino medio, os centros sanitarios, os xulgados de paz? É o que lles están pedindo a Fegamp.

Terceiro, demandar do Goberno da Xunta a aprobación dunha lei autonómica de participación nos ingresos da Comunidade Autónoma dos concellos galegos, consensuada coa Fegamp. ¿Van vostedes a apoiar isto?

E cuarto, solicitar a progresiva integración no Fondo de Cooperación Local das axudas e subvencións anuais que a Comunidade Autónoma destina ás entidades locais. ¿Están de acordo con isto?

E eu díxenlle que nas deputacións, menos na de Ourense, houbera un cambio importante nestes anos. Podo despois na segunda quenda ampliar. Pero na da Coruña, cando a gobernaba o señor Diego Calvo, había 43 millóns do Plan de obras e servizos, no 2019 foron 92 millóns. Na de Pontevedra pasouse de 30 a 43 millóns, repartidos con criterios obxectivos. É un grande avance, ¿non me dirá que non? E hoxe en día Lugo reparte 21,5 millóns con criterios obxectivos de repartición, que tamén é un avance.

En Ourense practican o *juanpalomismo*, é «*yo me lo guiso, yo me lo como*», danlles a todos os concellos 51.000 euros, a todos igual. Ben, despois hai outras vías polas que reciben máis diñeiro. *(Risos.)* Xa despois hai a porta de atrás, a porta circulatoria esta, a porta xiratoria... En fin, hai outras vías. Pero para todos igual, dá igual a poboación que teñan, o envellecemento que teñan, a dispersión xeográfica que teñan. En todo caso, é unha cantidade absolutamente ridícula.

E pódolle facer a comparación entre os concellos de Lugo e os concellos de Ourense, que a moitos concellos incluso do PP de Ourense xa lles gustaría pasar a outra provincia para recibiren as cantidades que reciben por estes plans os concellos noutras provincias.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Polo tanto —para rematar—, o que fai a Xunta, o que fai tamén a Deputación de Ourense, o que fai o Partido Popular é absolutamente escandaloso. É un exemplo de malversación moral. E isto chámase discriminación, chámase partidismo e chámase —teño que dicilo con todas as letras—...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...sectarismo, é sectarismo. *(Aplausos.)*

E por iso —para rematar—...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...quero preguntarlle, señora conselleira, se van cambiar estas regras de xogo e se van atender todas estas demandas que lle dixen que fixo nestes últimos anos e tamén no ano pasado a Comisión de Cooperación Local á Fegamp.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grazas, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dona Ángeles Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes, señor Bará.

Vexo que está vostede moi preocupado polos cargos do Partido Popular, se se empadroan ou non se empadroan. A min, a verdade, o que me preocupa é que vostedes non controlen en absoluto o señor Néstor Rego, *(Risos.)* e que digan aquí unha cousa e no Congreso digan a contraria.

Onte foi patético, foi patético que abandonaran vostedes os gandeiros galegos á súa sorte *(Aplausos.)* despois de que se presentara unha proposición de lei na cal se pedía que se preservara aos gandeiros galegos, porque son os que custodian o territorio, son os que plantan para que despois as aves poidan comer, son os que podan as árbores para que as abellas poidan polinizar, son os verdadeiros coidadores do medio ambiente. E ante iso, ¿vostedes que fixeron en Madrid? Pois dicir que non a esa proposición de lei dicindo que o lobo está en perigo de extinción, pero o gandeiro non está en perigo de extinción. *(Murmurios.)*

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Polo tanto, preocúpese vostede un pouco máis do señor Néstor Rego, díganlles a verdade aos galegos e ás galegas, díganlle a verdade á xente do noso rural, *(Murmurios.)* e esquézanse un pouco do señor Feijóo porque seguro que todo o que faga vai ser pensando en e por Galicia. *(Aplausos.)*

Dito isto, a esta interpelación podería vir efectivamente calquera membro do goberno. Eu quixen estar aquí presente porque a vostede lle gusta moito o plan Hurbe e, polo tanto, quería darlle explicacións ao respecto. E o primeiro que lle podo dicir é... *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)* —non, non se me poña así que tampouco é a cuestión, non se me poña nervioso— ...que dende a Xunta de Galicia, dende todas as consellerías, garantimos en todo momento a igualdade de trato aos trescentos trece concellos. E faise agora dende a Xunta de Galicia. Ningún alcalde poderá dicir que non é atendido por teléfono, que non se lle dá unha resposta, que non se asinan os convenios pertinentes cando iso é posible.

Pero outras que estivemos no goberno si podemos dicir que se alguén había sectario foi pois nese *impasse* de tempo, eses tres anos e medio ou catro nos cales gobernou o BNG e o PSOE. Eu era a alcaldesa dunha vila chamada Melide e sufrino. Sei perfectamente como actuaban vostedes.

Dito isto, e como actuamos en estrito cumprimento da normativa de subvencións, hai que dicirlles que a transparencia é total. É que nin sequera fai falta que vostede o pida por escrito; dámosllo por escrito, contéstanlle en comisión, veño eu aquí contestar. Pero é que están na páxina de transparencia todos os convenios que asina a Xunta de Galicia cos distintos concellos.

Dito isto, teñen vostedes unha intentona sempre de distorsionar falando de política clientelar que fai a Xunta de Galicia, e levan con isto trece anos, e parece ser que vostedes non se aburren. E iso non é así. Non é así porque actuamos baixo varios principios, que son os principios de cooperación, de coordinación, asistencia activa e información recíproca, que é o que facemos cos concellos. E co único obxectivo de buscar a mellora das condicións de vida de todos os galegos, vivan onde vivan, porque pensamos nos galegos, non pensamos en quen goberna en cada concello.

Cooperamos con todos os concellos con independencia da súa cor política, e ademais faise mediante dous mecanismos. Deses mecanismos de cooperación —sábeo vostede ben— un é a concorrencia competitiva, e doulle un dato: ano 2021, máis do setenta e tres por cento das convocatorias de axudas a concellos por parte da Xunta fixéronse a través desta vía da concorrencia competitiva. E, por outro lado, temos a concorrencia non competitiva, que é un mecanismo que tamén ten previsto a lei e que nin moito menos supón un réxime de desigualdade ou subxectividade, senón todo o contrario.

En definitiva, apostamos pola colaboración coas entidades locais. E, por suposto, falamos continuamente coa Fegamp, onde aí están representados todos os grupos políticos.

Pero voume centrar especialmente no que a vostede lle gusta, e voume centrar nos Hurbe. Polo tanto, voulle dicir que dende o ano 2010, a través dos Hurbe, recibiron os concellos un

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

total de 63,3 millóns de euros. Grazas a ese esforzo que fixo a Xunta de Galicia de cooperación e coordinación cos concellos executouse un total ata o día de hoxe de trescentas sesenta actuacións; son actuacións de humanización e dentro dos concellos. Este plan busca ese desenvolvemento das nosas vilas rurais e deses espazos que agora o facemos ademais cun criterio, que é a sostibilidade. Melloramos os equipamentos, melloramos as dotacións, e todos os acordos de cooperación pois fanse —como dixen anteriormente— a través de concorrencia competitiva ou a través destes convenios. Convenios ademais que sabe vostede que están regulados a través dun decreto, un decreto que vén dende o ano 1992. ¡Mire vostede se vén de vello! E non sei ademais que problema lle pode ver.

Pero, á parte de todo isto, eu direille como se asinan os Hurbe na Consellería de Medio Ambiente. Hai que cumprir unha serie de requisitos. Eses requisitos son que se poñan á disposición da Xunta de Galicia os terreos onde se vai executar a obra. Se ten vostede algún concello que estea pendente dun Hurbe e que reúna todas as condicións non ten máis que dicilo. Por outro lado, que conten cun cofinanciamento. Os concellos fan un esforzo, e ese esforzo é que poñen o 30 % dun orzamento propio. Polo tanto, a Xunta de Galicia pon un 70 % e os concellos fan un esforzo, é o 30 %. Teñen que redactar o proxecto, e a partir de aí é a Xunta de Galicia quen fai a licitación correspondente, e *a posteriori* ten que asumir a obra, a súa explotación, o mantemento e a súa conservación. Polo tanto, é un sistema totalmente transparente, onde hai que reunir unha serie de condicións, e non todos os concellos teñen a capacidade de reunir esas condicións por uns motivos ou por outros motivos.

Pero, tal e como lle dicía, hai unhas publicacións que se fan, onde a transparencia por parte da Xunta de Galicia é fundamental. É o Portal de transparencia e goberno aberto e no Rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Polo tanto, pode vostede pedir a información, pode dicir que tardamos un mes, pero créame que se quere traballar pode facelo porque o ve no Portal de transparencia, e dáselle toda a publicidade necesaria para que todo o mundo sexa coñecedor do que acontece.

Polo tanto, señor Bará, o que facemos dende a Consellería de Medio Ambiente é responder ás peticións que nos trasladan os concellos, nin máis nin menos; e facémolo a través de acordos, nos que as dúas partes asumen compromisos.

E poñía vostede —ou non o mencionou aquí mesmo pero si no texto— Ribeira e Marín, mencionábaos porque estamos facendo uns auditorios. Pero deliberadamente vostede de cando en vez ten algunha ausencia. Digo algunha ausencia porque se esquece doutros auditorios que se levaron a cabo. E eu dicía anteriormente que mobilizamos 63,3 millóns de euros. E fíxense que deses 63,3 millóns de euros, 25 millóns foron para un auditorio, é o Auditorio de Lugo. Que saiba eu, en Lugo non está gobernando o PP, senón que está gobernando o PSOE e o BNG. Pero dáse a casualidade de que asinamos ese convenio, que foi a través dun plan Hurbe, e leva anos pechado —xa se pode dicir: anos pechados—. E algo terá que dicir ao respecto, señor Bará, porque aí goberna o BNG. *(Aplausos.)* Ao igual que falamos dese auditorio, que ademais nos preguntan a nós as asociacións quen se fai cargo, quen é o responsable da xestión, cando se vai abrir... É o concello única e exclusivamente.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Poderiamos dar outros datos. O auditorio de Ferrol tamén foi a través dun plan Hurbe. ¿E sabe canto? Dezasete millóns de euros. E, que saiba eu, tampouco está gobernando o PP.

Pero pódolle poñer outros casos: O Barco de Valdeorras —por xa non falar de 25 millóns, 17 millóns...—, ben, pois é outro convenio, por 280.000 euros; por nomear outra ideoloxía, que neste caso creo recordar que é do PSOE.

Polo tanto, deliberadamente, vostede unha vez máis empeza a enrocar, quere darlle a volta dicindo: ¡fíxese que cantidade de convenios! Pois mire que non daban para convenios con concellos do PP eses 25 millóns de euros que agora nos decatamos que están sendo inútiles porque cando queiran vostedes abrir o auditorio de Lugo resulta que a metade das cousas xa non van funcionar, e enriba dirán que a culpa pois é da Xunta de Galicia.

Pero non só facemos convenios a través do plan Hurbe, senón que axudamos a regularizar situacións. Os plans xerais de ordenación municipal —que eses parece que non lles gustan a vostedes tanto—, e aí pois este ano destinamos 3,2 millóns de euros. No día de hoxe temos trescentos trece concellos de Galicia que contan con ese plan xeral. Pero podería darlle datos: concello de Vigo, o PSOE, subscribimos convenio e 1 millón de euros para ese Plan xeral de ordenación municipal; Redondela, acabamos de asinalo, 250.000 euros; Negreira, 125.000 euros; Rábade, 85.000 euros. Que saiba eu, tampouco goberna o Partido Popular.

Polo tanto, estes son casos como outros máis para concellos de menos de cinco mil habitantes, por exemplo, que non son quen de quitar adiante un Plan xeral de ordenación municipal. Pois aí están os plans básicos municipais, 1,2 millóns de euros.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Trabada é do PSOE; Ribeira de Piquín é do PSOE; San Xoán de Río é independente; Alfoz é do PSOE; Samos é do PSOE; O Páramo, que foi o primeiro e que saiba eu tampouco é do PP. Pódolle seguir poñendo exemplos.

Por certo, como vostedes gobernan co PSOE en Madrid, ou polo menos votan xuntos, porque onte puiden comprobar diante dos gandeiros que votan xuntos, pero tamén nas distintas deputacións, eu convidaríao, señor Bará, a que se sente co presidente da Confederación Miño-Sil, e así poderiamos sacar adiante algún plan básico municipal. Están todos esperando por eses informes favorables que non acaban de chegar.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Pois xa moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Xa ve o reloxo.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Polo de agora, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Réplica, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Señora Vázquez, fálame vostede do lobo, e o lobo é un exemplo de libro precisamente do uso partidista do sectarismo da política da Xunta do Partido Popular, que lle vale todo, ¡válelle todo! *(Murmurios.)* Vostedes están boicoteando e atrasando o Inventario do lobo, que xa debía estar publicado, xa foi contratado o ano pasado, e non o fixeron público aínda, ¿por que? Porque queren boicotear a Estratexia do lobo, porque queren boicotear as axudas ao sector gandeiro *(Aplausos.)* que están previstas na Estratexia do lobo por interese partidista.

¿Pero sabe o que di o sector? O sector gandeiro ve viable convivir co lobo coa nova Estratexia do lobo. E vostedes estana boicoteando, estana atrasando porque queren crear malestar, confusión, liorta, lío, porque lles interesa de maneira partidista. *(Aplausos.)* Porque a situación que se está vivindo agora en Galiza non é consecuencia da prohibición da caza do lobo, é consecuencia de todo o anterior, é a situación do modelo anterior a que estamos vivindo agora, eses ataques do lobo. Non se produciron agora por arte de maxia máis ataques do lobo.

Pero falando do lobo, o seu verdadeiro lobo, o que os pon realmente nerviosos e nerviosas a vostedes, ¿sabe quen é o seu lobo? O BNG. *(Murmurios.) (Aplausos.)* É porque saben que estamos aí e que imos a por todas, e que imos a polo goberno da Xunta. Iso é o que os pon nerviosos. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, con pel de cordeiro ou sen pel de cordeiro. É a súa obsesión. *Esto no es amor, es obsesión. Lo suyo es obsesión. (Aplausos.)*

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) Tranquilo...

O señor PRESIDENTE: Silencio. Mire como derivou a cousa, señor Bará. *(Murmurios.)* Iamos aos convenios e mire onde estamos falando, do raposo e do lobo.

O señor BARÁ TORRES: Non, do lobo falou a conselleira.

O señor PRESIDENTE: Non, pero vén todo como consecuencia disto.

O señor BARÁ TORRES: Claro, vostede fálanos aquí de subvencións, pero eu non lle preguntei polas subvencións. O que si pide a Fegamp é que as subvencións que se incorporen na medida do posible, e moitas pódense incorporar, para que os concellos teñan unha previsión de ingresos, ao Fondo de Cooperación Local. Entre subvencións e convenios nós dixémoslle que se podía duplicar o Fondo de Cooperación Local. Hai algunhas subvencións que non, pero moitas outras pódense incorporar.

Pero eu fálolle dos convenios, e di vostede: é que nos piden os concellos. ¿Pero como nos quere tomar o pelo desta maneira tan descarada? Se vostedes os dan a dedo. Explícolle agora o de Lugo. Porque vostede sobre Lugo —teño que dicirllo así— mentiu. Porque despois de

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

esperar ano e medio conseguín que me deran a lista dos convenios do Hurbe, *(O señor Bará Torres levanta uns folios.)* e aquí non están eses convenios dos que falou vostede de Lugo e Ferrol para construír os auditorios, porque eses van por outro lado. Porque ao igual que o auditorio de Pontevedra o fixo a Xunta de Galiza, tamén o de Lugo, tamén gobernando quen gobernase. Os auditorios das cidades, por histórica tradición, fíxoos a Xunta de Galiza. Vostedes puxeron aquí no Hurbe 3,5 millóns para o equipamento de Lugo, pero non para a construción. E para Ferrol non está no Hurbe, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* porque o teño aquí. *(O señor Bará Torres levanta uns folios.)* Téñoo aquí. Só para equipamento, non para construción.

Pero é absolutamente perverso que vostede diga aquí que os convenios están regulados e que se publican. ¿Sabe por que se publican? Porque hai un decreto do ano 2006 que obriga a publicalos; non lle queda outra. Pero non se poden consultar porque non hai ningunha web da Xunta onde se poidan consultar, un histórico de todos os convenios que vostedes asinaron. Saen publicados no *DOG* cuadrimestralmente porque é obrigatorio, pero non hai ningún sitio —pediullo a Fegamp— onde se poidan consultar. Así que outro dos deberes para que lle pase ao seu compañeiro de goberno o señor Calvo: a publicación de todos os acordos e convenios.

E falando de auditorios, falou vostede de Marín e de Ribeira. Estamos encantados de que se fagan auditorios en Marín e Ribeira. Vostedes non tiveron ningún problema en asinar un convenio con Marín; con Ribeira asinaron tres, o seu e dous do señor Rodríguez. Tres para o auditorio; non un, tres.

¿Pero sabe o que fixeron vostedes con Bueu, que tamén lle pediu o seu alcalde un auditorio? Si, reuniuse coa súa secretaria xeral de Urbanismo. ¿E sabe o que lle dixo? Que esperasen, por partidismo e por sectarismo, porque así é como actúan vostedes, que esperasen. *(Aplausos.)* Os de Marín teñen dereito a ter un auditorio e os de Bueu non. Ese é o retrato do sectarismo da política do Partido Popular.

E aí están os datos, igual que están os datos das deputacións. É que é absolutamente escandaloso. Guitiriz, que ten menos poboación que Allariz, recibe 439.000 euros do Plan único da Deputación de Lugo, ¡439.000 Guitiriz! ¿Allariz sabe canto recibe da Deputación de Ourense? Cincuenta e un mil euros. Ese é tamén o retrato.

¿Sabe que concellos reciben máis do Plan concellos da Deputación de Pontevedra? Por xustiza, porque son máis grandes, porque teñen máis poboación, porque teñen máis territorio, porque terán máis envellecemento. Son: no número un Lalín, 2,6 millóns de euro; en segundo lugar, A Estrada, tamén 2,6 millóns de euros; despois veñen Vilagarcía, Sanxenxo —o emirato de Sanxenxo—, *(Risos.)* Redondela, Cangas, Ponteareas, tal... Pero porque hai 43 millóns de euros que se reparten con criterios obxectivos, que é o que lles pedimos nós a vostedes que fagan tamén na Xunta de Galiza, concentrando todos eses fondos no Fondo de Cooperación Local. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

As cidades teñen un trato á parte, como tiveron sempre gobernando quen gobernase. Pero teñen un financiamento por habitante que é dez veces máis baixa que os concellos de menos de dez mil habitantes. Fíxese vostede...

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...dez veces menos o financiamento por habitantes de Pontevedra e Vigo con respecto aos concellos máis pequenos. Esa é a realidade da provincia de Pontevedra, que é un exemplo na repartición equitativa, xusta, obxectiva e non partidista dos fondos públicos. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BARÁ TORRES: Remato xa, señora conselleira,...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...facéndolle propostas claras e concretas. O primeiro é que teñen que erradicar dunha vez por todas, porque é contrario aos máis elementais principios democráticos, esas prácticas clientelares e partidistas, e que atendan as demandas da Fegamp, o desenvolvemento e cumprimento do Pacto local. A segunda, lei de participación dos concellos galegos nos ingresos da Comunidade Autónoma; unha lei para blindar eses ingresos e que non dependan desas prácticas clientelares. E, terceiro, progresiva integración no Fondo de Cooperación Local das axudas,...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor BARÁ TORRES: ...convenios e subvencións anuais...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará. Grazas.

O señor BARÁ TORRES: ...que a Comunidade Autónoma destina ás entidades locais.

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas...

O señor BARÁ TORRES: Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da interpelación, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, presidente.

Señor Bará, estou tremendo xa. Non vexa vostede que angustia me está dando. Angustia téñoa porque, efectivamente, vostedes o único que fan é enganar, e levan durante anos enganando. Ao final, o resultado é o que é: os galegos son intelixentes e deciden, e ata o de agora decidiron o que decidiron. E —créame— sigan por ese camiño que a nós nos vai moitísimo mellor. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Vexo eu que non se entera de nada ou non quere enterarse. Mire: o censo do lobo non o contratou o Goberno central, o censo do lobo contratouno a Xunta de Galicia. Pero, claro, é que teñen que estar esperando porque hai un especialista, un señor que é dos que máis sabe, que se chama Luis Llaneza, que é quen o está facendo. E comprenderá que facer un censo do lobo non son tres meses, son polo menos trece meses, señor Bará. ¿Quéreo facer vostede tamén? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero ese censo quen o tiña que facer era o Goberno central. E antes de meter o lobo na lista Lespre, señor Bará, tiña que facer a estratexia, e iso non o fixo. De repente quítase da manga 20 millóns de euros, que non chegaron ás comunidades autónomas. Galicia si que puxo para os gandeiros 3,2 millóns de euros para a protección, pero tamén para axudarlles en todos os problemas que teñen polas múltiples mortes, xa que non se pode facer ningún tipo de xestión.

Esa é a diferenza entre un Goberno central apoiado por vostedes e a diferenza entre o Goberno da Xunta de Galicia. E mire: o medio ambiente é todo, a biodiversidade é todo, pero se a alguén temos que protexer son os gandeiros e as gandeiras. E xa vexo que vostedes non teñen ningún interese. Dificilmente así poderán gañar.

Dito isto, imos ao que nos levaba no día de hoxe, e dicirlles que tampouco teñen memoria. E fun ao ano 2008, simplemente para ver que acontecía co Bipartito, porque me lembraba que naquel momento *(Murmurios.)* eu e outros máis que gobernaban do Partido Popular non tiñan nin un só convenio. ¡E fíxense que fixeron! Pois tramitaron vostedes convenios por un valor de 1,95 millóns de euros. Deste total, o 87,4 % foi parar a concellos nos que gobernaba o PSOE e o BNG. Iso é o que facía o BNG cando gobernaba no ano 2008.

Pero poderiamos ir á Deputación de Lugo, que —que saiba eu— tamén gobernan vostedes na Deputación de Lugo. E podémonos ir ao ano 2020, que temos aí ao carón, e na Deputación de Lugo o 72 %, 2,8 millóns de euros, foron convenios para concellos do PSOE; o 20 % concellos do BNG, 789.000 euros, e só un 4 % foi parar a concellos do PP, 150.000 euros. Iso quere dicir que de cada dez convenios que asina a Deputación de Lugo, nove recaen en quen recaen. E a pregunta que eu lle fago, señor Bará: ¿isto que é?, ¿hai algo escuro detrás disto?, ¿é partidista?, ¿é arbitrario?, ¿é discriminatorio? Pódemo dicir vostede, porque debería de sabelo.

Dixo plan concellos, eu estoulle falando de convenios, estoulle dicindo os tantos por cento e onde van parar. Ao igual que lle dixen que o 73 % do orzamento da Xunta de Galicia vai a través de bases de concorrencia competitiva. E vostede resulta que non me pode dar eses datos nesta deputación. Pero poderíalle falar tamén da Deputación de Pontevedra, porque vostede sempre está con unha, valore o resto. Valore as catro, e seguro que se atopa algunha que outra sorpresa.

Por suposto, non se lle pode consentir que unha e outra vez veña dicir aquí que discriminamos as persoas. Non, aquí non se discrimina ninguén porque estea gobernando dunha cor ou doutra cor. Ás veces si é certo que nos atopamos con que os investimentos non son maiores por ineficacia deses concellos, outras veces porque non o piden. Así de claro, señor Bará. Que me digan onde están as peticións. E ás veces non o piden porque teñen que aportar o 30 %, e non o dispoñen polos motivos que sexa.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Polo tanto, eu o que si lle podo garantir é que dende a Xunta de Galicia hai igualdade de trato aos concellos, que se cumpre a normativa vixente —se a vostede non lle gusta, eu xa o sinto— e que procuramos prestar os mellores servizos a todos os galegos residan onde residan.

E hai veces —como lle dicía anteriormente— que non somos quen de executar ese orzamento. E non somos quen e, polo tanto, podemos dar menos servizos. E insístolle: eu aínda estou agardando para poder ter vivenda pública en San Paio de Navia, aínda o estou esperando no día de hoxe, concello de Vigo. Pero estou agardando que adquirimos dezanove vivendas en Ferrol e aínda non temos a licenza. Pero poderíalle dicir de aí, pero tamén lle podo dicir de Lugo. Entón sería bo, e é algo que eu pido para todos os presentes, que nos puxeramos as pilas para dar servizos a estes cidadáns estean onde estean e, polo tanto, se poidan executar todos os orzamentos dos cales dispón a Xunta de Galicia.

Señor Bará, levamos trece anos colaborando estreitamente cos concellos, levamos dialogando cos concellos, chegando a acordos coa Fegamp, e iso é o que imos seguir facendo. Escoitando as peticións de todos os alcaldes, cooperando en todo o que supoña un avance e unha mellora para os municipios e todos os concellos, pois goberne quen goberne teñen as portas abertas dende a Xunta de Galicia.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Interpelación de Dª María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en materia de emprego

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Boas tardes a todos e todas.

Conselleira, non podo iniciar esta interpelación sen facerlle un reproche. Parece pouco exemplarizante que vostede, titular da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, diante dos feitos acontecidos en Ourense, da man do seu alcalde Gonzalo Pérez Jácome, se mantivese nun silencio certamente clamoroso. *(Aplausos.)*

Non encontramos da súa boca reproche nin condena ningunha á agresión, primeiro, física e, logo, verbal que unha representante sindical tivo que sufrir por parte do rexedor ourensán.

Diante dunha situación tan insólita como grave, por atentar contra un dereito clave nas sociedades democráticas, como é o da liberdade sindical, non nos parece moito pedir que a responsable do Goberno galego con competencias no ramo tivese unha actitude clara de rexeitamento, xa non aspirar a que o seu departamento levase ao Ministerio Fiscal o coñece-

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mento dos feitos. Estou segura de que admite vostede o papel imprescindible dos sindicatos na defensa dos intereses xerais dos traballadores, así como o seu papel vertebrador na articulación das relacións sociolaborais dos estados modernos.

Só nos cabe concluír que tivo que manterse tapada detrás desa estratexia do escape que o seu partido desprega dende hai tres anos en todo o relativo a Jácome, que estende e intensifica o bochorno sobre a cidade de Ourense. *(Aplausos.)* Diagnosticou o presidente Feijóo as calamidades que o persoeiro tería para os concidadáns de Ourense, para, acto seguido, contribuír indignamente a mantelo. Non tardou corenta e oito horas o presidente Rueda —e vostede con el— en deixar patente a continuidade desa vergoñenta alianza.

Dito isto e entrando en materia, tanto os sindicatos máis representativos como o Grupo Parlamentario Socialista vimos afirmando dende o inicio da lexislatura que Galicia conta cun mercado laboral caracterizado por un escaso dinamismo e un insoportable índice de temporalidade e parcialidade involuntaria derivado das ineficaces políticas de emprego e formación, tanto para paradas como para ocupados, que, dende que tomou posesión Feijóo, no ano 2009, se levan a cabo na nosa comunidade autónoma.

Na campaña electoral en que Feijóo accedía por vez primeira á presidencia da Xunta, reiteraba unha e outra vez que arranxaría o problema do paro en corenta e cinco días. Aínda doce anos despois hai preto de trinta mil parados máis de media anual que no ano 2008 —último ano do Bipartito— co último ano, o 2021, do Goberno de Feijóo. Estes datos sempre en datos EPA, porque o paro rexistrado foi obxecto de manipulación polo Goberno de Feijóo en varias ocasións, como denunciamos o Grupo Parlamentario Socialista.

É importante resaltar, señora conselleira, que a afiliación á Seguridade Social no conxunto do Estado aumentou un 1,2 %, hai 227.034 persoas afiliadas máis; pola contra en Galicia diminuía un 5,4 %, con 58.461 afiliadas menos. Polo tanto, temos menos empregos que daquela, e a baixada do número de parados da que vostedes presumen non se pode explicar pola creación de novos postos de traballo.

E seguimos analizando os datos de 2008 —último ano do Bipartito— en relación co último ano de Feijóo, o 2021. A evolución do volume de traballo foi a seguinte: con Feijóo, Galicia perdía o 9,9 do seu volume de traballo; no conxunto do Estado, a perda foi de 3,8 puntos menos. Se a política de Feijóo tivera uns resultados similares aos da media do Estado, en Galicia habería o equivalente a 45.469 postos de traballo máis.

Tamén con Feijóo, en Galicia destruíuse unha de cada catro horas de traballo no sector primario; no Estado hai practicamente o mesmo volume de traballo. Se as políticas de Feijóo deran un resultado similar ás da media estatal, hoxe habería aquí, na nosa comunidade, 24.612 postos de traballo máis.

Se falamos de industrias manufactureiras, na industria alimentaria pérdese un 12,8 en Galicia fronte ao 3,9 estatal; no téxtil e a confección pérdese un 65,9 % fronte ao 41,1 da perda no Estado. Cun comportamento similar, habería 5.612 empregados máis. E se falamos de industria química, perde en Galicia un 17,3 das súas horas, fronte á perda do 2,4 da media no Estado.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nos servizos do non-mercado: administración pública, educación e sanidade, Galicia ten un incremento certo de 10,1 puntos, pero é inferior á media estatal, porque medra nun 16,4 fronte aos 26,5 do Estado. De manter o mesmo incremento, falando en sanidade, en educación e en administración pública, teriamos 21.753 empregos máis. Nesta evolución mantida polo volume de traballo con Feijóo, falamos de horas habituais, porque nos empregos hai que ter en conta as xornadas polo aumento en Galicia da parcialidade.

Por todas estas razóns, este grupo insistiu en diversas iniciativas na necesidade de implantar unha reforma integral das políticas activas de emprego co fin de que Galicia saíra dos últimos postos de creación de emprego en relación co resto do Estado, e co obxectivo de reducir o desemprego de longa duración e o desemprego xuvenil, e tamén de reducir a alta taxa de parcialidade involuntaria e a brecha salarial que sofren as mulleres, presentando alternativas en positivo, que unha e outra vez, conselleira, son desbotadas polo grupo que sustenta o Goberno.

E tamén lle pedimos de novo, conselleira, que reactive as mesas de diálogo social, co fin de analizar as eivas do noso mercado laboral e que se adopten medidas consensuadas cos axentes sociais, pero tampouco, ata o de agora, e salvo para a negociación dos plans de rescate, foron chamados.

Galicia necesita de forma urxente un plan de choque para os mozos e mozas e para parados de longa duración, e tamén o necesario e urxente fortalecemento do SEPE de Galicia para converterse —e dicímolo unha vez máis— nun verdadeiro intermediador e en punto de apoio das empresas para solicitar empregados aptos para as necesidades de contratación.

Porque Galicia sofre, conselleira, escaseza de man de obra, que é imputable, por suposto, en parte, á inadecuada política de formación profesional no sistema educativo galego, que non é da súa competencia, pero tamén por carencias nas políticas de emprego, como a falla de diagnose do mercado laboral. Non contan —e xa o dixen noutras intervencións— cun instrumento de estudo do mercado que acompase a formación a esas necesidades. Vostedes non forman os parados e as paradas galegas a teor das necesidades ou das ofertas, fórmanos segundo as necesidades dos centros de formación ou para suplir as tarefas ou o orzamento doutras consellerías como a do rural.

É verdadeiramente preocupante, e obxecto desta interpelación, a poboación ocupada da nosa comunidade e a poboación activa. A poboación ocupada descendeu en Galicia en case sesenta e cinco mil persoas e a poboación activa caeu en máis de noventa mil, marcando unha tendencia nun mercado laboral minguante, no que a perda de habitantes asusta, xa que a comunidade perdeu máis de cen mil habitantes, cento dous mil en datos do Instituto Galego de Estatística. Dende o ano 2010 temos o segundo índice de envellecemento máis alto do Estado despois de Asturias, e con vinte municipios máis que entón por debaixo dos mil habitantes. E esta perda de poboación é utilizada polo Goberno galego como factor que infla as cifras da caída de paro utilizadas por vostedes.

A franxa de idade onde se nota esta crise laboral e demográfica, que marca a era Feijóo no ámbito do emprego, é na mocidade; segundo os datos do Instituto Galego de Estatística, é

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

nos mozos e mozas entre 16 e 29 anos. Dende mediados de 2009, case trece anos despois, a poboación moza desempregada reducise preto dun corenta e cinco pero, ao tempo, a xente nova que traballa en Galicia caeu por riba do corenta e seis. Son vinte e sete mil mozos e mozas parados menos pero case cen mil ocupados menos, mentres que o total en substitución de inactividade rolda as cento setenta e tres mil persoas.

Galicia perdeu case dezasete mil empregos na industria, máis de corenta e tres mil na construción e máis de vinte e un mil en agricultura e pesca, facendo un transvasamento ao sector servizos.

A rotación e a temporalidade foron cada vez maiores —e temos analizado as cifras polo miúdo en proposicións defendidas pola que lles fala—; na era Feijóo arredor do noventa por cento dos contratos que se asinaban eran temporais. Certo é que agora —derivado da reforma laboral, reforma da que o Partido Popular votou en contra—, a contratación indefinida —con datos da última EPA, do primeiro trimestre deste ano— reflicte o continuo aumento de persoas con contratos indefinidos ata chegar a 22.800 máis respecto ao trimestre anterior, e nun ano 38.900.

Entón, xa ten as preguntas que lle facemos: ¿que valoración fai o Goberno galego de que o legado do expresidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, en materia de emprego sexa unha caída da poboación activa en máis de noventa mil persoas? ¿Pensa vostede tomar medidas concretas respecto desta problemática? E, de ser positiva esta resposta, ¿que medidas vai implantar ata decembro deste ano, que orzamento vai adicar ás mesmas por tramos de idade e sectores produtivos?

Nada máis.

Seguirei na miña segunda intervención. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señora Rodríguez.

E agora a quenda da conselleira de Emprego e Igualdade, a señora Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidenta.

Boas tardes, señora Rodríguez.

Permítame, en primeiro lugar, polas alusións realizadas a toda a política levada a cabo no eido laboral especificamente polo presidente Feijóo, amosar o meu profundo recoñecemento ás políticas e, en xeral, á mellora do benestar dos galegos e das galegas que estivo realizando durante todos estes anos e, especialmente —polo que a min atangue—, no ámbito laboral. *(Aplausos.)*

Non podo estar máis en desacordo coa situación que vostede acaba de sinalar aquí, coa despreocupación que parece que levan tendo todos estes anos a Xunta de Galicia e o Goberno do

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

señor Feijóo pola situación laboral e pola situación económica da comunidade; ese dramático estado que vostede sinala do mercado laboral galego, onde ademais, nesa abstracción que vostede fai de todos eses datos, o único responsable é o Goberno do señor Feijóo, e eu mesma, por suposto, como parte del. E non o podo, dende logo, compartir por dúas certezas:

A primeira é que levo vendo traballar a este goberno antes de estar dentro del, e agora mesmo, durante moitos anos, e pódolle garantir que cada día traballan para mellorar Galicia, e, dende logo, cada día traballan pola economía e polo mercado laboral dos galegos e das galegas. *(Aplausos.)*

E non o podo tampouco compartir porque é que os datos avalan a nosa xestión. Vostede di que temos que copiar as políticas que fai España ou as políticas que fai o Goberno central, unhas políticas que levaron a España de ser o país coa penúltima taxa de desemprego en Europa a ser os últimos; xa somos o país con taxa de paro maior de toda Europa. É dicir, que nós temos que pasar a copiar a España, para ir aínda peor.

Alertan vostedes do número de persoas afectadas por ERTE, pero a realidade é que no mes de marzo en Galicia se rexistraron 1.595 ERTE que afectaron un total de 5.369 persoas traballadoras. Isto implica que fomos quen, en Galicia, de que saísen do ERTE dende que comezou a pandemia o 96,75 % dos traballadores e das traballadoras, case cento sesenta mil traballadores e traballadoras saíron do ERTE.

Falan dunha caída da poboación ocupada de sesenta e cinco mil persoas no mes de abril e compárano co mes de abril do ano 2009 porque é o que lles vén ben, porque aí lles sae esa cifra, pero non din que aumenta o número de ocupados respecto de hai un ano segundo reflicte a EPA e aumenta en trinta e un mil seiscentos ocupados, o que supón, ademais, unha subida, dende que se iniciou a crise da covid, de 108.600 persoas ocupadas na nosa comunidade.

Respecto das afiliacións, aquí xa non lles interesa comparar co mes de abril, entón comparan co mes de febreiro, porque o mes de abril non lles debía de saír ben a cifra. Creo que como mínimo deberían de escoller os mesmos termos nas comparativas, porque se collen os dous meses de abril, resulta que Galicia acada 1.033.997 afiliacións, que é a cifra máis alta de afiliacións rexistrada no mes de abril dende hai trece anos; é dicir, dende o ano 2009 é o mes de abril con maior número de afiliacións na comunidade autónoma. Así é como o señor Feijóo deixou a comunidade autónoma de Galicia. *(Aplausos.)*

É que non soamente se limitan a terxiversar as cifras, é que tamén terxiversan as políticas ligadas a estas cifras. E resulta que a contratación indefinida sobe en Galicia —e en toda España, por suposto— logo da reforma laboral. ¿Sabe o que está ocorrendo? Estamos pasando dunha precariedade temporal a unha precariedade indefinida.

¿Sabe cal é a subida de contratos fixos descontinuos en Galicia comparando o mes de abril do ano pasado con este? De máis do mil douscentos por cento. É dicir, estamos falando de que os traballadores prestan o mesmo número de días ou de meses ao ano de servizos, e o resto do tempo están no paro, pero durante o tempo que están no paro non computan como

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

traballadores desempregados. Así é como están baixando o paro o Goberno socialista e a señora Yolanda Díaz en Madrid; así, maquillando as cifras deste xeito. ¡E esta é a política que temos que copiar! Non é facer por medrar a economía, por medrar o emprego, non; é maquillar os contratos, e os contratos pasan de ser temporais a ser fixos discontinuos. Iso si, xa non figuran na lista do paro e entón xa consideramos que sobe a contratación indefinida. Sen embargo, en Galicia si subiu a contratación indefinida durante tempo antes da reforma laboral, e fíxoo grazas ás políticas activas que levamos levando a cabo todos estes anos. Resulta relevante que entre 2020 e 2021 —é dicir, antes de que entrase en vigor esa reforma laboral, e nun ano marcado pola pandemia— aumentamos en Galicia a contratación indefinida nun 31,64 %, 21.769 novos contratos, indefinidos de verdade, non fixos discontinuos.

Vostede di que cal é a valoración que fago do legado do presidente Feijóo en materia de emprego. Pois creo que os datos falan por si mesmos, datos do Ministerio de Traballo e Economía Social, e datos do Servizo Público de Emprego Estatal, non meus: Galicia conta con máis afiliacións e con menos persoas en paro na evolución anual e na mensual; o número de parados, 150.602, é o máis baixo dun mes de abril en toda a serie histórica dende o ano 1996, e a caída na evolución anual é tamén a maior dende hai vinte e seis anos, dende o ano 1996. Cae o paro nas catro provincias galegas, nas sete grandes cidades, en todos os sectores económicos; hai menos persoas en paro entre os colectivos prioritarios na Xunta de Galicia: entre as mulleres, os menores de 30 anos, os parados de longa duración. As afiliacións, como lles dixen, crecen nun 3,19 % respecto de hai un ano.

E pregúntame que medidas concretas imos adoptar de forma inmediata. Eu creo que as medidas non as debín de explicar ben en anteriores intervencións, porque mesmo vén dicir que non estamos axustando a formación á demanda dos sectores produtivos, cando vostede creo que sabe que temos en marcha unha axenda de capacidades. Entón, non entendo moi ben a que se está referindo, ou se non entenden cal é a axenda de capacidades de Galicia, porque remataron as mesas de traballo o día 13 de maio, participaron todos os sectores produtivos en nove mesas, e participaron, por suposto, os sindicatos e os empresarios. Menos mal que polo menos recoñece que eu fixen diálogo social cos plans de rescate, porque hai uns meses nin sequera facía diálogo social cos plans de rescate, agora xa o fago cos plans de rescate.

Balance e medidas que estamos a levar a cabo. Dende decembro do ano 2021 ata a semana pasada publicamos no *DOG* noventa e seis ordes de axuda e firmamos máis de corenta convenios de colaboración para todas esas políticas activas que parece que non facemos: de formación, de colocación, de emprego, de traballo autónomo, de economía social, de igualdade e de loita contra a violencia de xénero. Levamos posto en marcha, por colectivos: para o plan Emprega muller o 50 % dos 35,8 millóns de euros que están destinados a este plan; do plan Emprega xuventude, 51,8 millóns de euros, está ao cen por cento en execución; e para discapacidade e exclusión social, o 70 % xa está activo dos 40 millóns de euros destinados ao mesmo. E ademais están activos xa 26 millóns de euros, neste primeiro trimestre, de apoio aos autónomos e a pequenas empresas.

¿Que queda por sacar, por publicar, por rematar de aquí a final de ano? Pois algunha das axudas ligadas ao plan Emprega muller, que lle digo que está ao 50 % en marcha; fundamentalmente, o novo programa Muller 22 e o de relevo xeracional e Emprega muller, o pro-

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grama Emega, e comezaremos agora a obter os resultados dos proxectos máis importantes que ten a Consellería e que eu penso que vostede coñece.

Está a piques de adxudicarse a nova ferramenta informática e tecnolóxica do Servizo de Emprego de Galicia. Esta ferramenta comezará, polo tanto, no segundo semestre a traballar co novo persoal que anunciou o presidente Rueda, eses 136 orientadores laborais que van traballar nas oficinas de emprego e que van, por suposto, ter un labor fundamental na implementación desta ferramenta.

Como lle dicía antes, o 12 de maio rematamos as mesas da Axenda galega de capacidades, co cal de xeito inmediato estaremos á disposición de dar os primeiros resultados e de comezar a adaptar a formación aos resultados desta mesa. De todos os xeitos, non coido que a formación se estea dando ou impartindo en función do que din os centros de formación; a formación estase impartindo de acordo cos datos do Observatorio de Emprego de Galicia, co cal non entendo tamén moi ben porque sinala tal afirmación.

E, como lle digo, creo que dos proxectos que nós dixemos que iamos poñer en marcha, os polos de emprendemento, está para iniciarse xa o polo de Verín, que era outro dos proxectos que anunciamos na comparecencia que tiven a finais do ano pasado, co cal creo que os proxectos os coñecen. Non podo estar máis en desacordo cos datos e co panorama que acaba vostede de sinalar aquí. Dende logo, paréceme francamente inxusto que se estea valorando o traballo de tantos anos e de tantas políticas activas que si se levan feito, seguramente con desacertos, pero con moitos acertos. E en ningún caso imos permitir neste goberno que se poida comparar a política laboral que se está facendo no Estado e a política económica co que se leva facendo durante tantos anos na Xunta de Galicia, con políticas activas e de emprego que se executan de maneira continuada, constante...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): ...e ademais creo que de maneira coherente e en contacto cos sectores e co sector produtivo.

Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, conselleira.

Para a quenda de réplica ten a palabra a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidenta.

De Jácome, nada, ¿non? Ben.

Sobre a valoración do emprego en Galicia, que parece que non vai ben senón que vai moi ben, non somos só o Grupo Parlamentario Socialista o que está preocupado, senón que distintos medios de comunicación reflicten titulares como: «Galicia suma só 17 novos traballadores por cada 100 cercanos á idade do retiro», «Os menores de 25 anos non chegan nin

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ao 4 % de todos os afiliados á Seguridade Social na comunidade», «Moitos concellos do interior quedan sen relevo xeracional», «A inmigración salva o emprego en Galicia», «O mercado laboral que deixa Feijóo: moita menos xente a traballar».

Señoría, o caso é que xa estamos afeitas a que empregue estas interpelacións para facer anuncios. Cómpre lembrar, por exemplo, que a última vez foi no mes de decembro cando o noso grupo parlamentario a instaba —a miña compañeira Noelia Otero— a tomar medidas e a pronunciarse arredor da preocupante situación de discriminación que sofren as persoas LGTBI no plano laboral na nosa comunidade. Anunciou estudos, xuntanza no primeiro trimestre do ano do Observatorio contra a Discriminación, e accións concretas, que non cumpriron. Falta á verdade neste Parlamento, e aproveitando que ten vostede as competencias nesta materia e que o pasado 17 de maio foi o Día contra a LGTBI-fobia —seguimos padecendo o odio no seo laboral, e vostede sábeo—, nas rúas pedímoslle que tome en serio as súas responsabilidades; como mínimo, dean cumprimento á Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, *gays*, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia. *(Aplausos.)*

Anuncios como os que acaba de repetir para unha mocidade, conselleira, asfixiada, que sofre unha das máis baixas capacidades adquisitivas a nivel estatal. A falta de oportunidades, a precariedade e a inestabilidade son auténticos lastres para desenvolver un proxecto vital, independente e digno na nosa comunidade. A falta de políticas activas de emprego para a mocidade e a falta de políticas de vivenda para mozos e mozas déixanos as peores cifras de emancipación na comunidade dende que hai rexistros. Esta situación, que teñen desatendida, non só reverte na autonomía persoal dos mozos e mozas, senón que tamén altera a remuda xeracional e pode quebrar a sustentabilidade do noso estado de benestar no futuro.

A mocidade non só representa cada vez menos peso na composición demográfica galega —como dicía neste artigo—, senón que, a este paso, é directamente proporcional ao que lle dá o Goberno galego nos orzamentos, nas políticas públicas e na participación nestas; o mesmo peso nulo que vostede lle deu neste caso no seu discurso aos xoves, aos mozos e mozas.

E non podo deixar de falar do que dicía das políticas do Estado, que non quería copiar as políticas do Estado. Pois, bueno, Rueda parecía todo o contrario; no seu discurso dicía: «hoxe estamos na cifra máis alta da contratación indefinida», e para el iso era un logro. Bueno, facía seus uns éxitos que se producen sen xénero de dúbida, señoría, pola aplicación da reforma laboral do Goberno de Pedro Sánchez. Si, reforma que o PP votou en contra no Congreso. *(Murmurios.)*

E falaba vostede de que se convertían moitos traballadores en fixos descontinuos e que non computaban no paro. Pois non é certo; os fixos descontinuos cando non traballan están en situación legal de desemprego. E afirmaba que hoxe somos —isto afirmábao Rueda, ¡eh! Rueda dicía: «a cifra máis alta da contratación indefinida», como un logro— a comunidade onde máis crecen os salarios, nun 32 %. Eu non sei se o dato é exacto porque non indicaba a fonte oficial, o que si sei é por que subiron os salarios en Galicia máis que no resto do Estado coa reforma laboral. ¿Sabe por que? Porque a comunidade autónoma de Galicia é a que tiña máis baixos os salarios, e entón para chegar a mil euros obviamente despois, sobe moito

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

a media dos salarios en Galicia. *(Aplausos.)* E iso foi grazas ás medidas que tomou Pedro Sánchez cunha subida a mil euros, un 36 %; pero é que, claro, vostede non quere copiar esas medidas de apoio á xente que menos ganaba nesta comunidade autónoma.

Isto é facer políticas económicas en beneficio de todos e de todas. Isto é seguir avanzando segundo as recomendacións da Carta social europea. Isto é traballar polas persoas, en particular polas mulleres e os xoves, que é o segmento da poboación que se viu maiormente beneficiado por estas dúas medidas. Pola contra, ¿que fan vostedes? Rueda non utilizou ningún logro do Goberno de Feijóo en materia de emprego, ningún. A única medida que anunciaba en relación co emprego era aumentar un 80 % en formación; parécenos axeitada se primeiro executan o orzamento adicado concretamente á formación. Por exemplo, dos fondos asignados á formación para o emprego, ou sexa, 1.370 millóns de euros para a formación de persoas paradas e 358 millóns para ocupadas dende o 2009 ata a actualidade, quedaron sen gastar 573 millóns de formación para paradas e 196 millóns para ocupados, o 41,8 % e o 54,8 % respectivamente. Estes son datos que facilita o Goberno da Xunta de Galicia a este grupo parlamentario, ao Parlamento en xeral. Entón, se aumentamos un 80 % pero non eran capaces de gastar os fondos asignados á formación, pois pouco anunciaba Feijóo no seu discurso.

Tamén o presidente sacou peito dos datos de emprego, como fai agora vostede,...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...—xa remato, presidente— pero os datos da última EPA din dúas cousas, conselleira: 50.700 fogares nos que todos os seus activos están en desemprego, e tamén din 27.300 fogares que non perciben ingresos. ¿Ese é o mercado laboral do que vostede alardea nesta intervención? O meu, non. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Dacosta.

Peche desta interpelación, conselleira de Promoción do Emprego e a Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Respecto da execución dos fondos, eu non me vou pór aquí a discutir ese dato de miles de millóns de euros que dende o ano 2009... Ano 2021, a Consellería de Emprego tiñamos un orzamento inicial de 400,8 millóns de euros, e a estes engadíronse 375 millóns; o orzamento consolidado foron 775 millóns de euros —niso estará comigo e pódeo comprobar—. Comprometéronse destes 612 millóns de euros, é dicir, executamos sobre o orzamento inicial un 153 %, e sobre o vixente un 79 %. Incrementamos a execución, co mesmo persoal respecto do exercicio anterior, 224 millóns de euros. Concedemos axudas a 118.554 beneficiarios. Levamos a cabo 1.423 accións formativas nas que participaron vinte mil persoas. E activamos os dous plans de rescate que xa coñece. Pero parece ser que isto non é executar. Eu creo que se estivésemos devolvendo dende o ano 2009 os fondos ao ministerio —porque sabe que os fondos proceden do ministerio— estariamos en todos os periódicos; Galicia, non pararían

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de falar de nós. Pero, bueno, debémolo de estar facendo de xeito moi discreto porque ninguén nos reclama.

A reforma laboral. O presidente Rueda falou, efectivamente, dos datos bos de Galicia en canto á indefinición de contratos exactamente do mesmo xeito que acabo de falar eu. É que Galicia subiu... Si, repase por favor —e pídollo de verdade— as réplicas, porque llo explicou moi ben. E deulle este dato exactamente: que subimos en máis de trinta por cento, do 2020 ao 2021, antes da reforma laboral e en plena pandemia, derivado das políticas activas da Xunta de Galicia, non da reforma laboral.

Infórmese, porque acaba de dicir algo que non é exacto. Os traballadores fixos descontinuos, cando non están prestando servizos, é dicir, cando teñen o seu contrato en suspensión, efectivamente, cobran o paro. Pero unha cousa é cobrar o paro e outra é que saian como parados; é dicir, nas cifras do paro —e infórmese, por favor— non figuran. Co cal, estamos falando de que toda esta cantidade de contratos ou de persoas contratadas baixo a modalidade de fixos descontinuos non figuran na lista do paro.

En Galicia, actualmente, un de cada catro contratos no último mes é desta modalidade, é dicir, o 25 %. Temos unha subida de abril a abril —eu si comparo un mes co mesmo mes do ano seguinte— de máis do mil douscentos por cento, un 1.250 %, de contratos fixos descontinuos. Co cal —vólvolle dicir— pasamos da precariedade temporal á precariedade indefinida. Estes non son contratos indefinidos a xornada completa onde os traballadores seguen traballando o mesmo número de meses, e aínda por riba non figuran nas listas do paro.

Respecto dos plans, din que —non o expliquei e vou explicar agora— cada un dos colectivos máis afectados, mencionaba as mulleres e os xoves, e as accións ás que non lles adiquei tempo. Eu creo que xa expliquei estes plans e son coñecidos, pero o plan Emprega muller son 35,8 millóns de euros; temos agora mesmo aberta ata o 14 de outubro a convocatoria do Programa de mellora das capacidades dixitais para mulleres residentes no medio rural, do que se van beneficiar 1.000 mulleres galegas; está aberta ata o 20 de xuño a convocatoria de accións formativas con compromiso de contratación, unidades formativas en empresas onde están subrepresentadas as mulleres, do que se van beneficiar 2.667 mulleres; e está aprobado xa o programa Galicia emprega, onde se van beneficiar especificamente 500 mulleres. Vanse aprobar nos próximos meses os programas integrados de emprego exclusivamente para mulleres, que beneficiarán 800 mulleres, o programa Muller 22, que lle dicía antes, do que se beneficiarán 1.000 mulleres e o de relevo xeracional empresa-muller, 130 mulleres.

O programa de Emprega xuventude, que ten activadas —como lle dicía— xa o cen por cento das ordes de axuda, e son máis de cincuenta millóns, 51,8 millóns de euros para xoves, e conta co programa Investigo, aquí son 420 mozos e mozas galegas, que van ser contratados como investigadores; o Programa de primeira experiencia profesional nas administracións públicas, 367 persoas; e o programa Talento 30, que vai beneficiar 700 xoves e no que investimos máis de doce millóns de euros. Ademais, temos tamén a liña específica, como sabe, en Galicia emprega para beneficiar a xoves, en concreto, 350 mozos e mozas neste exercicio.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E tamén hai outro colectivo especialmente vulnerable, que vostede creo que non mencionou, pero que forma parte deses tres plans de emprego da Comunidade Autónoma, que son o plan Emprega discapacidade e exclusión social, son 40 millóns de euros activados; do servizo de intermediación avanzada para as persoas con discapacidade vanse beneficiar 1.310 persoas; na posta a punto polo emprego, 384 persoas que son preceptoras de risga; e tamén o programa Galicia emprega discapacidade e exclusión social, do que se van beneficiar aquí 496 persoas pertencentes a este colectivo.

Polo tanto, creo sinceramente que o que lle estou dicindo si son políticas activas executadas, si son fondos que estamos poñendo en movemento, que si están chegando de verdade á xente e ás empresas. A proba é, como lle estou dicindo, que a maior parte das convocatorias de axudas que tiñan que ser lanzadas co orzamento desta consellería están agora en marcha, co cal me chama moitísimo a atención que continúen insistindo na falta de execución...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): ...non miña, senón de todos os meus compañeiros anteriores, porque isto non é así.

Creo que o presidente Rueda o dixo claramente no seu discurso, que dicía: «Queremos unha Galicia que cree cada vez máis postos de traballo e dunha mellor calidade». E dicía que apostamos para isto «cun crecemento económico centrado sempre nas persoas». Proba disto son estes plans para estes colectivos vulnerables específicos que este ano temos en marcha, e penso que tamén o son todos eses proxectos dos que lle falei na miña anterior intervención.

Eu rogaríalles simplemente que, algunha vez, en vez de criticar todas e cada unha das políticas activas de emprego, que tamén sexan algo construtivos e tamén aporten propostas para facer en Galicia, non comparando as do Estado central.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Interpelación de Dª María Montserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a loita contra a endometriose

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde.

Boa tarde, conselleiro.

Hoxe interpelámolo nun contexto onde a dor de regra, a saúde menstrual, está de actualidade, do cal o BNG nos parabenizamos moito, porque non estamos falando dunha cuestión menor ou residual, e porque é moi importante deixar de negar o problema, de ocultalo, de

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

minimizalo, e actuar. E o primeiro paso para actuar e solucionar un problema é falar del e saber que existe.

Esa actualidade é froito do traballo de miles de mulleres, que levan anos unindo as súas mans e as súas voces para denunciar o que lles acontece, para que se lles escoite, para que se remate co silencio e a ocultación de todo o que lle afecta á saúde, á vida e ás vivencias en xeral das mulleres.

E dentro desas voces están as das mulleres de querENDO, mulleres con endometriose en Galiza, que está hoxe unha representación acompañándonos na tribuna de convidadas, ás que quero saudar moi especialmente. E quero saudalas e quero darlles os parabéns e as grazas por ese enorme traballo que levan anos facendo de visibilizar, de sensibilizar, de informar, de reivindicar atención para as mulleres con endometriose; tamén por acompañar e por escoitar a moitas mulleres con problemas cando non teñen onde acudir.

A endometriose —eu hoxe non vou falar polo miúdo de que é a endometriose, porque xa levamos falando aquí neste Parlamento, pero só unha pincelada— é unha doenza crónica caracterizada polo crecemento do endometrio fóra da súa ubicación habitual, o útero, pero que moitas veces se localiza no peritoneo pelviano, nos ovarios, no intestino, na vexiga, no estómago, no pulmón, no embigo, no nervio ciático, no pudendo, co cal calquera se pode imaxinar un aloxamento nalgunha destas partes, como pode ser o pudendo ou a ciática, de que dor podemos estar falando.

É unha doenza que os estudos —non os galegos, porque non os temos— din que pode afectar a entre o 10 % e o 20 % das mulleres. Entón temos que volver dar o dato de que arredor de sesenta mil galegas, máis ben máis, poden estar afectadas por esta doenza; mulleres en idade fértil, nove mil das cales en estadios graves.

Polo tanto, dicíao ao principio, non estamos falando dunha cuestión menor; está de actualidade aínda que, evidentemente, nin para as mulleres de querENDO nin para outras miles de mulleres nin para o BNG é unha novidade. Levamos anos traendo a este Parlamento a cuestión. Foi da man, precisamente, de querENDO que o BNG trouxo no 2015 unha iniciativa a este Parlamento poñendo aquí en sede parlamentaria, visibilizando o problema. Unha iniciativa aprobada por unanimidade que lle demandaba medidas á Xunta. O BNG volveu traelo no ano 2016, no ano 2017, no ano 2018, o 2019 e no 2021, onde se volveu aprobar unha iniciativa onde se sumaban cuestións ás xa aprobadas no ano 2015. ¿Por que o seguimos traendo durante todos eses anos? Porque non se foron efectivizando os acordos que se tomaron neste Parlamento.

Temos que lamentar que, a pesar deses acordos e do tempo transcorrido —temos que falar de sete anos desde ese primeiro acordo—, os pasos dados pola Xunta son máis que mornos. Son máis que mornos a pesar dese altísimo nivel de prevalencia e a pesar de que son miles as mulleres que sofren dor, incapacidade, infertilidade, incomprensión, illamento... Poderiamos seguir poñendo cualificativos.

No 2015 aprobouse unha iniciativa con seis puntos, onde se pedía: que se difundira a guía —¿Que fixo a Consellería?, colgala na páxina web da consellería, nin sequera a ten actuali-

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

zada, simplemente colgada o 2015 e nin sequera actualizada—; un plan de detección precoz —non sabemos que se fixera absolutamente nada—; a creación de equipos multidisciplinares, un prazo de seis meses para crear un equipo de traballo —que saibamos non se constituíu—; un prazo de seis meses para tamén facer derivacións alá onde houbera unidades, fora en Galiza ou fóra de Galiza —que saibamos non se está facendo—; fomentar o coñecemento da doenza e das mulleres, sobre todo nas menores de 25 anos.

Que saibamos, o único traballo de visibilización, de información, —insisto— de acompañamento e demais que se está facendo é o que está facendo, fundamentalmente, querENDO, e algunha outra asociación pero fundamentalmente querENDO. Por parte da consellería absolutamente nada, botándolles nas costas das propias mulleres damnificadas que fagan ese traballo. E elas están ao límite, multiplícanse porque están percorrendo toda Galiza, os institutos e demais, pero non é o seu traballo, señor conselleiro, non é a súa función. É función da súa consellería facer ese traballo, tanto para dar a coñecer e formar os profesionais como tamén a sociedade. Porque estamos falando dun problema sanitario que ten consecuencias laborais e sociais polo descoñecemento enorme que existe da doenza.

E tamén demandabamos, e aprobouse nesa iniciativa, que se transmitira aos institutos de investigación sanitaria de Galiza a necesidade de fomentar a investigación sobre a endometriose. Dende logo sete anos despois, nin elas nin o BNG temos coñecemento de que se estea facendo absolutamente ningunha investigación neste eido.

O Partido Popular votou a favor desta iniciativa, logo votou en contra de que se levara a cabo; ben, pasou xa por fases diversas. O ano pasado volveu votar a favor doutra iniciativa onde a estas cuestións engadiamos o tema da formación do persoal; o tema da atención diferenciada en fertilidade —porque a moitas mulleres cando se lles diagnostica xa é tarde e xa non chegan a tempo para ser nais, entón, necesítase unha vía diferenciada para que poidan chegar a tempo—; o tema de que se active a atención sanitaria en primaria e en hospitalaria para atender as súas necesidades, sobre todo despois da pandemia, que non está acontecendo; ou o tema de demandar ao Goberno español que se inclúan os tratamentos para a endometriose entre os financiados pola Seguridade Social, porque non hai tratamentos específicos, pero unha parte dos tratamentos que se lles administran —que non teñen moito que ver coa súa doenza— están financiados, pero outros moitos —os de última xeración— non están, e podemos falar de 20 euros ou 50 euros ao mes para moitas mulleres, no mellor dos casos. Igual que podíamos falar de fisioterapias e de cantidade de cuestións que non están incluídas.

Polo tanto, señor conselleiro, estas son as iniciativas: seis puntos no 2015, sete puntos no ano 2021. ¿E ve en vermello onde lle poño «non»? Non efectivizado, non efectivizado ou mornamente efectivizado. Isto é para vermellar a calquera goberno. Primeiro, ¿por que? Porque supón un desprezo a este Parlamento, señor conselleiro. Supón un desprezo aos acordos unánimes deste Parlamento, supón un desprezo á Cámara, *(Aplausos.)* onde estamos representando os galegos e as galegas. E traemos aquí os problemas das de miles de galegas que sofren unha doenza, en moitos casos invalidante, que lles condiciona a súa vida diaria, que perden calidade de vida, e poderiamos seguir. E como Goberno permítense o luxo, primeiro, de non ser proactivos, de non tomar a iniciativa, e logo de non efectivizar o que acorda unha vez e outra este Parlamento. Dende logo, parécenos que non é de recibo.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Entón, este balance, señor conselleiro, o que lle teño que dicir é que pon en evidencia que a Xunta e o Partido Popular non están tomando en serio o problema das miles de galegas que padecen endometriose, non o está tomando en serio e non lle está dando importancia á dimensión que ten o problema, non está destinando recursos, non está destinando a atención precisa, non lle está dando resposta ás mulleres. E, dende logo, ten moitísima marxe de mellora, porque practicamente non fixo nada, e son moitas as demandas que están encima da mesa.

E a nós preocúpanos moito, señor Comesaña, que a estas alturas teñamos que preguntarnos como é posible que non se investigue, que non haxa investigación a respecto de algo que afecta a máis do cincuenta por cento da poboación —as mulleres somos máis do cincuenta por cento da poboación—, que non haxa investigación a respecto da menstruación, da endometriose. ¿Como é posible? Preguntámonos como é posible que se lles segue dicindo ás mulleres que a dor de regra é normal, que seguen entrando as mozas polas consultas e séguenlles dicindo que iso pasou toda a vida. ¿Como é posible que se siga tardando oito e dez anos en acadar unha diagnose? ¿Como é posible que sendo unha consulta —recoñecida polos médicos— moi recorrente en atención primaria case non haxa derivacións á hospitalaria, aos especialistas, que case non haxa probas diagnósticas? ¿Como é posible a estas alturas?

Con profesionais formados, sabendo que buscar, onde buscar e coas probas pertinentes para buscalo, o calvario destas mulleres, de miles de mulleres, non sería tal. E iso é da súa responsabilidade poñelo en práctica. A nós parécenos vergonzoso que non se faga. E temos que preguntarnos como é posible que en pleno século XXI, no ano 2022, nos plans de estudo das facultades practicamente non se aborde esta cuestión. E gustaríanos saber se vostede se ten preocupado e ocupado desta cuestión —porque xa o temos denunciado aquí moitísimas veces—, de impulsar que sexa un elemento de estudo tamén preferente nas facultades de medicina.

E temos que preguntarnos como é posible que moitas mulleres perdan os seus empregos polas dores de regra e polas endometrioses. Porque moitas mulleres perden os seus empregos. Está aprobándose unha iniciativa para ter dereito a baixas —parécenos moi ben—, pero iso non pode agochar que o problema non é coller unha baixa, porque, primeiro, moitas mulleres non as van coller porque detrás desas baixas repetidas vai estar o despido; e ademais iso non pode agochar a necesidade de facer todo o anterior: a de investigar, de formar e de actuar para non ter o problema.

A resposta a esta pregunta, señor Comesaña, é bastante evidente: a invisibilidade que ten a endometriose é a invisibilidade que teñen case todas as doenzas que afectan as mulleres desde hai anos, séculos ou case milenios; considerar que os problemas das mulleres se poden deixar atrás e que o obxecto de estudo e a prioridade ten que ser o corpo do home. Séculos de nesgo de xénero, de desigualdade na investigación, na formación, na práctica clínica, dá como resultado que en pleno século XXI esteamos aínda nesta situación.

Por iso, señor conselleiro, hoxe traemos aquí esta iniciativa, de novo da man de querENDO, que quere saber como é posible que sete anos despois practicamente non se teña avanzado, que quere que lle dea resposta ás súas preguntas de por que sete anos despois non se teña

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

avanzado, e un ano despois da ampliación dos acordos —a semana pasada volveu aprobarse na Comisión 5ª que se cumpra o acordo de 2015—...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...¿como é posible?, ¿que fixo?, ¿que vai facer para solucionar o problema das mulleres con endometriose e poñer medidas enriba da mesa?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Resposta do conselleiro de Sanidade, don Julio García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moi boa tarde, presidente.

Señorías.

Señora Prado.

Membros de querENDO aquí presentes.

Volvemos falar hoxe da endometriose, despois de numerosas intervencións e debates nesta Cámara, por ese costume, señora Prado, que teñen vostedes de valorar pouco —non vou dicir ignorar, pero polo menos valorar pouco —como a expresión que vostede utilizou aquí— calquera avance ou dotación que se realice, neste caso por parte da Consellería de Sanidade.

Vou comezar facendo un repaso ás cuestións postas en marcha, e que responden a eses dous acordos aos que vostede fai referencia e sobre os que, obviamente, a Xunta de Galicia leva tempo traballando.

Se falamos do acordo do 2015 —reiterado a semana pasada como consecuencia do debate dunha proposición non de lei na Comisión 5ª—, como primeiro punto recollía a difusión da *Guía de coidados a mulleres con endometriose,* do Ministerio de Sanidade. Esa guía está difundida, efectivamente, está publicada, na web do Sergas —web que de momento creo que é unha web de referencia para os profesionais sanitarios do Sergas e para a poboación, e non creo que haxa que estar arrepentidos dun documento colgado nela; está aí colgado—, así como un documento máis recente sobre o modelo de atención. A guía está asumida pola Consellería como propia, especialmente no referido á estratexia da abordaxe da enfermidade. Ademais, creouse un apartado específico na páxina web do Sergas para poder acceder dun xeito máis sinxelo a toda a información de interese sobre a endometriose.

Para a difusión entre os profesionais e para ampliar o seu coñecemento sobre a enfermidade, xa dei conta neste Parlamento noutras ocasións da planificación formativa sobre a enfermidade, que se realiza de xeito periódico e que conta cunha importante concorrencia por parte dos profesionais sanitarios.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a creación dun grupo de traballo multidisciplinar co obxectivo de poñer en marcha o plan de detección precoz, a mellor detección precoz pasa pola identificación dos síntomas, que neste caso son solapados —como vostede ben dicía— con outros procesos e son moi variados, e que o seu coñecemento —por parte dos profesionais de atención primaria sobre todo— permita a súa derivación a consultas específicas. Neste caso, a detección precoz pode intercambiarse polo plan de formación dos profesionais do Sergas, que inclúe cursos cuxa única temática é a endometriose. O obxectivo desta formación pasa pola sensibilización sobre este problema de saúde das mulleres, e tamén por ampliar o coñecemento sobre os factores de risco, así como tamén os síntomas máis frecuentes que permitan esa detección precoz. Nos últimos anos participou de forma moi ampla —e na última edición, que rematou hai escasos días, esgotáronse as cen prazas previstas para a formación— fundamentalmente persoal de enfermería, matronas, facultativos especialistas de xinecoloxía e médicos de atención primaria. A segunda edición deste mesmo ano 2022 está prevista para o próximo mes de outubro.

Respecto do acordo que incluía a creación doutro grupo de traballo para avaliar a creación de unidades multidisciplinares, levouse a cabo unha reunión inicial cos xefes de servizo de xinecoloxía e con profesionais da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria para valorar a atención das mulleres con endometriose, e, nese momento, a decisión foi a de atender as mulleres en consultas específicas. Iso si, nestes anos foise avanzando na creación e posta en marcha desas consultas específicas en todas as áreas sanitarias, incluída xa a de Pontevedra —na última ocasión que tiven de falar deste tema, Pontevedra non estaba creada—. En Pontevedra está creada xa esa unidade, co cal, esta era a única área que quedaba pendente, e agora mesmo nas sete áreas sanitarias existe esa consulta específica —que corre a cargo, por suposto, dun grupo de xinecólogos—, de xeito que todas as consultas que se precisen deste ámbito, en todas as áreas sanitarias, son derivadas a estas sete consultas. Este era un obxectivo que tiñamos fixado e é un obxectivo que temos que dicir que está cumprido —insisto— nas sete áreas sanitarias.

Ademais, prevíase tamén nese acordo a creación dun terceiro grupo de traballo para avaliar as derivacións das pacientes con endometriose de grao catro a unidades especializadas. Saben vostedes que a Lei de garantías permite a elección de facultativo, e que, de ser preciso realizar derivacións intrahospitalarias, no marco sanitario actual cada vez máis entendemos a atención sanitaria como un sistema único, un hospital único, tanto para a utilización dos recursos como tamén para a mellora da atención. Polo momento non foi preciso derivar ningún caso fóra da nosa comunidade neste caso, non houbo que mandar ningún paciente fóra, todos foron abordados no Servizo Galego de Saúde. As derivacións dependen, efectivamente, dun criterio médico e así está regrado. Ten que ser un facultativo o que faga esa proposta de avaliación, o que valide esa necesidade; e, por suposto, se un facultativo do Servizo Galego de Saúde pide unha derivación dunha paciente a unha unidade de referencia no resto do Estado, coma noutras patoloxías, abórdase sen ningún tipo de problema. Non teña dúbida de que, se fose preciso, e fose valorada polo médico esa necesidade de derivación, se levaría a cabo igual que ocorre coa atención ás outras patoloxías.

Ademais, naquel 2015 pedíase a este Parlamento fomentar o coñecemento da doenza por parte das mulleres en idade fértil, de maneira singular entre as menores de 25 anos. Dentro

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

da programación dos perfís das redes sociais que se desenvolven desde a Consellería de Sanidade, periodicamente lévanse a cabo campañas de divulgación referidas a esta enfermidade, e estamos en disposición, por suposto, de levar a cabo cantas novas accións nese sentido sexan oportunas.

Respecto do fomento da investigación sobre a endometriose, unha das dificultades principais para a investigación sobre a endometriose é como estudar unha enfermidade que se presenta de moitas maneiras diferentes. Algunhas mulleres teñen unha endometriose máis grave en canto ao tecido endometrial que medra fóra do endometrio pero en cambio teñen pouca dor; outras, pola contra, teñen menos tecido pero senten moita dor e non son fértiles. Por iso hai poucos ensaios clínicos con medicamentos en España. Agora mesmo hai menos de dez ensaios clínicos activos. E neste momento non hai ningún ensaio clínico que estea estudando este tipo de tratamentos en Galicia.

Con todo, e dadas as dificultades indicadas anteriormente, neste caso o tipo de estudos a adoptar é normalmente multicéntrico; é dicir, aínda que non se lidere o estudo como investigador si que se participa nalgún proxecto. Neste sentido, participouse dende o CHUAC —o Complexo Hospitalario Universitario da Coruña— nun estudo observacional multicéntrico para avaliar a seguridade a longo prazo dun medicamento denominado Esmya —especialmente, neste caso, na seguridade endometrial—. Este estudo xa está finalizado.

Cónstanos, ademais, o traballo de varias profesionais en teses sobre esta patoloxía.

Así mesmo, no Inibic —o Instituto de Investigación da Coruña— hai un proxecto en marcha denominado Papel das células nai e as súas vesículas extracelulares na endometriose, que ten o informe favorable do CEIm, no que a investigadora principal pertence ao grupo de Terapia Celular e Medicina Rexenerativa e no que colaboran membros do servizo de xinecoloxía do CHUAC da Coruña.

Cremos, ademais, que a posta en marcha das consultas específicas en todas as áreas sanitarias —o que comentaba antes— permitirá tamén a realización de estudos e favorecerá o traballo investigador en Galicia por parte dos profesionais.

Como ven, todos os puntos incluídos naquel acordo cumpríronse, e ademais, no fundamental, no relativo á mellor atención sanitaria, coa maior especialización desas consultas, coa creación desas xuntas específicas e tamén, no traballo respecto da detección precoz, coa programación formativa dirixida aos profesionais do Sergas. *(Aplausos.)*

En relación co acordo máis recente —o do 2021—, nalgunha cuestión reiterábase o xa acordado no 2015. O seu primeiro punto falaba precisamente da creación desas consultas específicas en todas as áreas, que como xa lles avanzaba é xa unha realidade. Gustaríame aclarar que, aínda que non se trate de unidades multidisciplinares no estrutural, estas consultas si teñen carácter multidisciplinar no funcional; así, en todas as áreas sanitarias todos os casos de pacientes con maior complexidade ou máis graves son avaliados por un equipo multidisciplinar formado por profesionais de distintas especialidades: xinecoloxía, cirurxía, anestesioloxía, radioloxía, reprodución asistida, saúde mental, gastroenteroloxía, endocrinoloxía ou fisioterapia.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Respecto das derivacións que se recollían no segundo punto, xa está claro como se procede; pero, polo momento, todos os casos puideron ser, como dicía, abordados polos magníficos profesionais que ten o Servizo Galego de Saúde.

Xa falamos tamén do seguinte punto, respecto das campañas de divulgación, e tamén sobre a formación dos profesionais; que, por certo, é moi ampla na nosa comunidade autónoma, e no que me gustaría destacar o papel importante que xoga neste caso a Axencia Galega de Coñecemento e Innovación en Saúde como promotor e organizador imprescindible, que obtén sempre grandes resultados de participación.

Respecto da atención diferenciada en fertilidade e da dotación de recursos das consultas de reprodución, saben vostedes que existe un compromiso por parte do Goberno, que quedou fixado na tramitación da Lei de impulso demográfico, na que se inclúe literalmente que «o Servizo Galego de Saúde garantirá o tratamento de reprodución asistida a aquelas mulleres cuxos problemas de fertilidade veñan derivados dunha patoloxía». E este é o caso. A endometriose é unha desas enfermidades que están directamente relacionadas coa infertilidade e que, polo tanto, son susceptibles de recibir tratamento de reprodución asistida. Polo tanto, ao igual que noutras patoloxías, as mulleres con dificultades para acadar o embarazo e que sofren esta patoloxía son, por suposto, susceptibles de recibir este tipo de tratamento. Polo que respecta ao incremento dos recursos das unidades de reprodución asistida, actualmente estanse a dotar de máis recursos materiais e humanos en relación coa implantación do diagnóstico xenético preimplantacional.

Outro dos puntos do acordo é o de activar a actividade sanitaria tanto na atención primaria, como nas consultas e cirurxías hospitalarias, para garantir a atención necesaria ás mulleres que padecen endometriose. Para poder mellorar a atención que se presta en todos os servizos, e mellorar o infradiagnóstico, creouse tamén a extensión específica do CIAP2 —o sistema de derivación de atención primaria—, na que se inclúen tanto a endometriose como a súa variante a adenomiose, que, ademais do que supón para os profesionais e os pacientes, tamén vai poder contar cun auxiliar clínico. Esta extensión vai permitir avanzar no coñecemento da prevalencia real da enfermidade na nosa comunidade autónoma e poder así tomar decisións con datos reais.

Respecto da demanda do Ministerio de Sanidade da inclusión dos tratamentos para a endometriose entre os financiados pola Seguridade Social, xa remitimos unha carta ao Ministerio incidindo neste punto como parte do acordo.

Nas mulleres que teñen que ser intervidas cirurxicamente, adiantei xa neste Pleno a posta á disposición en todas as áreas sanitarias dos robots Da Vinci, nos que investimos máis de vinte millóns de euros e que posibilitan, como saben, cirurxías moito máis precisas e menos invasivas, e cunha mellor recuperación das pacientes.

En definitiva, traballamos segundo os acordos deste Parlamento, fundamentalmente afrontando a mellora asistencial e, sobre todo, poñendo as ferramentas para que as mulleres galegas conten cun diagnóstico de endometriose no menor tempo posible.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Mire unha cousa, señor conselleiro, eu lamento que a vostede lle fastidie tanto ter que vir aquí a este Parlamento a dar conta do traballo que fai en algo tan importante e que afecta tantas e tantas galegas. *(Aplausos.)* Traendo o BNG tantas veces a este Parlamento o tema, tendo acordos unánimes e o traballo incansable dunha asociación como querENDO, se vostedes están indo tan lentamente, non quero nin imaxinar que non estiveramos encima do tema. ¡Nin se terían movido! Esa é a realidade, nin se terían movido. *(Aplausos.)*

Claro, vostede vén e atrévese a dicir que, claro, que nós somos uns pesados vindo aquí, e que nos parece pouco o que se avanzou. Dixo que lamenta que me pareza pouco. Claro, é que se vostede tivera unha dor incapacitante que lle fai perder o traballo, se tivera dor continuamente, que tivera que estar tumbado na cama, que moitas veces non puidera andar —e podo sacar a lista de como se senten—, igual lle parecía, efectivamente, que non se están dando os pasos suficientes, que non se está andando á velocidade que habería que andar.

O que pasa, claro, é que nos poñemos do lado de fóra, e ¡total!, para as mulleres, desde a Biblia, a dor é un acompañante máis noso. Vimos a este mundo para sufrir. *(Aplausos.)* Claro, é a conclusión á que teño que chegar, porque, se lle parece a vostede que o que relatou aquí son pasos decididos, dende logo deberíano facer mirar. Porque, insisto, dolores de todo tipo, dificultades nas relacións sexuais; é dicir, unha condición total da vida das mulleres que necesitan unha posición proactiva por parte da consellería que vostede representa, señor conselleiro.

Di vostede que non se investiga moito porque, claro, cando as doenzas se manifestan de forma diferente... ¡Menos mal que é a única doenza que se manifesta de formas diferentes e segundo que persoas! As outras non, as outras son unidireccionais. É que as escusas son tan variadas que —teño que dicilo así— ¡estamos máis que fartas das escusas para cando se trata dos temas das mulleres! Que todo son escusas para non avanzar á velocidade requirida.

Imos ir agora polas cuestións que vostede dixo. Mire: fomentar o coñecemento da doenza non é colgar unha guía na páxina web, trátase dunha posición proactiva.

Di vostede unha atención precoz. Pero, vamos ver, señor conselleiro, ¿cantas consultas se fan en atención primaria por dor de regra? ¿Ten algún censo? Dígoo porque para ter unha atención precoz haberá que saber cantas mulleres, primeiro, van á consulta por dor de regra á primaria. Habería que empezar por aí, e non están facendo iso.

¿Cantas derivacións se realizan aos especialistas? ¿Teñen ese dato? ¿Cantas probas diagnósticas, laparoscopias, resonancias, non sei, para saber realmente o diagnóstico das mulleres?

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Porque di logo vostede que os tratamentos de fertilidade pois si, cabe a posibilidade de que as que teñan diagnose sexa unha patoloxía pola cal poden ter un trato preferente. Claro, pero teñen que ter un diagnóstico, *un detallito sin importancia*. E a maioría nin sequera teñen o diagnóstico para poder ter ese trato preferente.

Os servizos multidisciplinares, pero ¿onde existen?, ¿onde están? É dicir, di vostede que unhas unidades, ¿exactamente como as da atención poscovid, máis ou menos, non? Que vostede lle poña o nome e logo por se alguén ten un problema, chama, e igual se reúnen alí. Pero non está nada establecido.

O tema das derivacións. Pero se non hai ningún protocolo, señor conselleiro. ¿A quen pretende enganar? Non hai ningún protocolo que non dependa da vontade e voluntariedade do profesional que as trate e que lle pareza que é acaído. Pero ten que haber un protocolo que diga con estas características, con esta patoloxía, con estas dores, con isto, así ten que activarse este protocolo. Non pode quedar no voluntarismo do profesional ou de canto se queixa a muller para activar ese protocolo, ten que estar establecido, e non o teñen. Non nos engane, señor conselleiro.

Podemos seguir co tema da investigación. Efectivamente, cousas illadas.

Pero ¿vostede cre que a prevalencia que ten a endometriose non merece realmente que por parte da consellería se poña as pilas?

Eu vou sacar aquí este cartaz da propia asociación, *(A señora Prado Cores amósalle á Cámara un cartel.)* que quitaron o Día das Letras, na nosa lingua é ben claro: «A dor de regra non é normal». E vostede tiña que facer todo o traballo posible para trasladar aos profesionais, ás profesionais, a todos os profesionais dos equipos multidisciplinares que non están ao servizo das mulleres e á poboación en xeral que a dor de regra non é normal. E repetíndoo pois mil veces igual nos damos conta dunha vez por todas de que como non é normal hai que actuar para que as mulleres non teñan esa dor e para solucionárllela. E iso é do que se trata. As iniciativas que traemos aquí e que seguiremos traendo mentres non se poñan as pilas, porque non se teñen postas as pilas.

E dicía pola mañá o novo presidente da Xunta, o señor Rueda, que se houbera que poñer a un lado propaganda e noutro medidas concretas —referíase ao Goberno do Estado—, eu agora refírome ás medidas do Goberno da Xunta, ás súas medidas, non cadrarían, pois non. A propaganda do que din que están facendo coa realidade non cadra. Efectivamente, non cadra, porque non hai nin atención precoz, nin as unidades especializadas como debería. E gustaríame que explicara en que consisten esas unidades especializadas, ao que lle chama vostede «creación de unidades especializadas» e por que non ten dado eses pasos, por que non están as unidades multidisciplinares.

Mire: as representantes de querENDO, que é a asociación máis numerosa que representa as mulleres en Galiza, están aí hai sete anos. E realmente quedaron ilusionadas de que se se aprobaban no Parlamento unhas medidas é que iso ía significar avanzar decididamente en solucionar os problemas. No día de hoxe non se reuniron nin cos seus predecesores, nin vos-

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tede tivo o detalle de chamalas para dicirlles: mira, isto está indo continuamente ao Parlamento; isto resulta que vos estamos vendo por aí multiplicándovos; imos sentarnos, imos sentarnos a ver realmente que está pasando, a ver como o vedes vós. Porque é moi fácil vir aquí e dicir que o BNG somos unhas alarmistas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...e que vimos aquí cansinamente. Pero ten aí unha oportunidade, tenas aí arriba. Remate a interpelación e reúnase con elas para que llo conten elas. E se elas consideran que nós vimos aquí alarmar e que todo o que di vostede lle parece que están xa no mellor dos mundos posibles, pois nós o BNG non temos absolutamente nada que dicir.

Entón, eu pídolle que cando remate se reúna con elas ou, se non ten tempo hoxe, ten a axenda moi ocupada, que as chame para abordar e poñer encima da mesa realmente medidas reais para os problemas que teñen as mulleres, para que se deixe das boas palabras e pase aos feitos de verdade, que se poñan en marcha medidas...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...—remato, presidente— de investigación...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...para mellorar a calidade de vida, para atender os problemas de infertilidade, para os tratamentos que non supoñan unha carga económica, para fomentar a formación e a información entre os profesionais. Medidas, porque os nesgos de xénero a estas alturas non poden existir, señor conselleiro.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ¡Século XXI!

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: Non estamos no século XVIII.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o tempo.

A señora PRADO CORES: E no século XXI non se lle pode dicir ás mulleres...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...que se teñen dor que se aguanten.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRADO CORES: ¡Non se lles pode dicir! *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Prado.

¡Mire o peluco! Mire o peluco porque despois protéstanme a min.

Peche da interpelación, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Presidente.

Señorías.

Ben, en primeiro lugar, vou aclarar, señora Prado, que non confunda vostede a miña opinión sobre a súa valoración das medidas que toma o Sergas e a miña valoración sobre a patoloxía ou o padecemento das mulleres. Vostede xoga moitas veces a iso, e creo que é moi importante ter clara a diferenza. Eu o que digo é que a min gustaría que se fixeran moitas máis cousas nesta patoloxía e en todas as patoloxías que manexamos no Sergas, pero fanse as cousas que se fan. O que si non vou admitirlle é que vostede diga que non se está facendo nada, que é o que quería dicir coa miña intervención. E iso non cuestiona en absoluto o padecemento e sufrimento das mulleres. *(Aplausos.)*

Esta é unha patoloxía non vou dicir nova, é unha patoloxía evidentemente que levamos un tempo poñendo encima da mesa todos, os cidadáns, os que a padecen e tamén o sistema sanitario. Nese sentido, quero dicir que se deron pasos importantes. E un paso, por exemplo, importante que temos agora e que non había antes é poder saber efectivamente cantas mulleres foron tratadas con esta patoloxía, ou atendidas. En Galicia, dende o ano 2016, é dicir, nos últimos cinco anos —porque eses datos corresponden ata o ano 2021—, foron atendidas en ingreso hospitalario, que —como vostede sabe ou debera saber— é onde se codifican os diagnósticos, non se codifican nas consultas nin no ámbito ambulatorio, pois foron ingresadas 1.165 mulleres con codificación, neste caso profesional, de endometriose. Neste período déronse 1.333 altas —o número é superior, xa que algunha destas mulleres, efectivamente, puido ingresar en varias ocasións—. Temos a idade media destas mulleres, 40,5 anos. E, segundo o tipo de endometriose, a cifra de maiores ingresos correspóndese coas mulleres nas que o tecido endometrial ten como localización os ovarios. Isto é froito desa sensibilización que temos todos, probablemente —téñoo que dicir— grazas a vostede e tamén ás mulleres desta asociación, para ir incorporando cada vez con máis frecuencia esta información.

Na actualidade, na posta en marcha desa nova codificación, en marzo de 2021, hai 656 pacientes ata o momento, con episodios rexistrados en atención primaria de endometriose. Unha ferramenta tamén importante é ter ese código CIAP do que falaba antes. Este dato, sen dúbida, irá medrando a medida que se van incorporando máis mulleres que teñan xa un diagnóstico previo, e o persoal de atención primaria recolla este código na ferramenta que utiliza na historia clínica electrónica.

Dende a Consellería —dicía— seguimos traballando para chegar —como reiterei en varias ocasións— á calidade asistencial e ao acceso ao diagnóstico o antes posible. Avanzar, polo

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tanto, no diagnóstico precoz, que todo o mundo —vostedes, os profesionais e as propias pacientes—, dende logo, solicitan.

Por iso contamos con ferramentas importantes. Unha é a incorporación de mellores métodos diagnósticos. En 2021 a Xunta iniciou unha renovación e modernización do documento sanitario dotado de 60 millóns de euros, que permitiu, por exemplo, esa compra dos equipos Da Vinci para favorecer as intervencións cirúrxicas, e trinta e sete equipos radiocirúrxicos, así como iniciar a modernización do equipamento de ecografía. Por exemplo, os 5,6 millóns que permitiron adquirir corenta e oito equipos de ecografía en radiodiagnóstico —como vostede sabe, a ecografía é unha peza fundamental para este diagnóstico—. Ou, por exemplo, en setembro, con 700.000 euros para incorporar dezaseis ecógrafos con destino aos servizos de Urxencias e Xinecoloxía Obstetricia. Os equipos xa están instalados nos hospitais e coa formación dos profesionais precisa para poder empregalos.

Deste xeito, aumentamos esa capacidade de diagnóstico, o que permite a mellora na creación de ecografías, especialmente nos servizos de Urxencias, xa que este é o modo principal con que se acada o diagnóstico da endometriose. Unido, por suposto, ás laparoscopias, ás resonancias, TACs. Sobre estes últimos estamos facendo agora mesmo tamén —como saben— un importante investimento para a renovación.

Por outro lado, manifestei xa neste Parlamento o noso claro compromiso coa mellora da saúde das mulleres. E por iso no eido desta enfermidade e ao longo desta lexislatura elaboraremos unha guía de atención específica en Galicia, na que se recolla unha abordaxe integral da patoloxía e tamén as claves para seguir avanzando no diagnóstico precoz. Seguiremos traballando nesta patoloxía e nas outras patoloxías que atendemos.

O que non lle vou permitir, señora Prado, é que diga vostede que os sanitarios galegos, os xinecólogos, os médicos de Atención Primaria non dedican nin tempo nin esforzo suficiente para poñer a mellor atención posible a esta e a todas as outras patoloxías. *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, si que dixo iso, señora Prado.

Creo que temos que traballar entre todos. E agradezo sempre a iniciativa do Bloque, do PSOE e, por suposto, do Grupo Popular para mellorar a atención que damos aos nosos pacientes. E, por suposto, é fundamental a participación das asociacións de pacientes como esta que hoxe nos acompaña. Insisto: como todas as asociacións que día tras día acoden aos centros sanitarios ou a este Parlamento a pedirnos melloras. Aí sempre vai atopar a esta consellería e ao Goberno galego, e non na demagoxia e na infravaloración do que os profesionais sanitarios do Servizo Galego de Saúde e a Consellería de Sanidade teñen sobre todas e cada unha das patoloxías que padecen os homes e as mulleres galegos.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Retomamos o punto 7 da orde do día, preguntas ao Goberno. E comezamos coa pregunta de dona María Leticia Gallego Sanromán, do Grupo Parlamentario do Partido Socialista.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pregunta de Dª María Leticia Gallego Sanromán e D. Martín Seco García, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a continuidade do sistema de subvencións de concorrencia competitiva para asociacións e federacións de comerciantes, centros comerciais abertos, mercados e prazas de abastos para o ano 2022

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señora Gallego.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidente.

Boa tarde, deputadas e deputados.

Boa tarde, vicepresidente primeiro.

O pequeno comercio local está en crise dende hai moito tempo debido a unha serie de problemas, como son a incapacidade de facerlles competencia ás grandes cadeas e aos xigantes do comercio electrónico, non hai relevo xeracional no pequeno comercio, o despoboamento da nosa terra acelera o peche dos pequenos negocios no rural e, a maiores, a crise da covid-19 e agora a crise económica derivada da guerra de Ucraína. Toda esta situación fai que moitos pequenos e medianos comercios teñan que pechar as súas portas debido á súa falta de liquidez.

O noso grupo parlamentario levamos alertando dende o inicio desta lexislatura dos graves problemas que ten este sector. A realidade que está xurdindo ao longo destes anos debido aos seus problemas estruturais, máis á pandemia da covid-19 e agora á guerra de Ucraína semella complicada para o sector do pequeno e mediano comercio e para o seu tecido asociativo.

Por iso, unha das preocupacións no día de hoxe para as asociacións e federacións de comerciantes, centros comerciais abertos, mercados e prazas de abasto é a emisión da orde de subvencións para este ano 2022, que aínda non foi convocada. Esta preocupación é produto do medo a que volva acontecer o do ano pasado, cando as subvencións non foron efectivas ata o mes de novembro. Se isto acontece outra vez, ás asociacións do sector do comercio non lles permitiría planificar as accións, ademais de ter que xustificalas nun curto espazo de tempo, que xa xeraría improvisación, e é o que menos precisan neste momento de crise.

Outra preocupación que teñen as ditas asociacións son as contías das mesmas, así como as porcentaxes subvencionables para as diferentes accións.

E por se isto todo fora pouco, máis preocupacións para o asociacionismo do sector do comercio, que é o cambio do sistema na adxudicación das subvencións, que ata o de agora se facía por concorrencia competitiva. Parece ser que a Xunta de Galicia quere cambiar o sistema para un sistema de concorrencia non competitiva, e iso non garantiría o acceso ás subvencións de todas as asociacións, federacións de comerciantes, centros comerciais abertos, mercados e prazas de abasto. E o que faría é que moitas asociacións pequenas de comerciantes desaparecerían, e sobre todo as pequenas no rural.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por iso, a nosa pregunta de hoxe: ¿vai a Xunta de Galicia continuar co sistema de subvencións de concorrencia competitiva para asociacións e federacións de comerciantes, centros comerciais abertos, mercados e prazas de abasto para este ano 2022? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Gallego.

Resposta do vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación, don Francisco José Conde López.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Gallego, eu agradézolle enormemente que vostede traia a situación do comercio de proximidade a este Parlamento e, polo tanto, poder concretar efectivamente cales son as políticas que se están desenvolvendo por parte da Xunta de Galicia para apoiar o comercio de proximidade, un dos sectores máis importantes do noso tecido produtivo.

Sorpréndeme que na súa intervención realmente o que está de fondo é ser unha vez máis portavoz do seu goberno. Sorpréndeme que vostede fale da situación do sector do comercio, do comercio de proximidade, con carácter xeral, cos problemas estruturais, e vostede non faga referencia á situación da inflación en España xerada por unha política económica errática do goberno. Estráñame que vostede non fale do impacto que está tendo no comercio de proximidade o incremento do prezo enerxético, da tarifa da luz e o incremento do gas. E estráñame especialmente porque vostede non intenta trasladar as medidas que realmente poderían ser efectivas neste momento co comercio de proximidade, como sería unha baixada de impostos ou como sería recuperar as axudas directas que non se executaron a través das liñas do goberno e, polo tanto, establecer un sistema máis simplificado. Sorpréndeme que vostede non defenda que haxa un sistema de cotizacións por ingresos reais xustos, para os tempos que estamos vivindo. E estráñame tamén que vostede non estea apoiando neste Parlamento o comercio de proximidade cunha moratoria dun ano para a devolución de créditos ICO.

Fálolle de todas estas medidas que están sendo impulsadas por parte do Partido Popular e que vostedes, o Partido Socialista, no Congreso, votan en contra.

Polo tanto, é unha falacia que vostede intente trasladar aquí a defensa do comercio de proximidade cando realmente o seu partido non está defendendo as medidas estruturais que realmente poderían beneficiar o comercio de proximidade e que, polo tanto, puideran facer fronte a unha situación económica xerada polo seu goberno e que lamentablemente non ten unha resposta.

Se quere falar de como a Xunta de Galicia está apoiando o comercio de proximidade, pois, efectivamente, podemos falar das diferentes ordes de axuda que estamos poñendo en marcha. Por exemplo, a través da Orde de dixitalización, que se acaba de publicar este mesmo luns. Ou das diferentes axudas que lles estamos trasladando ao tecido produtivo, ás asociacións e ás federacións de comercio e centros comerciais abertos e prazas de abastos, xa que,

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

como sabe perfectamente, Galicia é unha das comunidades autónomas que ten unha maior intensidade de axuda a estes colectivos e que, polo tanto, durante os últimos seis anos de forma ininterrompida xa temos achegado máis de quince millóns de euros ás diferentes asociacións e federacións, precisamente, para dinamizar e revitalizar o comercio.

Se quere falar en serio do comercio de proximidade, estamos a favor, pero, dende logo, cun pouco de rigor e de seriedade, sobre todo por parte do seu partido.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Réplica, señora Gallego.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidente.

Vicepresidente primeiro, ¿rigor e seriedade cando non me contestou absolutamente nada, pois pasou tres minutos falando do Goberno de España? *(Aplausos.)* Por favor, ¡rigor e seriedade pídolle eu!

Dígame se a Xunta de Galicia vai continuar co sistema de concorrencia competitiva este ano nas subvencións para as federacións, asociacións, prazas de abasto, centros comerciais abertos deste ano 2022. Contésteme, por favor, e deixe de falar do Goberno de España. Non estamos no Congreso dos Deputados, estamos no Parlamento de Galicia, que parece que o esquece. Se me pode contestar, eu agradeceríallo.

Dígame se vai continuar co sistema de subvención de concorrencia competitiva e tamén falar da Xunta de Galicia e dicir se vai convocar xa as axudas aos centros comerciais abertos, ás prazas de abastos, ás asociacións de comerciantes e federacións. Dígamo porque xa estamos en maio, e aínda están sen convocar. A ver se vai pasar como o ano pasado, que ata novembro non se fixeron efectivas. Se me pode contestar a estas preguntas estaría ben. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* De verdade, a min paréceme incrible.

Mire: as axudas o ano pasado chegaron tarde, mal e arrastro, e vén vostede aquí falar do Goberno de España. Pois miren vostedes como xestionan as axudas. Porque que cheguen no mes de novembro tarde, mal e arrastro, a verdade non di moito da súa eficacia e eficiencia en conceder estas subvencións. O Goberno galego ten unha nula planificación nas subvencións para asociacións e federacións de comerciantes, con todo o mal que o están pasando.

E aínda por riba tamén soltaron a idea de que a Xunta agora pretende que se xestionen todas as subvencións a través da Federación Galega de Comercio, cousa que moitas delas...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Gallego.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora GALLEGO SANROMÁN: ...moitas asociacións...

O señor PRESIDENTE: Grazas, moitas grazas.

(A señora Gallego Sanromán pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Peche da pregunta, o vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

A verdade, señora Gallego, non sei por que se puxo tan nerviosa. *(Murmurios.)* Eu simplemente non estou falando do Goberno de España, eu falei do comercio de proximidade e falei de medidas *(Murmurios.)* que son necesarias neste momento para o comercio de proximidade, e que realmente o seu partido político non está defendendo. *(Aplausos.)* Polo tanto, creo que debería seguramente analizar cal é a realidade.

É difícil falar do comercio de proximidade se vostede non vén aquí falar en serio de cales son as medidas estruturais que realmente precisa.

Con respecto á Orde de axudas de asociacións, federacións de comerciantes, centros comerciais abertos e prazas de abasto, é dicir, de todas as asociacións que nada teñen que ver coa Federación Galega de Comercio, e non sei por que vostede di que se están centralizando todas as axudas na Federación Galega de Comercio, é simplemente un descoñecemento real do tecido produtivo que vostede ten.

Como lle dicía, neste ano 2022 imos superar por primeira vez os 3 millóns de euros adicados a estas asociacións, despois de incrementar o orzamento un 10 %. E as asociacións, señora Gallego, saben perfectamente a certeza da convocatoria desta orde de axudas durante os últimos cinco anos, saben perfectamente que estas axudas teñen un carácter anual cunha elixibilidade das actuacións dende o 1 de novembro ao 31 de outubro e, polo tanto, saben perfectamente que todas as actividades son elixibles no momento en que se convoca a orde de axudas. Iso é unha certeza que teñen as asociacións.

Polo tanto, a partir de aí, nós faremos a convocatoria. Pero faremos a convocatoria, señora Gallego, despois de ter falado coas asociacións. Ese diálogo e ese consenso que vostedes predican pero que non aplican nas diferentes políticas que vostedes promoven. Efectivamente, a Xunta de Galicia está acordando co sector as diferentes medidas e as melloras.

Claro que é unha mellora a concorrencia non competitiva porque vai permitir unha maior axilización na resolución das axudas. Claro que a Xunta de Galicia vai aplicar e vai executar o cen por cento e, polo tanto, vai beneficiar todas as solicitudes que se presenten e que cumpran cos criterios ata esgotar o crédito establecido na propia orde de axudas. Claro que imos

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

introducir modificacións para que se poida destinar o 55 % do investimento ás medidas que poden supoñer un fomento da actividade comercial. E claro que imos seguir garantindo que o período subvencionable, señora Gallego, sexa dun ano, e que, polo tanto, dende o 1 de novembro do ano pasado ata o 31 de outubro deste ano vaian ser elixibles. E imos axilizar os anticipos do 50 % e tamén imos desenvolver un programa formativo para precisamente seguir afondando na profesionalización destas asociacións.

Polo tanto, estamos co comercio de proximidade e estamos coas asociacións. Vostedes seguen dándolle as costas ao comercio de proximidade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, vicepresidente primeiro.

O señor PRESIDENTE: A seguinte pregunta é de dona Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Parlamentario Popular.

Pregunta de Dª Marta Nóvoa Iglesias e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración da Xunta de Galicia das actuacións levadas a cabo polo Goberno central en relación coa execución dos PERTE e cos proxectos estratéxicos presentados desde Galicia

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Boa tarde e benvido, señor vicepresidente primeiro.

Hoxe o Grupo Parlamentario Popular quere preguntarlle pola situación actual dos proxectos estratéxicos para a recuperación e transformación máis coñecidos como PERTE e as previsións do Goberno galego no que respecta ao seu impacto en Galicia.

Nun contexto socioeconómico máis que preocupante, no que o prezo da luz segue marcando un prezo superior aos douscentos euros/megavatio e as medidas do Goberno central seguen sen chegar, cunha inflación que rexistra máximos históricos, cuns augurios da Unión Europea de que seremos o país da zona euro que máis tarde regresará aos niveis de crecemento prepandemia e co Banco de España rebaixando as previsións de crecemento da economía española, sería de agardar, señor vicepresidente primeiro, que a máxima preocupación do Goberno central fose unha xestión transparente, efectiva e xusta dos fondos Next Generation a través dos proxectos dos PERTE. Pero non, nada máis lonxe da realidade, o Goberno de España novamente fracasa e non pode seguir vendendo como un éxito a xestión dos fondos europeos Next Generation cando dos nove PERTE aprobados no Consello de Ministros, cunha dotación de máis de 33.700 millóns de euros, só ten lanzado convocatorias de axudas por un total de menos do 14 %.

Unha lentitude que está a poñer en risco a execución dos fondos nos prazos que marca a Comisión Europea e que se agrava pola negativa do Executivo central a traballar coas comuni-

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dades autónomas a prol dunha cogobernanza real desta oportunidade única para impulsar a transformación e o crecemento do tecido industrial, desde a máxima transparencia, a cohesión territorial e social e a igualade de oportunidades para todas as comunidades.

E non llo di este grupo, señorías do Partido Socialista, reclámallo a Unión Europea. E aquí teño unha noticia na que «*Bruselas insta a España a cuidar el gasto público y le reprocha los retrasos con los fondos europeos*». Esta é unha noticia do martes 24 de maio, de onte mesmo.

E a esta lentitude, señor vicepresidente, témoslle que sumar a complexidade das ordes de axuda, que fai que milleiros de empresas vaian quedar fóra destes proxectos. E tamén non llo dicimos nós, dillo a prensa deste luns: «*La mayoría de las empresas renuncian a pedir fondos europeos por las trabas burocráticas. La rigidez de los requisitos, los plazos y los costes de gestión desaniman a muchas firmas, y la patronal avisa que buena parte del tejido productivo se puede quedar fuera*».

E esta mañá, señor vicepresidente, para a nosa sorpresa, dicíalle o señor Álvarez que nesas conferencias sectoriais se asignaban os fondos de forma equitativa e xusta para as comunidades, cando a realidade todos sabemos a que é. As adxudicacións dos fondos fainas o señor Sánchez, que previa viaxe no *Falcon* aterra casualmente nas comunidades onde goberna, asignando proxectos incluso antes de que saia a convocatoria do PERTE correspondente. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E todos temos na memoria e vemos a prensa e vemos os anuncios dos proxectos de baterías para Valencia ou Estremadura.

E hoxe para rematar, señor Conde, gustaríanos que nos falase vostede aquí de como valora a Xunta de Galicia as actuacións levadas a cabo ata o momento polo Goberno central en relación coa execución dos PERTE e os fondos estratéxicos presentados dende Galicia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Nóvoa.

Resposta do vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Nóvoa, eu agradézolle que o Partido Popular traia a este Parlamento o debate sobre os fondos europeos, e, polo tanto, sobre cal é a situación que realmente se está producindo coa execución destes fondos e cos criterios que se están establecendo por parte do Goberno e dos seus socios. E a realidade é que hai un risco, hai un risco evidente de perder investimentos estratéxicos para Galicia e hai un risco tamén de que estes fondos poidan non executarse.

A realidade, dunha forma obxectiva, é que nestes momentos a distribución dos fondos europeos está marcada por tres criterios preocupantes: está marcada polo centralismo do goberno, pola lentitude e tamén pola falta de transparencia.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Falamos de centralismo cando o Goberno se está atribuíndo o cen por cento de todos os fondos para proxectos industriais. E, polo tanto, está limitando as competencias que temos as comunidades autónomas en materia de política industrial, porque néganos o instrumento clave, que é a dispoñibilidade destes fondos.

Hai centralismo cando o Goberno está reservando o 66 % dos fondos que recibe de Bruxelas, cando o compromiso do presidente Sánchez era que esa porcentaxe das comunidades autónomas sería do 50 %.

Polo tanto, hai unha preocupación evidente por estes criterios, igual que hai unha preocupación evidente cando falamos da lentitude. Nestes momentos hai once PERTE que ten anunciado o Goberno, e deses once PERTE tan só un 17 % dos preto de seis mil millóns de euros que están convocados está á disposición do tecido produtivo a través das convocatorias publicadas no *Boletín Oficial do Estado*. Ese é o dato. Anúncianse 33.000 millóns de euros a través de once PERTE e tan só o 17 % está no *Boletín Oficial do Estado* con convocatorias publicadas.

E falamos de transparencia porque, efectiva e lamentablemente, o tecido produtivo non coñece os criterios de repartición do 83 % que non está publicado no *Boletín Oficial do Estado*. Esa é a realidade. O tecido produtivo do sector naval non coñece cales van ser os criterios de repartición no PERTE do naval. ¡Esa é a realidade! E, polo tanto, cremos que entre todos os grupos parlamentarios deste Parlamento hai que facer unha voz única para pedirlle ao Goberno de España que actúe con responsabilidade, que abandone o centralismo, que abandone a falta de transparencia e, sobre todo, que sexa máis áxil nas xestións dos fondos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, a señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Moitas grazas, señor vicepresidente.

Como vostede ben acaba de explicar aquí ata o de agora, a realidade dos fondos europeos destinados a Galicia é —como vostede acaba de dicir— lamentable. Que Galicia, señorías, pese a ser líder en automoción en España contando co maior fabricante de automóbiles da nosa nación, quede fóra da convocatoria do PERTE en automoción é unha pésima noticia, non só para Stellantis senón para as milleiras de empresas auxiliares da automoción repartidas por toda Galicia. E os integrantes do Partido Socialista galego caladiños xunto co seu alcalde favorito á cabeza, ¡caladiños xunto co seu alcalde favorito á cabeza, *(Aplausos.)* defendendo coma sempre ao Goberno central. Pero é que tampouco responden ao proxecto de fábricas téxtiles e sostibles da empresa Altri, na provincia de Lugo, unha iniciativa innovadora e vital para toda a provincia de Lugo e tamén para Galicia.

E continuamos tamén —como di vostede— sen a confirmación para as axudas ao naval, pese a ser líderes no contexto español, e tampouco no sector enerxético tras declarar o peche anti-

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cipado das centrais térmicas galegas. Un escenario, polo tanto, máis que preocupante, señorías. Eu, dende a miña humilde opinión, señor vicepresidente, creo que hoxe o Goberno central debería ter como obxectivo fundamental a implantación radial dos fondos europeos por toda a xeografía española da man das comunidades autónomas, que son as que mellor coñecen as súas necesidades e as súas fortalezas, para saber cales son os proxectos que máis conveñen para as súas economías. E volvo á prensa, señorías: «*Las comunidades se hartan y exigen fondos de la Unión Europea para sus propios PERTE. Barones del PSOE y del PP crean un frente para forzar a Calviño a financiar sus proyectos estratégicos con el segundo tramo de financiación autonómica*».

Señor vicepresidente, a Xunta de Galicia leva anos dende o inicio da crise da covid cos seus proxectos tractores prioritarios presentados e gustaríame que, nesta segunda quenda de intervención, nos informase un pouco máis sobre estes proxectos e a súa oportunidade para Galicia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Nóvoa.

Peche da pregunta, o señor vicepresidente primeiro.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señora Nóvoa.

Efectivamente, Galicia cumpriu. Galicia cumpriu cando a Comisión Europea lle trasladou a necesidade de identificar proxectos a través da colaboración público-privada para trasladar iniciativas que puidesen permitir esa transformación do noso tecido produtivo, e cumpriu nos diferentes sectores. Cumpriu no sector da automoción cunha proposta de Stellantis para a través do proxecto Áncora permitir o desenvolvemento das plataformas, que poden impulsar a construción dos novos modelos, e tamén cumpriu cando estableceu unha proposta para desenvolver un circuíto de probas.

Nestes momentos, lamentablemente, non hai unha resposta porque os criterios establecidos polo Goberno deixan dentro das convocatorias determinadas comunidades autónomas, como poden ser Estremadura ou Valencia, onde o Goberno antes de finalizar o prazo de presentación de solicitudes xa ten anunciado que vai haber un proxecto gañador —¡curioso!—.

E mentres vemos como Stellantis ve que nin por prazos nin por intensidades de axuda hai criterios que permitan desenvolver os proxectos. Igual que as pistas do circuíto de probas, despois de ser unha iniciativa impulsada polo Goberno de España, pola Zona Franca de Vigo, agora resulta que os investimentos non son elixibles con fondos europeos. ¡Esa é a realidade! Igual que a realidade é que nestes momentos non coñecemos os criterios de selección do sector naval. Igual que é unha realidade que nestes momentos hai moitos proxectos que non teñen identificado onde realmente poden obter as diferentes axudas e, polo tanto, beneficiarse dos fondos europeos.

E é certo. O tecido produtivo ve unha ameaza real de quedar fóra da repartición dos fondos europeos. Falamos de pequenas e medianas empresas, que ven como a dificultade e a falta

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de información por parte do Goberno, ocultando esa información ata que se publica nos boletíns oficiais do Estado, na rixidez dos requisitos que está establecendo o Goberno, os prazos de execución ou a imposibilidade de ver encaixe nos seus proxectos, está xerando un efecto desincentivador por parte do tecido produtivo.

Hai unha necesidade real de que o Goberno xire a súa política de execución de fondos europeos. Hai unha necesidade de que o Goberno consensúe coas comunidades autónomas e que haxa unha cogobernanza real entre o Goberno e as comunidades autónomas. E hai unha necesidade clara de poder colaborar co tecido produtivo para realmente darlle esa resposta e poder executar os fondos europeos, e que sexan realmente unha oportunidade.

Nestes momentos, o Goberno está...

O señor PRESIDENTE: Grazas, vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSRIA E INNOVACIÓN (Conde López): ...utilizando de forma partidista os fondos europeos, e os fondos son de todo o tecido e son de todos os españois.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D. Martín Seco García e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego de utilizar as súas competencias para levar a cabo algunha iniciativa que evite a perda dun cento de postos de traballo no antigo estaleiro de Barreras

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Seco García.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, presidente.

Despois deste *impasse* de varias masaxes, señor Conde, volvemos á sesión da controlación do Goberno galego, que é ao que estamos.

Hai dous meses, este que lle fala preguntáballe pola situación que estaban a vivir os traballadores de Barreras ante o proceso concursal no que estaba inmerso o estaleiro e transmitíalle a necesidade de que o Goberno galego tomase a iniciativa para garantir o emprego no proceso de consultas do dito proceso concursal. Tendo en conta que unha das entidades que tiña que emitir un informe era o ente da Xunta de Galicia como é a Autoridade Portuaria poderían ter aproveitado para avaliar e cuantificar as propostas en materia industrial e laboral presentadas nas ofertas de compra, co fin de garantir un futuro para o emprego e a actividade industrial do dito estaleiro. E isto non era un capricho do Partido Socialista, señor Conde, era a petición dos propios traballadores ou do seu comité de empresa, un comité de empresa ao que vostede nin se dignou a recibir.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Vostede, señor Conde, —que non sei por que non está aquí agora mesmo— nestes duros momentos que estaban a vivir os traballadores de Barreras optou unha vez máis por desaparecer. O conselleiro responsable da industria deste país volveu agocharse detrás do Igape e non tivo nin un ratiño para recibir os traballadores afectados.

Vicepresidente, estou seguro de que se fose para anunciar a construción dun lote de froteis e unha base para Punta Langosteira si que tiñan tempo, aínda que só fose mera propaganda e, por desgraza, o inicio do fin do estaleiro de Barreras, tal e como se coñecía.

Pero, ¿que fixeron dende a Autoridade Portuaria? ¡Absolutamente, nada de nada! Aquí está o informe: páxina e media que non di absolutamente nada. *(O señor Seco García amósalles un documento aos membros da Cámara)* E así chegamos ao fin do proceso concursal sen que a Xunta de Galicia tomase ningún tipo de iniciativa para que as empresas ofertantes asumiran os cento vinte e tres traballadores que tiña o estaleiro.

Hai poucas datas, o xulgado anunciou que vendería a unidade produtiva a Astilleros Armon por 14,7 millóns de euros. A dita empresa —segundo consta no auto— subrogará só vinte dos cento vinte e tres traballadores. Armon, nun comunicado, asegurou que toma a testemuña coa vista en relanzar o histórico e centenario estaleiro para facer crecer a actividade na ría. Pero, no día de hoxe, a decisión do xulgado é un xerro de auga fría para os traballadores, que lamentaron que se vaian á rúa cen persoas cun Goberno galego que pasou de perfil en todo este proceso de venda.

Señores do Goberno, o Goberno galego non pode seguir de costas aos traballadores do naval na ría de Vigo. Deberan activar as súas competencias tanto a nivel económico como industrial, como tamén de emprego, para levar a cabo tres cuestións: a primeira, conseguir que a nova propietaria amplíe o número de traballadores que recolle na súa oferta de compra; a segunda, poñer en marcha un plan de recolocación dos traballadores afectados polos futuros despidos; e, a terceira, elaborar un plan de reactivación do sector naval privado na ría de Vigo.

Señor, creo que —neste caso, ¡a!, vai ser a señora Lorenzana, non a vía—, ante todo isto que acabo de expoñer e a preocupación dos traballadores de Barreras, desexo preguntarlles se pensan utilizar as súas competencias a nivel industrial, económico e de emprego para levar a cabo algunha iniciativa que mellore o número de empregos ofertados pola nova propietaria do estaleiro de Barreras e algunha para a recolocación dos afectados...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Martín Seco.

O señor SECO GARCÍA: ...polos despidos que figuran na oferta. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Mire que eu fixen esforzo xestual para indicarllo, pero ás veces non nos comunicamos.

Vaille dar resposta a conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, dona María Jesús Lorenzana Somoza.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Boa tarde, señor Seco.

Volven vostedes insistir en que a Xunta de Galicia incida nunha decisión dun xulgado do mercantil e a través, ademais, dun informe que debería emitir un porto de interese xeral, que depende do Ministerio de Transportes. Entón, se a decisión se podía dalgún xeito influír, debería ser o Ministerio de Transportes. En calquera caso, a nós non nos van atopar cuestionando unha decisión xudicial nin interferindo nun proceso de compravenda concursal.

Nós si levamos traballando cos traballadores e con todos os operadores e os actores implicados na situación e no conflito de Barreras, e reuníndonos con eles durante moito tempo. Pasado o mes de febreiro, fun eu mesma a que me reunín co Comité de Empresa de Barreras para dicirlle isto mesmo: que nós non podemos intervir en ningún momento nun proceso, nun concurso e nunha decisión xudicial ou no administrador concursal, se é o caso, e moito menos no informe que podía emitir a autoridade portuaria.

O que si lles dixemos —e dígoo aquí— é que imos estar para apoiar a eses cen traballadores afectados mediante a súa recualificación profesional. Isto non é unha declaración de boas intencións. Estámolo facendo xa, no día de hoxe, co proxecto EmpregaNAV —como vostedes coñecen— cos traballadores afectados polos despedimentos de pequenas e medianas empresas vinculadas á industria auxiliar do naval galego. Son cincocentas as persoas coas que estamos traballando agora na reciclaxe profesional, e ímolo facer agora co persoal de Barreras. Xa o temos asinado, polo tanto, non é unha declaración de intencións. E, neste mesmo mes de maio, temos asinado un convenio de colaboración con Aclunaga —coa Asociación Clúster do Naval Galego— para formar, entre outros, estes cen traballadores. En total, van ser seiscentos oitenta e seis traballadores, para actualizar as súas competencias profesionais e para adquirir outras novas, co fin precisamente da súa rápida colocación no mercado laboral galego.

Como sabe tamén, está en marcha xa a Estratexia do naval 2022-2026 para potenciar este sector, a innovación, a formación, a capacitación, a dixitalización, pero a min si que me gustaría preguntarlle a vostede. Nós estamos poñendo en funcionamento todas as nosas competencias. Pero vostedes tamén terían que facer algo de autocrítica, e acábao de dicir o señor Conde: ¿onde está o PERTE do naval? ¿Que saben vostedes deses trescentos dez millóns? Porque o que lle podo asegurar é que se o PERTE do naval chega a Galicia, si vai haber traballadores formados e capacitados porque —como lle estou dicindo— xa está previsto o instrumento para formar estes traballadores.

Creo que en vez de estar preguntando aquí, porque as nosas competencias xa as estamos exercendo nas políticas activas de emprego, si deberían preguntar por Galicia e por estes traballadores do naval ao Goberno, ao seu Goberno en Madrid, de cando se vai convocar o PERTE do naval, do que non sabemos nada nin sabe nada a industria do naval galego.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, o señor Seco.

O señor SECO GARCÍA: Grazas.

Desculpe, señora Lorenzana, non a vira. Pero de todas formas é moi significativo que ante preguntas sobre política industrial conteste a Xunta con políticas de formación para os desempregados. *(Aplausos.)* Isto indica a política que ten a Xunta de Galicia.

Señora Lorenzana, acaba de botar a andar un novo vello goberno e o señor Rueda, o novo presidente, ten ante si a primeira crise industrial como máximo responsable do Goberno galego. Ten que decidir se segue coa inexistente política industrial que caracterizou o Goberno do presidente Feijóo ou marca un punto de inflexión co tema de Barreras.

Segundo as cifras do INE recentemente publicadas, a cifra de negocio da industria galega baixou un 7 % en marzo, sendo a comunidade que máis cae en toda España nun mes de avance xeneralizado en todo o Estado español, cun incremento medio do 13,2 %.

Na ría de Vigo observamos a deterioración do emprego durante os seus once anos de goberno. Entre as instalacións da antiga Vulcano e as de Barreras non sumarán nin medio centenar de traballadores nun estaleiro que contou con centos de traballadores en ambos casos. Mentres, o seu Goberno segue sen utilizar as competencias para dinamizar o sector e implicar as empresas propietarias para que teñan un nivel de emprego propio que non sexa residual e que paralicen a precarización do emprego nos estaleiros cunha excesiva subcontratación, que non garante o funcionamento adecuado e seguro da súa actividade.

Señora Lorenzana, vostedes, que deixaron morrer o emprego de calidade no estaleiro de Vulcano —agora en Barreras—, cunha venda avalada polo propio presidente da Xunta a Pemex e que o presidente mexicano incluso catalogou de estafa por parte da Xunta de Galicia, organismo que xestionou as negociacións entre o estaleiro e a petroleira mexicana, teñen a posibilidade de demostrar que se pode facer outro tipo de política industrial para reactivar o emprego e a actividade do naval. A pelota está no seu tellado, señora Lorenzana. Os traballadores están esperando a ver se se activa algunha nova medida para que a nova propietaria aumente a plantilla existente, ver se actúan na recolocación dos traballadores que quedan sen traballo e ver se actúan nun plan para o relanzamento do naval na ría de Vigo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Seco.

Para o peche da pregunta, a conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A posición dos socialistas parece que cambia segundo o conselleiro que está respondendo e segundo o momento e o lugar; non teñen criterio, depende do que lles veña mellor. *(Aplausos.)*

Na primeira intervención parece que o problema era que non presionabamos o suficiente a Administración concursal, a xuíza mercantil e a Autoridade Portuaria de Vigo. Pero, cando, de repente, descobre que a Autoridade Portuaria de Vigo é un porto de interese xeral e depende de Portos do Estado, iso agora xa non interesa. *(O señor Seco García pronuncia palabras que non se perciben.)*

Na primeira intervención parece que interesaban as políticas de emprego, pero cando as políticas de emprego —xa lle digo— se están exercendo porque hai un convenio asinado, entón, a problemática son as políticas industriais.

A vostedes non lles gusta, ao parecer, a decisión da xuíza do Mercantil de Vigo, pero nós, dende o Partido Popular e dende o Goberno, non imos poñer en dúbida unha decisión xudicial. Agora ben, si é certo que a ministra de Ciencia e Innovación o 23 de maio —este luns— se presentou nas instalacións de Armon de Vigo, acompañada da secretaria xeral de Pesca, para sacar alí unha foto —tanto que non lles gusta—.

A vostedes o que lles gusta creo que é sacar fotos —como sacaban fotos deputados desta Cámara—, fotografías continuas cos traballadores para facer confrontación; en lugar de, como estabamos facendo nós, reunirnos con cada un dos axentes implicados —eu mesma, repito—, co comité de empresa, para intentar dialogar, para intentar tranquilizar e para tratar de informar.

O seu partido foi o mesmo que, cando dende a Xunta de Galicia e dende o Igape se ofreceu financiamento na peor situación de Barreras, dixo que non; púxose de lado e non foi quen de aportar financiamento, que si estaba aportando a Xunta de Galicia; ou sexa, que é moi copartícipe do que pasou en Barreras.

¡E vén aquí dicir que nós exerzamos as nosas competencias e que levemos a cabo o noso traballo! Eu dígolle o que lle dixen na primeira intervención: fagan algo por que o PERTE do naval chegue a Galicia. ¿Ou é que nos imos encontrar co que ten pasado co PERTE do automóbil, que antes de rematar o prazo da convocatoria xa estaba o señor Sánchez anunciando cal ía ser o beneficiario do PERTE?

Creo que as empresas de Galicia teñen dereito a coñecer os requisitos e as convocatorias dos PERTE. Son máis de trescentos millóns de euros, e aquí —dígolle— van existir traballadores formados e traballadores capacitados, porque nós si imos desenvolver as competencias que temos. Temos competencias en políticas activas de emprego, e pódolle asegurar que esas si as imos resolver. Pero, por favor, intermedien vostedes co Partido Socialista —co Goberno do Estado— para que no PERTE do naval teña algunha oportunidade o naval galego.

Nada máis. Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Debátense agora de xeito acumulado dúas preguntas: unha é a do Grupo Parlamentario Socialista, que formulará a súa deputada dona Marina Ortega, e a outra é a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, que formulará o deputado Iago Tabarés.

Pregunta de Dª Marina Ortega Otero e Dª María del Carmen Rodríguez Dacosta, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a conduta do alcalde de Ourense contra unha representante sindical

Pregunta de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a agresión do alcalde de Ourense a unha representante sindical

O señor PRESIDENTE: Comeza formulando a pregunta a señora Marina Ortega.

Cando queira.

A señora ORTEGA OTERO: Moitas grazas, presidente.

Hai unhas semanas —como saben todos— o alcalde de Ourense cometeu unha agresión inaceptable. Pero, para isto, temos que poñer en antecedentes.

No ano 2015 hai eleccións municipais en Ourense e o PP é a primeira forza. Dicían, por aquel entón, literalmente: «vemos perfectamente posible un goberno en minoría en Ourense con acordos puntuais». Ao mesmo tempo, Jácome lanza a proposta: pactar co PP ou co PSOE, coa condición de que lle deixasen ser alcalde. ¿Cal é o resultado? Que os socialistas non aceptamos por principios, e gobernou a forza máis votada; neste caso, o Partido Popular. *(Murmurios.)* ¿Que pasou no ano 2019? A primeira forza foi o Partido Socialista. Aquí ao PP xa non lle conviña iso de ver un goberno en minoría. E, unha vez máis, Jácome lanza a proposta: pactar co PP ou co PSOE coa condición de que lle deixasen ser alcalde; coa diferenza de que, nesta ocasión, o PP acepta para impedir que gobernase o PSOE, ante a sorpresa incluso dos seus propios votantes. ¿Para que? Para amarrar a deputación. A Feijóo xa non lle parecía tan letal para Ourense —como dicía antes Jácome— e despois de facerse campaña os uns contra os outros pactaron cal intercambio de cromos: a Deputación para o PP e o Concello para Jácome.

En setembro de 2020, tras os problemas de Jácome coa xustiza, o PP rompe o pacto para forzar a súa dimisión, pero Jácome non dimite; polo que todos os partidos chegamos á mesma conclusión de que unha moción de censura é a única saída, excepto o PP, que dá largas. E para non recoñecer que dá largas, o PP inicia con certa prepotencia unha escalada de imposicións inalcanzables para non chegar nunca a un acordo, amarrando así o poder na Deputación, mediante o cal pagan tantos favores na provincia. A primeira imposición foi pedir a cabeza do candidato gañador, Rafa Villarino. Todo isto para forzar un desacordo exclusivamente unilateral para amarrar a Deputación.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

¿E que pasou despois desta negociación teatral do Partido Popular? Deciden agachar a orella ante Jácome e regresan ao bipartito PP-Jácome, o que motiva consecuencias moi graves para o Partido Popular en Ourense, xa que dimite o líder do PP en Ourense e exalcalde, Jesús Vázquez, quen literalmente di: «*Las decisiones no las tomaba yo y todo me venía impuesto. No pintaba nada allí*». ¿E quérenos vender o señor Rueda que delega a decisión nos concelleiros de Ourense? ¿Pero cren que os ourensáns somos parvos e que non sabemos que as decisións parten, sen dúbida ningunha, da cúpula do PP galego? *(Aplausos.)* Que manteñan ao alcalde despois de agredir unha muller que se manifestaba é gravísimo, ¡é un feito totalmente gravísimo! Dende o PP non saben onde meterse porque son conscientes da gravidade, pero intentan practicar a política da avestruz para seguir amarrando a Deputación, que a teñen polos pelos. Escapan do tema, pero saben que a cidadanía ten os ollos postos no PP, porque de vostedes depende reprobar ou manter a Jácome. Todos os partidos estamos de acordo. ¡Únanse, señorías do Partido Popular! ¿Por que non queren nin falar?

Esta é a verdade: dous non negocian se un non quere. Señorías do Partido Popular, ¿que máis ten que pasar en Ourense para que deixen o escapismo político e abandonen o bipartito cómplice con Jácome?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ortega.

Formula agora a pregunta, don Iago Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Parabéns, señor conselleiro.

É a nosa disposición traballar a prol da xustiza —penso que non ten o nivel moi elevado—, pero, en todo caso, está perdendo o tempo, porque non temos nin sequera director xeral de Xustiza dende hai varios días.

A nosa pregunta é para que marque un posicionamento do seu grupo, do Goberno galego, sobre esta degradación institucional e democrática que estamos a padecer en Ourense. Nós non esperamos liderar este goberno municipal, polo menos, ata maio de 2023, pero si que esta situación, esta situación de degradación, é intolerable, algo do que vostedes son os principais responsábeis, *(Aplausos.)* porque vostedes con fondos públicos alimentaron a quen hoxe é alcalde. Vostedes —e non a cidadanía— fixeron alcalde a este señor sabendo que era nocivo ou que ía ser nocivo para a cidadanía de Ourense.

E despois as consecuencias, ¿cales son? As consecuencias son o episodio do 3 de maio. Pero este non é nin sequera o último —e moito menos o derradeiro—, é un episodio máis. Antes houbo episodios de tan dubidosa democracia como chamar «retrasado ou *borderline*» a Agustín Hernández, «psicópata ou tolo» a Manuel Baltar, «miserable e ditador impresentable» a Jesús Vázquez, «matón e macarra» —esta vez— a Luis Seara ou «a inutilidade personificada» aos seus compañeiros e compañeiras do Partido Popular; diríxirse en actos plenarios a unha compañeira de corporación con expresións do tipo: «ti flipas, nena» ou ameazar tamén a unha representante do Partido Popular de «falar da túa vida privada»;

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

«jetas profesionais» a sindicalistas, «mafia policial» a axentes policiais, «vagos deixados enchufados principalmente polo PP e o PSOE» a funcionarios públicos, e «*jódete, que perdió*» en plena competición deportiva no medio dunha rúa céntrica. Isto é o que o Partido Popular ten para a cidadanía de Ourense. ¿A que custo? Dous millóns de euros só en asesores, só en salarios e seguridade social para os ourensáns. Este é o custo dese goberno que están mantendo e que están fomentando. ¿A cambio de que? De ter unha cidade paralizada.

¿Se falamos aquí do auditorio? O noso auditorio está pechado. ¿Se falamos de fondos Next Generation? Non presentamos nin proxecto, e mándanos devolver 1.400.000 euros de fondos da Praza de Abastos que —por certo— tamén temos pechados sen xestión. E isto non o votou a cidadanía, isto votárono vostedes. ¿a cambio de que? A cambio de reter o poder. O obxectivo, señores e señoras do Partido Popular, non pode ser reter o poder. Teñen que pensar na cidadanía, neste caso, de Ourense.

Fagan unha anotación. Cada vez que neste Parlamento se fala de Ourense está vencellado a un feito negativo, e o peor de todo é que case sempre é certo, e iso é responsabilidade non da cidadanía, é responsabilidade do Partido Popular. *(Aplausos.)* Primeiro...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...por fomentar coa Deputación...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tabarés.

Terminou o seu tempo.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...este señor...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(O señor Tabarés Pérez-Piñeiro pronuncia palabras que non se perciben.)

Resposta do vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo Pouso.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidente.

A verdade é que estou sorprendido porque agora vimos responder preguntas que teñen que ver co Goberno da Xunta, como din vostedes, continuamente, pero non se preocupen porque intentaremos darlles unha resposta cumprida aos dous voceiros dos dous grupos.

En primeiro lugar, empezando polo comentario do señor Tabarés acerca da saída do director xeral de Xustiza, direille que foi porque foi nomeado secretario da Sala do Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, do cal estamos moi orgullosos, e paréceme unha boa saída. Pero se vostede o que pretendía era identificar que este partido ou que este goberno

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

non ten respecto pola xustiza, a min gustaríame que me expresara vostede ou que me dixera vostede cal é a posición do Bloque Nacionalista Galego respecto da condena que acaba de sufrir hai pouco —un mes ou mes e pico— unha edil do Bloque Nacionalista Galego que impediu unha moción de censura no Concello de Fene, sabendo que era unha actuación ilegal. Foi ao xulgado e o xulgado condenouna por esa actuación ilegal. A min gustaríame saber se o respecto á legalidade e á democracia do que vostede fala é ese, *(Aplausos.)* porque alí había representantes do Bloque, e ben orgullosos que estaban. *(Aplausos.)* Así que ten vostede unha oportunidade para comentalo.

Pero non se preocupen. Imos dar conta do que realmente queren saber.

A pregunta que fan vostedes é se condenamos a agresión. A resposta é que si, todas. Señorías, ¡todas!, ¡todas!, con independencia de a quen se lle produzan. Por certo, este que lles fala, xunto con outro compañeiro —que agora mesmo non está aquí—, sufrimos agresións cando eramos concelleiros no Concello de Ferrol: non nos deixaron entrar, empuxáronnos e chamáronnos de todo. Botei en falta a solidariedade de vostedes e de vostedes *(O señor Calvo Pouso sinala as bancadas da oposición.)* porque non dixeron nada, ¡absolutamente nada! *(Aplausos.)* E xa non lles falo, señorías, da pegada das eleccións xerais. Xa non lles falo diso, porque diso poderiamos falar largo e tendido —e saben vostedes do que falo—.

Pero, polo tanto, ¿nós condenamos todo tipo de agresión? Si, señorías, todo tipo, con independencia de a quen sexa e da forma que sexa. ¡Non teñan ningunha dúbida!

En segundo lugar, ¿respectamos a actividade sindical? ¡Por suposto!

E, en terceiro lugar, señora Ortega, ¿queren falar en serio ou queren facer política e facer follón? Porque iso é o que queren vostedes. Se queren que goberne a lista máis votada, facemos inmediatamente un acordo entre os tres partidos que teñen máis representación en Galicia e levámolo adiante. O que non pode ser, señora Ortega, é o que intentan facer vostedes: que cambian os argumentos, cambian os principios e cambian as regras do xogo segundo lles convén. *(Murmurios.)* Nós estamos de acordo en que sexa o partido máis votado o que goberne, por suposto. ¿E vostedes, tamén? En Ourense, dende logo, non gobernaría o PP en coalición; pero na Coruña, en Ferrol e en Lugo gobernaría outro partido. E na Deputación da Coruña. Por certo, señor Bará, ten vostede bastante mal os datos —que, se podo e me dá tempo, llos darei despois— *(Risos.)*. Na Deputación da Coruña non gobernaría o Partido Socialista e mais o Bloque, pero aí non interesa, porque aí sumamos e podemos sacar o PP de diante.

Polo tanto, sexamos serios. Se vostedes queren sentarse e están dispostos a chegar a un acordo entre partidos, a un acordo serio —e, se fai falla, traémolo tamén ao Parlamento—, a que goberne a lista máis votada, con independencia do partido que sexa, nós estamos de acordo. Se o que queren é facer barullo, ¡váiano facer a outros lados!, que —por certo— vailles mal porque seguen aí.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Calvo.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Para a réplica, a señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

Parece que o Partido Popular só quere que goberne a lista máis votada se lle sae a saldo. Todo é negocio, nin coherencia, nin principios, nin valores, ante unha situación totalmente grave, porque estamos a falar dunha agresión do máximo representante institucional dunha cidade. ¡Parece que se lles pasa por alto esta cuestión! Nada que ver cos intereses da cidadanía porque, se de verdade mirasen polos intereses dos ourensáns, non firmarían un bipartito PP-Jácome, mantendo con el no poder non a primeira nin a segunda, senón a terceira forza da cidade de Ourense nas últimas eleccións. O selo do Partido Popular liderado por Feijóo estará sempre marcado por ser o primeiro e o único de toda Europa que bautice un goberno bipartito coa extrema dereita: en Ourense, o bipartito con Jácome despois de afirmar que el é tal para Ourense, señorías do Partido Popular. *(Aplausos.)*

¿Saben o que é máis grave? O máis grave non son os populismos ou extremismos en si. O máis grave é que un partido que se presupón democrático e de goberno, como o Partido Popular, lles dea acubillo nas institucións. E iso é inversamente proporcional aos dereitos de todos, tamén aos seus. Pero a actitude do Partido Popular en Ourense cada vez é máis extrema. Porque ¿quen son vostedes para pedir a cabeza do candidato socialista, que non fixo nada malo —máis que ganarlles as eleccións, por suposto—? ¿Cren vostedes estar por riba da democracia? ¿Cren que o poder é da súa propiedade? Non, señorías do Partido Popular. O poder é do pobo, e o que vota o pobo hai que respectalo, aínda que lles ferva o sangue cando pedimos explicacións sobre as cinco únicas empresas privilexiadas de toda a provincia que levan o pastel da maioría dos contratos menores da Deputación con cartos de todos. *(Aplausos.) (Murmurios.)* ¿Acaso non hai máis empresas na provincia? Falemos claro. Iso é o que lles fai pupa, pero para calar non nos votaron nas urnas.

Levan gobernando corenta anos na deputación da provincia coa maior porcentaxe de pensionistas, cos peores salarios e coas pensións máis baixas do Estado, e co peor balance vexetativo por mor da fuga de toda unha xeración de mozos e mozas que, a pesar de vivir nunha provincia chea de oportunidades e potencialidades, tiveron que facer as maletas por non ofrecer vostedes...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: ...oportunidades a...

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o tempo. *(Aplausos.)*

Réplica do señor Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Señor Calvo, nós non discutimos a lexitimidade do Goberno nin dos pactos democráticos. O único que exiximos é responsabilidade, a responsabilidade das súas accións. ¿Por que? Porque isto ten consecuencias. Deturpar unha institución, denigrar unha institución e denigrar a democracia ten consecuencias, e as

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

consecuencias vémolas hoxe por outra persoa —suxeito de contratos a dedo pola Deputación— que vai a unha cámara e que a unha representante política lle chama *hija de puta. (Aplausos.)* ¡Iso non é democracia e iso é o que están fomentando! Vostede pode ser a víctima.

Eu relateille vítimas de todas as cores: Jesús Vázquez, exalcaldes socialistas e, por suposto, tamén do Bloque Nacionalista Galego. E inútiles foi o que lles chamaron a vostedes o mes pasado. Esa é a democracia que están fomentando. As institucións deben estar por encima das persoas e dos partidos. Non podemos escoller dous senadores cando un o primeiro que manifesta é a súa vontade de renunciar á condición política de galego e empadroarse en Madrid. Iso é pór a institución ao servizo das persoas. *(Aplausos.)* E iso é o que lles estamos reprochando. O que lles estamos reprochando son declaracións como a de Baltar, a de que non lle pasará factura votar a Jácome. Non, pero na cola de Cáritas si pasa factura, na cidade de Ourense si pasa factura e na degradación democrática da cidade si pasa factura.

Deixen de pensar no Partido Popular e pensen nas persoas. As persoas teñen que estar primeiro. E, xa lles digo, neste pleno nesta tarde a conselleira, por exemplo —a que estaba presente— falaba do auditorio, e nós o auditorio témolo pechado, o sector cultural agredido e absolutamente paralizado dende o Concello. Se falan de subvencións, falamos de subvencións e de proxectos que nin se presentan. Iso é o que están fomentando vostedes. E son vostedes os responsábeis, non a cidadanía de Ourense. ¡Iso téñano claro!

E, por último, en referencia á xustiza, alégrome moito de que sexa director xeral. Do que me alegro menos é de que levemos tantos días sen director xeral de Xustiza, existindo unhas medidas moi importantes para a xustiza. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tabarés.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Peche desta pregunta, o señor vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Igual non fun claro, pero vólvollo repetir: nós condenamos todo tipo de agresión, sexa a quen sexa, e non só agresións selectivas como fan vostedes e por iso non son cribles.

E facémoslles a mesma oferta, señora Ortega, pero para sempre. Estamos a un ano das eleccións municipais. Sentémonos nese afán de diálogo que amosan agora os partidos que están na oposición, sentémonos e fagamos un acordo entre partidos: que goberne a lista máis votada sempre e en todos os sitios, non cando lles convén a vostedes, que é o que queren facer. Porque vostedes son especialistas en pactar con quen lles peta e obrigar o PP a pactar con quen queren vostedes. E iso si que non pode ser, ¡iso si que non pode ser! Porque aquí todos temos que xogar coas mesmas regras.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Falaba o voceiro do Bloque Nacionalista Galego do respecto á democracia e do respecto ás institucións. ¡Home!, tendo unha coalición cun partido que ten xente condenada por pertencer a unha banda armada, que ten xente condenada por asasinar persoas inocentes do Partido Socialista ou do Partido Popular, ten vostede moito *cuajo* para falar de respecto á democracia e para dar lecciónns de acordos con outros partidos *(Aplausos.)*. Eu creo que, se hai un partido que nestas cousas debería ser máis respectuoso, non faltarlle á xente e non romper con acordos que houbo dende os inicios da democracia, como o de non estar ao lado dos que apoiaban o terrorismo, son vostedes, que deberían calar. Deberían estar calados e non deberían aparecer nas fotos e nos actos cos representantes de Bildu. *(Aplausos.)* ¡Non deberían ir na mesma lista, non deberían ir! Pero esa é unha decisión súa, ¡súa! Non sei se colectiva ou da UPG —dáme o mesmo—, pero van vostedes na mesma lista. *(Aplausos.)*

O Partido Socialista vénnos pedir aquí a condena ás agresións. Estamos de acordo e xa llo digo. ¿E o alcalde de Pol? *(Murmurios.)* O alcalde de Pol ¿de que partido é? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Porque sobre o alcalde de Pol non trouxemos iniciativas a este Parlamento, non houbo un revuelo tan importante cando estivo a punto de tirar unha persoa que estaba tocando o bombo. Pero aí os representantes do Partido Socialista calaron. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Aí calaron, porque aí miran para outro lado.

Vólvollo dicir. Condenamos todas as agresións: as do alcalde de Pol, as do alcalde de Ourense..., todo tipo de agresións. E cando nolas fan a nós, tamén. E aí tampouco os vin nunca, aí tampouco os vin nunca estando do noso lado, ¡nunca! E veño dunha cidade onde as tivemos que soportar moitas veces —e os que son de alí sábeno—, pero nunca os vin ao lado noso.

Pero non pasa nada, sigamos traballando. ¿Queren facer ese acordo de que goberne a lista máis votada? Nós estamos dispostos. Sentémonos e falémolo.

Por certo, na Deputación da Coruña, señor Bará, o POS, cando gobernaba eu, era de 43 millóns, pero había moitos máis plans adicionais. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, estou facendo uso porque vostede se referiu a min e á miña xestión cando eu estaba... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Fortes murmurios.)* Di o Regulamento que se é na mesma sesión... *(Murmurios.)*

Pero non se preocupe, non llo vou dicir máis.

O señor PRESIDENTE: Imos acabando.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Non llo vou dicir máis.

Afortunadamente, cando eu gobernaba —e algún outro deputado que hoxe está na oposición tamén estaba alí— executábase o 80 %, 85 % ou o 90 %. Hoxe vostedes (*O señor Calvo Pouso sinala as bancadas da oposición*) executan o 40 % do orzamento de gastos. Iso si que é unha penuria, e é algo do que non deberían estar orgullosos. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En definitiva, e remato, podemos empezar condenando a agresión do alcalde de Pol, podemos empezar condenando a agresión do alcalde de Ourense e podemos sentar as bases para un pacto de cara ao futuro. Veremos se vostedes queren ou veremos se o que pretendían era vir ao Parlamento a montar follón.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

Pregunta de Dª Alexandra Fernández Gómez e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración da Xunta da execución e dos resultados das axudas ao alugueiro a menores de 35 anos en 2021

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra dona Alexandra Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Boa tarde, señorías.

Cando a mocidade non pode emanciparse, automaticamente moitos dos seus proxectos fican coartados e paralizados. E por cada mozo e moza ao que por este motivo se lle pechan oportunidades profesionais, académicas e vitais, o que estamos facendo no fondo é empobrecendo o conxunto da sociedade. É por iso que o problema da emancipación hai que abordalo como un problema de primeira orde social, porque as oportunidades que teña hoxe a mocidade van definir a sociedade que somos hoxe pero tamén a sociedade do mañá.

E sobre este gran problema, conselleira, voulle facer dúas grandes revelacións, porque parece que vostede aínda non é moi consciente.

A primeira é que temos unha crise tremenda de emancipación en Galiza. Só o 15 % dos galegos entre 16 e 29 anos conseguen emanciparse. Pero hai un segundo dato que é máis clarificador e máis grave, que é a taxa de emancipación na trintena. Porque, se chegada a esta idade a mocidade continúa sen ser capaz de vivir independente, indica que hai un problema enquistado e que hai graves problemas e dificultades. En Galiza, esta taxa de emancipación entre os 30 e os 34 anos está en catro de cada dez mozos que non logran facer unha vida independente. ¡A segunda peor taxa de todo o Estado! E estes non son «ninis», son milleiros de persoas incapaces de facer fronte ao pago das rendas cos actuais salarios, porque teñen que dedicar de media o 60 % dos seus salarios a pagar o alugueiro. E estes son os datos que deixan negro sobre branco a crise da emancipación en Galicia, que —como digo— nos sitúa á cola do Estado.

E a segunda revelación que lle veño facer, señora conselleira, é que é vostede a máxima responsable das competencias nesta materia, porque creo que aínda non se deu conta; *(Aplausos.)* porque, se miramos o que fixo, non hai ningún plan específico para a emancipación en Galicia. Tampouco se lembrou de falar deste tema no novo plan de vivenda. A Consellería non impulsou nin o primeiro programa para abordar a emancipación da mocidade con alugueiros accesibles. A única axuda que había para esta materia era a axuda ao alugueiro recollida no plan estatal de vivenda. E nin iso fixeron ben. Porque o único que tiñan que facer era convocar esas axudas e tramitar os fondos. E aquí o que fixeron foi outra vez accións criticables.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

¿Que fixeron? No ano 2020 non convocaron as axudas; no 2021 tiñan un ridículo orzamento de 840.000 euros e apenas se executaron 540.000; é dicir, deixaron 300.000 euros sen gastar cando hai milleiros de mozos que son incapaces de facer fronte ao alugueiro.

Por iso lle fago tres preguntas, señora conselleira. Diga se vostede é consciente de que Galiza está á cola da emancipación; se vostede, como máxima responsable, ten algunha estratexia en materia de emancipación e que nos explique en que consiste —porque non a vemos por ningún lado—; e, en terceiro lugar...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ...dea vostede explicacións sobre a execución...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández Gómez. Xa coñece as preguntas.

(Aplausos.)

Resposta da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dona Ánxeles Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, presidente.

Señora Fernández, efectivamente, eu estou de acordo con vostede en que debemos mellorar os índices de emancipación dos máis xoves, e niso está traballando a Xunta de Galicia. E, ademais, é unha obriga que non só ten a Xunta de Galicia, debemos tela todas as institucións, incluído o Goberno central. Hoxe en día, un mozo segue atopando dificultades á hora de poder comezar unha vida independente. Todos o sabemos. E, por suposto, creo que é obriga das institucións apoialos.

Nos últimos indicadores de emancipación obsérvase, ademais, o efecto derivado da pandemia, e estase observando o efecto derivado das políticas do Goberno central. Xa ve vostede que a luz e a cesta da compra están cada vez máis caras, e os carburantes tamén cada vez máis; e, polo tanto, isto repercute na emancipación dos xoves. E dígoo por aquilo de que, como vostedes gobernan en Madrid co Partido Socialista, sería bo que se soubera —porque para unhas cousas gobernan e para outras non—. *(Murmurios.)*

Aínda así, permítame comentar algúns dos datos do Observatorio de Emancipación, do Consello da Xuventude de España, que vostede menciona. Porque menciona unhas cousas e outras non.

¿Estamos satisfeitos? Téñolle que dicir que non, pero resulta que os seus datos non son reais. Galicia, efectivamente, ten unha taxa de emancipación do 15,2 %, pero é que Galicia está por riba da media nacional, ¡está por riba da media nacional! E faino ademais en 0,3 puntos —a media nacional está nun 14,9 %—. Iso de que «estamos á cola»... ¿Podemos mellorar? Si, pero non estamos á cola. Estamos no principio e oxalá estiveramos moito mellor.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por outro lado, teño que dicirlle que este observatorio tamén di que, no mercado da vivenda, Galicia é das menos excluíntes, ¡das menos excluíntes de todas as comunidades autónomas! É máis, di que o custo económico de acceso a unha vivenda dunha persoa xove, en compra ou ben en alugueiro, segue sendo dos máis reducidos de España. Esas son as realidades. Polo tanto, cando se fala dun observatorio e cando se fala de datos é bo que se dean todos os datos. Non faga vostede como o señor Bará, que de repente obvia algúns porque lle interesa. *(Murmurios.)* É bo recordalo porque estamos nunha tarde onde os recordos son fundamentais, non temos por que facer temas estanco.

Dende a Xunta estamos traballando; estamos traballando hai anos pola emancipación dos xoves. Temos —e sabe vostede— creado o Observatorio da Vivenda. A media dos últimos anos, dende o ano 2018, é que dous mil xoves recibiron axudas ao alugueiro, son xoves de menos de 35 anos. E, ademais, temos máis de cincocentas axudas para a compra, para facilitar a compra deses menores de 35 anos. Fíxose en concellos de menos de cinco mil habitantes, fíxose en cascos históricos e tamén para vivenda pública.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleira. Terminou o tempo.

Réplica, señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Grazas, presidente.

Voulle explicar os datos, señora conselleira, para que vostede intente comprender cal é o problema da emancipación en Galicia.

Vexamos, hai dous datos: entre a 16 e 29 anos, 1,5 de cada dez mozos non pode emanciparse, e logo está outro dato, que é o de 30 a 34 anos, e nós estamos falando desa taxa. ¿Por que é importante esta taxa? Porque cando se ten esa idade e aínda non se consegue un emancipar está revelando graves problemas, mentres que a outra taxa tamén reflicte outro tipo de desprazamentos estudantís e outras casuísticas. Polo tanto, a taxa de emancipación que máis nos importa é a dos 30-34 anos. E aí Galiza está segunda pola cola, só detrás de Canarias. A ver se vostede se entera de cales son os datos reais de emancipación, *(Aplausos.)* porque non se entera e ten un problema.

E o segundo tamén que certifica o seu discurso é que vostedes descoñecen profundamente o problema da emancipación, as casuísticas de por que a xente está nesa situación. Vostedes propoñen sistematicamente como solución as fórmulas de axudas á compra á vivenda.

Vou ver se alguén na Xunta se fai esta reflexión: un mozo que non consegue emanciparse porque non é capaz de pagar o alugueiro ao final de mes, que alguén me explique como vai ter capacidade para ter un aforro previo para ter capacidade adquisitiva para pagar a hipoteca cada mes e que teña a seguridade e a estabilidade laboral que lle permita endebedarse nunha hipoteca. ¿Alguén na Xunta é capaz de facer esta reflexión? *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

As conclusións desta reflexión son moi sinxelas, e é que as axudas á compra non están dirixidas á mocidade precaria con rendas baixas, que é a que non consegue emanciparse, e o segundo é que a mellor taxa de emancipación se logra fundamentalmente facilitando alugueiros accesibles. ¿Sabe cal é a súa estratexia aquí? Cero, nula, nin a primeira política de axuda ao alugueiro accesible para a mocidade. Cambien de política dunha vez por todas, señora conselleira. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández Gómez.

Peche da pregunta, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, presidente.

Señora Fernández, vexo que segundo vai avanzando a tarde o ton vai *in crescendo*, cada vez berrase un pouco máis.

Señora Fernández, non tente retorcer os datos. Os datos son os que son e hai que analizalos integramente todos. Polo tanto, Galicia ten unha taxa de emancipación superior á media nacional. Non é boa, é superior á media nacional. Temos un mercado de vivenda menos excluínte que a maioría das comunidades autónomas. Iso é o que reflicte o estudo, que é o estudo ao cal vostede se refire.

E o custo económico de acceso dunha persoa moza á vivenda é dos máis reducidos de España. Esa é a realidade.

Tendo en conta todo isto, hai que dicir que cando vostede comenta que non hai estratexia de ningún tipo está insultando o Observatorio da Vivenda, onde está representada toda a sociedade galega. Vostede debería formar parte desa sociedade galega, pero parece que non, exclúese. Faga aportacións, igual que fai o resto; son aportacións.

E teño que dicirlle, cando vostede di que non estamos axudando os máis débiles, pois si, si que estamos axudando os máis débiles. O alugueiro para quen o precise, e cando alguén decide emprender unha nova vida mercando tamén o estamos axudando.

Este mesmo ano 2022, a Xunta destina 26 millóns de euros a axudas directas para o pago de alugueiro. E as liñas son as seguintes:

O bono de alugueiro social, que depende integramente da Xunta de Galicia, e onde son prioridade os xoves e as mulleres. E faime vostede así. *(A señora Vázquez Mejuto abre as mans.)* ¿Que ocorre?, ¿que non quere? Eses bonos non os quere vostede. Iso é para o alugueiro, están convocados, abertos todo o ano.

Está o bono alugueiro mozo, ese do que vén presumindo o Goberno central dende hai seis meses, e que non chegou aínda nin un só céntimo ás comunidades autónomas e que están

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

agardando os xoves. Vostedes que para o que queren están ao carón do Goberno central, estean tamén para exixirlle que eses fondos cheguen ás comunidades autónomas.

Está o Programa de axuda ás persoas mozas para contribuír ao reto demográfico e están as axudas ao alugamento do Plan estatal de vivenda. Por certo, Plan estatal de vivenda ao que aportamos un 30 % e que non somos capaces de asinar o convenio, porque non quere o Goberno central, señora Fernández, e aportamos o 30 %, e por iso aínda non saíron publicadas.

Pero é máis: cando vostede di que un mozo non pode ter aforrado, para iso está o «Aval xóvenes». Ese «Aval xóvenes» é un 15 %, e somos xunto con Murcia a única comunidade autónoma que o está poñendo en marcha. ¿E sabe por que o podemos facer? Porque temos as contas saneadas...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ...e porque o Ministerio así o tivo que contemplar.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D. Xosé Luís Rivas Cruz e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as axudas ás pequenas e medianas explotacións gandeiras de carne

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra don Xosé Luís Rivas Cruz.

O señor RIVAS CRUZ: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, o 28 de outubro do 2020 publicouse a Orde de axudas temporais excepcionais aos sectores agrarios máis desfavorecidos polos efectos da covid-19, axudas cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural. Na devandita orde, no seu artigo 6, apartado 4, establecíase de xeito arbitrario como condicións para ter acceso a estas axudas que a explotación tivese máis de dez vacas nutrices.

Este disparate e ofensa foron contestados desde o BNG no seu momento aquí nesta casa mediante iniciativas a preguntas ao Goberno e, ¿como non?, por diversas organizacións agrarias. Este despropósito bloqueaba o acceso a estas axudas a máis de dez mil pequenas explotacións galegas de carne, máis da metade das que hai en activo, como se non existisen, como se non xestionasen territorio, como se non significasen na maioría dos casos un ingreso complementario para familias que manteñen a súa vivenda e actividade en zonas desfavorecidas deste noso país, facendo mofa e escarnio e constituíndo unha grave afronta ao rural, unha discriminación arbitraria e incomprensible.

Nada que ver, desde logo, coa teoría que procedente de Europa impregna todos os discursos baratos que arredor do rural se fan por parte das institucións, nomeadamente da Xunta de

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Galicia, gobernada polo Partido Popular. Eses discursos e loas fáciles nos que se insiste na necesaria protección, potenciación e apoio ás pequenas e medianas explotacións familiares, bla, bla, bla, que logo, como demostran os feitos anteriormente expostos, quedan en palabras baleiras de contido.

Vai o Sindicato Labrego Galego e levou o asunto á xustiza e o Tribunal Superior da Xustiza de Galicia no seu fallo non lle fallou ao sector e puxo as cousas no seu lugar. Pouco soubemos pola prensa libre deste país con esa liberdade subvencionada, pero así a todo soubémolo.

¿E agora que?, ¿marcha atrás ou van presentar recurso contra a sentenza? ¿E serán capaces? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Resposta do conselleiro do Medio Rural, don José González Vázquez.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moitas grazas, presidente.

Cambiou o contido da pregunta, porque era outra a que tiña. Pero eu tratarei de responder como sempre fago, en primeiro lugar, aclarando cousas en relación coa súa exposición de motivos.

Efectivamente, houbo unha pandemia, houbo unha situación moi complicada e houbo unha necesidade de poder activar os fondos, que neste caso viñan do Feader, como ben dixo vostede. A propia Unión Europea autorizou axudas temporais excepcionais, cun límite que viña marcado no 2 % do Feader do período 2014-2020. Ese 2 % foi, efectivamente, utilizado pola Xunta de Galicia —logo falaremos, por suposto, das axudas de vacún de carne— e tratábase en todo caso como prioridade de aproveitar esas axudas para garantir a subsistencia de determinados sectores, como pode ser a planta ornamental, a flor cortada e, por suposto, a carne de vacún.

Pero, claro, dentro do discurso que comentaba antes na miña interpelación, facendo outra vez referencia ás incongruencias do Bloque, eu teño que traer aquí a colación, señor Rivas, a PNL que vostedes mesmos presentaron, número 12.391, a principios do pasado ano, sobre estas axudas á carne. Fíxese unha PNL, señorías, en cuxa terceira proposta se lía o seguinte: «Incluír na dita axuda un pago directo para aquelas explotacións compostas por persoas gandeiras a título principal para as cales é o seu medio de vida fundamental». Esta proposta supoñía coincidir co Partido Popular nunha cuestión fundamental: axudar preferentemente os gandeiros e gandeiras profesionais que vivisen maioritariamente desta actividade, que tamén era o que propoñían vostedes na reforma da PAC, e tamén o Sindicato Labrego Galego. Porque nunha situación tan excepcional, a decisión de considerar só as explotacións de máis de dez vacas nutrices respondía ao obxecto de garantir a verdadeira viabilidade do sector a longo prazo.

¿Ten sentido, señorías, exixir un mínimo para considerarse gandeiro profesional con viabilidade a longo prazo? Totalmente. Do mesmo xeito que ter un xardín non nos converte en agricultores.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señor Rivas, vostede firmaba esta PNL. Mentres que agora na cuestión hoxe formulada é contraria á verdadeira viabilidade da cuestión que se quería conseguir coas axudas directas. E eu pregúntome como me preguntei na interpelación: ¿ata cando o Bloque Nacionalista vai continuar a discriminar as iniciativas do Goberno galego aínda estando de acordo con elas, como se ve na PNL que lle acabo de trasladar?

Señorías, foron axudas directas que supuxeron 7 millóns de euros que chegaron a máis de catro mil seiscentas explotacións galegas.

Na defensa do noso sector primario, todo o esforzo é pouco para chegar á meta. Moito máis alá de axudas directas, temos que implantar medidas que fagan que se lles pague aos nosos gandeiros un prezo axeitado polos seus produtos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Señor conselleiro, polo que vostede di, vostedes fixeron a Orde de axudas á carne con base nesta PNL do BNG; é dicir, vostedes están seguindo, e agora acaba de confirmarme a historia doutra maneira.

Mire: eu remítome á sentenza. Por exemplo, o informe técnico que vén da Dirección Xeral de Gandería di: «Á vista do informe técnico que aportamos concluímos que os preceptos impugnados non incorren en discriminación porque teñen como obxectivo actuar sobre as explotacións que sexan viables». O cal quere dicir que as explotacións de menos de dez vacas nutrices non son viables.

Pero é que, ademais, na reunión previa á promulgación desta orde, vostedes foron advertidos polo Sindicato Labrego, e non só por el —paréceme—, de que entraban nunha situación delicada para o futuro das explotacións e que ían incorrer nesta contradición.

Pero é máis: non lles importou que o 50 % destas explotacións que vostedes marxinan estean a nome e a titularidade de mulleres do rural. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Mire vostede as estatísticas!

E é máis: só se viron beneficiadas por esta axudas 4.621 explotacións das 19.000 que poderían verse beneficiadas, soamente o 50 % das que están inscritas en Tenreira Galega. ¿Quere que lle diga máis?

O Tribunal de Xustiza é claro: recoñecer o dereito das persoas titulares de explotacións de vacún de menos de dez unidades que non sexan de autoconsumo e teñan declarados ingresos pola actividade a ser beneficiaras das axudas reguladas na orde impugnada. ¿Que van facer?

E non me saque de contexto a PNL que nós presentamos, estaba noutro contexto, distinto deste.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Peche da pregunta, conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Señor Rivas, está ben que fale vostede de contradición. Pero acábame de dicir precisamente que esa PNL vostedes a propuxeron e que nós fixemos a orde de axudas precisamente a partir dos datos e das características que saen nas explotacións desa PNL. E que me fale a min de contradicións para que agora estean a través do seu sindicato amigo propoñendo que se impugne todo isto e que teñamos que estar valorando as modificacións, pois eu ¿que quere que lle diga?

Eu o que si lle podo dicir é que nós apoiamos claramente o vacún de carne que ten viabilidade. E nese momento, de acordo coa normativa que en determinados casos establece que por debaixo dun número mínimo, ben sexa de vacas nutrices ou de calquera outra cuestión se pode establecer que non haxa axudas, pois decidimos que había que tirar por esa vía da viabilidade a longo prazo.

E o noso obxectivo, dende logo, é a subsistencia dun sector no que nestes momentos —como saben— estamos traballando na estratexia do sector cárnico, que é estratéxico para a Consellería do Medio Rural e que temos que tratar de conseguir —como digo— esa subsistencia a longo prazo e esa viabilidade.

E a min gustaríame poñer en valor o esforzo que se fixo, que foi tamén un esforzo tamén de todos os galegos e galegas, e falamos de 7 millóns de euros que beneficiaron a máis de catro mil seiscentas explotacións. Falamos de catro mil seiscentas cuxos gandeiros e gandeiras titulares se consideran profesionais e viven maioritariamente desta actividade, que é tamén o que vostedes e o Sindicato Labrego Galego defendían no que se refire á concepción das axudas do primeiro piar da PAC. Concentramos, deste xeito, os recursos en explotacións que entendiamos que eran as que tiñan maior viabilidade e sustentabilidade económica a longo prazo.

Mire: nós seguiremos traballando a prol do vacún de carne e do conxunto do sector primario. E, como dixen antes, na carreira da defensa do noso sector primario todo esforzo é pouco para chegar á meta.

Pero eu non quero rematar esta quenda nin a contestación a esta pregunta sen trasladarlles que para a Consellería do Medio Rural o sector do vacún de carne, ligado á Indicación Xeográfica Protexida de Ternera Gallega, ten un carácter estratéxico e será obxecto de atención preferente nos orzamentos e na liña política desta consellería en diferentes ámbitos. E sinalo como principais: a dotación de máis base territorial para as nosas ganderías cos instrumentos da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, que naceu precisamente para iso, para darlles base territorial aos nosos agricultores gandeiros; o impulso da formación e investigación a prol tamén de todos estes gandeiros e gandeiras dentro da estratexia do sector cárnico; a curto prazo —tamén o digo con claridade—, unha nova liña de axudas directas que

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

palíen o incremento dos custos de produción que están a sufrir os nosos gandeiros; como medidas a medio e longo prazo que dean estabilidade ao sector, a posta en marcha dos instrumentos destinados a acadar o obxectivo de que teñan o prezo axeitado pola venda dos seus animais; e, por último, pero non menos importante, a promoción decidida dese extraordinario produto que é a carne da Indicación Xeográfica Protexida Ternera Gallega, cunha campaña que se presentou no consello da pasada semana de 1,4 millóns de euros.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de Dª Teresa Egerique Mosquera e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego co obxecto de superar as dificultades que está a encontrar Galicia na execución do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra dona Teresa Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Boas tardes, conselleira.

Nós tamén imos falar de fondos, do FEMP, o Fondo Europeo Marítimo de Pesca, que é o instrumento financeiro da Unión Europea de apoio á pesca e ás políticas marítimas para o período 2014-2020.

O marco legal establécese no Regulamento 508/2014, e as disposicións comúns para os fondos estruturais e de investimento europeo no Regulamento 1303/2013. O fondo combina modos de xestión directa e compartida. O modo de xestión compartida sería que os estados membros da Comisión Europea administran conxuntamente o 89 % da contribución da Unión para garantir a coherencia entre os obxectivos da propia Unión Europea e dos estados membros e as súas prioridades.

O que o FEMP pretende lograr está integrado nunha xerarquía de obxectivos, que así mesmo están establecidos nun nivel superior pola Estratexia europea 2020, polos fondos estruturais e de investimento europeos, as políticas de política pesqueira común e a política mariña integrada. Unha engorrosa cadea que, sen dúbida, tamén complica moito o que é a execución deses fondos.

Agora, a inclusión do FEMP no marco político para fondos estruturais e de investimento europeos cambia as regras do xogo. Agregou capas adicionais, que dan complexidade tamén ao FEMP. Polo tanto, a complexidade administrativa tamén aumenta, a carga administrativa tamén aumenta e os novos requisitos e procedementos aos que houbo que adaptarse contribúen tamén a ese grao de execución.

Ás veces non se comprenden estes atrasos nesa execución de fondos, non se comprenden porque —como dixen e como expliquei agora nun minuto— é moi complicado. E ás veces

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

bótaselle a culpa a quen non a ten, e imaxino que será porque tampouco se comprende como son todos eses trámites. Xa en comisión o Goberno galego ten dado conta deste procedemento complexo ante preguntas da oposición, e nós sabemos que a Xunta está implicada e está empeñada en facer todo o que está nas súas mans para superar as dificultades ou os obstáculos que se plantexan.

Hoxe nós, señora conselleira, queremos preguntarlle: ¿que ten feito o Goberno galego para superar as dificultades que está a atopar Galicia na execución do FEMP?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

Resposta da conselleira do Mar, dona Rosa María Quintana Carballo.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Egerique, moi boa tarde.

Como vostede ben di, señora Egerique, se todos os fondos europeos son complicados na súa execución, o Fondo Europeo Marítimo da Pesca éo de maneira especial. Cabe sinalar que este fondo xa tivo problemas para arrancar; é dicir, que este fondo entrou en vigor o 21 de maio de 2014 e non se aprobou o programa operativo para o Goberno de España ata o 17 de novembro de 2015, e non se aprobaron as especificidades para poder seleccionar os proxectos para España tamén ata maio de 2016. Iso xa dá unha idea da dificultade que tivemos para poñer este fondo en marcha con dous anos de atraso desde que se iniciou a execución de todos os fondos.

De forma xeral, os problemas de execución e a posta en práctica deste fondo podiamos agrupalos en catro bloques. O primeiro tería que ver coa dificultade de axilización debido ás dificultades temporais da extensión da execución. De forma xeral, a execución de fondos procedentes do FEMP leva consigo a superposición das normativas europeas que vostede citou, pero tamén as estatais e as autonómicas relativas non só á política pesqueira común e aos propios contidos deste regulamento, senón tamén todo aquilo que ten que ver coa concesión das axudas, as subvencións e as diferentes tramitacións administrativas.

Nun segundo bloque poderiamos encadrar todas aquelas cuestións que teñen que ver coa simplificación, baseadas na clarificación dos termos aplicables ás diferentes axudas.

Nun terceiro apartado estarían todas aquelas cuestións que están relacionadas coa inclusión dos beneficiarios, ou, o que é o mesmo, determinar quen ten dereito ás axudas e quen non o ten. E isto é complicado porque o que se pretendeu co regulamento foi facer unha norma xeral para toda a Unión Europea sen ter en conta as especificidades de cada rexión ou de cada cunca.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E no cuarto tería a necesaria adecuación que leve á facilitación da execución, á aplicación dos fondos FEMP e á interrelación que esta aplicación ten coa normativa, porque xa se están a xerar aspectos prácticos susceptibles de mellora que se van detectando a medida que imos tramitando expedientes.

Así que —como pode ver— son moitos os condicionantes que tivemos para dificultar a execución do fondo FEMP, e traballamos para que estas dificultades sexan corrixidas no novo FEMPA. Esperemos que así sexa.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, conselleira, pola información e as explicacións, que realmente son o que complican a execución deses fondos. Certamente isto coincide ademais co que nos transmite o sector. E cremos que deben de ser abordadas de forma directa. Ademais, queremos que estes fondos sirvan tamén para cambiar e mellorar e que poidan ser executados. É dicir, que tamén todas estas explicacións poidan, na medida do posible, no futuro, ser uns trámites moito máis sinxelos.

Ademais, non temos só que actuar nese fondo, senón que temos que estendelo ao vindeiro FEMPA, como acaba de dicir vostede ao remate da súa intervención. Isto incumbe non só á Xunta, tamén pasa pola actuación dos gobernos de España, e tamén pasa por Bruxelas. É que moitas veces as eivas deben ser solventadas tendo en conta a actuación de quen pode relacionarse no marco decisorio, que pode corrixilas antes de que cheguen aquí. Eu neste caso teño que preguntar: ¿quen sería, o Goberno de España?

Pero hoxe estamos —como sabe vostede, señora Quintana— interpelando o Goberno de Galicia. Nós queremos saber e que vostede nos explique e nos deixe aquí algunhas aclaracións da execución deste fondo. Pero é certo que por todos os pasos que ten que pasar, todas as administracións deberían aplicar esas axilidades e intentar acabar con esas eivas, que son as que complican a propia execución.

As preguntas que queremos facerlle, para rematar, son: ¿que cuestións promoveu a Xunta de Galicia para mellorar a eficiencia na implementación dos fondos? ¿Que cuestión demandou ou explicitou diante de Bruxelas para avanzar nesa mellora?

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

Peche da pregunta, conselleira do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señorías.

Señora Egerique, nós xa tivemos varias xuntanzas e remitimos información, e levamos traballando dende hai catro anos. E fixemos algunhas suxestións que esperemos que dean solución dentro do novo FEMPA a todas estas cuestións que detectamos neste ano.

No que ten que ver coa axilización, nós entendemos que sería importantísimo que no programa operativo aprobado para cada estado se analizase a normativa e se identificase cal sería a normativa aplicable para cada un dos expedientes que se fosen tramitar.

No que ten que ver coa simplificación, entendemos que se debería determinar de forma clara e sinxela cal é a aplicabilidade das axudas e quen serían os beneficiarios das diferentes axudas.

Tamén no terceiro elemento sería a inclusión. E cremos que non se pode facer un regulamento que sexa unánime para toda a Unión Europea, senón que se teñan en conta as especificidades —como dicía— de cada rexión ou de cada cunca. Temos que entender, por exemplo, que o marisqueo a pé é unha singularidade de Galicia e que no fondo FEMP non estaba contemplado. E entendemos que no fondo FEMPA debe de estar porque é unha das necesidades que ten o noso sector.

E tamén adecuar a normativa aplicable para todo o sector. Téñense dado casos de para loitar contra a pesca ilegal non declarada e non regulamentada —coa que nós estamos loitando dende o minuto un—, pero iso non significa que por ter unha sanción considerada grave de 250 euros lle impida a unha persoa que quere desenvolver un proxecto empresarial acceder a unha axuda de 200.000 euros. Vese que hai unha desproporción entre a sanción imposta e a imposibilidade de acceder a estas axudas. Ás veces dá a sensación de que a Unión Europea pon os fondos á disposición, pero logo pon tantas trabas administrativas que é difícil convencer o sector de que se anime a presentar expedientes.

Ademais —como ben sabe—, dentro da propia consellería xa en marzo do ano pasado creamos unha subdirección específica para verificar todos os expedientes e contribuír a que a axilidade na tramitación administrativa sexa unha realidade. Esperemos que con isto poidamos ter unha execución moito máis favorable a partir do novo FEMPA.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Ben, rematan aquí dous plenos e a verdade é que teño que dicir que bastante produtivos, e plenos que deberiamos de recordar. *(Murmurios.)* Si, vou explicar por que; é só un segundo, non lles vou ocupar moito tempo. *(Murmurios.)*

Fixemos un proceso electivo, entre eles, a elección da vicepresidenta primeira, aquí ao meu carón, a quen lle desexo sorte nesta tarefa, que empeza a ser complicada. Houbo un debut dun novo presidente da Xunta; algo que non pasara nunca, *(Murmurios.)* e por iso hai que

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

recordalo tamén. *(Murmurios.)* E mesmo tivemos un nivel de consenso moi importante, porque das seis proposicións non de lei que se debateron, catro alcanzaron un consenso, ou ben pleno, ou ben sen ter votos en contra, e iso tamén hai que resaltalo. Polo tanto, eu felicítoos por ese nivel de consenso.

E nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

Remata a sesión ás oito e corenta e tres minutos do serán.

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

CSV: BOPGDSPG-TRpEWJpU9-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/